



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Toponimia da Estrada

Fernando Cabeza Quiles
Colección Terra Nomeada

Asociación Galega de Onomástica



REAL ACADEMIA GALEGA

Fernando Cabeza Quiles

Toponimia da Estrada

Edita:
Real Academia Galega

© Real Academia Galega

© Fernando Cabeza Quiles

Fotografía da cuberta:

Fondo fotográfico do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela,
Legado Alfonso Rey Saborido

Fotografías do interior:

Fernando Cabeza Quiles

Fotografías aéreas:

Fernando Cabeza Pereira

Mapa:

© Ángel Duarte Campos
Xeosfera.com

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas
Infesta, 96. 15319 Betanzos

ISBN:

978-84-947823-6-7

Depósito Legal:

C 2392-2018

<https://doi.org/10.32766/rag.336>



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



Introdución

O concello da Estrada, situado no norte da provincia de Pontevedra, ten o seu límite setentrional no río Ulla, fronteira natural entre A Coruña e Pontevedra. Os seus 281,8 quilómetros cadrados de superficie territorial converten este municipio no noveno máis extenso de Galicia. Con 516 lugares rexistrados no *Nomenclátor de Galicia*, distribuídos en 51 parroquias, A Estrada é o municipio que ten máis entidades de poboación de España.

A vila da Estrada, núcleo reitor de todo o territorio municipal, é tamén cabeceira do Partido Xudicial da Estrada (antes Tabeirós), formado pola Estrada, Cerdedo e Forcarei, os tres concellos que forman a comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

Dende o punto de vista do relevo, o territorio caracterízase pola presenza dunha gran ladeira, que dende o sur —onde se atopan as maiores altitudes— vai facendo chanzos cara ao norte, formando tres niveis orográficos ben definidos.

O primeiro, situado ao norte do concello, empeza nas ribeiras do río Ulla, subindo cara ao sur ata os 300 metros. As súas terras máis baixas apenas superan os 50 metros de altitude. Este tipo de orografía reflectese, como logo veremos máis polo miúdo, na toponimia con tres lugares chamados *A Ribeira*, situados, de acordo co seu nome, na ribeira do río Ulla, o río Grande, como lle chaman os habitantes ribeiráns. Mais este territorio de ribeira non é exclusivo da Ulla, pois nalgúns lugares penetra cara ao sur polos vales secundarios que forman os afluentes deste río. É o caso do Veá, na ribeira do cal hai outro lugar chamado *A Ribeira*.

O segundo nivel orográfico estradense, o central e máis extenso, está formado polos territorios que van dos 300 aos 600 metros de altitude. Finalmente, o terceiro nivel, situado ao sur, culmina nos 804 metros que acada a mole do Monte Cádavo, punto de unión dos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro.

Este esquema topográfico de diferentes alturas, que descendem gradualmente de sur a norte, repítese polo oeste, onde o monte Xesteiras cos seus 710 metros separa o concello da Estrada dos de Valga e Cuntis, e máis notoriamente polo leste, punto cardinal no cal destaca, na Serra do Candán, o monte de San Sebastián, que, cos seus 750 metros sobre o nivel do mar, fai de fronteira natural entre o concello da Estrada e o de Silleda.

Configúrase así o territorio do concello da Estrada como un grande arco ou anfiteatro formado por montañas que o circundan, agás polo norte, cuxa parte máis baixa ou escenario serían as terras que ocupan a ribeira paralela ao río Ulla dende a parroquia de San Miguel de Castro, no extremo leste, á de Santa María de Couso. Sen esquecer, no extremo oeste do concello, a gran depresión onde se asentan as dúas parroquias chamadas *Barcala*, que lindan cos concellos de Padrón e Pontecesures.

No que toca á hidrografía, á parte do río Ulla, a gran corrente fluvial que separa o concello pontevedrés da Estrada dos coruñeses de Boqueixón, Vedra, Teo e Padrón, é de destacar o río Umia, que atravesa o sur do territorio municipal. O Ulla ten como principais afluentes o devandito río Veá e o Liñares. Este, curiosamente, nace a pouco máis de 500 metros do curso superior do Umia.

Verbo da historia, o *Cronicón Iriense*, obra que talvez se podería datar no século XI, cita a xurisdición de *Taberiolos*, hoxe *Tabeirós*, como un dos territorios que o rei suevo Teodomiro asignou á antiga sé de Iria, antes de que existise o bispado de Santiago.

A *terra Taberiolis* tamén é citada na *Historia Compostellana*, do século XII, cando refire que o rei Afonso VII de León e de Castela, monarca moi ligado á localidade de Caldas, lle solicita ao bispo Xelmírez que lle permute o castelo-torre de Faro (a vila de Faro, hoxe A Coruña, daquela propiedade da mitra compostelá) pola terra de Tabeirós “*Permutatio Castri de Faro pro terra Taberiolis*”, de xeito que co troco esta terra pasa a formar parte do bispado de Santiago. Dalmacio, o bispo antecesor de Xelmírez, lograra, algúns anos antes, que Santiago fose cabeceira única do bispado, que ata daquela compartira sé con Iria, diocese á que pertenceu, segundo o *Cronicón*, nun principio a terra de *Tabeirós*.

A partir do século XII a *Terra de Tabeirós* das fontes medievais derivará na xurisdición do mesmo nome, de señorío arcebispal, que será o xermolo principal, xunto con outras xurisdicións e coutos que se foron fusionando, do concello da Estrada. A denominación actual solicítase de maneira formal no ano 1840, tomada do lugar do mesmo nome, daquela a pequena aldea da Estrada, que estaba na intersección das parroquias de Guimarei, Ouzande e Figueiroa e pertencía, xa que logo, a estas tres freguesías.

Poucos anos máis tarde, en 1859, A Estrada acada oficialmente o título de vila, debido ao seu rápido crecemento, propiciado en gran parte por estar emprazada nun estratéxico e frecuentado cruzamento de camiños, lugar onde se celebraban importantes feiras e polo que pasaban viaxeiros diversos, entre os que destacaban arrieiros traficantes de viño do Ribeiro coas súas recuas e peregrinos en tránsito cara a Santiago.

Na base económica do concello da Estrada destaca, no sector secundario, a fabricación de mobles, industria que lle dá un valor engadido á transformación da madeira, que nalgún tempo empezaba nos serradoiros locais, aínda que na actualidade as fábricas de mobles existentes utilizan, case na súa totalidade, madeira importada.

En canto aos precedentes históricos desta importante industria estradense, sonlle atribuídos, pensamos que de maneira lendaria, a un soldado francés, que, ao rematar a Guerra da Independencia, quedaría na Estrada, onde casaría cunha muller do lugar. Segundo a tradición oral, este francés, de profesión ebanista, instalaría un rudimentario torno movido pola enerxía da auga no río da Pinguela, tradición artesanal que continuarían, estes xa documentados, os torneiros das parroquias estradenses de Berres e Riobó, o binomio artesanal que deu orixe á puxante industria mobiliaria da Estrada. Estes pioneiros, que empezaron facendo billas de madeira de buxo para as pipas do viño e buxainas e pratos para comer o polbo nas feiras, fabricaron máis tarde centos ou milleiros de camas de bidueiro; o primeiro paso para que A Estrada se convertese logo nun importante centro galego de fabricación de mobles.

Mais, se A Estrada é negocio, tamén é ocio en forma de romarías e festas populares. Fóra das celebracións patronais e as particulares de cada parroquia, destaca por méritos propios, a primeira fin de semana de xullo, a nomeada Rapa das Bestas de Sabucedo, onde se manifesta o sentido solidario e corporativo dos veciños desta freguesía estradense no curro da carballeira do Campo do Medio. Alí, aloitadores e aloitadoras, que aman e respectan os cabalos que rapan, fan a súa faena a brazo limpo sen utilizaren cordas nin aparellos. A loita do home co cabalo do monte, onde non hai humillación nin abuso, e moito menos saña, é compensada cos aplausos entusiastas do numeroso público que asiste a un espectáculo digno de ser visto, declarado Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2007.

Á parte de Sabucedo, o extenso concello da Estrada ofrece outros lugares interesantes nas súas paisaxes e nos seus monumentos. É o caso da misteriosa *Lagoa Sacra de Olives* ou de Xestoso, que, situada no *trifinium* dos concellos da Estrada, Forcarei e Silleda, no alto dunha penechaira, ten producido unha chea de lendas e pode sinalar, atendendo ao seu expresivo topónimo, a localización dunha antiga charca sagrada onde se puido practicar, en afastadas calendas, algún tipo de culto ás augas, aínda que o adxectivo *sacra* do seu nome tamén podería expresar, como ocorre co do *Pico Sagro*, unha antiga cristianización dese culto.

Paisaxes non menos atraentes son as dos vales do Ulla e do seu principal afluente, o Liñares. Neste existen varias pontes que a tradición popular atribúe aos romanos. De cronoloxía menos incerta son as igrexas de estilo románico ou con remodelación barroca que adornan o medio rural. Algunhas delas son: as de San Pedro e San Tomé de Ancorados, Santa Mariña de Barcala, San Miguel de Castro, Codeseda (onde houbo un mosteiro feminino), Loimil, Moreira, Ouzande (recreada polo gran Castelao, casado na Estrada), Riobó (que conserva practicamente íntegra a súa obra románica), Frades, Santeles e Tabeirós (o topónimo da Estrada documentado en data máis antiga).

Na arquitectura civil, destaca, entre outros, o pazo de Oca, situado na parroquia do seu mesmo nome, ao nordeste do territorio municipal. Aínda que de orixe anterior, a súa construción actual data dos séculos XVII e XVIII. O conxunto, integrado por unha capela-igreja e o propio pazo, é de estilo barroco. A fachada de ambas

as dúas construcións, unidas por unha artística balaustrada, forma unha extensa praza, cuxa amplitude permite ter unha completa perspectiva do conxunto edificado, que se completa con xardíns e estanques de fermoso e coidado deseño.

Polo que respecta á *Toponimia da Estrada*, o seu autor, que pasou na Estrada a súa nenez –a patria do home segundo Rilke– e que practica a teima proustiana de ir na procura do tempo perdido, desvela a etimoloxía e o significado dos topónimos, esas ocultas e emocionantes mensaxes que nos deixaron os nosos devanceiros dende o cerne da historia.

O volume estuda toda a toponimia maior estradense por orde alfabética e reúnea, logo de cadansúa explicación, nun índice xeral que nos remite á páxina do topónimo desexado, no caso de que o lector prefira beber o libro de vagar a pequenos grolos e non de corrido.

Como o que quere pillar troitas ten que se mollar e sen experimentar as ciencias non camiñan, o autor fai algunhas hipóteses, clara e honestamente advertidas, sobre a explicación de determinados topónimos de dubidosa e incerta etimoloxía; conxecturas que, como tales, poden non ser definitivas e esperan, por parte de quen as propón, a aceptación ou o rexeitamento da comunidade lingüística.

Noutras ocasións danse dúas ou máis explicacións dun mesmo topónimo, á espera, tamén, da consolidación da que resulte ser a verdadeira.

En definitiva, o autor, un servidor de todos vostedes, fixo moitas viaxes a unha das súas particulares Ítacas, que é A Estrada, para, en íntima comunión con esta terra, desentrañar os segredos da súa toponimia ou, o que é o mesmo, para falar cos nomes da súa poderosa paisaxe, porque, tomando emprestado un verso do magnífico poeta Xulio L. Valcárcel, A Estrada *nunca me deixou nin eu marchei de todo*.

Agradecementos

O meu agradecemento para os revisores anónimos que coas súas suxestións e traballo enriqueceron o texto e me advertiron de grallas, erros e omisións.

Explicación dalgúns termos

aférese: s.m. Perda dunha vogal en posición inicial de palabra.

antropónimo: s.m. Nome propio de persoa.

asimilación: s.f. Proceso polo que unha vogal ou consoante exerce a súa influencia articulatória e acústica sobre outra contigua e fanse iguais.

asterisco: s.f. En lingüística este signo ortográfico (*), colocado antes dunha palabra, indica que esa palabra é unha forma hipotética, non documentada nos textos escritos.

ceceo: s.m. Pronunciación do /s/ (que ortograficamente responde á grafía *s*), de xeito igual ou similar a /θ/ (que ortograficamente corresponde á grafía *c* diante das vogais *e*, *i* e á grafía *z* ante *a*, *o*, *u*).

cognado: s.m. Palavra que ten a mesma orixe etimolóxica ca outra. Por exemplo, o inglés *brother* e o latín *frater* son cognados por teren a mesma orixe etimolóxica.

disimilación: s.f. Proceso polo que unha vogal ou consoante exerce a súa influencia articulatória e acústica sobre outra contigua e fanse diferentes ou desaparece unha das consoantes disimiladas.

ditongo: s.m. Conxunto de dúas vogais contiguas que forman parte da mesma sílaba. Chámase *ditongo decrecente* o formado por vogal + semivogal: *au* (*auga*), *ou* (*outro*), *eu* (*morreu*), *ai* (*ademais*), *oi* (*moito*), *ei* (*peite*).

étimo: s.m. Palavra considerada como orixe doutra. Cando un étimo é hipotético, xa que non hai constancia de que existise esa forma, márcase precedido dun asterisco (*).

fitotopónimo: s.m. Topónimo que se refire ao mundo vexetal.

gótico: s.m. Lingua falada polo pobo xermánico dos godos na Alta Idade Media, que constitúe o único testemuño coñecido do grupo xermánico oriental.

haploloxía: s.f. Omisión dun son ou unha sílaba na pronuncia por causa da súa semellanza ou igualdade con outra sílaba contigua.

haxiotopónimo: s.m. Topónimo que se refire a un santo ou santa.

hidrotopónimo: s.m. Topónimo que se refire a un elemento xeográfico relacionado coa auga.

hipocorístico, -a: adx. e s. Nome familiar dun nome de persoa, usado afectuosamente.

indoeuropeo: s.m. Lingua prehistórica e hipotética reconstruída polos lingüistas a partir de comparacións das linguas que supostamente proceden dela.

microtopónimo: s.m. Nome de calquera elemento xeográfico ou lugar non habitado.

nasal: adx. Dise do son que se articula deixando saír o aire total ou parcialmente polo nariz e provocando unha resonancia na cavidade nasal.

orotopónimo: s.m. Topónimo que se refire ao relevo do terreo.

posesor: s.m. O que posúe, propietario. O topónimo de posesor é aquel que contén o nome persoal, de orixe latina ou xermánica, dun antigo propietario das terras.

pretónico, -a: adx. Dise do que vai antes da sílaba forte ou tónica.

rotacismo: s.m Fenómeno que consiste en pronunciar como *r* o *s* final de sílaba cando a consoante seguinte é sonora.

seseo: s.m. Fenómeno que consiste en pronunciar o fonema interdental /θ/ como /s/. O seseo pode ser implosivo ou explosivo. O implosivo dáse en posición final de sílaba e pode producirse ao final dun topónimo, tal como ocorre, entre outros, co estradense *Escarís*.

til de nasalidade: s.m. Indica, colocado enriba dunha vogal, por exemplo [õ], o carácter nasal da vogal de que se trate. É reminiscencia dun antigo *-n-* intervocálico desaparecido, e ás veces recuperado, que existiu inmediatamente despois da vogal. Aínda que o portugués si, o galego moderno non ten til de nasalidade sobre as vogais, porque se perdeu a nasalidade vocálica.

topónimo: s.m. Nome propio de lugar.

xeminado, -a: adx. Dise das consoantes dobres.

xermánico, -a: adx. Relativo ou pertencente á rama do indoeuropeo da cal proveñen linguas actuais como o inglés, o alemán, as escandinavas etc., e a antiga chamada gótico. O elemento xermánico da toponimia galega é medieval e maioritariamente procede de nomes persoais.

Parroquias e lugares do concello da Estrada

Nesta relación de topónimos recollemos, distribuídas por parroquias, as entidades de poboación do concello tal como aparecen no *Nomenclátor de Galicia* do ano 2003. Indícanse en cursiva aqueles nomes que se modificaron, como é o caso de *Ouzamerxe*, na parroquia de Lagartóns, que se corrixiu como *O Ouzamerxe*. *A Pena de Riba* e *A Pena de Arriba*, lugar compartido entre as parroquias de San Pedro de Ancorados e Rubín, unificouse, como se fará no próximo *Nomenclátor*, baixo o nome *A Pena de Arriba*. *Lagartóns*, que o actual *Nomenclátor* recolle só como nome de parroquia, tamén o é dunha pequena entidade de poboación. *Entrecastrelo*, na parroquia de Ribela, malia haber as dúas pronuncias, en singular e en plural, modifícase en *Entrecastrelas*, aínda que o *Nomenclátor* o recolle en singular. En canto ao *Viso*, este topónimo e *O Fondo do Viso* refírense á mesma entidade; o próximo *Nomenclátor* recollerá a segunda, de acordo coa pronuncia e o uso local. Todos estes cambios están corroborados polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega.

A maiores destes nomes, tamén aparecen estudados con cadansúa entrada o microtopónimo *O Cano Sifón* e o río *Vea*.

Agar (Santa Mariña)

Gonxar
Gueifas
Lagoa, A
Outeiro, O
Paraxó
Pedreira, A
Pena do Foxo, A
Penalobeira
Pepe
Río, O
Sorribas
Souto, O
Valiñas

Aguións (Santa María)

Aldea Grande, A
Campenlos
Cebados, Os
Codeso, O
Frieira, A
Outeiro, O
Preguecido, O
Raxeira

Arca (San Miguel)

Abeleira, A
Amarelle, A
Arcapedriña

Carballal, O
Cruceiro, O
Goleta, A
Nodar
Outeiriño
Penela, A
Xustín

Arnois (San Xiao)

Bieites, Os
Bruñido, O
Cacharela, A
Calzada, A
Carballal, O
Carballeira, A
Cercido, O
Costa, A
Golmados, Os
Granxa, A
Moimenta
Quenlla, A
Regueiro, O
Reigada, A
Riamonde
Ribadulla
San Xiao
Tiguillois, Os
Valboa
Veiga, A

Baloira (San Salvador)

Aagriño, O
Cerdeiral, O
Cruces
Igrexa, A
Montoiro
Mouriña, A

Barbude (San Martiño)

Carballas de Abaixo, As
Carballas de Arriba, As
San Martiño
Trasmonte

Barcala (Santa Mariña)

Santa Mariña
Trasande

Berres (San Vicenzo)

Berres
Celeiróns
Igrexa, A
Mato
Mouteira, A
Pazos
Pereiro, O
Porto
Rabuñado
Ribeira, A
Rocaforte
Servide
Ulla
Vilancosta
Vilanusán

Calobre (San Martiño)

Aldea Grande, A
Cimadevila
Figueira
Friamonde
Loureiros, Os
Nogueira
Outeiro, O
Ponteliñares
Pousada
Riba, A
Vilafruxil
Vilar, O

Cereixo (San Xurxo)

Costenla
Igrexa, A
Mollarrabo
Pernaviva
Piornos, Os
Quintas
Señorás
Vilapouca

Viso de Abaixo

Viso de Arriba

Codeseda (San Xurxo)

Abragán

Agrela, A

Arnado, O

Barro

Bouzas, As

Bugalleira

Campos

Codesal, O

Codeseda

Coto, O

Currelos, Os

Devesa, A

Filgueiras

Fontenlo

Fragoso

Insuela

Marcenlos

Monteagudo

Outeiro, O

Portela, A

Quintas, As

Sagrada, A

Vilaboa

Xubrei

Cora (San Miguel)

Barro

Carbia

Cora

Piñeiro

Sieiro

Vilacriste

Couso (Santa María)

Barco

Castro, O

Couso

Fontenlo

Maíndo

Sequeiró

Veiga, A

Curantes (San Miguel)

Cortes

Curantes Novo

Curantes Vello

Esmorís

Feitaso, O

Nogueira, A

Pena Barreira, A

Pereiras, As

Porto, O

Pousada

San Martiño

Sinteiro

Estrada, A (San Paio)

Cañoteira, A

Estrada, A

Figueiroa de Abaixo

Figueiroa de Arriba

Pedregal, O

Vilar

Frades (Santa María)

Casalpaio

Chaín

Frades

Requián

Subión

Vilar, O

Vilariño

Guimarei (San Xiao)

Campos

Cardavella, A

Cogoludo, O

Costa, A

Covas

Cruz, A

Devesa, A

Francés, O

Gudín

Ouzamerxe, O

Painceira, A

Pinguela, A

Portacartas
Portela, A
Rial
San Xiao
Torre, A
Torrevella, A
Xerlís

Lagartóns (Santo Estevo)

Batalla, A
Boáns
Bolos, Os
Chapurros, Os
Fondo do Viso, O
Lagartóns
Mollarrabo, O
Monte, O
Outeiro, O
Ouzamerxe, O
Ramalleira, A
Sabugueiro, O
Sisto, O
Tatos, Os
Trasdomuro

Lamas (San Breixo)

Abelleira, A
Carballal, O
Fontecova
Lamas
Riamonde
Salouzáns
Sequeiros
Sobrado
Veiga da Leña

Liripio (San Xoán Bautista)

Cabanelas
Canda, A
Carballo
Igrexa, A
Quinteiro de Arca
Xestás

Loimil (Santa María)

Carballas, As
Casares, Os
Chenlos
Loimil
Loimil do Carballo
Outeiro, O
Pardellas
Penaporrín
Riomaio
Sobreira, A

Matalobos (Santa Baia)

Brea, A
Graña, A
Guendos
Matalobos
Río dos Sapos
Santa Baia

Moreira (San Miguel)

Devesa, A
Moreira Nova
Moreira Vella
Outeiro, O
Pía, A
Pica, A
Sestelo
Vilafruxil
Vilagude

Nigoi (Santa María)

Bustelo
Carballeira, A
Costenla
Escarís
Parafita
Pazo, O
Silva, A

Oca (Santo Estevo)

Abelao
Castrotión
Oca de Arriba

Outeiro, O
Pedrado, O
Pinal, O
Praza, A
Rendo
Sisto, O
Valiña, A
Vista Alegre

Olives (Santa María)

Fieitoso, O
Fraíz
Mourelle
Pazos
Somoza, A
Viladafonso, A

Orazo (San Pedro)

Baldarís
Barro
Besteiros
Castrovite
Currelo
Igrexa, A
Orosa
Pazos
San Lois, O
Vendexa
Vilanova

Ouzande (San Lourenzo)

Alemparte
Cachopas, As
Castro, O
Formigueiro, O
Penarada
Redondo, O

Parada (San Pedro)

Eiriz
Fermil
Muros, Os
Parada
Paredes

Picáns
Sobre da Cova
Vilademeus
Vilas, As

Paradela (Santa María)

Aldea Grande, A
Covas, As
Igrexa, A
Ribeiradona

Pardemarín (Santa Baia)

Brea, A
Castrelo de Abaixo
Castrelo de Arriba
Golfariz
Mesadoiro, O
Parada
Piñeiro

Remesar (San Cristovo)

Aldea Grande, A
Cibreiros
Devesa, A
Fonte Soutelo, A
Outeiro, O
Peizás
Rabeta, A
Rego, O
Vilanova
Vilasusán, A

Ribeira (Santa Mariña)

Baltar
Barbude
Costenla
Marque
Pazo, O
Piñeiro, O
Ponte, A
Ribeira, A
San Vicente
Vilaboa
Vilar

Ribela (Santa Mariña)

Aldea Grande, A
Carracedo
Entrecastelos
Fondo da Vila
Guitón
Pedreira, A
Pumares
Sesto
Trabadela
Vilar

Riobó (San Martiño)

Alderido, O
Barcia
Besteiros, Os
Cancelas, As
Castiñeira, A
Mota, A
Pena, A
Portecelo
Río, O
San Martiño

Rubín (Santa María)

Agrelo
Amarelle
Balseiros, Os
Barro, O
Bede, O
Bemposta, A
Berbigueira
Foxo, O
Igrexa, A
Pazos
Pena de Abaixo, A
Pena de Arriba, A
Sol, O
Veiga da Braña, A
Vilas, Os

Sabucedo (San Lourenzo)

Sabucedo

San Miguel de Barcala (San Miguel)

Bumio
Casa do Frade
Cimadevila
Cortiñas
Cotro, O
Negreira, A
Paraño
Quintas, As
Souto

San Miguel de Castro (San Miguel)

Adoufe
Alberguería, A
Burata, A
Carballeira, A
Castro
Costenla
Cova, A
Lagos
Ponte
Prado
San Miguel
Seixo, O
Silva, A

San Pedro de Ancorados (San Pedro)

Barro, O
Brei de Riba
Foxo, O
Mamoela
Pena de Arriba, A
Pousadela
Ribas
San Pedro
Ventosela

San Tomé de Ancorados (San Tomé)

Brei
Campo Redondo
Castro, O
Gontén
Nabal, O
San Tomé

San Xiao de Veá (San Xiao)

Bouzamar
Dorelle
Fafián
Gondomar de Abaixo
Gondomar de Arriba
Igrexa, A
Pouso, O
Rabiáns dos Cabaleiros
Rabiáns dos Labradores
Reguengo
San Bartolomeu, O
Sandelle
Soutiño, O
Torriña, A
Vilanova
Vixín

San Xurxo de Veá (San Xurxo)

Azoreiros
Bouzamar
Casal, O
Fonteboa
Guntín
Loureiro de Abaixo
Loureiro de Arriba
Outeiro
Piñeiro
Riba, A
Rosallo, O
Souto de Veá, O
Trascastro
Valcárceles
Valiña, A

Santa Cristina de Veá (Santa Cristina)

Barazás
Carbia
Casa do Monte, A
Castro, O
Cerqueira, A
Costa, A
Lameiriña

Maráns
Nogueira
Outeiro, O
Panadería, A
Riba de Veá
Rollo, O
Sorribas
Tarrío
Torre do Vilar
Torrevedra, A
Tracesto
Vista Alegre

Santeles (San Xoán)

Arxóns
Carricova
Cruxeira
Fondevila
Godoi
Patanín
Pazo, O
Pearo
Renda
Ribeira, A
Santeles de Abaixo
Sar de Abaixo
Sar de Arriba
Traspedra
Viasque
Vilanova

Santo André de Veá (Santo André)

Calvelo
Cardelle
Celeirón
Costenla
Gondarei
Murxide
Paramá
Pazo, O
Ramiráns
Ribeira, A
Trazarís
Vera

Somoza, A (Santo André)

Alberiañas
Bargo
Carballeira, A
Castro Ramiro
Cernadela
Chan da Aldea
Somoza, A
Sureiros, Os
Vila de Abaixo

Souto (Santo André)

Cortegada
Enviande
Montillón de Abaixo, O
Montillón de Arriba, O
San Torcado
Somoza, A
Souto
Torreboreda
Toxeira, A

Tabeirós (Santiago)

Carballas, As
Cepetelo
Cimáns
Consolación, A
Outeiriño, O

Outeiro, O
Piñoi
Quintas, As
Sandán
Sar
Tabeirós
Tosar
Vilarreal

Toedo (San Pedro)

Carballa, A
Igrexa, A
Soutiño, O
Talló, O
Toedo

Vinseiro (Santa Cristina)

Correáns
Fragoso
Freán
Frende
Godoi
Moucho, O
Pena, A
San Martiño
Vinseiro
Vis de Baixetes
Vis de Correa

Abelao

Lugar da parroquia de Oca

Aínda que a maioría dos topónimos galegos referidos á arbore que dá as *abelás* se basean nas voces *abeleira* (forma occidental que adoptou o galego estándar) e *abelaira*, puido existir un pequeno grupo de topónimos constituído polas palabras *abelán* (no galego occidental) ou *abelao* (no oriental), procedentes do latín ABELLANU, parellas dos resultados *irmán/irmao*. Noutros concellos occidentais de Galicia, coma A Caniza, Crecente e Salvaterra de Miño rexístranse lugares chamados (O) *Abelán* e así sería a forma esperada na Estrada, onde se di maioritariamente *irmán*, aínda que, dado que polo concello pasa a actual isoglosa dialectal *-ao/-án*, seguramente iso explique a presenza do topónimo *Abelao*, talvez residuo dunha fase máis antiga en que o resultado *-ao* chegaba máis ao oeste ca na actualidade.

No Catastro do Marqués de la Ensenada (ano 1752) rexístrase *Abelao* como nome dun dos muíños do antigo couto de Oca.

Abeleira, A

Lugar da parroquia de Arca

Topónimo do mesmo significado có anterior, procedente neste caso de ABELLANARIA, voz latina que daba nome á *abeleira*, talvez referido a outra abeleira solitaria que habería no lugar, aínda que o sufixo *-ARIA*, como *-ARIU*, tanto pode designar un só exemplar como ter valor colectivo.

Abelleira, A

Lugar da parroquia de Lamas

É un derivado de *abella*, que correspondería á voz latina APICULARIA, colectivo ou abundancial do devandito insecto. Os dicionarios dan a voz *abelleira* como sinónimo de colmea, é dicir, recipiente ou habitáculo artificial feito de cortiza ou de madeira no cal viven e producen mel as abellas, polo que o topónimo homónimo *A Abelleira* ou *Abelleira* terá o mesmo significado que os de *Abellariza* e *Alvariza*,

que sinalan antigos conxuntos de colmeas, aínda que algúns lugares chamados *Abelleira* tamén poderían referirse a niños ou concentracións naturais de abellas.

Abragán

Lugar da parroquia de Codeseda

Nun documento do mosteiro de Toxosoutos, o lugar chamado *Abragán* da parroquia de Olveira, Ribeira (A Coruña), aparece como *Abregán*, forma antiga a partir da cal podemos explicar este topónimo e o seu homónimo estradense, como procedente de AFRICANI, xenitivo do nome persoal *Africanus*, antropónimo medieval rexistrado, entre outros, nun documento do ano 910 do mosteiro de Sobrado.

Xa que logo, no lugar estradense chamado *Abragán* viviu e traballou alguén chamado *Africanus*, individuo que estaría á fronte dunha antiga explotación agrícola tipo *villa* do período medieval, de aí a posible locución (VILLAM) AFRICANI, de *Africanus*.

Adoufe

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O topónimo *Adoufe* é o resultado de ATAULFI, xenitivo do nome persoal de orixe xermánica latinizado *Ataulfus*, correspondente ao actual *Adolfo*, antropónimo formado polas voces góticas ATTA- ‘pai’, e -WULFS ‘lobo’, antigo animal totémico cuxo nome entra na composición de moitos nomes de persoa xermánicos. Daquela no lugar chamado *Adoufe* tería algunha posesión agrícola un tal *Ataulfus*. Na doazón do presbítero Letimio no ano 947 á igrexa e ao mosteiro de Santa María de Paradelá, documento de ambiente estradense, unha das testemuñas chámase *Adaulfo*.

Agar (Santa Mariña)

Parroquia

O nome desta freguesía estradense procede de ACARIU e na súa orixe designou o lugar de traballo e habitación dunha persoa chamada *Acarius*. Este nome é un antropónimo de posible orixe hispano-celta e levouno, por exemplo, santo Acario, *Sanctus Acarius*, un bispo morto no ano 639, que contribuíu a expansión do cristianismo nos antigos territorios da Galia belga.

Á parte do *Agar* da Estrada, existe outro lugar chamado *Agar* no concello coruñés de Muxía, onde viviría outro terratenente medieval de nome *Acarius*. O mesmo debeu suceder nun dos dous lugares chamados *Agar de Abaixo* e *Agar de Arriba*, pertencentes ao concello coruñés de Mazaricos.

Agrela, A

Lugar da parroquia de Codeseda

O topónimo *A Agrela* aparece ás veces interpretado coa falsa segmentación **A Grela*, xa que *agrela* é un diminutivo en *-ela* (< lat. *-ĒLLA*) da VOZ *AGRA*, referido a unha extensión de terreo agrícola de pequeno tamaño. Nun texto do ano 1419 da documentación do mosteiro de San Xurxo de Codeseda este topónimo *A Agrela* aparece coa súa forma etimolóxica *Agrella*.

Agrelo

Lugar da parroquia de Rubín

Agrelo, a versión masculina de *A Agrela*, é diminutivo de *agro* ‘terreo de labor’, e este procedente do latín *AGRU*.

Agriño, O

Lugar da parroquia de Baloira

Este topónimo transparente fálanos dun *agro* ou extensión de terreo cultivado de pequenas dimensións, coma o anteriormente mencionado e tamén diminutivo *Agrelo*. O topónimo *Agrelo* é máis antigo ca *Agriño*, pois o sufixo *-elo* deixou de ser produtivo na Idade Media.

Aguións (Santa María)

Parroquia

O padre Sarmiento, na viaxe que fixo a Galicia no ano 1745, escribe: “y la Area o isla de *Aguión*. Acaso *Aguión* será por estar al Aquilón [al norte], y es la mayor de todas”. Esta illa é a hoxe chamada Illa do Norte ou de *Monteagudo*, nas Cíes.

No arquipélago das Illas de San Pedro, conxunto de pequenas illas próximas á cidade da Coruña, a chamada *Aguión* é tamén a que está máis ao aquilón ou norte, mentres a que está máis ao sur ou ao vendaval é a illa de *Vendaval*.

Os dous exemplos anteriores fannos pensar na posibilidade de que o topónimo estradense *Aguións* faga referencia, a partir das locucións latinas documentadas *ab aquilonis* ou *parte aquilonis*, a ese punto cardinal. Sería así *Aguións*, quizais procedente de **AD PARTEM AQUILONIS*, un topónimo de situación similar ao máis moderno e transparente *Norte*, nome dun lugar situado na parte setentrional da parroquia de Palmeira, Ribeira (A Coruña).

A outros puntos cardinais refírense *A Crocha de Levante*, nome dun lugar da parroquia de Posmarcos, A Pobra do Caramiñal (A Coruña), orientado cara ao leste, e *A Crocha de Poniente*, próximo ao anterior, pero en dirección oeste. E *Alba do Sur* é o nome dunha punta litoral do concello coruñés de Fisterra.

Volvendo a *Aguións*, na *Historia Compostellana*, do século XII, Rabinado Muñiz doa á Igrexa de Santiago unha villa chamada *Aquilon*: “Item Rabinatus Muniz dedit Ecclesiae B. Jacobi *Villam Aquilon*”, que puido recibir ese nome por estar ao norte ou *aquilone*, de *ad aquilone(m)* ou, é outra posibilidade, por ser a posesión dun tal *Aquilo*, cuxo acusativo, *Aquilone(m)*, daría hoxe o topónimo *Aguión*, nome dun lugar do concello coruñés de Vilasantar, que pode ser o *Aquilon* da *Compostellana*.

Noutra atestación, esta do ano 1028, cítase, con motivo doutra doazón á Igrexa de Santiago efectuada en León, unha porta da cidade medieval, que estaba orientada cara ao norte: “ad portam quam dicunt de comite *ad partem aquilonis*”.

Outra posibilidade para o topónimo *Aguións* sería que procedese do xenitivo de nome de posesor *Aquilonis*, do devandito *Aquilo*, antropónimo de orixe latina documentado por Kajanto que na mitoloxía romana personificaba o vento do norte.

Un documento do ano 1554 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico na revista-anuario *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, fala do “foro que el Canonigo Gomez Rodriguez hizo a Gregorio Dagraña en el lug[a]r y f[elig]r[esi]a de *Aguiones* en renta de media carga de pan mediado”.

Alberguería, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O lugar estradense chamado *A Alberguería* debe o seu nome a unha antiga *alberguería* ou albergue de peregrinos. Así, segundo tradicións orais que puidemos recoller, que logo vimos confirmadas en Reimóndez Portela, os peregrinos que se dirixían a Santiago polo Camiño do Sueste, que percorre o extremo nordeste do territorio municipal da Estrada, durmían no lugar da *Alberguería*, nunha *alberguería* asociada á capela de Santiago, antes de que esta cambiase a súa advocación pola actual das Angustias e se trasladase, no ano 1880, pedra a pedra, ao lugar do Seixo, a súa actual localización.

Nun documento do ano 1654 do Arquivo da Catedral de Santiago este topónimo estradense cítase como “lugar de *Alberguería*”.

Polo concello da Estrada tamén pasaba outra ruta de peregrinos a Santiago, hoxe practicamente esquecida, resultado da unión dunha que viña do norte de Portugal e doutra que procedía das terras do Ribeiro de Avia. Da toponimia xacobeá desta ruta tratamos noutras entradas.

Alberañas

Lugar da parroquia da Somoza

Aínda que non temos documentación ao respecto, o topónimo *Alberañas* puido ser en orixe **Albariñas*, antes de que o *a* pretónico se convertese en *e* por influencia do *i* forte, co que o topónimo *Alberañas* se podería referir a algunha especie vexetal

de cor alba, clara ou branca en comparación con outras, ou a unhas terras *albariñas* máis claras, lixeiras e areosas cás terras negras e pesadas. Sería así *Alberañas*, se antes foi **Albariñas*, un topónimo similar ao do monte chamado *A Pedralba*, que recibe o seu nome dunha pedra griseira, brancuxenta ou alba, situada preto do seu cume; altura que domina a parroquia da *Somoza*, á cal pertence o lugar de *Alberañas*.

Outra posibilidade sería que o topónimo *Alberañas* fose un diminutivo en plural de **alb(o)re* ou *árbore*, cunha factible disimilación das consoantes líquidas /l/ e /r/.

Aínda que o *Nomenclátor* recolle a forma *Alberañas*, os habitantes deste lugar pronuncian *Albriñas*.

Aldea Grande, A

Lugar da parroquia de Aguións

Lugar da parroquia de Calobre

Lugar da parroquia de Paradela

Lugar da parroquia de Remesar

Lugar da parroquia de Ribela

Este topónimo transparente remite a un pequeno lugar poboado ou *aldea*, voz galega proveniente do árabe hispánico *AD-DAI'A* ‘a quinta rústica’, polo que o nome de lugar que nos ocupa se refire a unha aldea do medio rural que no seu día foi considerada grande con relación a outros núcleos de poboación do seu rango, máis pequenos.

O arabismo galego *aldea*, moi asentado na toponimia e na lingua, é de introdución medieval tardía, seguramente a través do castelán.

Alderido, O

Lugar da parroquia de Riobó

Os profesores Piel e Kremer rexistran como base do topónimo *O Alderido* o nome persoal documentado *Alderitus*, antropónimo de orixe xermánica composto de *ALD-* ‘vello, adulto’, e *-RETU* < **RETH* ‘consello’. Xa que logo, un tal *Alderitus* viviría, ou tería algunha posesión, no actual lugar estradense chamado *O Alderido*.

Nun documento do ano 947 recollido na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, o presbítero Letimio doa ao mosteiro de Paradela, quizais na parroquia estradense de Santa María de Paradela, unhas herdades que el e o seu irmán Leandro lle compraran ao fillo dunha persoa chamada *Alderetus*: “et hereditates de filius *Aldereti* comparavi eam cum fratri meo Leander per suos terminos antiquos”. Este *Alderetus* podería ser, dada a proximidade entre as parroquias estradenses de Riobó e Paradela, a persoa cuxo nome deu orixe ao topónimo *O Alderido*.

Alemparte

Lugar da parroquia de Ouzande

Se nos trasladamos dende a vila da Estrada cara a *Alemparte* atravesaremos, logo de pasar pola igrexa de Ouzande, o brazo do regato da Pinguela que se atopa máis ao norte. Pola contra, se saímos da parroquia da Somoza, primeiro bateremos co que está máis ao sur. Entrambos os dous brazos de auga, que logo formaran o regato da Pinguela propiamente dito, está o lugar de *Alemparte*, topónimo que provén do latín *ILLINC PARTE* ‘da outra parte’, ‘na banda de aló’, ‘do outro lado’, referido a que está situado alén ou da outra parte de calquera destas dúas correntes fluviais.



En primeiro termo o brazo do río da Pinguela que queda máis ao sur, oculto baixo a ringleira de árbores de ribeira. Alén ou da outra parte atópase a aldea de *Alemparte*, situada no alto

Amarelle

Lugar da parroquia de Rubín

Amarelle, A

Lugar da parroquia de Arca

Amarelle provén de *AMARELLI*, xenitivo de *Amarellus*, nome persoal de orixe latina, que levaba o propietario dunha terra ou *villa* agrícola no lugar.

Os topónimos estradenses *Amarelle* e *A Amarelle* repítense noutras partes de Galicia con esas formas e coa de *Marelle*, por aférese ou perda da vogal inicial. O artigo de *A Amarelle* puido xurdir da interpretación da primeira vogal como artigo.

Nun documento do ano 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “casal que se dize de *Merelle*, sito en la fra. de San Miguel d’Arca”. Noutro de 1567 cítase “el lugar de *Merelle*”.

Arca (San Miguel)

Parroquia

Arcapedriña

Lugar da parroquia de Arca

O nome da parroquia de *San Miguel de Arca*, en latín ARCA ‘arca, caixa, ataúde’, que figura como “Sancti Michaelis de Archa” nun documento de Oseira do ano 1263, quizais non se refira a unha arca ou dolmen prehistórico, pois pensamos que o detalle nomeado neste topónimo *Arca* en particular puido estar no lugar de *Arcapedriña*. Dende esta perspectiva os de *Arca* e *Arcapedriña* serían o mesmo nome de lugar. O primeiro, referido a toda a parroquia, perdería o adxectivo *pedriña*, mentres que o segundo o conservaría, ao designar o lugar onde estivo a arca *pedriña* ou de pedra nomeada no topónimo.

A este respecto, Pedro Varela escribe no ano 1923:

hay en la parroquia el lugar de Arca-Pedriña, que debe el nombre a haberse encontrado allí una *arca de piedra* de grandes dimensiones con su correspondiente tapadera; esa arca, que aún recuerdan muchos vecinos [no tempo no que escribiu don Pedro] fue destruida por [un tal] Manuel Fraga hace algunos años.

Noticia que non fomos quen de desmentir nin confirmar.

O segundo elemento de *Arcapedriña*, que non é, como pode parecer, unha forma de diminutivo, senón un adxectivo, procedente do latino PETRINĒA ‘de pedra’, repítese nos topónimos *Pontepedriña*, *Fontepedriña*, *Eirapedriña*, *Cuspedriños* e, no máis transparente, *Currospedriños*, aplicados, respectivamente, a pontes, fontes, eiras e curros PETRINĒOS ou *pedriños*, é dicir, de pedra.

Na parroquia de *Arca* debeu nacer o apelido toponímico estradense *Arca*. Na comarca de Tabeiros é onde máis portadores concentra.

Arnado, O

Lugar da parroquia de Codeseda

Pensamos que para explicar o topónimo *O Arnado* quizais cumpriría partir dunha base prerromana *ARN ‘río, ribeira concavidade, caixa ou leito dun río, depresión fluvial’, tipo de orografía que coincide coa deste lugar estradense, que ocupa, segundo puidemos comprobar, un pequeno fondal situado á beira do río Umia.

Outra teoría, defendida por E. Bascuas, asocia o topónimo *O Arnado* ao tema alongado *ar-n, proveniente da raíz indoeuropea *er- ‘fluir’.

Tamén parece verosímil que *O Arnado* poida vir do latín ARENATU ‘terreo areoso’, o que encaixa coa realidade do lugar, situado a carón dun río.

Arnois (San Xiao)

Parroquia do concello

O topónimo *Arnois* resúltanos difícil. Segundo E. Bascuas proviría da base do antigo-europeo *APS ‘auga’, a partir dun suposto *APSNONES > *ASNONES, un xentilicio equivalente aos ‘ribeiráns do río *Asno (o nome antigo do río Ulla neste punto)’.

G. Hermo, a partir dunha das atestacións máis antigas do topónimo, “ad illa ponte de Ulíee super *Asnoiso*”, do ano 572, do *Liber Fidei Sanctae Bracarensis Ecclesiae*, rexeita a teoría de Bascuas e apunta a que podería corresponder a un dativo dun antropónimo prelatino. En calquera caso, as atestacións antigas, ata finais do século XIV, son consistentes en presentar *Asn-*, o que parece indicar que na forma moderna se consolidou unha variante con rotacismo.

Así, no ano 941, o actual *Arnois* aparece como *Asnois* nos documentos de *La Coruña. Fondo antigo*. Noutro documento de 1197 do cabido compostelán o topónimo vólvese rexistrar coa forma *Asnois*, referida á *pontem de Asnois*: “burgo qui constructus est de novo ultra ipsum *pontem de Asnois*”. En 1214, en *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, temos: *Sci. Juliani de Asnoys*. E en 1228, na mesma obra, tamén figura como *Ponte Asnoys*.

Se non antes, desde o século XIV, en textos da Catedral de Santiago, o topónimo recóllese xa cunha forma próxima á moderna: “Gonçaluo Eanes, morador ãna casa noua da frigrésia de *Sam Giao d’Arnoys*”, ano 1396, *Tombo H da Catedral de Santiago*.

Arxóns

Lugar da parroquia de Santeles

Na parroquia de Santeles existen varios microtopónimos referidos ao cultivo da vide. Estes son: *A Viña*, *Tras da Viña*, *Tallo da Viña*, *Viña Vella* e *As Viñas*. Moi preto deste último lugar está o de *Arxóns*, que contén no nome o plural da palabra *arxón* ‘estaca ou poste de pedra que se arrima a unha cepa para suxeitala’, ‘estaca grande empregada nos viñedos’. Era frecuente nos anos sesenta e setenta do século pasado o uso dos *arxóns* para o cultivo de híbridos destinados a producir viños de calidade mediocre, caso do chamado “catalán”, do cal temos comido moitas uvas na nosa nenez estradense.

Á parte de ‘poste de vide’, a palabra *arxón*, que Corominas e Pascual retraen ao latín vulgar ARGENOME(M) ou *ASSIONE(M), etimoloxías que non son definitivas, tamén se pode referir a unha estaca ou pau chantado onda xudías e tomates para facilitar o crecemento destas plantas gabeadoras.

Orixinario do lugar de *Arxóns*, existe no concello estradense, aínda que violentamente castelanizado, o apelido toponímico *Arjones* con 38 ocorrencias, segundo a *Cartografía dos apelidos de Galicia*. En canto a *Argones*, que é a versión con gueada do xa deturpado *Arjones*, aparecía citado no concello da Estrada unha soa ocasión na guía telefónica do ano 1995, mentres que a devandita *Cartografía* o

documenta 30 veces no concello de Vigo, onde Iván Sestay, quen non relaciona a palabra *arxón* con poste de vide e si con vara ou soporte de legumes gabeadores, cita o microtopónimo *O Campo dos Arxóns* na parroquia de Coia. Parece que a orixe do apelido *Arxóns* e os deturpados *Argones* e *Arjones* de Vigo tamén está nun topónimo da parroquia de Pías, Pontearreas, atestado como *Argeones* nun documento do ano 1245 do mosteiro de Melón: “Casale quod dicitur *Argeones* [...] sub sino Sancte Marine de Pias”, o que concorda coa abundancia do apelido *Arjones* nas terras do Condado, importante zona vinícola, onde así mesmo traballarían, como na lugar estradense de *Arxóns*, o cultivo do viño con *arxóns*. Tamén en Redondela, concello pontevedrés, hai dezasete ocorrencias do apelido toponímico *Arjones*.

Nun documento de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago menciónase a “*Joán d’Arjóns* el Moço”, veciño da freguesía de “San Joán de Santeles”

Malia o anterior, o profesor E. Bascuas considera que o topónimo estradense *Arxóns* é un hidrotopónimo prerromano, referido ao elemento auga, proveniente da raíz indoeuropea **er-* ‘fluír’.

Azoreiros

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Azoreiros é un zootopónimo que pode sinalar un lugar onde abundaba o *azor*, do latín vulgar **ACCEPTORE*(M). Outra posibilidade é que o nome de lugar *Azoreiros* se refira a un sitio alto e inexpugnable semellante ao que escollen as aves de rapina para aniñar.

Nun documento do ano 1603 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “*Juan López d’Azoreiros*”, veciño da freguesía de San Xurxo de Veá.

Baldarís

Lugar da parroquia de Orazo

Baldaris, como *Esmorís* e *Escarís*, *Xerlís* e *Tazarís*, é un dos topónimos estradenses procedentes de nomes de posesores de orixe xermánica que presentan seseo implosivo en posición final. Vén dunha locución do tipo (VILLA) *BALDERICI* ‘(villa) de *Baldericus*’, individuo así chamado que sería o titular dunha *villa* agrícola do período medieval. O antropónimo *Baldericus* está formado pola voz gótica **BALTH-* ‘audaz, valente’, e *-RICUS* < *REIKS* ‘poderoso’.

Nun documento do ano 818 do mosteiro de Sobrado cítase un presbítero da antiga diocese de Iria chamado *Baldericus*.

Baloira (San Salvador)

Parroquia

O *Nomenclátor de Galicia* recolle o topónimo *Baloira* con *b* porque é a forma maioritaria dende o século XVI, mais cómpre pensar nunha forma etimolóxica con *v* igual ou similar a **Valoira*.

Aínda que no seu día conxecturamos que a segunda parte, *-oira*, de *Baloira*, para nós **Valoira*, nome de toda a freguesía, se referise, xunto co de *Monteiro*, nome dun dos seus lugares, á cor amarela ou áurea, hoxe cremos posible para este topónimo un antecedente igual a **VALLE AURIA*, cuxa segunda parte sería a voz prerromana **auria* co significado de ‘auga, río’, o que se corresponde coa realidade do lugar, onde destaca a presenza do chamado regueiro de *Monteiro*, que, nacendo en *Monteiro*, se interna de seguido no val de Baloira. Pequena pero activa, ao ter que salvar un gran desnivel, esta corrente de auga daríalle ao hidrotopónimo **Valoira* o significado de ‘val da auga’, ‘val do río’, ou ‘val do (río) Auria’, mellor có de ‘val áureo ou da cor do ouro’.

A base **AURIA* ‘auga, río’, da segunda parte do hidrotopónimo *Baloira*, debe ser a mesma que deu os tamén hidrotopónimos, moi próximos entre si, *Oira* (*Auria* na documentación medieval) e o semiculto *Ourense* (antes *Auriense*, tamén derivado de *Auria*), os cales, ao se atoparen á beira do Miño, se referirán a este río, chamado, no tempo da creación destes dous hidrotopónimos, *Auria* neste punto do seu percorrido. **AURIA* ‘auga, río’ (distinta ao adxectivo latino *aurea*) tamén está presente, como demostrou E. Bascuas, na segunda parte dos hidrotopónimos galegos e portugueses *Fontoira* e *Fontoura*, e no castelán *Hontoria*, formas compostas e redundantes, que foron interpretadas por outros autores como compostos de *aurea* ‘de ouro’, pola suposta cor dourada da limonita no fondo da auga.

Nun documento do ano 1269 do mosteiro de San Martiño Pinario, o topónimo que nos ocupa aparece coa forma *Valoyra*, mentres que a documentación do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago rexistra *Baloira*.

O apelido toponímico *Baloira*, nacido na parroquia homónima, é frecuente no concello da Estrada.

Balseiros, Os

Lugar da parroquia de Rubín

Os Balseiros é un topónimo de familia, que nos fala, neste caso, dos descendentes dun fundador apelidado *Balseiro* ou *Balseiros*. En canto á posible motivación deste apelido, podería ser un xentilicio do topónimo *Balsa* ou *A Balsa* ou un nome de oficio referido ao encargado de conducir dun lado ao outro dun río unha *balsa*.

Outra posibilidade sería que o apelido *Balseiro* se referise ao antigo oficio que se ocupaba de conducir madeira polo río. A este respecto, sabemos, por unha noticia recollida no xornal compostelán *Gaceta de Galicia*, que no ano 1883 foron dirixidos río Ulla abaixo catro mil piñeiros dende Ximonde, onde foran cortados,

ata Pontecesures. A información é demasiado moderna para poder asegurar que a motivación do apelido *Os Balseiros* estea relacionada con esta actividade, se ben esta condución de madeira polo río, atestada no século XIX, puido non ser a primeira e basearse nunha tradición anterior.

Tampouco hai que descartar que o topónimo *Os Balseiros* poida vir do antropónimo *Belisarius*, documentado tamén como *Belsarius* e *Balsarius*.

Nun documento do ano 1255 do mosteiro de Toxosoutos cítase un individuo chamado *Didacus Balseyro*. Noutro de 1528 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago figuran os “casares e lugares que se dizen *dos Balseyros*, sytos en la felegresía de Santa María de Rubín”. Nun terceiro do ano 1751 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, cítase: “la Casa Nueva de los *Balseiros* feligresía de [...] Rubín”.

O apelido *Balseiros*, que ten a súa máxima densidade en Galicia na Estrada e concellos próximos, provén seguramente do nome deste lugar estradense.

Baltar

Lugar da parroquia de Ribeira

Baltar, que como outros topónimos estradenses de poseores demostra o potencial agrario das terras do concello, vén do caso xenitivo dun nome persoal, dunha antiga (VILLA) *BALTARII* ou establecemento agrícola dun tal *Baltarius*, antropónimo de orixe xermánica composto das voces góticas **BALTH-* ‘audaz, valente’ e *HARJIS* ‘exército’, ou ben derivado da primeira co sufixo latino *-ARIUS*, pois as evolucións destes dous últimos termos conflúen nun mesmo resultado. Como tamén indicamos noutra entrada, o mesmo nome de persoa dá, en caso acusativo, o topónimo *Balteiro*.

Nunha atestación do mosteiro de Samos do ano 951 cítase un presbítero de nome *Baltarius*. Noutro documento do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago, un tal “Gonzalo de *Baltar*”, labrador e veciño da freguesía de Santa Mariña de Ribeira, vende unha *rapada* de centeo situada no lugar de *Baltar*.

Barazás

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

O P. Sarmiento recolle no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* a palabra *baraza* cos significados de ‘trenza, cordel, hilo, bramante, etc., para atar cualquier cosa’, polo que semella razoable, como sinala o profesor G. Navaza, considerar un anterior uso botánico da palabra *baraza*, relacionado cos devanditos significados, referido a algunha especie vexetal da que se puidesen obter fíos, cordeis ou atadallos, unha planta da cal o topónimo *Barazás* sería un abundancial en plural, rematado en *-ás* (< lat. *-ALES*).

Singular de *Barazás* é o topónimo *Barazal* ou *O Barazal*, baseado na voz homónima *barazal*, que o dicionario enciclopédico de E. Rodríguez recolle coa equivalencia de ‘monte aberto o comunal en donde todos pueden cortar o rozar’, significado seguramente secundario construído sobre un orixinal *barazal*, igual a ‘monte onde abunda a planta chamada *baraza*’.

Barbude (San Martiño)

Parroquia

Barbude

Lugar da parroquia de Ribeira

O topónimo do lugar de *Barbude*, en Ribeira, quizais sexa de traslado ou copia a partir do de *San Martiño de Barbude*, parroquia limítrofe, xa que este segundo *Barbude* está moi preto da aldea de San Martiño, situada, á súa vez, ao pé do castro de *Barbude*, antigamente *Castro Barbudo*.

Na doazón que fai o presbítero Letimio no ano 947 á igrexa de Santa María de Paradela, documento publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* no cal se citan varios topónimos do concello da Estrada, o actual de *San Martiño de Barbude* aparece como “castro vocidado *Barvudo*” ‘castro chamado Barbudo’. Esta forma, co seu *-o* final aínda non relaxado en *-e*, indícanos que o topónimo, hoxe referido á toda a parroquia, naceu nese castro chamado *Barbudo*: “Concedo ad hunc locum iam dictum alia ecclesia Sancti Salvadoris [é a capela que hoxe leva a advocación de San Martiño, situada na aldea do mesmo nome] que est fundata subtus (baixo) castro vocidado *Barvudo*”.

No século XVI, o topónimo, ben documentado no Arquivo da Catedral de Santiago e no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, aínda era *Barbudo*, pero no Catastro de Ensenada (ano 1752) xa era *Barbude*, mentres que no dicionario de Madoz (1845) aparece castelanizado en *Barbud*.

Se na Estrada o topónimo *Barbude* ou *Barbudo* se refire a un castro, en Portugal é nome de monte, como rexistra un documento de ano 1132, publicado por J. P. Machado, que cita un lugar situado baixo ou “sub monte *barbuto*”. Segundo o profesor E. Bascuas, este topónimo reproduciría o apelativo *barbudo* no sentido fitonímico de ‘vástago de planta’ ou ‘barbado’. Dende esta perspectiva, sería equivalente aos franceses *Le Bois Barbu* (*O Bosque Barbudo*) e *Mont Barbous*. Concordamos coa proposta anterior, pois consideramos os topónimos *Barbude* e *Barbudo* poden ser fitotopónimos referidos a alturas (en todos os casos comprobados son castros) cuxas ladeiras, retomadas polo monte en forma de cuberta vexetal, puideron ser comparadas cos pelos dunha barba, tal como tamén puido suceder cos topónimos peninsulares, estudados por Riesco Chueca, *Cabezavellosa*, cambiado a *Cabezabellosa* para evitar infundados efectos pexorativos, *Piloso* e *Peludillo*. Recollemos do escritor catalán Josep Pla que “La Segarra fue una tierra [...] cubierta

de vegetación espontánea, por lo cual estos lugares eran llamados metafóricamente *llocs peluts o pilosos*”.

O nome do castro de *Barbude*, tamén chamado castro de Trasmonte, suscitou unha lenda e unha etimoloxía popular segundo a cal o castro estaría habitado antigamente por un xigante de longas barbas que era moi forte. Este relato popular repítese con relación a outro castro Barbudo que hai na parroquia de *Castro Barbudo* do concello pontevedrés de Ponte Caldelas e, probablemente, nun terceiro castro *Barbudo*, pertencente ao concello coruñés de Rianxo.

Unha etimoloxía popular moi parecida, seguramente propiciada polos conquistadores españois, trata de explicar o nome da illa de *Barbados* dicindo que se chamaría así por levar os seus primitivos habitantes masculinos barbas moi longas. Esta posible falsa etimoloxía bate con outra máis fiable segundo a cal o topónimo faría referencia a antiga abundancia na illa dunha clase de figueiras con raíces aéreas colgando a modo de barbas. Atendendo a isto, outra posibilidade para a explicación dos topónimos *Barbude* e *Barbudo*, que non exclúe a anterior, é que se refiran a un tipo de plantas específicas, talvez parasitas, con raíces aéreas ou non, que recordasen unhas barbas longas. Así, o lexicólogo bieito J. Sobreira rexistra no século XVIII o adxectivo *barbudo* aplicado a árbores ou plantas “que tienen como barbas”.

Nun documento do ano 1860 do arquivo da parroquia estradense de Ouzande, publicado por Manuel Castiñeira, que reproduce a demarcación entre o antigo Couto do Viso estradense e a Xurisdición de Santa María dos Baños de Cuntis, feita en 1654, cítase un lugar chamado *Espiño das Barbas*.

Topónimos de significado contrario aos de *Barbudo*, en realidade de *Castro Barbudo*, *Monte Barbudo*, *Cabeza Velloso*, *Piloso* e *Peludillo*, son os de *Calvo*, *Calvos*, *Monte Calvo* e *Montes Calvos* e os seus diminutivos *Calvelo* e *Calvelos*, aplicados a áreas desprovistas de vexetación.

Barcala (Santa Mariña)

Parroquia

As parroquias estradenses chamadas *Santa Mariña de Barcala* e *San Miguel de Barcala* aparecen na documentación medieval como *villas Barcalla*. Este nome de lugar, repetido en Galicia, é relacionado por E. Bascuas co indoeuropeo **bher-* ‘brotar, fluír’, e, na súa terminación, co sufixo *-alo* < *-ALLO*, presente noutros topónimos prerromanos. En canto ao seu significado, é un orotopónimo e hidrotopónimo que en todas as ocasións comprobadas dá nome a depresións de terreo moi definidas polas que corren ríos.

Ese é o caso das dúas parroquias estradenses chamadas *Barcala*, situadas nun gran fondal, delimitado polas abas do Pico Calvelo e dos montes da parroquia de Frades, ao leste, e polas do Castro Valente, ao oeste, e percorrido de sur a norte por unha corrente fluvial que nace na parroquia de *Santa Mariña de Barcala*, baixa á de *San Miguel de Barcala* e, un pouco despois, desemboca no Ulla. Este tipo de

orografía, que se repite de maneira clara noutros lugares chamados *Barcala* ou *A Barcala*, fai pensar que este topónimo faga referencia á superficie cóncava do relevo. Estaría así relacionado co topónimo *Barco*, que dá nome a depresións ou concavidades de terreo polas que adoitan correr ríos, e coa palabra *barco*, pois é relativamente común o uso dun mesmo termo para designar recipientes, embarcacións e depresións de terreo, todos elementos de forma cóncava. De aí que o topónimo *Barcala* tamén poida proceder dun prerromano *barc-* ‘depresión’, tal como propón Cabeza Quiles.

Outros lugares chamados *Barcala*, que amosan unha orografía e hidrografía moi parecida á que ofrecen as *Barcala(s)* do concello da Estrada, atópanse no concello coruñés da Baña. Estámonos a referir ás parroquias de *Santa Xoán de Barcala* e *San Cibrán de Barcala*, que forman unha depresión moi definida, bañada polo río Albariña ou da Baña e o seu receptor, o río de *Barcala*. Un terceiro lugar chamado *A Barcala*, pertencente á parroquia de San Pedro de Nós do concello coruñés de Oleiros, tamén dá nome a unha depresión bañada polo río Mero pouco antes desembocar na ría do Burgo.

Nun documento do ano 1032, publicado no *Tumbo A de la Catedral de Santiago* e na *Historia Compostellana* do P. Flórez, lemos: *Sanctum Micahalem de Barcala* e noutro do ano 1390 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, publicado por Damián Porto Rico, cítanse, entre outras, as freguesías estradenses de *San Miguel de Barcala* e [...] *Santa Mariña de Barcala*. Noutra atestación do ano 1535 do Arquivo da Catedral de Santiago tamén se documentan os topónimos *Santa Mariña de Barcala* e *San Miguel de Barcala*.

Barcala é apelido estradense.

Barcia

Lugar da parroquia de Riobó

Barcia é o resultado dun termo prerromano *VARCĪNA* ou *VARCĒNA*, que en castelán, co *-n-* intervocálico conservado, daría, no canto de *Barcia*, o topónimo *Bárcena*. En canto ao seu significado, o topónimo *Barcia* adoita, aínda que non en todos os casos, dar nome a terreos chans situados á beira ou preto dun río. Desta circunstancia parece dar conta o vocábulo galego *barcia* (*varcia*), que nalgúns dicionarios aparece coa equivalencia de ‘terreo chan próximo a un río que se inunda con frecuencia’. Deste significado puido derivar o de ‘terreo chan que é cultivado’, recollido nos dicionarios máis recentes, que pode ser o que lle corresponde ao topónimo estradense *Barcia*.

Nun documento en latín do ano 885 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase, co *-n-* intervocálico aínda conservado, unha *uarcena* coa súa saída (*exitu*): “in ipsa *uarcena* cum suo exitu”. Anos máis tarde, nunha atestación de 1252-1284 do mosteiro de Melón, o actual topónimo *Barcia de Mera* aparece, co *-n-* entre vogais xa perdido, pero co seu *v* etimolóxico, coa forma *Varcia de Mera*.

O topónimo *Barcia* esixe un étimo con *v* segundo a documentación medieval, se ben o *Nomenclátor de Galicia* o recolle con *b* por ser a forma maioritaria con que aparece nos documentos a partir do século xv.

Barco

Lugar da parroquia de Couso

Aínda que o topónimo *Barca* ou *A Barca* adoita referirse a barcas fluviais de pasaxe, non podemos dicir o mesmo de *Barco* e *O Barco*, talvez procedente, como *Barcala*, dunha raíz hidronímica indoeuropea **bher-* ‘brotar, fluír’, ou dunha oronímica *barc-* ‘depresión’. En canto ao seu significado, nós preferimos o de concavidade ou depresión de terreo, o que se corresponde á perfección coa orografía do lugar chamado *Barco* do concello da Estrada, que sitúa as súas casas debaixo da estrada PO-841, nunha depresión fluvial que segue baixando ata chegar á ribeira do río Ulla, tal como sucede con outros lugares galegos do mesmo nome, entre os que incluímos o ourensán *O Barco de Valdeorras*.

O lugar de *Barco* na súa concavidade ou depresión fluvial que remata no río Ulla, á dereita da imaxe



Baseamos esta nosa afirmación reparando tamén noutros topónimos *Barco* e *O Barco* galegos e de fóra de Galicia, situados en depresións de terreo á beira de ríos máis pequenos que o Ulla ou o Sil, que non precisan de barcos para seren atravesados, coma no caso do *Barco de Ávila*. Dáse así mesmo a circunstancia de que o topónimo *Barco* nomea depresións de montaña en que o elemento auga se manifesta en forma de pequenas lagoas de orixe glaciar, como sucede con *Laguna del Barco*, situada nunha zona moi escarpada do macizo central da Sierra de Gredos, ou, no mesmo cordal montañoso, con *Nava del Barco*, topónimo que amosa unha repetición ou tautoloxía con dobre significado de depresión ou concavidade.

É, pois, o topónimo estradense *Barco*, un topónimo hidronímico ou oronímico definidor de depresións fluviais, polo que a palabra antiga *barco* debeu suxerir un primeiro significado de concavidade na superficie da terra, concepto que logo debeu facerse extensible a instrumentos desa forma.

Nun documento do ano 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, cítanse os “lugares do *Barco* y Couso en Santa María de Couso”.

Bargo

Lugar da parroquia da Somoza

O substantivo galego *vargo* quizais veña do celta **barga* ‘valo, valado’. Non obstante, Bascuas propón unha raíz hidronímica prerromana **wer-* ‘dobrar, torcer’. Aínda que de etimoloxía difícil, significa ‘chanto que serve para facer cerramentos’, ‘cercado dunha herdade’, polo que o topónimo correspondente, *Bargo*, se pode referir a unha herdade pechada con chantos ou *vargos*. A este respecto, e seguindo ao profesor E. Bascuas, o sentido de cercado dunha herdade da palabra *várgano*, forma leonesa e asturiana da galega *vargo* < **VÁRGANU*, aparece nun texto do ano 1431, publicado por D. Mariño Veiras, que di o seguinte: “a chousa do foiaido, segundo que esta agora toda carrada [çarrada] de *vargano*”.

Nun documento do ano 927 do *Tumbo A da Catedral de Santiago* o actual lugar chamado *Bargo* da parroquia de San Xusto de Toxosoutos, Lousame (A Coruña) aparece como *Uarganum*: “prestatione sua, quos est in latere montis Luanie quem dicunt *Uarganum*”. Noutro escrito de 1221 do mosteiro de Oseira cítase un *Petro Vargao*, que debe ser a voz *várgano* ou *várganu* co seu *-n-* intervocálico xa desaparecido; forma *várgao*, que, coa normal evolución da súa secuencia vocálica átona *-ao-* a *-o-*, daría o actual *vargo*.

Barro

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Cora

Lugar da parroquia de Orazo

Barro, O

Lugar da parroquia de Rubín

Lugar da parroquia de San Pedro de Ancorados

Os lugares estradenses e galegos chamados *Barro* e *O Barro* designan probablemente lugares abundantes en barro, voz de orixe prerromana.

Nun documento do ano 1276 do Arquivo da Catedral de Santiago o lugar chamado *Barro* da parroquia de Cora aparece coa súa forma actual: “duo casalia que habeo in Velegia scilicet in Villa Cristi et in *Barro*”, en referencia a doazón de dous

casais que alguén tiña nos lugares respectivos de Vilacriste e Barro da parroquia de Cora.

En 1567, Arquivo da Catedral de Santiago, cítase un tal “Gregorio do *Barro*”, labrador e veciño de San Pedro de Acorados, que vivía no lugar chamado *O Barro* desa freguesía.

Batalla, A

Lugar da parroquia de Lagartóns

O topónimo *A Batalla*, situado a carón dunha chaira chamada *O Campo da Batalla*, non fai referencia, como se ten interpretado popularmente, a unha batalla entre estradenses e franceses con motivo da Guerra da Independencia, xa que existía moitos anos antes. Así, nun documento de 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, data moi anterior á do devandito conflito bélico, xa se cita este lugar estradense como “lugar y casal da *Batalla*”. Desbotada a lenda, o máis verosímil é considerar que o topónimo *A Batalla* se refira a lugares anegados ou con moita humidade, circunstancia que tamén expresan o verbo *batucar* ou *batuxar* ‘golpear ou bater a auga cos pés’, os topónimos galegos similares *O Batalo* e *A Batoca*, e o salmantino-estremeño *Las Batuecas*.

Xa que logo o nome de lugar *A Batalla*, repetido noutras partes de Galicia e en Portugal, podería estar relacionado, a maioría das veces, co verbo *bater* (< latín medieval *BATTERE* < clásico *BATTUERE* ‘golpear, bater’), ou cunha raíz hidronímica prerromana.

Aínda que hoxe o lugar da *Batalla* non ofrece de maneira manifesta o detalle natural que se contempla no seu topónimo, antano foi un lugar encharcado, segundo recordan os máis vellos do lugar.

Bede, O

Lugar da parroquia de Rubín

O Bede debeu ter sido antes (*VILLA*) *OVETI* ou simplemente *OVETI* ‘de *Ovetus*’, e designaría unha antiga posesión agrícola dun tal *Ovetus*, antropónimo medieval que atopamos, entre outros, nun texto do ano 974, pertencente á *Colección Diplomática Medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, onde se cita un asinante dunha doazón chamado *Ovetus Goteri*. Xa que logo, o artigo actual deste topónimo explícase como resultado da deglutinación da vogal inicial.

Nun documento do ano 1600 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago aínda se rexistra un “Pedro do *Vede*”, veciño de “San Martiño de Rioboo”, coa grafía do apelido na forma que supoñemos etimolóxica. Pero uns anos máis tarde, ano 1606, en textos da Catedral de Santiago, unha persoa do mesmo nome, “Pedro do *Bede*”, e o seu irmán “Juan do *Bede*” xa figuran co segundo nome escrito coa grafía actual.

No lugar do *Bede* debeu nacer o apelido estradense *Bede*.

Bemposta, A

Lugar da parroquia de Rubín

O estradense *A Bemposta*, repetido en Galicia, é un topónimo de situación, procedente de BĒNEPŌSITA, en referencia a unha pequena poboación *ben posta*, no sentido de estar ben situada sobre un outeiro que domina os lugares circundantes.

Á parte da *Bemposta* da Estrada, o *Nomenclátor* recolle un lugar chamado *Bemposta* na parroquia de Seixalbo, concello de Ourense, e outro *A Bemposta* na freguesía de Osoño, Vilardevós (Ourense). Na división territorial do trienio Liberal (1820-1823) o lugar da *Bemposta* da parroquia estradense de Rubín foi a capital do partido xudicial de Bemposta.

Topónimo portugués de significado similar ao da *Bemposta* debe ser o de *Benfica*. En Portugal tamén existe o topónimo *Benfeita*, aplicado neste caso a unha poboación ben feita ou construída. Volvendo ao concello da Estrada, un topónimo contrario ao de *Benfeita* é *A Malfeita*, nome dun lugar despoboado da parroquia de Cereixo, que se debeu aplicar a unha leira ou peza de terreo agrícola considerada mal feita, no sentido de ter forma irregular.

Berbigueira

Lugar da parroquia de Rubín

34

O profesor E. Bascuas dá como posible que *Berbigueira* sexa un hidrotopónimo prerromano relacionado co elemento auga a partir da raíz indoeuropea **bher-* ‘fluír, brotar’, aínda que considera máis probable que derive da voz medieval BERBECARIUS, procedente, á súa vez, do latín *vervex-ecis* ‘carneiro castrado’. Dende esta perspectiva o topónimo sería un abundancial deste animal. Xa que logo, é verosímil que o topónimo estradense *Berbigueira* significase ‘lugar de carneiros’.

O uso do latín *vervice* ‘carneiro’, está documentado nun texto do ano 974 do mosteiro de Celanova, onde se cita *unum vervicem*. A primeira atestación que encontramos deste lugar figura nun documento de 1570 do Arquivo da Catedral de Santiago, que di: “lugares y casales que se dizen y nombran de *Berbegueira*, sitios en la felegresía de Santa María de Rubín”.

Berres (San Vincenzo)

Parroquia e lugar

Berres é un topónimo pouco claro e difícil. Podería provir dun étimo prerromano hidronímico do que tamén procedería a palabra galega, referida á planta do mesmo nome, *berro*, a cal, á súa vez, ten o seu antecedente máis directo no celta BERŪRO.

Nun documento do ano 1237 publicado en *Fontes Documentais da Universidade de Santiago de Compostela* cítase un tal “Pelagius de Neira in *Verris*”. Noutra atestación de 1241 do mosteiro de Toxosoutos o lugar chamado *Berres* do concello coruñés de Boiro aparece como *Birris*.

En canto ao topónimo estradense *Berres*, segundo un texto do ano 1288 do Archivo Histórico Nacional, un tal Gómez López *de Verres*, en presenza de López Roiz, abade de Santa María de Aciveiro, doa a este mosteiro varios *iglesarios*.

Besteiros

Lugar da parroquia de Orazo

Besteiros, Os

Lugar da parroquia de Riobó

O de *Besteiros* e *Os Besteiros* semella un topónimo familiar referido á parentela ou descendencia dunha persoa apelada *Besteiro*, en latín *BALISTARIU*, vocábulo que nun principio significou ‘soldado que utiliza a bésta’, a arma así chamada composta dun arco flexible, suxeito a un mango de madeira, que serve para lanzar frechas.

Nun documento de 1038-1047 do *Tumbo Viejo de Lugo* noméase unha *Terra de Balestari*, que corresponde á actual parroquia de Santa María de *Bestar*, Cospeito (Lugo).

Noutra atestación do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago cítase unha tal *María Besteira*, viúva de *Pedro Besteiro*, veciña de San Miguel de Curantes.

O lugar estradense dos *Besteiros* documéntase xa en 1557 e 1558 en textos do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago.

Besteiro é apelido estradense o mesmo que o castelanizado *Ballesteros*, que tamén ha vir dalgún dos dous topónimos estradenses *Besteiros/Os Besteiros*.

Bieites, Os

Lugar da parroquia de Arnois

O lugar estradense chamado *Os Bieites* debe o seu nome a algún tipo de relación cunha familia apelada *Bieites* ou *Biéitez*, apelido patronímico procedente do nome persoal *Bieito*, en castelán *Benito*, forma culta *Benedicto*, procedente do latín *BENEDICTU*, ‘bendito’, do verbo *benedico* ‘falar ben de, bendicir’, pois orixinariamente falar ben de alguén ou loalo equivalería a bendicilo, de aí *BENEDICTU* ‘bendito, bieito’.

O topónimo *Os Bieites* pode ter orixe relativamente recente, pois non se atopou rexistrado na documentación antiga, nin figura no dicionario de Madoz (ano 1845), nin na *Geografía general del Reino de Galicia* (ano 1928) nin nos nomenclátors oficiais ata o ano 1970.

Nunha atestación do mosteiro de Ferreira de Pantón do ano 1236 cítase un tal *Martin Benedictiz* ou *Martiño Biéitez*. *Bieites* e *Biéitez*, coas grafías *Vieites* e *Viéitez*, son apelidos estradenses e doutros concellos galegos.

Boáns

Lugar da parroquia de Lagartóns

No lugar de *Boáns* debeu vivir unha familia apelidada *Boán*. A este respecto, sabemos, por un documentado artigo de Juan Andrés Fernández Castro, publicado no número 19 da revista-anuario *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, que a actual igrexa parroquial de Guimarei (houbo dúas anteriores), foi construída no ano 1709, sendo cura párroco don Feliciano Fernández de *Boán*, bautizado e nado en Guimarei, pero orixinario ou con devanceiros no lugar de *Boán*, Chantada (Lugo), topónimo procedente de BOLANI, xenitivo de posesor medieval que se refire á propiedade de alguén chamado *Bolanus*, antropónimo de orixe latina documentado.

Bolos, Os

Lugar da parroquia de Lagartóns

Contiguo ao lugar de *Boáns* está *Os Bolos*, topónimo procedente da palabra latina BŪLLU, que pode referirse a un conxunto de pedras ou penedos redondeados, aínda que tamén cabería a posibilidade de que fose antes **O xogo dos Bolos* e designase un campo ou lugar onde se practicaba este xogo popular.

O Catastro de Ensenada (1752) cita en Lagartóns un *traficante de lana* chamado “Juan da Thorre, del lugar de los *Bolos*”.

Non sabemos se o topónimo *Os Bolos* pode ter relación co do *Bolo*, para o cal Moralejo Laso propón o significado de ‘elevación, cabezo’, equivalencia que concorda á perfección coa situación da vila do *Bolo*, capital do concello ourensán do mesmo nome, aínda que non coa orografía do lugar estradense chamado *Os Bolos*, nin coa do *Bolo*, aldea da parroquia de Garabás, Maside (Ourense). No seu libro *A Estrada rural*, M. Reimóndez Portela recolle unha curiosa explicación deste topónimo: “Os Bolos, que segundo os veciños lle dan ese chamadoiro porque alí había 9 casupas de mala morte ás que lle puxeron o nome de bolos pola súa feitura”.

Bouzamar

Lugar compartido polas parroquias de San Xiao e San Xurxo de Veá

O topónimo *Bouzamar* debe estar construído, na súa primeira parte, coa palabra galega de orixe prerromana *bouza* (véxase a entrada *Bouzas, As*) ‘terreo inculdo con maleza, toxos, xestas, uces...’. O seu segundo compoñente debe recoller o nome persoal *Zamarius*, documentado, entre outros, nun texto do ano 922 do *Tumbo A da Catedral de Santiago* e noutro de 982 do mosteiro de Celanova.

Parece, pois, razoable pensar que o topónimo estradense *Bouzamar* fose antes **Bouzamar* < **Bouza de Zamar*, nome unha *bouza* ZAMARII ou de *Zamarius*, tal como o topónimo *Zamar*, nome dun lugar do concello de Vilagarcía de Arousa e doutro do de Cotobade (Pontevedra), proveñen, segundo E. Bascuas, dunha antiga (VILLA) ZAMARII, ou propiedade dun tal *Zamarius*.

Un documento de 1556 do Arquivo da Catedral de Santiago menciona un “Pedro López de Çamar”, veciño de Couso, e os “lugares de Çamar [...] e da Fonte” en San Xurxo de Veá. Outro do ano 1583, do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago do ano 1583, un “Fernando López de Camar [Çamar]”, veciño de Cardelle, en Santo André de Veá.

O apelido *Zamar* podería proceder dun dos dous lugares chamados *Zamar* antes citados, pero o *Bouzamar* estradense parece o documentado como *Çamar* na devandita atestación. Hoxe o apelido *Zamar* é característico do concello da Estrada.

No dicionario de Madoz (1845), *Bouzamar* só aparece como lugar pertencente á parroquia de San Xurxo de Veá, e así constaba ata os nomenclátors posteriores ao ano 1970. Na cartografía vese que debe haber só dúas ou tres casas pertencentes á veciña parroquia de San Xiao de Veá.

Bouzas, As

Lugar da parroquia de Codeseda

Verbo das *Bouzas*, plural da primeira parte do topónimo anterior, é, xa que logo, un nome de lugar que se sustenta na devandita palabra galega de orixe prerromana *bouza*, quizais de *BAUCIA ou *BALCIA, aplicada a terreos incultos cheos de vexetación de toxos, xestas etc. O feito de que o vocábulo *bouza* sexa de orixe prerromana non quere dicir que tamén o sexan os topónimos *Bouza*, *Bouza*, *As Bouzas*, e o de *Bouzamar*, xa que poden ser moi posteriores no tempo e estaren construídos dende o galego, con *bouza* como palabra de substrato.

Brea, A

Lugar da parroquia de Matalobos

Lugar da parroquia de Pardemarín

A Brea, nome de lugar frecuente en Galicia, provén da palabra do baixo latín VEREDA ‘ruta de posta, camiño’, vocábulo que á súa vez procede do latín VEREDUS, que significaba ‘cabalo de posta’. En consonancia con esta procedencia, a aldea estradense chamada *A Brea* da parroquia de Matalobos está hoxe á beira da estrada N-640 nova, seguramente construída sobre o trazado dun antigo camiño ou *verea*.

Entre outros, nun documento do ano 1020, publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, acóntanse os termos do desaparecido mosteiro de Santo Estevo de Píadela, Betanzos (A Coruña), tomando como referentes delimitadores arcas megalíticas, castros, antas ou marcos de pedra, pedras naturais, ríos, covas, carrais ou camiños de carros e varias *veredas antiquas*:

et inde per se *vereda antiqua* de Generozo [...] et inde per illam carralem que discurrit inter Villarem et Lauretam usque in *veredam* Sancti Felicis et inde ad illud castrum et per *vereda* de Boioi [...] et inde per ipsam *veredam* antiquam usque in ipsa anta de iuxta ipsa arca de Piava usque primitus incoavimus.

Como outros apelidos provenientes de topónimos, o apelido *Brea*, aínda que tamén existe noutras partes de Galicia, é característico do concello da Estrada.

Brei

Lugar da parroquia de San Tomé de Acorados

Brei de Riba

Lugar da parroquia de San Pedro de Acorados

O lugar de *Brei de Riba* está situado na parte alta do leste da parroquia, de aí o seu segundo compoñente *-de Riba* ‘de arriba’. En canto ao primeiro, *Brei*, J. Piel interpréao como un xenitivo de posesor do antropónimo latino *Veranus*, derivado de *Verus*. Aínda que de VERANI esperaríamos mellor *Bran*, non é inverosímil que este xenitivo dea tamén *Brei* con inflexión *a > e*, como no caso de *Oitavén > Octaviani*.

Nunha atestación do ano 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal Gabriel *de Brey*, veciño da freguesía de San Pedro de Acorados. Noutra atestación do século XVI do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago lemos que Fernando López, reitor de San Tomé de Acorados e o seu anexo San Pedro de Acorados, arrenda a *Pedro de Brey*, veciño de Santiago, un terzo do beneficio de San Pedro de Acorados. Noutro documento do Archivo de la Real Chancillería de Valladolid do ano 1584 menciónase tamén un Pedro de *Brey*, quizais a mesma persoa, con motivo dun litixio sobre a devolución de propiedades situadas na terra de Tabeirós. No Catastro de Ensenada para esta parroquia cítase o “lugar de *Brey*”.

En canto ao apelido estradense *Brey*, orixinario deste lugar, o seu *-y* corresponde a unha grafía arcaica que se mantivo pola ortografía do castelán.

Bruñido, O

Lugar da parroquia de Arnois

O topónimo estradense *O Bruñido*, en latín PRUNĒTU, é un abundancial en *-ido*, en latín -ĒTU, da árbore que dá os (*a*)*abruños* ou ameixas bravas. Refírese polo tanto *O Bruñido* a un conxunto de ou grupo de abruñeiros.

Nun documento do ano 1546 do Arquivo da Catedral de Santiago aparece citado un “Gonzalo de *Bruñido*, labrador”, veciño da parroquia de San Xiao de Arnois.

Bugalleira

Lugar da parroquia de Codeseda

O topónimo *Bugalleira* ou *A Bugalleira*, frecuente en Galicia, é un abundancial en *-eira* (< -ARIA) de *bugallo*, a excrecencia redonda do carballo así chamada, quizais nalgún tempo pasado posta a secar, formando grandes grupos ou *bugalleiras*, que puideron ter algún aproveitamento preindustrial, xa que os bugallos son ricos en

taninos, usados antigamente para curtir peles. Aínda que o antecedente etimolóxico da voz *bugallo* ou *bugalla* é incerto, tense dado como étimo, entre outros, a voz celta *BULLACA ‘postela’, que non explica satisfactoriamente a consoante palatal das formas galegas e portuguesas.

Nun documento de ano 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago, o arcebispo cede en foro a Rodrigo de Nodar e á súa muller, veciños da parroquia estradense de Santa Mariña de Ribela, contigua á de Codeseda, os casais da *Bugalleria a Nova* e *A Bugalleira Vella*, no lugar da *Bugalleira*.

Bugallo é apelido estradense e doutras partes de Galicia.

Bumio

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

A de *Bumio* é unha forma toponímica que non vemos estudada en ningures, polo que non atopamos posibles apoios ou fundamentos para investigar a súa orixe e significado. Como un primeiro e tímido paso, *Bumio* podería levar o sufixo de superlativo *-mmo-* máis o de *-io*, moi frecuente na hidrotponimia prerromana, polo que poderíamos estar perante un topónimo prelatino referido ao elemento auga.

Nun documento do ano 1556 do Arquivo do Pazo de Maíndo, publicado por Damián Porto Rico, cítase “el casal de *Bumio*”. Outra atestación de 1577 do Arquivo da Catedral de Santiago cita un “Pedro de *Bumyo*”, labrador da freguesía de San Miguel de Barcala. Na documentación do mosteiro de Melón de principios do século XIII aparece repetidas veces un lugar chamado *Bumio*, hoxe desaparecido, o cal, aínda que non axuda a comprender a etimoloxía do topónimo, dá idea da súa antigüidade, que xa daquela debía de ser opaco.

Burata, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O topónimo *A Burata* pode referirse a unha *burata* ou cavidade de grandes dimensións feita na terra de maneira artificial ou a unha concavidade ou depresión natural. Decantámonos por esta segunda posibilidade, ao estar o lugar así chamado nun terreo moi costento que forma un gran fondal.

As voces *burato*, *burata* son de orixe indoeuropea, prerromana. Probablemente constitúen un paralelo celta do latín FORATU ‘perforación’ e o verbo FORARE ‘perforar’, que nas linguas xermánicas e célticas presentan un resultado comezado por *b-* (como inglés *to bore* ‘furar, perforar’).

Bustelo

Lugar da parroquia de Nigoi

O topónimo *Bustelo* é un diminutivo en *-elo* < *-ĒLLU* da palabra *busto*, voz de orixe prerromana que significa ‘lugar de pasto, pasteiro’.

Nun documento do ano 959 publicado por López Ferreiro na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* atopamos: “Villas inter ulia et deza uilla premonitata oriolis cum adiunctionibus suis Bendurio, Noceta, *Bustello*”, topónimo que ao estar na comarca de Deza, ao lado dos lugares de Noceda e Bendoiro, ha ser o actual *Bustelo* da parroquia de Santiago de Lebozán, Lalín (Pontevedra).

Cabanelas

Lugar da parroquia de Liripio

Cabanelas, diminutivo en *-ela* do substantivo *cabana*, procedente dunha forma tardolatina *CAPANNA* ‘cabana’, refírese a unha pequena construción rústica utilizada para gardar útiles de labranza ou para servir de refuxio a pastores.

No ano 1537, nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, cítase o que pode ser este lugar como “casal de *Cabanelas*” na tenza de Codeseda, parroquia veciña a esta de Liripio, onde está o topónimo.

Cacharela, A

Lugar da parroquia de Arnois

A Cacharela é un topónimo agrícola que, en primeira instancia, proviría dunha base do latín vulgar **CASULARE* ou similar ‘romper’, no sentido de cachar ou cavar e, despois queimar, unha superficie montesía para sementar, preferentemente, trigo. A súa terminación *-ela*, con orixe no latín *-ĒLLA*, indícanos que este nome de lugar está en diminutivo. Faría alusión, pois, *A Cacharela* a unha pequena parcela de monte cavado, cachado ou britado cuxos restos de vexetación brava, unidos aos terróns, se queimaban para deixar o terreo limpo para sementalo.

Cachopas, As

Lugar da parroquia de Ouzande

O vocábulo galego *cachopa*, *cachopo* é o mesmo có asturiano *cachôpu*, que Corominas emparenta con *cacho*, e este viría de **CACCŪLUS*, do latín *CACCĀBUS* ‘ola’. O *Diccionario enciclopédico* de E. Rodríguez González recolle a voz *cachopa* co significado de ‘tronco seco del árbol cuando es grueso y rugoso’, polo que o topónimo *As Cachopas* se referirá a varias árbores secas desas características, que permanecerían no lugar durante algún tempo sen ser retiradas.

Callobre (San Martiño)

Parroquia

O topónimo *Callobre* ten unha antiga base documentada CALIOBRE, formada, no seu primeiro compoñente, pola voz celta *CALIO/CALIAUO ‘pedra’, presente en palabras galegas como *callau*. En canto á súa terminación *-bre*, que aparece en preto dun cento de topónimos galegos de orixe celta, pode provir dun acusativo romanizado **brem*, antes celta pleno *brim*, procedente do celta -BRIG-, variante de BRIGA ‘altura, altura fortificada, castro’, co que o topónimo *Callobre* significaría o ‘castro da altura rochosa’. Tería así *Callobre* un significado similar ao que propoñemos para o topónimo tamén estradense *Rocaforte*, aínda que este ha de referirse a un castelo medieval e non a un castro da Idade do Ferro.

En Galicia, á parte do *Callobre* estradense, hai outros catro, todos situados na provincia da Coruña. Son *Callobre*, lugar e parroquia do concello de Miño, e lugar dos de Oza dos Ríos e Ortigueira, neste último por duplicado: *Callobre*, na parroquia de Céltigos, e *Callobre Vello* na de Espasante.

Nun documento do ano 887 publicado por López Ferreiro na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* cítase un lugar chamado *CalioBRE* que debe ser o actual *Callobre* da parroquia de Santa María de Cuiña, Oza dos Ríos (A Coruña). Noutra atestación do ano 1380 en documentación do mosteiro de Belvís noméase a “friguesía de *San Martiño de Callobre*”. Nunha terceira do Arquivo da Catedral de Santiago de 1600 é citado “Pedro de Friamonde [...] de *San Martiño de Callobre*”. O *Callobre* estradense tamén aparece coa súa forma actual nas *Memorias del Arzobispado de Santiago* do cardeal Jerónimo del Hoyo, na transcripción do manuscrito orixinal do ano 1607.

Calvelo

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

O lugar de *Calvelo* está ao pé do chamado *Pico Calvelo*, un monte que, de acordo co seu nome, está desprovisto de vexetación, xa que o topónimo *Calvelo* nomea esta circunstancia, o mesmo que *Calvo*, *Monte Calvo* e *Montes Calvos*. *Calvelo* é un diminutivo en *-elo* formado a partir do adxectivo *calvo*.

Topónimos de significado contrario, que polo tanto falan de accidentes orográficos, tamén xeralmente alturas, cubertos de vexetación, son os explicados noutro apartado deste libro, *Barbude* ou *Barbudo*, con presenza no concello da Estrada, que puideron xurdir de comparar lugares con vexetación con cabezas *peludas* e barbas *barbudas*, mentres que os deforestados serían equiparados a cabezas calvas.

Nunha atestación do ano 1152, publicada en *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV*, lemos: “illo casal de illa silva sub (debaixo do) *monte Calvelo*”. Noutra de 1592 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “*Juan Calvelo*”, veciño da freguesía de San Xiao de Veá.

Calzada, A

Lugar da parroquia de Arnois

O *Nomenclátor* recolle en Galicia 25 entidades de poboación co substantivo *calzada* (< latín CALCEATA) no seu nome. A voz latina *calceata* deu, a partir dun antigo *(VIA) CALCEATA, o topónimo *A Calzada*, que se refire a antigas vías empedradas. Estes camiños eran as vereas máis transitadas en época antiga e con frecuencia formaban parte dos camiños de peregrinos en tránsito a Santiago. É o caso, por exemplo, dun lugar tamén chamado *A Calzada*, do concello da Gudiña, situado no Camiño do Sueste, ou a localidade rioxana de *Santo Domingo de la Calzada*, emprazada sobre outra importante ruta xacobeá, cal é o Camiño Francés, ruta de peregrinos que ten outro lugar chamado *A Calzada* no concello coruñés de Arzúa.

Con respecto ao lugar chamado *A Calzada* da parroquia estradense de Arnois, hoxe formado por unha soa casa, aínda que na actualidade non está situado exactamente sobre o Camiño do Sueste, puido formar parte desta importante vía de peregrinos, xunto co topónimo *A Alberguería*, da contigua freguesía de San Miguel de Castro, nome de lugar que vemos máis polo miúdo nas súas correspondente entrada.

Campenlos

Lugar da parroquia de Aguións

O topónimo *Campenlos*, do latín CAMPĒLLU, é un derivado de *campo* máis o sufixo de diminutivo *-elo*, procedente do latín -ĒLLU. Fálanos, entón, *Campenlos* de varios campos de pequenas dimensións, circunstancia que tamén xerou o topónimo *Os Campiños*, máis moderno que *Campelos* e *Campenlos*. En canto ao *n* deste último, *Campe(n)los*, parece un *n* adventicio, xa que o étimo non tiña *n* ningún, quizais por influencia do par *Costenla/Constenla* (véxase a entrada correspondente).

Nun documento do ano 1634 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, o actual topónimo *Campenlos* aparece como *Campelos*, sen o seu *n* non etimolóxico ou adventicio. Un *n* da mesma orixe está presente, entre outros, nos topónimos estradenses *A Pinguenla*, por *A Pinguela* e en *Marcenlos*, este documentado no século XVI como *Marcelos*.

Campo Redondo

Lugar da parroquia de San Tomé de Acorados

Este topónimo, de significado transparente, refírese a un campo redondo, en latín RŌTUNDU. O elemento *redondo* é relativamente frecuente na toponimia galega, coma nos nomes de localidades chamadas (*O*) *Redondo*, *Busto Redondo*, *Couce Redondo* etc. Ademais, á parte deste da Estrada, hai outros dous lugares en Galicia chamados *Campo Redondo* e dous máis denominados *Camporredondo*.

Campos

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Guimarei

Campos, o plural de *campo*, do latín *CAMPU* ‘campo, chaira’, refírese a varios lugares chans.

Nun documento do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago Johán Lorenzo de Codeseda véndelle a Juan de Mondragón, cóengo de Santiago, un terzo do lugar de *Campos*. No testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia do ano 1760, vertido ao galego por Damián Porto Rico, cítanse: “dúas herdades sitas en dita freguesía [Santo Estevo de Lagartóns, lindeira coa de Guimarei], unha chamada do Lavandeiro e a outra chamada *dos Campos*”. *Campos* é tamén apelido estradense.

Cancelas, As

Lugar da parroquia de Riobó

O topónimo *As Cancelas*, seguramente expresado en xénero dimensional, vén do latín *CANCELLA* ‘reixa’, e fálanos dunha antiga *cancela* –como tal máis grande ca un cancelo– ou estrutura que se coloca na portela dunha propiedade para abrir ou pechar o paso. Este topónimo e outros similares, que no caso que nos ocupa se refire a varias *cancelas*, é frecuente en Galicia, onde abundan as propiedades pechadas con muros e cancelas.

Nun documento do mosteiro de Sobrado do século XII lemos: “casal de Ordonio medio et casale de *Cancellas*”.

Canda, A

Lugar da parroquia de Liripio

A voz galega *cando*, equivalente á leonesa *cándano*, ten os significados de ‘póla seca de árbore’, ‘árbore seca’, ‘póla seca e miúda de cor branca ou cincenta’, ‘vara para alumear’ e ‘pau queimado’, polo que o topónimo *A Canda* < **CANDĀNA* (VOZ prerromana de orixe e significado controvertidos, quizais emparentada co lat. *CANDĒRE* ‘arder’) pode ser o recordo dun antigo lugar ou monte abundante en *candos*, ramas secas ou garabullos, tipo de leña miúda que se utilizaba para poder prender o lume nas lareiras.

Cano Sifón, O

Microtopónimo

O Cano Sifón refírese aos chamados popularmente *canos sifóns*, que permitían o paso das augas de rego por debaixo dun camiño ou dunha estrada, empregando o sistema de vasos comunicantes. *Cano* provén en última instancia do latín *CANNA*

‘cana’ e *sifón* do grego, a través do lat. SIPHONE ‘tubo, cano’. Estas obras hidráulicas aínda se conservan, mais fóra de uso, entre outras, nas parroquias de Berres, Oca, Ouzande e Riobó.

Cañoteira, A

Lugar da parroquia da Estrada

No topónimo abundancial *A Cañoteira* está a palabra *cañota*, sinónima de *caracocha*. O *Diccionario enciclopédico* de Eladio Rodríguez rexistra *cañota* co significado de ‘castaño secular cuyo tronco está hueco o carcomido en gran parte’, ‘tocón, raíz muy gruesa de cualquier árbol viejo, que cuando éste se corta queda unida a él’. Os dicionarios de galego ofrecen a voz *cañoteira* co significado de ‘lugar cuberto de cañotos’, e *cañoto* como ‘parte de tronco da árbore que queda unido á raíz despois de cortalo, cepa, árbore seca aínda enraizada’, ‘cana seca de millo, restrollo’ etc. Nun documento do ano 1149 do *Livro Preto. Cartulario da Sé de Coimbra* cítase un *Petrus Canioto*.

Carballa, A

Lugar da parroquia de Toedo.

Carballas, As

Lugar da parroquia de Loimil

Lugar da parroquia de Tabeirós

Carballas de Abaixo, As

Lugar da parroquia de Barbude

Carballas de Arriba, As

Lugar da parroquia de Barbude

Aínda que nun principio poida parecer que o topónimo *A Carballa* se pode identificar plenamente co de *Carballo* ou *O Carballo*, non é así, pois en galego existe o chamado xénero dimensional, segundo o cal a terminación *-a* indica obxectos e realidades máis grandes que a terminación *-o*, polo que *A Carballa* nomea un carballo máis grande ca o que deu lugar aos topónimos *Carballo* ou *O Carballo*. Esta formulación concorda co significado que lle dan algúns dicionarios de galego á voz *carballa* de ‘denominación que recibe nalgunhas partes de Galicia o carballo xa vello de tronco voluminoso e de copa frondosa’, características propias dun carballo de gran tamaño, coma os que habería nun dos dous lugares estradenses –un debe ser réplica do outro *a posteriori*– chamados *As Carballas de Abaixo* e *As Carballas de Arriba*.

Carballal, O

Lugar da parroquia de Arca

Lugar da parroquia de Arnois

Lugar da parroquia de Lamas

O *Carballal* é un fitotopónimo co sufixo abundancial *-al* (< *-ALE*) de *carballo*, en clara referencia a un lugar poboado de carballos, árbore con notoria presenza no concello da Estrada, onde aínda son abundantes os carballais e as carballeiras.

Carballeira, A

Lugar da parroquia de Arnois

Lugar da parroquia de Nigoi

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

Lugar da parroquia da Somoza

A *Carballeira* é un fitotopónimo co sufixo abundancial *-eira* (< *-ARIA*) de *carballo*, en clara referencia a un lugar poboado de carballos, árbore frecuente, aínda que en regresión, en Galicia.

Carballo

Lugar da parroquia de Liripio

O topónimo *Carballo* anuncia de maneira transparente a antiga presenza dun carballo, moi probablemente da especie *Quercus robur*, no lugar.

Carbia

Lugar compartido polas parroquias de Cora e Santa Cristina de Veá

O topónimo *Carbia* contén un derivado da voz de orixe prerromana *CARBA* ‘tropeza, renovo de carballo, carballo novo, carballo miúdo, monte baixo preferentemente de carballo’, mediante o sufixo tamén prerromano *-IA* ou *-EA*. Aínda que no concello da Estrada existe o apelido *Carbia*, o seu foco orixinario parece ser a antiga xurisdición de *Carbia*, hoxe Vila de Cruces, concello onde hai unha parroquia dese nome.

Cardavella, A

Lugar da parroquia de Guimarei

A *Cardavella* puido ser en orixe, aínda que non temos documentación antiga que nolo confirme, **A casa da vella*, despois **A cas da vella*, pola perda do *-a* final da palabra *casa*, e, por fin, **a car da vella*, co *s* do vocábulo *cas* convertido nun *r* por rotacismo, fenómeno fonético normal e frecuente, que tamén se puido producir no topónimo *Cardama*, quizais proveniente de **casa da ama*. En 1760, no testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, fundador da capela da Algaria da parroquia de

Guimarei, texto publicado e traducido ao galego por Damián Porto Rico, cítase o “lugar de *Cardavella*”.

Cardelle

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

Como moitos topónimos estradenses e galegos, o de *Cardelle*, tamén apelido, é o resultado da evolución fonética dun antigo nome de posesor. O profesor Piel propón o de **Cardelius*, que nos suxire un xenitivo **CARDELII*, a partir do cal se produciría o actual topónimo estradense *Cardelle*, que se repite noutros concellos galegos, e en Portugal coa grafía *Cardelhe*, lugares en que vivirían á fronte das súas *villas* medievais outras tantas persoas chamadas **Cardelius*.

Nun documento do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o lugar de *Cardelle*, situado na freguesía de Santo André de Veá, e tamén aparece mencionado noutra atestación do ano 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicada por Damián Porto Rico.

Carracedo

Lugar da parroquia de Ribela

O topónimo *Carracedo*, proveniente de *CARICĒTU*, é un abundancial, en *-ĒTU*, co *r* xeminado, do latín *carex* ‘carrizo’, cana silvestre frecuente nos lugares encharcados, circunstancia que se cumpre no lugar estradense de *Carracedo*, regado por unha pequena corrente de auga que puido criar nalgún dos seus remansos un *carracedo* ou conxunto de *carrizos*.

Nun documento do ano 1010 do mosteiro de Samos cítase un lugar chamado *Carriceto*, que estaba na parroquia de Santiago de Aranza, Baralla (Lugo).

No lugar estradense de *Carracedo* nacería o apelido toponímico estradense *Carracedo*, aínda que noutros concellos galegos tamén se rexistra este topónimo.

Carricova

Lugar da parroquia de Santeles

O nome de lugar *Carricova*, correspondente ao latín *CARRALE COVA*, refírese a un camiño de carro profundo ou fondo, con *cova* en función de adxectivo, igual ca noutros topónimos, como *Fontecova*, *Liñarcovo*, *Soutocovo* e *Vilacova*. Topónimos formalmente semellantes ao de *Carricova*, pola alteración en *i* da vogal pretónica, son os de *Canicova*, referido a unha canle *cova*, probablemente usada como camiño, e *Busticovo*, que nos fala dun *busto* ou extensión de terreo destinado a pasto, situado nun lugar *covo* ou fondo.

Un documento do ano 1549 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita os “lugares de Curujeira e Raxeyra Ferral y *Carricoba* [...] en la dicha felegresía de San Jurjo de Santeles”.

Casa do Frade

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

O topónimo *Casa do Frade* refírese a unha antiga posesión pertencente a un mosteiro de frades, que neste caso, coma no do topónimo así mesmo estradense *Frades*, referido á parroquia dese nome, foi o mosteiro santiagués de San Martiño Pinario. Esta información figura nun documento do ano 1522 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago publicado por Damián Porto Rico; nese texto, un tal Alonso de Sinde, veciño da parroquia de San Pedro de Carcacia, afirma, con motivo dun litixio sobre a posesión dunhas pesqueiras no río Ulla:

que'l sabe bien [que] el casal que se dize da *Casa do Frade* que's del monasterio de San Martin porque su padre syempre lo tubo y poseyó en nonbre de dicho monasterio y que'l dicho casal tiene dos casas de morada pajaças [pallazas, pallozas, é dicir, co teito de palla] y que tiene dos cortes para meter ganado e una heira e otros pardineiros [*pardiñeiros*: edificios en ruínas] viejos derrocados y cortina [*cortiña*] y salidas y que tiene dicho casal todas las herdades [...] y que todas estas herdades [...] eram del dicho casal da *Casa do Frade*, pertenciente al dicho monasterio [...] e dixo que hoyera ademas a su padre [...] que el dicho monasterio de San Martín llebaba otras heredades.

Xa que logo, o topónimo *Casa do Frade*, como o devandito de *Frades*, non está relacionado coa presenza física e literal dun mosteiro no lugar, senón que alude ás antigas posesións que nel tivo unha congregación de frades, un dos cales, talvez o abade ou outro representante da comunidade, debe ser o *frade*, en latín *FRATER* ‘irmán de relixión, monxe’, nomeado no topónimo *Casa do Frade*, lugar así chamado que non se atopa demasiado lonxe, montaña por medio, da parroquia de Frades.

Casa do Monte, A

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Tal como anuncia de maneira transparente, o topónimo *A Casa do Monte* referiuse en orixe a unha casa illada no monte.

Casal, O

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Casal, en latín *CASALE*, era na Idade Media unha propiedade rural con casas e construcións adxacentes coas pertinentes terras de labor. Segundo o profesor Antón

Santamarina, o *casal* aparece como categoría habitacional nova a partir do século IX, aínda que non se sabe exactamente o que era un *casal* e en que se diferenciaba dun *vilar*. Así, nunha atestación do ano 876 un clérigo dá ao mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil unha igrexa con catro *casais* ao seu carón, pero non está claro se un *casal* era en orixe unha pequena explotación agrícola autónoma, unha terra de labor dun señor arrendada a un campesiño ou asignada a un servo ou unha explotación especializada, aínda que, en contextos coma o deste documento, a voz *casal* fai referencia ás terras que pode traballar unha soa familia. Confróntese a este respecto o vocábulo portugués *casal* ‘parelha de marido e mulher’.

En Galicia hai polo menos 262 entidades que se chaman *Casal*, *Casar*, *Casais*, *Casás*, *Casares*, e algún *casal* pequeno, como denuncia o topónimo *Casarello*. Nun documento do ano 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, lemos: “lugares do *Casal* y Out[eir]o en San Jorxe de Bea”.

Casalpaio

Lugar da parroquia de Frades

No lugar de *Casalpaio* viviu e laborou nun *casal*, no sentido de propiedade agrícola con casas e construcións adxectivas, unha persoa de nome *Paio*, antropónimo latino procedente do grego que en orixe foi PELAGIU ‘mariño’.

No léxico común, a forma *paio* rexístrase nalgúns dicionarios de galego coa equivalencia de ‘aldeán, rústico, ignorante, fácil de enganar’. Estas connotacións desprezativas naceron en castelán, seguramente debido á abundancia no nome *Paio* no medio rural de Galicia, e logo foron asumidas polo galego.

Este topónimo aparece nun documento de 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago, onde se le: “lugar y *casal* que se dize de *Payo*”.

Casares, Os

Lugar da parroquia de Loimil

O nome *Casares* é plural de *casar*, e este variante de *casal* (véxase *Casal*, *O*).

Castiñeira, A

Lugar da parroquia de Riobó

Pensamos que o topónimo *A Castiñeira* admite dous matices. En primeiro lugar, a súa forma feminina en *-eira* (<lat. *-ARIA*) pode ter valor colectivo, co que *A Castiñeira* se referiría a unha pequena agrupación de *castiñeiros*. A este respecto, o *Diccionario enciclopédico* de E. Rodríguez dá a voz *castiñeira* coa equivalencia de ‘lugar o sitio donde hay algunos castaños’, significado que tamén recolle o dicionario de Franco Grande, igual a ‘terrenos en que hay algunos castaños que no llegan a formar *souto*’.

Outra posibilidade é que o topónimo *A Castiñeira* exprese o xénero dimensional, cuxo feminino nomea realidades máis grandes que o seu correspondente masculino. De ser así, *A Castiñeira* podería referirse a un castiñeiro vello de grandes dimensións, hipótese que se podería converter en realidade no topónimo *A Castiñeira Vella*, nome de lugar dos concellos de Vilarmaior (A Coruña) e A Caniza (Pontevedra).

Castrelo de Abaixo

Lugar da parroquia de Pardemarín

Castrelo de Arriba

Lugar da parroquia de Pardemarín

Castrelo é diminutivo de *castro* co sufixo *-elo* < *-ĒLLU*, sufixo que xa non era produtivo no século XIII, substituído por *-iño*.

Castro

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

Castro, O

Lugar da parroquia de Couso

Lugar da parroquia de Ouzande

Lugar da parroquia de San Tomé de Ancorados

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Moitos son os topónimos galegos que proveñen do latín *CASTRU* ‘asentamento prehistórico fortificado’, referidos aos recintos chamados *castros*, que se deberon chamar orixinariamente *briga* ou *brig* ‘altura fortificada’, voz celta que os colonizadores romanos substituirían pola de *CASTRU*, base do topónimo *O Castro*.

Entre os castros estradenses que deron topónimo destacamos, por estar situado nunha espectacular altura que domina o estreito paso do Ulla en San Xoán da Cova, o castro de San Miguel, a cuxos pés está a aldea chamada *Castro*, da parroquia de *San Miguel de Castro*.

Castro Ramiro

Lugar da parroquia da Somoza

O topónimo *Castro Ramiro* refírese, como en *Castrotión* e *Castrovite*, á facenda territorial, na cal estaría incluído o terreo ocupado por un antigo castro, dun individuo chamado, neste caso, *Ramiro*, procedente do nome persoal *RANIMIRU*(M), de orixe xermánica, formado polas raíces góticas *RAN-*, esta aínda non o suficientemente aclarada, e *-MIRUS* < *MÊREIS* ‘famoso, célebre’. Malia que o tal *Ranimirus*

debeu ser un poseor medieval, unha lenda recollida no ano 1905 polo mestre M. Formoso Lamas asociada ao topónimo similar *Camporramiro*, nome dunha parroquia do concello lugués de Chantada, personifica este antropónimo na figura de Ramiro I, monarca galaico-ástur contemporáneo da primeira invasión normanda, que loitaría, segundo a devandita tradición oral, contra os normandos no castro e fortaleza medieval de Castro Candaz, hoxe asolagada, agás en períodos de grande seca, baixo as augas do encoro de Belesar, na zona de Chantada.

O mesmo tipo de lenda repítese con relación ao castro da Ribeira, contiguo ao lugar de *Ramil*, da parroquia de Rus do concello coruñés de Carballo, onde, segundo o folclore popular, recollido por A. Rodríguez Casal:

no bico do castro [da Ribeira] viviron os mouros ou os románs [sic] e hai quen di que no castro viviu un rei que lle chamaban Ramiro e por eso ó lugar puxéronlle o nome de *Ramil*.



O lugar de *Castro Ramiro*, no centro da foto aérea, aséntase sobre unha altura redondeada, que puido ser o castro contemplado na primeira parte do topónimo

Este *Ramil*, efectivamente, vén dunha antiga (VILLA) RANIMIRI, do xenitivo de *Ranimirus*. O que non sabemos, porque descoñecemos as súas lendas, é se tamén se deu con relación ao castro outrora existente no lugar estradense de *Castro Ramiro*, cuxas casas ocupan unha altura redondeada, que puido ser o castro mencionado na primeira parte do topónimo.

Castrotión

Lugar da parroquia de Oca

Como en *Castro Ramiro*, o topónimo *Castrotión* refírese a unha propiedade territorial, da que formaría parte un antigo castro, que ten no segundo elemento do composto o resultado dun nome persoal. Este nome puido ser *Ittilo*, antropónimo de orixe xermánica, atestado nun documento do ano 920 do mosteiro de Sobrado e composto pola voz gótica IT-, ID- ‘axitación, celo, ardor, dilixencia’, e o sufixo tamén gótico -ILO, formador de nomes femininos. Perante a falta de atestacións

medievais do topónimo, non se poden descartar outros nomes persoais, como *Tedio(ne)*, documentado en textos portugueses dos séculos x e xi, ou o latino *Tilonius*. En calquera caso, parece o mesmo nome persoal que debe estar en *Agurtión*, Paradela (Lugo), neste caso composto con *agro*.

No Arquivo da Catedral de Santiago, ano 1571, cítase “una casa bibidera en el lugar de *Castro Tión* que es en la fra. de Sant’Estebo d’Oca”. Na mesma fonte documental, documento do ano 1587, temos *Castatyón*, e noutros do mesmo arquivo e ano *Castro Tión*.

Nas inmediacións do que queda do castro atópanse varias pedras fitas dun antigo círculo lítico que arrodexaba a capela de Nosa Señora de Castrotión, estudada e escavada por Juan Andrés Fernández Castro, da cal só quedan hoxe os alicerces. Antes, o círculo de pedras e o castro foron investigados polo erudito e escritor Fermín Bouza Brey no ano 1936, durante a súa estadía como xuíz na Estrada.

Castrovite

Lugar da parroquia de Orazo

No lugar chamado *Castrovite* está o castro do mesmo nome coroado por unha antiga capela dedicada a Santa Mariña. Xa que logo, o topónimo *Castrovite*, parecido na súa estrutura aos de *Castrotión* e *Castro Ramiro*, fálanos dunha antiga propiedade territorial situada nun antigo castro dun tal *Vittius*, antropónimo latino documentado por Schulze. *Castrovite* procede, xa que logo, de *CASTRU VITTI*, e aparece na documentación medieval como *Castrum Biti* no ano 1115. Máis tardiamente, nun documento do ano 1535 publicado por Damián Porto Rico, a colexiata compostelá de Santa María de Sar, que tiña posesións en San Xoán da Cova (Vedra), afora:

a terceira parte da ermida, ofrendas, dezmos e outras dereituras de *Santa Mariña de Castrovite* en renda anual de doce rapadas de centeo limpo e un par de capóns.

Dado que dende o outeiro e a capela de *Castrovite* se divisa unha dilatada panorámica, na tradición popular local asóciase este topónimo ao verbo *ver*:

Cebados, Os

Lugar da parroquia de Aguións

Deste topónimo escribe Pedro Varela no seu libro *La Estrada*, editado o ano 1923, o seguinte: “El primero de dichos lugares [*Os Cebados*, que o autor rexistra como *Cebados*] se distingue por su fertilidad; y debido a eso los vecinos, antiguamente, se dedicaban a la cría y engorde de bueyes, que vendían cebados [sic]; y de ahí su denominación”. Malia que o libro de don Pedro é moi aceptable e equilibrado para a súa época, cremos que a súa proposta pode ser unha etimoloxía popular, que colleu o atallo máis fácil.

O topónimo *Os Cebados* xa aparece con esa forma nun documento do ano 1530 do Arquivo da Catedral de Santiago. Noutra atestación escrita de 1529, dispoñible en *Galiciana*, lemos, referido tamén ao actual lugar estradense chamado *Os Cebados*, “la aldea dos *cebados*”. Estas dúas e outras atestacións de *Cebado* en cadeas onomásticas medievais fan verosímil que *Os Cebados* fose en orixe a aldea dos alcumados *cebado*. A este respecto, nun documento de 1122-1465 dos *Tumbos del Archivo de la Catedral de Mondoñedo*, referido a un sobrenome hoxe desaparecido, aparece un tal *Fernandus Cevado*. Xa que logo, na lugar estradense chamado *Os Cebados* debeu vivir unha familia ou grupo de persoas que, ao estaren especialmente grosas, serían alcumados como *Os Cebados*.

Celeirón

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

Celeirón vén do latín *CELLARIÖLU, diminutivo da palabra CELLARIU ‘celeiro, tulla, despensa, bodega’, referida a un pequeno cuarto ou cela para gardar preferentemente grans. O topónimo estradense *Celeirón* refírese, pois, a un celeiro ou tulla de pequeno tamaño, tipo de construcións xeralmente pertencentes aos antigos mosteiros onde os aforados debían depositar o foro anual en forma de diferentes colleitas aos seus aforadores, que as máis das veces eran as poderosas ordes monásticas, os donos da terra.

En canto á nasal final de *Celeiróns*, debe tratarse do mesmo *n* adventicio que aparece no topónimo *Mosteirón*, Sada (A Coruña), o cal, proveniente do latín *MONASTERIÖLU ‘mosteiro pequeno’, primeiro sería *Mosteiróo* ou *Mosteiró*, forma que despois, coa aparición dese *n* non etimolóxico, se convertería no actual *Mosteirón*, coa súa falsa fásquía de aumentativo, o mesmo que lle ocorreu ao topónimo estradense *Celeirón*, o cal, aínda que o pareza, non se debe referir a un celeiro grande, senón todo o contrario.

Celeiróns

Lugar da parroquia de Berres

Como é raro que houbese varios celeiros nun mesmo lugar, xa que a palabra *celeiro* adoita aparecer en singular na documentación medieval, é probable que o topónimo *Celeiróns* se refira a xente vida do lugar de *Celeirón*, da parroquia de Santo André de Veá, topónimo que estudamos na entrada anterior.

Celeiróns aparece como *Celeiroos* nun documento do ano 1592 do Arquivo da Catedral de Santiago: “lugares de Payo Afonso y *Celeiroos*, en San Vicenzo de Verres”.

Cepetelo

Lugar da parroquia de Tabeirós

Cepetelo debe ser unha alteración de *Cepedelo*, a partir dunha base latina CIPPETĒ-LLU, diminutivo, en -ĒLLU, dun abundancial en -ĒTU de CĪPPU ‘tronco’, polo que o topónimo *Cepetelo* se referirá a unha pequena agrupación de troncos ou cepos de árbores aínda vivas ou a tocóns de árbores que quedaron unidas á raíz despois de seren cortadas. O resultado *Cepetelo* (e non *Cepedelo*, que sería o esperable) puido estar provocado por interferencia de termos como *petelo* ou semellantes.

Cercido, O

Lugar da parroquia de Arnois

O nome de lugar *O Cercido* tanto podería provir, debido a asimilacións e disimilacións, de CER(E)SETU (abundancial en -ETU de *cerdeira*) como de CERCETU (abundancial en -ETU de *quercus* ‘carballo’). Sen termos documentación antiga é difícil saber a que especie arbórea das dúas se refire este topónimo, aínda que, segundo puidemos comprobar, enriba do lugar do *Cercido*, situado a carón da Ponte Ulla, río por medio, existe unha espléndida carballeira.

Cerdeiral, O

Lugar da parroquia de Baloira

No *Cerdeiral*, abundancial en *-al* de *cerdeira* (< latín CERESARIA) houbo unha plantación destas árbores froiteiras.

Cereixo (San Xurxo)

Parroquia

Malia que un servidor papou moitas cereixas na súa nenez subido ás cerdeiras do concello da Estrada, cando todo eran días azuis e tempo de cereixas, o nome de lugar *Cereixo*, estudado por E. Bascuas, non fai referencia a este saboroso e feiti-ceiro froito, pois non é usual que un único elemento botánico, e menos un froito, designe un lugar. Ademais en todas as ocasións que o comprobamos os topónimos galegos *Cereixo*, *Cereixa* e *Cerezo* (sic) sempre dan nome a correntes fluviais ou están moi preto delas. Así, a igrexa da parroquia estradense de *Cereixo*, o lugar onde debeu nacer o topónimo, está a carón da ribeira esquerda do río de Curantes, corrente de auga que desemboca no río Liñares un pouco máis adiante.

O topónimo *Cereixo* repítese no concello coruñés de Vimianzo como nome dunha parroquia bañada polo Riotorto, corrente fluvial que desemboca no fondo da ría de Camariñas. No concello así mesmo coruñés de Ponteceso atopámonos co topónimo *Cerezo de Abaixo*, situado sobre o curso do actual rego da Bouza, que en orixe puido ser *Seretio*. Así, referido a este topónimo *Cerezo*, antes de que se

diversificase nos de *Cerezo de Abaixo* e *Cerezo de Arriba*, nun documento do ano 867, publicado por López Ferreiro na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, lemos: “et terras quas habeo (e terras que teño) in *Seretio*”.

Na mesma provincia, no concello de Ames, parroquia de Bugallido, hai un monte chamado *O Cereixo* no sitio de *Tarrío*, nome de lugar, este segundo, que significa ‘(o lugar que está) tras ou ao outro lado (do) río’, en referencia, probablemente, á mesma corrente de auga á que se refire o monte *Cereixo* ou *O Cereixo*.

A relación do topónimo *O Cereixo* ou *Cereixo* cos ríos tamén se albisca no de *Chan* ou *Alto do Cereixo*, nome dun lugar do concello pontevedrés de Gondomar onde nace o río *Cereixo*, que logo desembocará no Miño. Este *Cereixo* aparece coa súa forma antiga *Gerasio* nun documento do ano 942 do mosteiro de Celanova, atestación con *G-* inicial que obriga desvincular este *Cereixo* ou *O Cereixo* dos outros, que parecen conter unha raíz hidronímica prerromana **cer* ou **ser*, quizais a mesma da que deriva o hidrotopónimo *Sar*.

Outra altura chan onde nace outra corrente fluvial é a chamada *Alto do Cereixo*, situada entre os concellos lugueses de Castro de Rei e Outeiro de Rei. No concello ourensán de Laza existe outro río chamado *Cereixo* ou *Río do Cereixo*, que desemboca no Támega.

En canto a *Cereixa*, é o nome dun lugar da parroquia de Erbecedo, concello de Coristanco (A Coruña), que está sobre o arroio das Dornas. Tamén o pequeno río lugués *Cereixa*, que pasa pola parroquia de San Pedro de *Cereixa*, A Pobra do Brollón, para logo desaugar no río Cabe, sen esquecer o *Riocereixa* de Pedrafito do Cebreiro (Lugo). Fóra de Galicia, temos, entre outros, un río *Cerezo* afluente do Guadalorce (Málaga) e *Riocerezo*, nome dunha pequena corrente fluvial da provincia de Burgos.

Creemos, pois, que os topónimos galegos e peninsulares *Cerezo*, *Cereixa* e *Cereixo*, incluído o estradense, aínda que nun principio recordan as evocadoras cereixas, deben ser hidrotopónimos prerromanos referidos ao elemento auga, nos seus significados de ‘auga que corre’, ‘auga que soa, ferve ou gurgulla’ etc.

En varios documentos do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago o nome da parroquia de *San Xurxo de Cereixo* aparece coa súa forma actual. No Castrasto de Ensenada aparece *San Jorge de Cereixo*.

Cernadela

Lugar da parroquia da Somoza

O topónimo *Cernadela* é o resultado do galego correspondente a un latín C^INERATĒ-LLA, diminutivo, en -ĒLLA, de C^INERATA ‘incinerada, convertida en cinzas, queimada’, en referencia á queima agrícola dunha terra co fin de preparala para cultivar trigo ou centeo.

Nun testemuño escrito do ano 1258 do mosteiro de San Salvador de Camanzo cítase un clérigo dunha freguesía chamada *Cernadela*: “clerico sancti Vincencii

Cernadela”, que debe ser o actual lugar chamado *Cernadela* do concello pontevedrés de Vila de Cruces. Noutra atestación de 1603 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o noso topónimo, con motivo dunha doazón, como “el lugar y heredades de *Cernadela*”, na parroquia de Santo André da Somoza, forma que tamén se recolle no testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, no ano 1760, publicado e traducido ao galego por Damián Porto Rico.

Cerqueira, A

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

O topónimo *A Cerqueira*, correspondente a CERCARIA (latín clásico QUERCARIA) pode referirse a unha agrupación de carballos *cerqueiros* ou cerquiños. A este respecto, o libro *A Estrada rural*, de Reimóndez Portela, recolle, en relación a un suposto milagre acontecido neste lugar, unha narración oral segundo a cal: “o lugar de *Cerqueiras* [sic] era todo unha carballeira”.

Chaín

Lugar da parroquia de Frades

O topónimo *Chaín* vén dunha antiga (VILLA) FLAVINI ou FLAINI, en referencia a unha *villa* agrícola do período medieval rexentada por unha persoa chamada *Flavinus*, antroponimo latino derivado do xentilicio romano *Flavius*, procedente, á súa vez, do cognome *Flavus*, dado, nun principio, ás persoas que tiñan o cabelo loiro.

Chan da Aldea

Lugar da parroquia da Somoza

A transparencia do topónimo *Chan da Aldea* fálanos dun terreo chan situado na *aldea* dese nome, consistente nun pequeno relanzo, emprazado nunha orografía que ascende dende o lugar chamado *Vila de Abaixo*.

Aínda que no galego occidental conflúen nun mesmo resultado *chan* (*O Chan*, *A Chan*) o masculino e o feminino correspondentes ao latín PLANU, PLANA, cremos que a extensión de terreo plana á que se refire este topónimo é *unha chan*, feminina. Baseamos esta afirmación na existencia dentro da toponimia menor estradense, recollida no seu día por M. Reimóndez Portela, do microtopónimo *A Chan*, nunca *O Chan*, nas parroquias de Aguíóns, Barbude, Lagartóns, Parada, Ribeira, A Somoza (freguesía á cal pertence *Chan da Aldea*) e Tabeirós. Na devandita parroquia da Somoza tamén se documenta un lugar chamado *As Chans* e na de Moreira hai unha paraxe de nome *A Chan de Riba*.

Chapurros, Os

Lugar da parroquia de Lagartóns

Segundo o *Diccionario enciclopédico* de Eladio Rodríguez, a de *chapurro*, voz onomatopeica, foi unha nomeada burlesca que se lle deu ata finais do século XIX na Coruña aos gardas urbanos por *chapurrear* o castelán, dado que estes axentes, na súa maioría galegofalantes procedentes do medio rural, tiñan dificultades para se expresar en castelán, o que tamén lles puido acontecer aos habitantes do lugar hoxe chamado *Os Chapurros*, despois de ter contacto con xentes foráneas.

Outra posibilidade sería que se referise ao verbo galego *chapurrear* ou *chapurrar* na súa equivalencia de ‘articular palabras de forma imperfecta, balbucir, tatear’. Baseamos esta segunda hipótese porque na mesma parroquia hai un lugar chamado *Os Tatos*, cuxos habitantes, quizais obxecto de burlas por parte da veciñanza próxima debido ao significado do seu apelido, puideron aplicarlles á maneira de defensa ou réplica o apelativo de *chapurros* aos moradores dunha aldea rival.

Aínda que no Catastro de Ensenada non se cita o lugar dos *Chapurros* no Interrogatorio Xeral, segundo esta fonte na parroquia Lagartóns había polo menos tres lugares con tabernas que daban aloxamento a “arrieiros y maragatos” e a “arrieiros”. Ese contacto con xente de fóra talvez puido xerar o sentido de *chapurrar* como falar mal o castelán (ou acaso o galego). Se fose así, tería máis verosimilitude a nosa primeira proposta.

O topónimo *Os Chapurros* aparece no dicionario de Madoz (1845).

Chenlos

Lugar da parroquia de Loimil

O topónimo *Chenlos* provén do plural da palabra do latín serodio *PLANĒLLU ‘chaira pequena’ (derivado de PLANU co sufixo diminutivo -ELLU), en referencia a varias chairas ou terreos chans de pequenas dimensións, o que se corresponde coa realidade orográfica do lugar estradense chamado *Chenlos* e coa dos demais lugares galegos de nome *Chenlo*, *Chelo* e o dobremente diminutivo *Cheliño*, estes dous sen o -n- intervocálico restituído, que si aparece en *Chenlos*.

Nunha atestación do ano 1295, publicada en *Fontes Documentais da Universidade de Santiago de Compostela* cítase unha herdade chamada *Cheelo* en Ames (A Coruña). Noutro documento de 1816 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, publicado por Damián Porto Rico, cítase unha “heredad y leira que nombra la de medio de *Chenlo*”, que debeu estar na parroquia estradense de Arnois.

Cibreiros

Lugar da parroquia de Remesar

O topónimo *Cibreiros* podería conter un derivado da palabra *ECIFĒRU < EQUU FĒRU ‘cabalo fero’, referida ao antigo *cebro* ou *zebro*, certo équido salvaxe. Tamén cabería a posibilidade que tivese sido anteriormente *(a)*civreiros*, en referencia a un conxunto de exemplares da planta chamada en galego, entre outras denominacións, *acivo* ou *acivro*, aínda que contra esta segunda opción está o feito de que nesta zona a arbore se chama *acivo* ou *acevo*, e non cunha variante con *r*, como o proba o topónimo *Aciveiro* do concello de Forcarei.

Cimadevila

Lugar da parroquia de Calobre

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

O topónimo *Cimadevila* significa ‘enriba da vila’ e indica a posición dun lugar respecto a unha antiga VILLA ou pequeno lugar poboado que está máis baixo. O adverbio que contén o topónimo *Cimadevila* provén da palabra latina CYMA ‘brote’, e despois ‘punta ou parte superior’.

Nun documento do ano 1614 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, publicado por Damián Porto Rico, o cabido de Iria faille un foro a Juan Domínguez e a Juana Quistillán, a súa muller, “del lugar y casal de *Cima de Vila*, sito en la fr^a de Barcala con mas la quinta parte de la pesquera nueva en el río Ulla”, que é o actual *Cimadevila* da parroquia de San Miguel de Barcala.

Cimáns

Lugar da parroquia de Tabeirós

O topónimo *Cimáns*, situado nun lugar alto, pode significar ‘os que viven na cima’. Un documento do ano 1546 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita os “lugares de *Çimás* y Sandán”, ambos os dous pertencentes á parroquia de Santiago de Tabeirós. Outra atestación de 1554 da mesma fonte documental cita a “aldea de *Cimaas* de cima do paço que está en la dicha feligresía de Santiago de Tabeirós”, texto que parece indicar a situación cimeira do lugar.

Codesal, O

Lugar da parroquia de Codeseda

O *Codesal* é un abundancial en -ALE, hoxe -al, da planta arbustiva chamada *codeso*, en latín vulgar *CUTĪSSU ou *CUTĪSU, leguminosa silvestre que sería frecuente no lugar. Este topónimo non se encontrou na documentación antiga e tampouco figura no dicionario de Madoz entre os lugares da parroquia. Incorporouse aos nomenclátors a partir do de 1930.

Codeseda (San Xurxo)

Parroquia e lugar

Codeseda é un abundancial en -ĒTA, hoxe -*eda*, da mesma planta á que se refire o topónimo anterior. Nun documento do ano 1154 publicado por López Ferreiro na súa *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* este topónimo *Codeseda* aparece coa forma latinizada *Coteseta*, mentes que outra atestación de 1174, publicada en *La Iglesia de Santiago y el pontificado en La Edad Media (1140-1417)*, ofrece a de *Codeseta*. Outro escrito de 1175 do mosteiro de San Martiño Pinarío rexistra *Codesseda*.

Codeso, O

Lugar da parroquia de Aguións

O fitotopónimo *O Codeso* tamén parece referirse á planta arbustiva da familia das leguminosas chamada *codeso*. De ser así, a forma simple do nome da planta daría conta da antiga presenza no lugar dun codeso singular, que o sería polo seu gran tamaño con respecto a outras plantas máis pequenas da súa especie, por servir de límite de dúas propiedades etc. Dado que o apelido *Codeso* (sobrenome) aparece moi concentrado en concellos próximos ao norte da Estrada, por exemplo no de Vedra, quizais non se poida descartar que neste caso o apelido dese nome ao lugar.

Nunha atestación do ano 1524 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase a “heredad de *Codeso*”, na parroquia de Aguións.

Cogoludo, O

Lugar da parroquia de Guimarei

O topónimo estradense *O Cogoludo* debe referirse a un lugar alto en forma de *cugulo* ou *cugula*, prominencia, capucha ou altitude que sobresa. Tería así *O Cogoludo*, antes **monte* ou **outeiro cogoludo*, o seu antecedente na palabra latina CUCÛLLU ‘parte superior, capucha, colmo’, aplicado a un outeiro ou monte que sobresa en altura sobre a súa contorna máis próxima, o que se corresponde, segundo comprobamos, coa realidade orográfica do lugar.

Parente do *Cogoludo* estradense parécenos o topónimo *La Cogolla*, nome de sinalada vila da provincia de Logroño, a carón da cal se atopa o mosteiro de Las Peñas de Suso ou de arriba, penas que, ao teren forma de *cogolla*, deberon crear o topónimo, que se repite nun lugar do concello asturiano de Cangas del Narcea.

Volvendo a Galicia, topónimo irmán do *Cogoludo* é *A Cogoluda*, nome dunha altitude da Serra do Courel. No dicionario de Madoz o topónimo estradense *O Cogoludo* aparece como *Cojoludo*.

Consolación, A

Lugar da parroquia de Tabeirós

A *Consolación*, en latín CONSOLATIONE, é un haxiotopónimo ou topónimo relixioso referido á advocación mariana do mesmo nome, venerada na capela de Nosa Señora da Consolación. Este santuario foi construído no ano 1680, seguindo a tradición doutros anteriores, e debeu formar parte do camiño de peregrinos, que, aglutinando romeiros e camiñantes procedentes do norte de Portugal e das terras do Ribeiro, pasaba polas localidades estradenses de Codeseda, A Consolación, Tabeirós, A Estrada e O Rollo para internarse no concello coruñés de Teo pola Pontevea.

Á parte da capela, no lugar da *Consolación*, advocación que se repite noutros camiños xacobeos, tamén existe un peto de ánimas, que adoitaba situarse á beira das vías antigas máis transitadas coa finalidade de recoller o maior número de esmolas posible.

Cora (San Miguel)

Parroquia e lugar do concello

O difícil nome de lugar *Cora* podería estar relacionado coa raíz prerromana oronímica *kor-, *korr- ‘altura’, ‘altura rochosa’, pois a aldea está nunha pequena elevación de terreo sobre o regueiro Maceiral e ao seu carón atópase unha altura chamada Outeiro que remata no río Ulla, a carón da Insua de Cora, a cuxa parte máis alta tamén podería referirse o topónimo.

No ano 1400, o testamento de Xoán Núñez de Isorna, que xestionaba a torre que houbo na Insua de Cora en nome do arcebispado compostelán, cita a parroquia de *San Miguell de Cora*.

Cora é outro dos apelidos toponímicos do concello da Estrada.

Correáns

Lugar da parroquia de Vinseiro

O topónimo *Correáns* podería referirse a uns antigos poboadores instalados no lugar, que serían chamados *correáns* por proceder doutra aldea de nome *Correa*, o que nun principio semella concordar coa presenza na mesma parroquia do lugar chamado *Vis de Correa* (véxase a entrada).

Outra posibilidade sería que o topónimo *Correáns* se referise á familia ou descendencia de alguén alcumado ou apelidado *Correa*, en latín CORRIGIA ‘tira de coiro’, que tamén puido dar orixe ao segundo elemento do topónimo *Vis de Correa*. *Correa* é apelido existente no concello da Estrada e nos límites de Cuntis e Forcarei. A este respecto, lémbrese o topónimo, tamén estradense, *Quinteiro de Arca*, orixinado por referencia a un individuo apelidado *Arca*.

Nun documento do ano 1538 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o lugar de *Correás de Vaixo* e noutro da mesma fonte de 1561 o de *Correanes de Cyma*.

Cortegada

Lugar da parroquia de Souto

Aínda que no seu día interpretamos o topónimo *Cortegada* como procedente dunha posible *(VILLA) COHORTICATA > CORTICATA en alusión a un antigo complexo agrícola rodeado de muros, hoxe pensamos que é moito máis verosímil que este topónimo, repetido en Galicia, proceda de CORTICATA, forma feminina do adxectivo latino *corticatus* -a, -um ‘cuberto ou provisto de cortiza’, o que relacionaría *Cortegada* cunha posible locución *(CASA) CORTICATA ‘casa (podería tratarse doutro tipo de edificación) tellada cunha cuberta de cortiza’. Sería así o de *Cortegada* un topónimo parecido ao de *Cortegaza*, nome dun lugar do concello lugués do Valadouro, construído, neste caso, co sufixo -aceus, usado para formar adxectivos de materia a partir de substantivos.

O topónimo portugués *Cortegaça*, equivalente ao galego *Cortegaza*, situado nunha zona abundante en sobreiras, é explicado por Joaquim da Silveira como un antigo **corticacea* ‘(choza) feita [ou revestida] con paneis de cortiza’, o que concorda co predominio das cubertas vexetais na arquitectura doméstica medieval.

En canto á documentación antiga, nun texto sen data do mosteiro de Celanova, a *Cortegada* ourensá situada na ribeira do Miño aparece como *Cortegata*. *Cortegata* tamén se amosa nun escrito do ano 971 do mosteiro de Sobrado como o nome da illa arousá chamada *Cortegada*, citada xa no século I polo naturalista e escritor romano Plinio coa forma *Corticata*.

Cortes

Lugar da parroquia de Curantes

Do latín COHÖRTE ‘corte, curral, recinto cercado ou murado’, ou, mellor do latín vulgar CORTE, sae o topónimo *Cortes*, referido, neste caso a estanzas para o gando. Segundo un estudo de Xaime Varela Sieiro, nos textos latinos da Idade Media designaba recintos cercados dentro dos que se alzaban edificacións e mesmo espazos para a hortas e árbores froiteiras, ou tamén unha construción para o gando ou mesmo calquera espazo acoutado. Véxase unha mostra no seguinte exemplo: “*ipsa curte*, cum suas torculares, cupas, lacares [...] illa *curte* cun sua hereditate”, na que se cita un complexo agrícola (*curte*) cos seus edificios para pisar a uva ou as súas pías (*lacares*), prensas (*torculares*), cubas para o viño (*cupas*) e outra explotación agrícola ou *curte* coas terras ou herdades de seu (*hereditate*).

Na *Historia Compostellana* (século XII) dáse referencia dunha doazón á Igrexa de Santiago de “*curtes*, aliasque mansiones quae sui juris erant”, ou, o que é o

mesmo “cortes ou casais e outras mansións que lle pertencían por dereito [á raíña Urraca]”.

Palabras relacionadas cos topónimos *Cortes* e *Curtis*, todas referidas a espazos cercados destinados a diversos usos, son: *corte*, nun principio ‘mansión murada ou pechada cos seus anexos onde vive un rei’, *corte* ‘lugar murado e cuberto para o gando’, *cortella* ‘corte pequena’, o castelán *cortijo* ‘complexo agrícola cercado de grandes dimensións’, e *cortiña* ‘terra de labor cercada ou murada, próxima á vivenda de quen a traballa’, voz presente no topónimo así mesmo estradense *Cortiñas*, pertencente á parroquia de San Miguel de Barcala.

Nun documento do ano 1285, publicado en *Fontes Documentais da Universidade de Santiago de Compostela* cítase unha *cortina clausa*, ou, o que é o mesmo unha *cortiña chousa*, cercada ou cerrada.

Cortiñas

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

O topónimo *Cortiñas* reproduce en plural a palabra *cortiña* ‘terra de labor murada, próxima á casa de labranza’, ‘corte [para o gando] pequena’.

Costa, A

Lugar da parroquia de Arnois

Lugar da parroquia de Guimarei

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Topónimo transparente que procede do latín *CŌSTA*, en alusión a unha *costa* ou terreo en pendente ou a un tramo dun camiño con esas condicións.

Costenla

Lugar da parroquia de Cereixo

Lugar da parroquia de Nigoi

Lugar da parroquia de Ribeira

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

Este topónimo require unha base latina **COSTANĒLLA*, diminutivo de **COSTANA*, derivado, á súa vez, da palabra latina *CŌSTA* ‘costa, pendente’, en referencia a un terreo costento.

Como no concello da Estrada, seguindo un trazo dialectal da zona, existen os posibles pares toponímicos *Marcenlos/Marcelos*, *A Pinguenla/A Pinguela*, *Monllarrabo/Mollarrabo* etc., tamén sería posible que o topónimo *Costenla* estivese alterado pola mesma tendencia e fose orixinariamente o resultado de *COSTĒLLA* ‘costiña’.

A algún dos lugares chamados *Costenla* do concello da Estrada refírese a atestación “Petrus Alfonsi de *Consteenla*” do ano 1263 do mosteiro de Oseira, a cal parece indicar un étimo *COSTANĒLLA, pero, mentres non se saiba a que *Costenla* se refire, só podemos dicir que en polo menos un deses topónimos o *n* (o segundo) é etimolóxico e non adventicio. Noutra atestación do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o lugar de *Costenla*, situado na “felegresía de Santo Andrel de Bea”. Aínda que non exactamente o apelido *Costenla*, as súas variantes *Constela* e *Constenla* son características e propias do concello da Estrada.

Coto, O

Lugar da parroquia de Codeseda

O Coto provén dunha base prerromana *COTT ‘prominencia, altura’, que puido ser empregada para crear este topónimo en tempos posteriores coa palabra de substrato *coto* ‘altura’, dende o latín ou, mesmo, dende o galego. O lugar estradense chamado *O Coto* está, efectivamente, nun alto ou *coto*.

Cotro, O

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

O devandito termo de orixe prerromana *coto* ‘altura’, proveniente de *COTT, derivou, mediante o sufixo átono *-aro*, en *cótaro*, voz que, coa caída da vogal postónica, daría, entre outros galegos, o topónimo estradense *O Cotro*, situado, como non podería ser doutro xeito, nun *coto*.

Couso (Santa María)

Parroquia e lugar

O topónimo *Couso*, de etimoloxía incerta, aparece como CAUSU no latín da documentación medieval. Esta palabra podería estar relacionada con outras que expresan a idea de depresión ou concavidade, tales como as latinas *cavare* ‘cavar, afondar na terra’, **covu* ‘cóncavo, fondo, profundo’ ou **capseu* ‘(depresión) semellante a unha caixa’, propostas etimolóxicas que, malia non ser enteiramente satisfactorias, parecen estar de acordo coa orografía dos lugares chamados *Couso*, situados, en todos os casos comprobados, incluído o da Estrada, en lugares deprimidos, covos ou fondos.

Nunha atestación do ano 1009 do mosteiro de Samos cítase un lugar chamado *Causo*, que podería ser o actual *Couso* da parroquia de San Miguel de Piñeira do concello lugués de Sarria. En 1400, no testamento de Xoán Núñez de Isorna, o administrador e casteleiro da desaparecida torre da Insua de Cora, cítase a “felegresía de *Santa María de Couso*”, forma que tamén aparece noutra atestación de 1603 do Arquivo da Catedral de Santiago. Noutro texto do ano 1626 do Arquivo da Casa do

Preguecido, publicada por Damián Porto Rico, cítase o lugar de “*Couso en Santa María de Couso*”.

Cova, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

Segundo puidemos comprobar, este lugar chamado *A Cova* está situado nunha depresión de terreo, polo que pensamos que fai referencia a esta circunstancia orográfica e non a unha *cova* no sentido de caverna ou concavidade lateral na terra.

Covas

Lugar da parroquia de Guimarei

O topónimo *Covas* vén do latín *cōva* e refírese a varias *covas*, grutas ou cavernas. Nun documento do ano 1572 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos “lugar de *Cobas*, feligresía de Guimarey”.

Covas, As

Lugar da parroquia de Paradela

Véxase a entrada anterior.

Cruceiro, O

Lugar da parroquia de Arca

Este topónimo transparente fálanos dun cruceiro ou cruz de pedra, máis ou menos monumental, que adoitaba poñerse nas encrucilladas, nas beiras dos camiños, nos adros das igrexas ou non lindes das parroquias. No tempo do escritor e médico rural Reimóndez Portela, o cruceiro que nos ocupa atopábase, daquela en malas condicións, no camiño da igrexa, onde segue na actualidade.

Cruces

Lugar da parroquia de Baloira

Este topónimo, menos transparente do que poida parecer nun principio, pódese referir a cruces ou cruzamentos de camiños ou a varias cruces de pedra, que adoitaban colocarse nesas interseccións viarias.

Cruxeira

Lugar da parroquia de Santeles

Cruxeira pode ser un abundancial en *-eira* (lat. < -ARIA) da ave de rapina nocturna chamada *curuxa*, vocábulo de orixe incerta que, coa desaparición do seu

u pretónico, se convertería en *cruxa* e de aí o derivado *Cruxeira* ‘sitio abundante en *cur(u)xas*’. Como no caso do zootopónimo así mesmo estradense *Azoreiros*, o de *Cruxeira* puido ser un sitio onde non houbera a ave á que parece referirse, senón que, noutro uso metafórico, se aplicase a un lugar alto e semioculto como os frecuentados por estas aves nocturnas. Nun documento do ano 1549 do Arquivo da Universidade de Santiago cítanse os “lugares de *Curujeyra* e *Rapeyra Ferral* y *Carricoba*” en Santeles.

Cruz, A

Lugar da parroquia de Guimarei

Este topónimo *A Cruz* está nunha ostensible enrucillada ou cruz de camiños.

Curantes (San Miguel)

Parroquia

Curantes Novo

Lugar da parroquia de Curantes

Curantes Vello

Lugar da parroquia de Curantes

Curantes, topónimo de probable orixe prerromana, ten o aspecto de ser un xentilicio, aínda que tamén sería posible que tivese un significado puramente xeográfico. Se a súa primeira parte *Cur-* proviñese da raíz oronímica prerromana **kor-*, **korr-* ‘altura’ ‘altura pedrosa’, e estivese relacionado cos topónimos *Cora*, *Cures* e *A Curota*, podería significar ‘os (habitantes) das alturas’, ‘os montañeses’, suposto que se corresponde coa realidade orográfica da parroquia, situada nunha zona moi accidentada. De ser certa esta nosa proposta, o topónimo *Curantes* podería ter sido creado dende a perspectiva de xentes próximas que vivisen en zonas máis baixas, aínda que tamén puido suceder que o de *curantes* fose o nome que se deron eles mesmos.

Topónimos semellantes ao de *Curantes* no seu posible significado e no seu sufixo *-nt-* poderían ser os de *Serantes* (forma medieval *Sarantes*), nome de varios lugares galegos situados ao lado de cadansúa pequena corrente de auga, que podería significar ‘os do río’, e *Cesantes*, Redondela (medieval *Celesantes*), o cal, situado a carón da ría de Vigo nunha pendente bastante pronunciada, é interpretado por E. Bascuas como ‘os da ría’ ou ‘os da montaña’, polo que, neste segundo suposto, *Cesantes* tería o mesmo significado que lle supoñemos a *Curantes*.

Outra posibilidade é que os anteriores topónimos rematados en *-antes* se refiran simplemente, como apunta J. J. Moralejo, a formas do terreo ou das augas, que no caso de *Curantes* sería a accidentada orografía da parroquia.

Nun documento do ano 1255 do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón aparece un tal “*Petrus Alfonsi miles de Curantes*”. Noutra atestación máis serodia de 1569 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos *San Miguel de Curantes*.

Currelo

Lugar da parroquia de Orazo

Currelos, Os

Lugar da parroquia de Codeseda

Diminutivo de *curro*, en latín CURRĒLLUS, estes topónimos fan referencia á antiga existencia no lugar duns pequenos curros ou construcións de pedra circular e descuberta, utilizada para gardar o gando. A un único curro refírese o singular *Currelo*.

En 1147 nun documento do mosteiro de Oseira atopamos unha “hereditate de *Currelos*”. Nun texto de 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda figura o lugar dos *Currelos* da parroquia de Codeseda así coma noutro de 1587 do Arquivo da Catedral de Santiago.

Devesa, A

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Guimarei

Lugar da parroquia de Moreira

Lugar da parroquia de Remesar

O topónimo *A Devesa* procede do latín serodio *(TERRA) DEFENSA ‘terra coutada’, ‘terra ou territorio cercado’, e sinala antigas *devesas* ou grandes fincas pechadas, que, ás veces, podían ser as chamadas *devesas do rei* e eran empregadas para a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo *A Devesa* ten menos pretensións e sinala áreas coutadas máis pequenas, propiedade de particulares. Nun documento do ano 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda cítanse os lugares de: “Cavanelas et de Sabuzedo et *a devesa* de Silva Scura”.

Dorelle

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

Non sabemos cal, pero no topónimo *Dorelle* escóndese o nome dun posesor ou terratenente medieval. Podería ser de orixe latina, quizais *Durellus*, diminutivo de *Durus* ‘duro’, cuxo uso como nome persoal está ben documentado, mais tamén podería proceder dun nome de orixe xermánica.

Segundo un documento do ano 1544 do Arquivo da Catedral de Santiago, Juan de Mondragón, cardeal da igrexa de Santiago, faille un foro a “Fernando *Dorelle* e Ynés de *Dorelle*, su mujer”, veciños da freguesía de San Xiao de Veá, de por vidas

e dúas voces do lugar e casal de *Dorelle*, sito na mencionada parroquia. Noutro documento máis serodio, do ano 1626, do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, cítase o lugar de *Dorelle*, pertencente á parroquia de “San Julian de Bea”.

Dorelle é outro dos apelidos estradenses provenientes dun topónimo do territorio municipal.

Eiriz

Lugar da parroquia de Parada

Eiriz, topónimo, xunto co de *Eirís*, repetido en Galicia, provén dunha antiga (VILLA) AGERICI ou dun individuo chamado *Agericus*, cuxo nome está formado polas voces góticas AGIS- ‘espanto’ ou *AGJA- ‘gume, fio ou folla cortante’, e, na súa segunda parte, -RICUS < -REIKS ‘poderoso’.

Unha atestación do ano 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda que parece referirse a este lugar di o seguinte: “ena fliguesía de Sam Pedro de Parada d’*Eyriz* eno lugar que dizem Parada Herma, dous casares; et huun deles dizque o tem arrendado et ho outro está hermo”.

Entrecastrelas

Lugar da parroquia de Ribela

A presenza da preposición *entre* neste topónimo indica situación entre dúas realidades, o que se corresponde coa topografía do lugar, xa que a pequena entidade de poboación de *Entrecastrelas* está nunha especie de vagoada, situada entre o castro de Entrecastrelas ou de Ribela e outra altura de forma moi semellante que puido acoller outro recinto castrexo ou ser comparada coa contigua (parecen xemelgas) que documenta o castro. Talvez, de acordo con esta situación xeográfica, o topónimo é pronunciado por algunhas persoas en plural, como *Entrecastrelas*, forma que tamén amosa a sinalética e o libro *A Estrada rural* de M. Reimóndez Portela.

Malia o anterior, a documentación antiga recolle o topónimo en singular. É o caso dun documento do ano 1552 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago que rexistra *Entrecastrela*. Outra atestación de 1705, consultable en *Galiciana*, tamén documenta *Entrecastrela*, forma que se repite no ano 1932 na mesma fonte. En Madoz vén como *Castrela* e nos nomenclátors, desde polo menos 1910, *Entrecastrela*.

A segunda parte do topónimo, é diminutivo de *castro*, en referencia ao devandito castro de Entrecastrelas ou de Ribela, estudado no seu día por Fermín Bouza Brei.

Enviande

Lugar da parroquia de Souto

O topónimo de posesor *Enviande* provén dunha antiga (VILLA) EVENANDI, isto é *villa* agrícola de *Evenandus*, nome persoal latinizado de orixe xermánica composto das voces góticas *AÍWS- ‘tempo, eternidade’, ou *AÍLVA- ‘cabalo’, e *-NANTH ‘audaz, ousado’. Entre outros, nun documento do ano 856 do mosteiro de Celanova cítase un *Evenandus diacunus*.

Noutro documento do ano 1561 do Arquivo Histórico da Universidade menciónase un tal Aparicio de *Enbiade*, veciño de Santo André de Souto. E noutro de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un casal de *Inbiande*.

Escarís

Lugar da parroquia de Nigoi

Dunha antiga (VILLA) ASCARICI, do xenitivo do nome de posesor *Ascaricus* e con seseo en posición implosiva final de topónimo, procede *Escarís*. Xa que logo, na Idade Media alguén chamado *Ascaricus*, do gótico *ASKS- ‘freixo’, e -RICUS < xermánico REIKS ‘poderoso’, viviría e traballaría unha *villa* ou latifundio nese lugar.

Referido a este *Escarís*, nun texto do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago temos: “Casal que se dize e nombra de *Escariz*”. Noutra atestación da mesma fonte documental e do mesmo século lemos: “Francisco de *Escariz* labrador vecino de la feligresía de Santa María de Nigoy”.

Esmorís

Lugar da parroquia de Curantes

Á parte de *Escarís*, no concello da Estrada hai máis topónimos provenientes de nomes de posesores xermánicos en xenitivo cuxa segunda parte se realizou con seseo implosivo en final de sílaba e de topónimo. É o caso de *Esmorís*, proveniente dunha antiga (VILLA) (H)ERMERICI ou *villa* de *Hermericus* ou *Ermericus*, antropónimo de orixe xermánica, e nome, por exemplo, do primeiro rei do reino suevo de Gallaecia, composto polas voces góticas *AÍRMANS-, AÍRMINS- ‘grande’, e -RICUS < REIKS ‘poderoso’.

Xa que logo, no lugar estradense chamado *Esmorís* viviu e traballou ao fronte dunha *villa* medieval un tal *Ermericus* ou *Ermoricus*. O feito de que o topónimo soe *Erm-* e se escriba *Esm-*, que é unha ultracorrección, é proba do rotacismo na zona, fenómeno que se rexistra no interior da provincia de Pontevedra, incluído o concello da Estrada.

Nun documento do ano 947, publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, cítase unha persoa chamada *Ermorico*. Noutra atestación de 1562 pertencente ao Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “en el lugar d’*Esmoriz*, syto en la dicha felegresía [San Miguel de Curantes]”. Nunha terceira de 1572 da

mesma fonte atopamos: “lugar y casal de *Esmoriz*, sito en la dicha felegresía de San Miguel de Curantes”.

No concello da Estrada existe o apelido *Esmorís*.

Estrada, A (San Paio)

Parroquia e vila capital do concello

A Estrada, en latín *(VIA) STRATA OU STRATA, substantivo ou participio pasivo de *sternere* ‘estender polo chan’, é un topónimo viario referido a unha estrada antiga que pasaría pola localidade que lle dá o nome ao concello. Aínda que a parroquia de *San Paio da Estrada* foi creada no ano 1855 en substitución da de *San Paio de Figueiroa*, o topónimo *A Estrada*, que daquela debía dar nome a unha entidade moi pequena, xa aparece, cando formaba parte da devandita freguesía de Figueiroa, nun documento do ano 1556 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago: “Juan Rabón, vezino del lugar da *Estrada*, feligresía de San Payo de Figueiroa”.

Outro testemuño de 1603 do Arquivo da Catedral de Santiago di: “En el lugar da *Strada* fr^a [freguesía] de San Payo de Figueroa”.

Sen citar expresamente o incipiente lugar da Estrada, por eses anos o cardeal Jerónimo del Hoyo menciona nas súas *Memorias* a desaparecida capela do Espírito Santo, que tiña ao seu carón un pequeno hospital onde descansaban os peregrinos que dende as terras do Ribeiro e o norte de Portugal se dirixían a Santiago. Este conxunto, segundo un artigo de 1880, publicado na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana*, que narra sucesos do ano 1836, estaba no medio dun arboredo coñecido como *O Campo da Estrada*, coincidente, *grosso modo*, coa actual Praza da Farola, oficialmente Praza de Galicia, da vila da Estrada. Por este campo debía pasar a estrada nomeada no topónimo *A Estrada*, que uns metros despois acadaba o actual barrio do Cruceiro, cuxo cruceiro, coas figuras de Santiago e San Roque peregrinos no seu fuste mirando cara a Compostela, sinala o carácter xacobeo que tivo esta vía, que tamén foi utilizada polos arrieiros de Tabeirós e Terra de Montes que transportaban e vendían o viño do Ribeiro.

O devandito *O Campo da Estrada* é citado nun documento sen data do Arquivo da Casa do Preguecido nos seguintes termos:

Andresa Terceiro Bezina de la Parroquia de San Pelayo de Figueroa [logo aínda non estaba constituída a parroquia de *San Paio da Estrada*], ermana de Manuela Terceiro; bende la eredad a Monte [o documento parece ser tamén anterior á construción da capela do Espírito Santo e o seu pequeno hospital anexo] llamada *Canpo de la Estrada*; sembradura de 20 quartillos y medio.

A documentación medieval ofrece textos que, ao amosar as voces *strata*, *estrata* e *estrada* na compañía dos verbos *discurrere*, *venire*, *ambulare*, *ire*, a preposición *ad* ‘cara a’, e *via*, deixan claro o significado viario do topónimo *A Estrada*. Así, nun do ano 788 do mosteiro de Carboeiro lemos: “per ipsa *strata* de Zobra,

que discurre in Portugal[e]”. En 816, na colección diplomática de *Galicia Histórica*: “et exinde per *Strata*, qui discurrit de Castelion”. En 841, documento do *Tumbo Viejo de Lugo*: “per ipsa *Strata Publica* que discurrit ad Portum Palumbarie”. Ano 855, *Tumbo A de la Catedral de Santiago*: “in *strata* per quam euntes et redeuntes cives Gallecie soliti sunt ambulare”. No *Tombo Vello da Catedral de Lugo*, ano 772: “in *Via et Estrata* qui venit de Portu Palumbario”. Ano 905, *Diplomática española del periodo astur*: “de *estrata* que discurrit de Galiare ad Leione”. Ano 912, *Colección documental del archivo de la Catedral de León (775-1300)*: “*estrata* qui discurrit ad montem”.

Fafían

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

O topónimo *Fafían*, repetido en Galicia, recolle o antropónimo xermánico *Fáfila* na súa declinación xermánica *Fafila-anis*, a partir dunha factible (VILLA) de FAFILANE(M), en acusativo. Tamén podería suceder, aínda que é moito menos probable, que procedese de (VILLA) FAFILANI, xenitivo dunha declinación latinizada *Fafilanus-i*, do mesmo nome persoal de orixe xermánica, con FAFILANI como xenitivo de *Fáfila*.

O nome de persoa *Fáfila*, de carácter familiar, agarimoso ou hipocorístico, debeu ser moi abundante na Galicia altomedieval, pois aparece moitas veces, referido a outros tantos individuos así chamados, na documentación desa época. Entre outras, nunha proba escrita do ano 803 do mosteiro de Sobrado, lemos: “Ego Isilo cognomento Sisina tibi fratri meo *Fafilane*...”.

Fermil

Lugar da parroquia de Parada

Fermil vén dunha antiga (VILLA) FILIMIRI ou de *Filimirus*, antropónimo latinizado de orixe xermánica, composto polas voces góticas FILU- ‘moito, moi’, e -MIRUS < MÊREIS ‘famoso, célebre’.

No ano 818, nun documento de *Diplomática española del periodo astur*, cítase unha persoa chamada *Felmirus*. En 864, no texto recollido no “Estudio paleográfico-diplomático de un privilegio de Alfonso III” rexístrase un *Felemirus episcopus*. En 1476, un texto do mosteiro de San Martiño de Vilourente cita un tal “Fernando de Castro, morador en *Femil*”, topónimo que debe corresponder ao da actual parroquia de Santiago de *Femil*, Begonte (Lugo), e que se repite noutra proba escrita de 1488 pertencente á *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*.

Feitaso, O

Lugar compartido polas parroquias de Curantes e Olives

O *Feitaso* deriva de *FILICTOSO*, abundancial co sufixo correspondente ao latín *-OSUS* a partir de *fento*, a planta nomeada no topónimo así mesmo estradense *Filgueiras* (véxase a entrada).

Figueira

Lugar da parroquia de Callobre

O topónimo *Figueira*, en latín *FICARIA*, sinálanos a antiga presenza no lugar dunha ou varias *figueiras*.

Figueiroa de Abaixo

Lugar da parroquia da Estrada

Figueiroa de Arriba

Lugar da parroquia da Estrada

A antecesora da actual parroquia de San Paio da Estrada, de creación relativamente recente, foi a de *San Paio de Figueiroa*, que lle tivo que ceder a aquela a súa advocación de San Paio, cando a igrexa románica de *Figueiroa*, en cuxo solar está o cemiterio da Estrada, quedou destruída, no ano 1853 ou 1855, por mor dun incendio, suceso que, para parte da veciñanza de *Figueiroa*, sería intencionado, co fin de acelerar o proceso de construción dunha nova igrexa (a antecesora da actual) no contiguo lugar da Estrada.

O topónimo *Figueiroa de Abaixo*, situado en lugar máis baixo que o de *Figueiroa de Arriba*, corresponde ao latín **FICARIŌLA* ‘figueiriña’, referido a unha figueira pequena, se é que este topónimo non foi construído co diminutivo afectivo ou agarimoso, moi activo e produtivo en galego; lémbrese a este respecto as *figueiriñas que plantei* de Rosalía, que non tiñan que ser unhas figueiras especialmente pequenas e si unhas figueiras afectivas no imaxinario sentimental desta autora.

Nun documento do ano 1154, publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, cítase a doazón, entre outros bens, dun gando cabalar que pacía libremente nos montes próximos a un lugar chamado *Figueyrola*, que debe ser o actual *Figueiroa* da parroquia de San Martiño de Ermedelo, Rois (A Coruña):

Mando etiam omnes meas vacas que sunt in Frogiam [o actual lugar de Forxán, da parroquia de Viceso, concello coruñés de Brión] et meas equas indomitas que sunt in *Figueyrola* cum suo caballo.

Entre outras, nunha atestación de 1543 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase a freguesía de San Paio de *Figueiroa*. Anos máis tarde, nos primeiros anos de 1600 Jerónimo del Hoyo cita a parroquia de *San Paio de Figueiroa* como “San Payo de Figueroa”.

Filgueiras

Lugar da parroquia de Codeseda

Filgueiras, do latín *FILICARIAS, abundancial en -ARIA, hoxe -eira, de *fento* ou *fieito* (lat. FĪLĪCTU), designou un terreo abundante nesta planta.

Fondevila

Lugar da parroquia de Santeles

O topónimo *Fondevila* é o resultado, por haploloxía, dun anterior *Fondo de Vila*, e significa ‘no fondo ou debaixo da vila’, en referencia a un lugar situado debaixo ou no fondo doutro próximo máis alto, que debe ser a *vila*, hoxe aldea, chamada Carricova.

Outra posibilidade para algúns dos topónimos *Fondo de Vila* e similares é que se refiran ao *fondo*, no sentido de extremo ou parte dunha poboación ou *vila* oposta á súa entrada principal. Este é o caso do actual topónimo urbano da vila coruñesa de Padrón *Fondo de Vila*, que, situado nun lugar completamente chan, estaría nun principio no *fondo* ou extremo sur da *vila* de Padrón, onde estivo a chamada porta de Fondo de Vila, oposta á rúa do Bordel, onde se erguía a porta do mesmo nome no extremo norte da vila, espazo que puido ser, atendendo ao segundo significado que propoñemos para o topónimo *Fondo de Vila*, o núcleo orixinario de Padrón.

Nun documento do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase: “el lugar y casal que se dice y nombra de *Fondo de Vila*, sito a la dicha felegresía de San Juan de Santeles”.

Fondo da Vila

Lugar da parroquia de Ribela

O topónimo *Fondo da Vila*, ao contrario que o anterior, que sufriu haploloxía, contén a forma plena, aínda que o habitual é a forma de *Fondo de Vila* e non a estradense *Fondo da Vila*.

Non se encontrou na documentación antiga. No dicionario de Madoz vén como *Fondevila*. Non figura nos nomenclátors de 1910, 1930 e 1940; no de 1950 xa aparece como *Fondo da Vila*.

Fondo do Viso, O

Lugar da parroquia de Lagartóns

O topónimo *O Fondo do Viso*, máis que a palabra *fondo* co significado de ‘terreo máis baixo cós que o arrodean’, debe recoller, como algún *Fondo de Vila*, a súa equivalencia de ‘parte dunha cousa, neste caso dunha pequena entidade de poboación, oposta á entrada’. Así, *O Fondo do Viso*, onde está a igrexa, refírese á parte oposta ao lugar outrora chamado *O Viso*, situado un pouco máis ao sudoeste, este do latín VISU, participio de *video* ‘ver’.

Fonte Soutelo, A

Lugar da parroquia de Remesar

O topónimo *A Fonte Soutelo* debeu ser antes **Fonte de Soutelo*, en referencia a unha *fonte* situada nun *souto* de pequenas dimensións, xa que o topónimo *Soutelo* é diminutivo, en *-elo* < *-ĒLLU*, de *Souto* (véxase a entrada *Souto de Veá, O*).

Fonteboa

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Fonteboa, de FÖNTE BÖNA, refírese a unha fonte considerada *boa*, ben por non secar nunca ou pola calidade da súa auga.

Fontecova

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo *Fontecova*, de FÖNTE CÖVA, debe recoller o vocábulo do latín hispano **CÖVA* (en latín clásico *CAVA*) coa función de adxectivo, aplicado a unha *fonte* ou manancial situado nun lugar deprimido, *covo* ou profundo.

No concello da Estrada, outro topónimo que se refire a esta circunstancia orográfica é o de *Carricova*.

Fontenlo

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Couso

Como no caso do topónimo *Costenla*, dado que na zona hai outros topónimos *-enlo*, *-enla* non etimolóxicos, nun principio dubidamos se *Fontenlo* vén dun diminutivo **FÖNTEĒLLU* ou, do tamén diminutivo de FÖNTE, **FÖNTEĒLLU*.

Un documento do ano 914 publicado, entre outras fontes, por López Ferreiro na súa *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, menciona un lugar chamado *Fontanelo*, que pode ser o *Fontenlo* da parroquia de Codeseda. Outra atestación de 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, que tamén parece referirse

a este topónimo, rexistra *Fonteelo*. O feito de que figure con *ee* parece indicar que o étimo do *Fontenlo* de Codeseda foi FONTANĒLLU.

Este topónimo indica a presenza dunha fonte, que no caso do lugar chamado *Fontenlo* da parroquia de Codeseda aínda segue a funcionar.

Formigueiro, O

Lugar da parroquia de Ouzande

No lugar chamado *O Formigueiro*, de FORMICARIU, debeu haber un *formigueiro* ou un niño subterráneo de formigas coa súa elevación ou túmulo o suficientemente grande e visible para que callase na toponimia, aínda que o topónimo tamén podería obedecer ao feito de que houbera moita abundancia de formigas no lugar.

Atendendo á acepción figurada da palabra *formigueiro* igual a ‘lugar onde hai moita xente movéndose’, tamén sería posible que o nome de lugar obedecese a un uso metafórico.

Foxo, O

Lugar compartido entre as parroquias de Rubín e San Pedro de Ancorados

O topónimo *O Foxo* é o resultado galego da evolución da palabra latina FOVEU, en referencia a unha concavidade de terreo natural ou artificial. Ás veces estas escavacións eran empregadas como trampas para cazar o lobo, o que denuncian de maneira inequívoca topónimos como os de *Foxo do Lobo* e *Foxo do Cabrito*. Este, citado no seu día por A. Moralejo, sinala un antigo *foxo*, que tería como cebo ou reclamo un *cabrito*.

Frades (Santa María)

Parroquia e lugar

Como sucede co topónimo así mesmo estradense *Casa do Frade*, non existe vestixio ningún da posible existencia dun antigo mosteiro na parroquia de *Santa María de Frades*. Emporiso, o feito de que os primitivos creadores do topónimo *Frades*, do latín FRATRE ‘irmán de relixión, monxe, frade’, empregasen esta palabra para identificar este lugar, é unha proba inequívoca de que a freguesía tivo algún tipo de relación cunha antiga orde relixiosa; esta puido posuír neste lugar unha terra aforada, que, como tal, puido recibir o nome de **a tenza dos frades* ou similar, de aí o actual *Frades*, topónimo que non ten por que estar ligado, xa que logo, á presenza directa dun mosteiro no lugar.

Así, segundo J. del Hoyo, esta parroquia, aínda que os seus froitos eran percibidos polo seu reitor ou párroco, nos primeiros anos de 1600 era de “presentación del monasterio de San Martín”, cenobio de frades ao cal estaba anexionada, que é o de San Martiño Pinario. A este respecto, segundo un documento do ano 912, publicado en *La Coruña. Fondo antiguo (788-1065)*, Sisanando, bispo de Iria, confirmalle

a Guto, abade de San Martiño Pinario, a “ecclesiam Sancti Georgii de Velegia [actual parroquia de San Xurxo de Ve], ecclesiam *Sancte Marie de Fratres* cum suis terciis et cum debito omni [...]”.

Como indicamos na súa entrada, o mesmo mosteiro santiagués tivo posesións no lugar así mesmo estradense chamado *Casa do Frade*.

Fragoso

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Vinseiro

O topónimo *Fragoso* é un abundancial en *-oso* < *-ōsu* emparentado co verbo latino *FRANGERE* ‘romper’. Refírese a un lugar abrupto e accidentado, cheo de pedras e rochas máis ou menos rotas ou fracturadas, o que se corresponde, segundo puídemos comprobar, coas realidades dos dous lugares chamados *Fragoso* estradenses, cuxas casas están construídas a carón de lugares moi pedrosos ou canteiras.

Nun documento do ano 1292, dispoñible en *Galiciana*, cítase o lugar de *Fragoso* da parroquia de Vinseiro. Noutra documentación do ano 1532 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase un tal “Juan de *Fragoso*” e “lugar de *Fragoso*”, en Vinseiro, e “Marcos de *Fragoso*” noutra atestación de 1577 do Arquivo da Catedral de Santiago.

Respecto do lugar chamado *Fragoso* da parroquia de Codeseda, nunha atestación en *Galiciana* do ano 1709 lemos: “Martín *Fragoso* y Cristóbal de Bartolomé, vecinos del lugar de Marcenlos, feligresía de San Jorge de Codeseda”.

O concello da Estrada e os do seu arredor constitúen hoxe unha das áreas de maior concentración de portadores do apelido toponímico *Fragoso* en Galicia.



A canteira do lugar chamado *Fragoso* da parroquia de Codeseda

Fraíz

Lugar da parroquia de Olives

Fraíz, topónimo que se repite en Galicia, pode retraerse a unha (VILLA) FRADARICI, ou, o que é o mesmo, explotación agrícola de *Fradaricus*, antroponimo de orixe xermánica formado pola voz gótica FRATH- ‘razón, intelixencia, prudencia’, e -RICUS < REIKS ‘poderoso’, que está documentado como *Fraderico* en textos de 1102 e 1232 dos mosteiros de Caaveiro e Toxosoutos.

En 1608, nunha atestación do Arquivo da Catedral de Santiago, lemos: “lugar e casa que se dize e se nombra de *Fraíz* da Fonte [...] sito en Olives”, e no mesmo ano e arquivo “lugar de *Fraíz*”, na mesma freguesía. No Catastro de Ensenada (ano 1752), en Cachafeiro, figura “J^o *Freís* hixo de Nicolás”. E na mesma fonte documental, *Fra-iz*, en salto de liña. No *Libro cobrador de foros de Aciveiro*, ano 1818, cítase un “Manuel do Val y *Freíz*”, tamén co *a* alterado en *e*, por ser átono.

Francés, O

Lugar da parroquia de Guimarei

Segundo unha etimoloxía popular a aldea estradense chamada *O Francés* sería o lugar de habitación e de traballo dun soldado francés, de profesión ebanista, que ao rematar a Guerra da Independencia quedou na Estrada, establecendo os alicerces do que logo sería a importante industria estradense do moble.

Nós presentamos –só como hipótese– a posibilidade de que *O Francés* sexa un topónimo viario, construído a partir da locución, referida nun principio ao principal Camiño de Santiago, *camiño francés, que, coa elipse da palabra *camiño*, deu o topónimo *O Francés*, referido aos diferentes camiños de peregrinos a Santiago e, despois, por extensión, a outros camiños non especificamente xacobeos. A este respecto, nun documento do ano 1765, consistente nunha demanda presentada na Real Audiencia de Galicia, texto hoxe gardado no Arquivo do Reino de Galicia, o párroco da freguesía estradense de San Miguel de Moreira é acusado polos veciños de Vilafruxil de apropiarse dun camiño que pasaba polo igrexario, ante o cal o cura argumenta que o tal camiño, de propiedade parroquial, é só de pés, non apto para carros, os cales adoitaban dende tempo inmemorial ir “por *el camino francés*”, que neste caso non ten que ser necesariamente un camiño de peregrinos, ao contrario do que sucede co topónimo *O Francés* do concello coruñés de Vedra, que, dando nome a unha aldea situada sobre o Camiño do Sueste, se refire a esta importante vía xacobeá.

Como non temos constancia de que polo lugar estradense chamado *O Francés* pasase en antigo tempo un camiño máis ou menos transitado, tamén cabería a posibilidade de que o topónimo proceda do apelido homónimo.

Freán

Lugar da parroquia de Vinseiro

Freán procede do acusativo do nome persoal *Froila* a través dunha posible (VILLA) de FROILANE(M), isto é, *villa* agrícola dun tal *Froila*, antropónimo de orixe xermánica formado pola voz gótica FRAUJA- ‘señor’, e o sufixo hipocorístico, tamén gótico, -ILA(NE). Como sucede co topónimo de posesor tamén monotemático e hipocorístico *Fafián*, tamén podería ser que o topónimo *Freán*, no canto da declinación xermánica *Froila-anis*, proviñese dunha declinación latina *Froilanus-ani*, a partir dun sintagma *(VILLA) FROILANI, en xenitivo.

De acordo coas propostas anteriores, o topónimo *Freán*, referido ao lugar dese nome da parroquia de Argozón, concello de Chantada (Lugo), homónimo do estradense, aparece na documentación medieval do mosteiro de Oseira coas formas, co -l- intervocálico de *Froilanem* xa desaparecido, “*Froam de Susao*”, no ano 1268, e “*Froyan de Susaao / Froyan de Iusaao*”, no ano 1271.

Frende

Lugar da parroquia de Vinseiro

O topónimo estradense *Frende*, tamén apelido, procede probablemente do xenitivo FREDENANDI, de *Fredenandus*, nome persoal de orixe xermánica latinizado, composto das voces góticas *FRITH- ‘paz’ e -NANDU < *NANTH ‘audaz’, que constitúe a forma antiga de *Fernando*. No topónimo *Frende* hai unha evolución moi irregular: o vocalismo da sílaba tónica experimentou unha monotongación que non se deu noutros topónimos procedentes do mesmo étimo, que presentan a forma *Freande* (3 entidades con ese nome no *Nomenclátor*).

Nunha atestación do ano 1555 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase unha persoa chamada “Pedro de *Frende*” na parroquia de Vinseiro. No Catastro de Ensenada (1752) rexístrase un muiño chamado dos *Fréndez* [Frendes], propiedade dun tal *Joseph Frende*.

Friamonde

Lugar da parroquia de Callobre

No lugar estradense de *Friamonde* viviu ou tivo unha explotación agrícola unha persoa de nome xermánico chamada *Fredemundus*, antropónimo que aparece documentado nos textos medievais, composto polo gótico *FRITH- ‘paz’, e *-MUNDA ‘protección’. Así, de (VILLA) FREDEMUNDI, en referencia a unha antiga *villa*, no sentido de gran posesión agrícola, temos hoxe o topónimo *Friamonde*.

Entre outros, un rexistro do ano 969 do mosteiro de Lourenzá cita un *Fredemundus presbyter*, antropónimo que rexistramos na mesma fonte e no ano 947 coa variante *Fredamundus*, coa disimilación vocálica que a fai máis próxima ao topónimo *Friamonde*. En documentos do Arquivo da Catedral de Santiago do ano

1582 cítanse os lugares estradenses de “*Fermonde y Vilafrogil*” e noutro do ano 1600 noméase un “Pedro de *Friamonde*”, veciño de Callobre.

Frieira, A

Topónimo da parroquia de Aguións

Temos experimentado que nos lugares chamados *A Frieira* ou *As Frieiras*, incluído o da *Frieira* da Estrada, no inverno vai moito frío, circunstancia que explica e reflicte a palabra homónima *frieira* que algún dicionario de galego documenta co significado de ‘sitio onde se sente moito frío’. Tamén temos comprobado, facendo toponimia de campo, que os lugares así chamados están sempre en sitios sombrizos polos que pasan ríos ou regatos con pouca pendente, nos cales a humidade incrementará a sensación de frieira. Esta situación fluvial do topónimo *A Frieira* quizais foi a causante de que o *Diccionario gallego-castellano* do erudito e lexicógrafo estradense Marcial Valladares e o *Vocabulario popular castelán-galego* de Filgueira Valverde lle desen ao vocábulo *frieira* o significado de “arroio”, a partir, talvez, da expresión **(o rego) da frieira*.

No caso da *Frieira* da Estrada, o lugar así chamado está situado nun pequeno e húmido interfluvio delimitado polo rego da Frieira e o rego de Toedo, pequenas correntes fluviais que, despois de xuntarse no lugar da *Frieira*, forman unha soa que desemboca no río Liñares.

É, xa que logo, o da *Frieira* un topónimo do frío. Se non naceu xa en galego, remontaría a un termo latino formado en orixe polo adxectivo FRIGIDU co sufixo abundancial -ARIA, FRIGIDARIA.

Godoi

Lugar da parroquia de Santeles

Lugar da parroquia de Vinseiro

Detrás do topónimo *Godoi* está probablemente o antropónimo medieval de orixe xermánica que se rexistra como *Goto* en latín. Declinado en xenitivo *Gotoni* ou acusativo *Gotone(m)*, a partir de (VILLA) GOTONI ou (VILLA) de GOTONE(M) púidose chegar, coa normal sonorización do seu *-t-* intervocálico en *d* e a tamén esperable en galego desaparición do *-n-* igualmente entre vogais, ao actual topónimo *Godoi*. Ten paralelo no topónimo *Godón*, repetido en Galicia, tamén da mesma orixe, pero onde a caída temperá da vogal final impediu que o *-n-* se convertese en intervocálico e desaparecese. A parella *Godoi/Godón* é similar e paralela, na súa xénese e evolución, á xa vista noutra entrada, *Guitoi/Guitón*, tamén dun antropónimo orixe xermánica, ou cun de procedencia latina en *Romai/Román*.

Neste e noutros antropónimos formados coa raíz GOT-/GOD- conflúen ou confúndense tres temas léxicos do gótico: GÖTHS ‘bo’, GUTH ‘Deus’ e *GUTS, *GUTA ‘godo’.

O topónimo estradense *Godoi*, repetido en dúas parroquias diferentes, podería referirse a dous poseosores distintos chamados igual ou a un só individuo con posesións en ambos os dous lugares.

Un documento do ano 904 do mosteiro de Samos rexistra o antropónimo *Gotone*, e outro de 961 de Celanova *Gotoni*, formas así escritas en latín que poderían corresponder a unha pronuncia como a actual: *Godoi*. Nun documento da Gallæcia do ano 925, contido no *Portugaliae Monumenta Historica. Diplomata e Chartæ*, cítase un pomar ou *pumare Gotoni*, forma que non supón necesariamente un nominativo *Gotonus*, senón *Goto*.

En tres atestacións distintas do século XIV, do *Tombo H da Catedral de Santiago*, do *Minutario Notarial de Pontevedra* e da colección diplomática de *Galicia Histórica*, rexístrase *Godoy*. En dúas atestacións do ano 1568 do Arquivo da Catedral de Santiago noméase un tal Pedro de *Godoi*, veciño da freguesía de San Xoán de Santeles. Do *Godoi* da parroquia de Vinseiro só dispoñemos de rexistro escrito desde o ano 1760, no testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, traducido ao galego por Damián Porto Rico.

Godoy, con grafía arcaica, que se asenta a través do castelán, é outro dos apelidos toponímicos do concello da Estrada. Igual que outros moitos apelidos de orixe galega, tamén ten presenza significativa desde finais da Idade Media en Extremadura e Andalucía Occidental.

Goleta, A

Lugar da parroquia de Arca

O topónimo estradense *A Goleta* debe ser relativamente moderno, como o demostra o mantemento do *-l-* intervocálico. Aínda que despois presentaremos outra proposta que consideramos máis probable, puido nacer a uns setecentos metros estrada arriba do lugar. Alí, no límite dos concellos da Estrada e Cuntis, existe un pequeno porto ou paso entre montañas, que quizais recibiu o nome de *goleta*, voz derivada de *gola* < latín *GŪLA* ‘garganta’, máis o sufixo de diminutivo *-eta*. Por tanto, *A Goleta* sería, neste suposto, un topónimo orográfico referido a ese pequeno porto ou garganta, situado na Serra de Arca, derivación, cara ao sur, do monte Cabalar.

Polo que respecta ao sufixo de diminutivo *-eta* da *Goleta*, debe ser a mesma terminación que se atopa no tamén topónimo estradense *A Rabeta*, que logo veremos. Palabras que conteñen ese sufixo ou a súa variante *-ete* son as de *raxete* ‘raxo pequeno’, *ferrete* ‘pequena punta de ferro na que remataban as aguilladas’. ‘pequena punta de ferro sobre a que baila a buxaina’, *palleta* (de palla), *macheta* (de machada), *galleta* (de galla ou forcada) etc.

O topónimo *A Goleta* –sen contar o da Estrada, entre a toponimia maior hai sete en Galicia máis un *Goleta*– cando se documenta terra dentro, podería referirse, pois, como no caso do estradense, a pasos, gargantas ou golas orográficas. Non

sucedería o mesmo cando aparece á beira do mar, como ocorre coa *Goleta*, antigo nome da desembocadura do río Gafos na cidade de Pontevedra. Neste caso, *A Goleta* podería referirse –logo veremos que tamén pode ter outra explicación máis verosímil– á desembocadura do devandito río nas Corvaceiras, a cal puido formar en tempos pasados unha especie de *gola*, *goleta* ou garganta natural.

É posible que o topónimo *Golada* dos Ancares estea emparentado co da *Goleta* no seu hipotético significado de paso, porto ou garganta, pois ambos os dous dan nome a pasos naturais entre montañas. De ser así, non se debe confundir *Golada* con *Agolada*, proveniente de AQUA LATA, referido a unha levada de auga, canalización que conduciría o prezado elemento dende un río ou un regato ao rodicio dun muíño ou a unha finca que precisaba ser regada.

Outra vez no concello da Estrada, sabemos, grazas á meritoria recollida da microtoponimia estradense que fixo Manuel Reimóndez Portela, doutro lugar estradense chamado *A Goleta*. Referímonos ao rego da *Goleta*, afluente do río Bo, situado na parroquia de Oca.

Aínda que o topónimo *La Goleta* (sic) está atestado dende o século XVII na documentación do mosteiro de Aciveiro, na contida no TMILG e en CODOLGA non se rexistra ningún topónimo *Goleta* ou similares na Idade Media. Esta circunstancia, unida a que o topónimo *A Goleta* non perdeu o seu *-l-* intervocálico, parece ser indicio de que *goleta* non é voz patrimonial en galego e que o seu topónimo correspondente pode ser posterior ao século XVI. A principios do século seguinte Cervantes cita o forte tuniciano de *La Goleta*. Este dato cronolóxico parécenos determinante para desconfiar do significado topográfico da *Goleta*, que en Galicia e en España podería ser un topónimo de intención burlesca (suxestión do profesor G. Navaza) propiciado por algunha circunstancia relacionada coa antiga praza forte española chamada *La Goleta* do actual Tunes, onde eran enviados pola Coroa española no século XVI moitos penados españois. Este lugar de reclusión, dadas a súas condicións de dureza extrema, puido callar no imaxinario popular. De aí, talvez, o traslado do topónimo *La Goleta* á Península para denominar antigas cadeas ou outras formas de internamento forzoso como manicomios ou leproserías. A este respecto, no devandito lugar chamado antano *A Goleta* da cidade de Pontevedra da desembocadura do río do Gafos houbo un hospital para gafos ou leprosos, que nos seus primeiros tempos non pasaría de ser un simple lugar de confinamento destes enfermos.

Outro espazo de reclusión asociado á voz *goleta* coa mesma connotación parece o da denominada *goleta para dementes*, dependencia do antigo Manicomio Provincial de Valencia, construída no ano 1634 para confinar os doentes considerados irrecuperables, que quedaban así illados do resto. En Málaga, o coñecido Caserón de la Goleta, inaugurado a principios do século XX como prisión correccional e clausurado por Victoria Kent, foi reutilizado como insalubre cárcere de presas republicanas trala ocupación franquista da cidade.

Outra posibilidade, relacionada coa anterior, consistiría que o topónimo estradense *A Goleta* fose similar, no marco das guerras territoriais que España mantivo

no norte de África, ao do *Gurugú*, nome dun monte da parroquia de San Martiño de Vilelos, O Saviñao (Lugo), e dun barrio, supoñemos que outrora humilde e conflitivo, da cidade da Coruña, hoxe chamado da Falperra; topónimos inspirados no norteafricano *Gurugú*, macizo montañoso que domina a cidade de Melilla, que foi protagonista da guerra que España sostivo con Marrocos a principios do século pasado a través das chamadas *acciones del Gurugú*.

Un terceiro nome despectivo deste tipo parécenos *La Cábila*. Este topónimo, que reproduce o termo de orixe árabe *cabila*, referido ás tribos árabes e bérberes e aos territorios onde estas se asentaban durante o protectorado español de Marrocos, dá nome a un barrio da vila leonesa de Villafranca del Bierzo, separado da outrora podente Calle del Auga polo río Burbia. Así, o noso admirado escritor Antonio Pereira, natural do devandito barrio vilafranquino, escribe no conto titulado “Un rapaz da Cábila” (versión en galego):

No noso barrio, que chaman o Outro Lado, e con máis intención a *Cábila*, tamén tiñan a súa casa patrucial dous membros do alto clero [...]. Quitados eses casos e poucos máis, eramos xente á que algúns señores da praza e o seu contorno miraban por encima do ombreiro.

Complexo de superioridade que quizais tamén tiveron os habitantes da aldea estradense de Arcapedriña ou os da contorna da igrexa parroquial, para cos seus conveciños da aldea chamada *A Goleta* (situada nunha xeografía máis illada e marxinal), cando o topónimo norteafricano *La Goleta* conservaría todas as súas connotacións negativas; actitude desprezativa que máis recentemente creou topónimos como *Corea* (hoxe barrio de Labañou, A Coruña), bautizado así porque o seu nacemento coincidiu coa guerra do país asiático, e *Katanga*, barrio fronteirizo entre a Ronda de Outeiro e o Ventorrillo, tamén na cidade herculina, cuxo nome se inspira na guerra de Katanga, no Congo.

En canto a *La Goleta*, hoxe *La Goulette* tuniciiana, este topónimo, procedente do árabe *Halq al Wadi* ‘boca de río’, con influxo do languedociano *goleta* ‘entrada de porto’, si debe o seu nome ao pequeno canal, boca, *gola* ou *goleta* que pon en comunicación a albufeira costeira existente no lugar co mar Mediterráneo no territorio hoxe ocupado polo porto comercial da capital da República de Túnez.

Golfariz

Lugar da parroquia de Pardemarín

O topónimo *Golfariz*, proveniente de VILLA GOLFARICI ou simplemente GOLFARICI, refírese á posesión territorial dun tal *Golfaricus*, antropónimo de orixe xermánica, que, experimentando a adaptación románica do *w-* xermánico en *gu-*, está formado polas voces góticas WULFS- ‘lobo’, e -RICUS < REIKS ‘poderoso’.

Nun documento do ano 1011 do mosteiro de Samos cítase un lugar do mesmo nome (en latín *Golfarici*) coas súas casas, cubas ou toneis, terras, prados, fontes

etc.: “quomodo et in *Golfarici*, casas, cupos, cupas, et omnia que intrinsecus sunt domorum, terras, arbores, prata, pascua, montes, fontes...”. O de Pardemarín rexistrámolo nunha atestación de 1559 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, onde figura o “lugar de *Golfariz*”.

Golmados, Os

Lugar da parroquia de Arnois

O topónimo *Os Golmados* xa aparece con esta forma no século XVI en documentos do Arquivo da Catedral de Santiago e do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. En principio parécenos un nome colectivo a partir dun nome persoal. En efecto, G. Navaza nun traballo de próxima publicación deriva da forma *Cosmado*, construída a partir dun xenitivo latino documentado (ano 1220) *Cosmati* do nome de persoa *Cosma* ou *Cosme*. Segundo o devandito profesor, desde *Cosmado* chegaríamos a *Colmado* por rotacismo e posterior vacilación de líquidas nunha secuencia evolutiva *Cosmado* > *Cormado* > *Colmado*, estadio que, experimentando unha alteración da súa consoante inicial, talvez provocada por topónimos como *Golmar* do veciño concello de Silleda, daría o actual *Os Golmados*. Referiríase así este topónimo á parentela ou descendencia dunha persoa chamada *Cosmado*, variante de *Cosme*.

Gondarei

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

Gondarei, de (VILLA) GUNDEREDI, é outro topónimo estradense referido á posesión territorial dun propietario medieval de nome xermánico, neste caso chamado *Gunderedus*, antropónimo formado polas voces góticas *GUNTHI- ‘loita, combate’, e -REDUS < RETHS ‘consello’.

É topónimo repetido en Galicia. Outros *Gondarei* están documentados dende, polo menos, o século IX. Caso, por exemplo, dun texto do ano 835 do mosteiro de Sobrado no que se cita unha *villa Gonderedi*. O estradense documéntase nunha atestación do ano 1606 do Arquivo da Catedral de Santiago, onde se cita un “Juan Rebolo de *Gondarei* de Santarandel de Veá”, con *Santarandel*, variante popular habitual para *Santo André*.

Gondomar de Abaixo

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

Gondomar de Arriba

Lugar da parroquia de San Xiao de Vea

De acordo coa segunda parte do topónimo, o lugar de *Gondomar de Abaixo*, está un pouco máis baixo que o contiguo lugar de *Gondomar de Arriba*. Ambos os dous puideron ser en orixe un só *Gondomar*, construído a partir do sintagma (VILLA) GUNDEMARI, en alusión a unha antiga *villa* agraria dunha persoa chamada *Gundemarus*, antropónimo latinizado de orixe xermánica constituído pola voz gótica *GUNTHI- ‘loita, combate’, e -MAR, talvez *MARHA ‘cabalo de batalla’, MARE ‘mar’, ou *MARKA ‘fronteira’.

Na designación feita por Tructino, delegado de Afonso II, dalgunhas das igrexas da sé de Iria, documento do ano 830 ou 868, publicado por López Ferreiro na súa *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago*, cítase: “scm. Vincentium ad cella *Gundemari* in ripa Mero”, onde se se nomea unha *cella* no sentido de celeiro, almacén ou despensa dun tal *Gundemarus*, cuxo xenitivo *Gundemari* daría un *Gondomar*, lugar hoxe desaparecido, que López Alsina sitúa na parroquia de San Vincenzo de Carres, Cesuras (A Coruña). Noutro texto de 985 do mosteiro de Celanova cítase un *Suario Gundemari*.

Nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago do ano 1526 fálase de “Gonzalo Tato, labrador, vezino y morador en el lugar de *Gondomar*, feligresía de San Gíao de Bea”. Noutra atestación do ano 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicada por Damián Porto Rico, cítase o lugar de *Gondomar* da parroquia de “San Julián de Bea”.

Gontén

Lugar da parroquia de San Tomé de Acorados

No topónimo *Gontén* está subxacente o nome dun posesor ou terratenente do período medieval construído coa voz gótica *GUNTHI ‘loita, combate’, presente noutros topónimos galegos como *Gontelle*, *Gondelle* e *Gondel*.

Podería ser, nunha zona onde hai tanto *n* adventicio, alteración de **Gontei* e este do xenitivo do antropónimo documentado *Gontadus*, formado pola devandita voz gótica *GUNTHI- ‘loita, combate’, e o xermánico -ATUS < *HATHU ‘contenda, disputa’.

Nunha atestación do ano 1592 do Arquivo da Catedral de Santiago cítanse en Acorados os lugares chamados “*Gontén de Baixo* y *Gontén de Riva*”.

Gonxar

Lugar da parroquia de Agar

Este topónimo tamén fai referencia ao antigo posesor dunha vila agrícola chamado neste caso *Gundiarius*. A partir dunha posible (VILLA) GUNDIARII ‘*villa* de

Gundiarius’, co grupo latino *-dj-* evolucionado a *x*, chegaríase ao actual *Gonxar*, como, por exemplo a palabra latina *HÖDIE* deu en galego *hoxe*.

No concello lugués de Vilalba existe o topónimo *Gunxar*, que é o mesmo nome de lugar, co *o* pechado en *u*, que o estradense *Gonxar*. O antropónimo medieval de orixe xermánica *Gundiarius*, rexistrado na documentación medieval, base dos dous topónimos, está formado polas voces góticas **GUNTHI-* ‘loita’ e *-HARJIS* ‘exército’, latinizada como *-ARIUS*.

Unha atestación do ano 1028, publicada no *Liber Fidei Sanctae Bracarensis Ecclesiae*, documenta unha propiedade de *fontano Gundiari*, xenitivo de posesor base do actual *Gonxar*, que require un nominativo *Gundiarius*. Noutro texto publicado en *Diplomática española del periodo astur*, sen data, pero anterior ao século XI, cítase unha persoa chamada *Gundiarius* como un dos confirmantes.

Nun documento do ano 1532 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, “Gonzalo de *Gonjar* e Roy Besteiro”, veciños de Santa María de Agar, participan nunha venda dos lugares de Gueifas, Valiñas, Pepe e *Gonjar*. Outro rexistro datado tamén no século XVI, do mosteiro de Aciveiro, contido no Arquivo Histórico Nacional, cita con motivo da concesión dun foro o lugar de *Gonjar*, situado na freguesía de “Santa Marina Degar”.

Granxa, A

Lugar da parroquia de Arnois

Graña, A

Lugar da parroquia de Matalobos

Os topónimos *Granxa* e *Graña*, moi numerosos en Galicia, nomean antigas fundacións eclesiásticas de rango inferior aos mosteiros e aos priorados. Segundo o erudito Hipólito de Saa, case todos os mosteiros de Galicia algo importantes tiñan as súas *granxas* ou *grañas* (de aí tamén o topónimo *A Graña*), as cales se ocupaban de subministrar produtos agropecuarios aos seus respectivos cenobios.

Aínda que tradicionalmente se consideraba que o termo *granxa* era unha adaptación galega da palabra francesa *grange*, a documentación medieval amosa que tanto o de *granxa* como o de *graña* son dous resultados galegos de *GRANIA*, derivado de *granu* ‘gran, cereal’; así o demostra Bascuas apoiado na documentación e achegando paralelos como *Abonxo/Aboño*, *Rianxo/Riaño* e outros con contextos fonéticos idénticos.

Un texto do ano 1292 do mosteiro de Sobrado publicado por M.^a C. Pallares cita unha granxa pertencente a este cenobio nos seguintes termos: “frey Monni Calvo, que era mestre da quela *grania*”. Noutro do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase un “Fernán da *Grana*, vecino de la feligresía de Santa Baya de Matalobos”.

Gudín

Lugar da parroquia de Guimarei

O topónimo *Gudín* vén de (VILLA) GOTINI, isto é, granxa ou casal de *Gotinus*, antropónimo medieval de orixe xermánica, ben documentado, formado polo gótico GÔTHS ‘bo’, GUTH ‘Deus’, ou *GUTS, *GUTA ‘godo’, máis o sufixo -INUS, adaptación latinizada do sufixo gótico -eins.

En tres documentos do século XV pertencentes á familia estradense Fernández-Moure e publicados por Juan Andrés Fernández Castro no anuario *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, este lugar aparece maioritariamente coa forma *Godín*. Como excepción, no segundo texto, datado a 18 de maio de 1457, figura como *Gondín*, cun primeiro *n* que podería ser, seguindo un trazo dialectal da zona, o mesmo *n* non etimolóxico que aparece en *Marcenlos* (por *Marcelos*), o segundo da *Pinguenla* (no canto da *Pinguela*), o de *Monllarrabo* (por *Mollarrabo*), e o segundo de *Fontenlo*, se este topónimo viñese de FONTĒLLU e non de FONTANĒLLU.

Gueifas

Lugar da parroquia de Agar

O topónimo *Gueifas* figura con esa forma en documentos do século XVI pertencentes ao Arquivo da Catedral de Santiago e ao Arquivo Histórico da Universidade. É un topónimo difícil que non aparece na bibliografía toponímica. Aparentemente contén substantivo común galego *gueifas* ‘orelleiras do arado, abeacas’.

V. Orel, no seu *A handbook of germanic etymology*, reconstrúe un protoxermánico **waibjanan* ‘enrolar, envolver’ que sería a base do gótico *bi-waibjan* ‘rodear, ondular, dar a volta’; do noruegués antigo *veifa* ‘ondular, vibrar’; do anglosaxón *waefan* ‘envolver, cerrar; do neerlandés medio *weiven* ‘balancear’; e do alto alemán antigo *zi-weiben* ‘esparexer, sementar botando o gran ás presadas cun movemento circular do brazo’. A estas palabras de linguas xermánicas, en que sempre está presente a idea de rodear ou dar a volta, cómpre engadir o italiano antigo *ag-gueffare* (Meyer-Lübke) ‘ligar un fio a outro co sarillo’. O galego *gueifas* podería ter relación con esta familia léxica xermánica. Para Corominas, non obstante, a voz galega *gueifas* proviría de **gafias*, unha forma prerromana emparentada cun verbo de raíz sorotáptica ou indoeuropea precéltica *gaf* ‘coller’.

Se o topónimo e o substantivo *gueifas* son o mesmo, a motivación do seu uso como nome de lugar pode referirse, é só unha hipótese, a uns antigos terreos agrícolas traballados cun arado de *gueifas* volteando a terra. Sería así *Gueifas* un topónimo similar ao de *A Charrúa* ou *As Charrúas*, que Elixio Rivas relaciona co arado chamado *charrúa* e co verbo *charruar* ‘labrar a terra’, operación agrícola que o padre Sarmiento documenta no século XVIII nos arredores de Pontevedra: “charruar llaman hacia Pontevedra arar la tierra”. Esta hipótese coincide *grosso modo* coa que se ofrece na web *Fror na area*, onde se retrae o topónimo *Gueifas* a unha base **GAFIA* ou **GUEFIA*, forma, segundo Miguel Costa (Cossue), o administrador do

blogue, talvez deverbal dun posible verbo hoxe perdido **gueifar* ‘voltar [a terra]’ –lémbrese o verbo *charruar*– procedente do devandito tema gótico **bi-waibjan* ‘cercar, rodear, ondular, dar a volta’. O topónimo *Gueifas* tería un significado similar aos de *Vesada*, *A Vesada* e *As Avesadas*, procedentes do verbo latino *VERSARE* ‘volver, verter, dar a volta [a terra], arar a terra co arado chamado *vesadoiro*’.

Á parte do *Gueifas* estradense, hai constancia dun *A Gueifa* na microtoponimia de Ferrol.

Nun documento do ano 1570 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase, con motivo dun arrendamento, “hum lugar e casal que se dize de *Gueifas*, sito en la felegresía de Santa Marina Dagar”. Noutra atestación do mesmo ano do Arquivo da Catedral de Santiago cítase, por mor doutro arrendamento de terras, o *lugar y casal de Gueifas*. E a atestación do século XVI do mosteiro de Aciveiro que citamos na entrada *Gonxar* rexistra “el mi lugar y casal que se dize de *Gueifas*, sito en la fra. de Santa Marina Dagar”.

Guendos

Lugar da parroquia de Matalobos

O topónimo *Guendos* pode ter parentesco etimolóxico co nome persoal de orixe xermánica *Guendo*, documentado na Idade Media nas coleccións diplomáticas dos mosteiros de Samos, Sobrado e Celanova.

En *Galliciana*, un documento do ano 1432 cita *em Gendos* e noutro de 1494, tamén referido ao lugar estradense deste nome, aparece dúas veces un tal “Juan de *Gendos*”. Noutro texto de 1503 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago figura un tal Juan de *Gueendos*, en 1508 *Juan de Gendos e Tareixa de Gendos*. Tamén de *Gendo* e de *Gendos*, ano 1547, de *Guendos e casal de Gendos*, en 1548, e de *Gendos* e de *Guendos*, ano 1557.

Grafías como *Guendos* ábrenlle a porta a outros posibles étimos, como *Galendus*, antropónimo moi documentado (mosteiros de Sobrado e San Vicente do Pino, Catedral de Astorga etc.), ou tal vez *Genendus*. En canto ao seu -s final de *Guendos*, pode explicarse como plural do nome ou apelido, como sucede no topónimo *Os Golmados*.

Guimarei (San Xiao)

Parroquia

Guimarei é un topónimo repetido en Galicia. Segundo o *Nomenclátor*, é nome de tres parroquias, nos concellos lugueses de Friol e Baralla, ademais da da Estrada, e de oito lugares. Proven dun antiga explotación agrícola (VILLA) *WIMAREDI* ou *de Wimaredus*, antropónimo de orixe xermánica que aparece na documentación medieval en galego como *Vimaredo* e *Guimareo*, forma esta co *g-* inicial que é a adaptación románica do *w-* xermánico de *Wimaredus*, antropónimo bitemático, composto dunha primeira parte controvertida e unha segunda *-*RÊTHS* ‘consello’.

Na doazón feita no ano 947 polo presbítero Letimio á igrexa de Santa María de Paradela, documento de ambiente e xeografía estradenses, un dos asinantes do documento chámase *Spodenirus Vimaredi*, isto é, *Spodeniro de Guimaredo ou de Guimarei*. Nun documento de 1168, publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, a actual parroquia de San Mamede de Piñeiro do concello de Cuntis, limítrofe co da Estrada, aparece denominada *Sancto Mamete de Vimarei*. En 1246, en documentación do mosteiro de Ferreira de Pantón, cítase unha leira situada nun lugar chamado *Guimarei* na actual parroquia de Santiago de Castellón, do concello lugués de Pantón: “inde a leirina de *Guimarei*”. En canto ao *Guimarei* estradense, nunha atestación do ano 1413 do fondo pertencente á familia Fernández-Moure aparece nomeada a “freguesía de *San Giao de Guimarey*”.

Guitón

Lugar da parroquia de Ribela

O de *Guitón* é un topónimo que provén dun antropónimo xermánico. Neste caso, *Witto(ne)*, formado pola raíz *wīt(T)-, presente en formas como o verbo *fraweitan* ‘proporcionar dereito’. Así, a partir dun posible sintagma (VILLA) WITTONI, poderíase chegar, coa caída do *-i* final, ao topónimo *Guitón*, hipótese que, segundo pensamos, se fai verosímil á vista do topónimo *Guitoi* (*de Abaixo e de Arriba*), existente no concello coruñés de Carballo, proveniente, así mesmo, de (VILLA) WITTONI, pero, neste caso coa caída do *-n-* intervocálico e a permanencia da vogal final, nun proceso similar ao que orixinou os pares de topónimos *Román/Romai*, de orixe latina, e *Godón/Godoi*, de orixe xermánica. Igual que en *Guimarei*, en *Guitón/Guitoi* houbo adaptación en *g-* do *w-* xermánico de **Wittoni*.

Este antropónimo é probablemente o mesmo que se documenta nunha atestación do ano 1057 do mosteiro de Celanova coa grafía *Bitto*: “hereditas de Sando ab integro, hereditas de *Bitto* media, hereditas de Conterigo media”. No século XIII houbo un teólogo inglés chamado *Roricus Wittonus*.

Nun documento do ano 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda lemos: “Item eno lugar de *Guitom*, huun casal despoblado”. Noutra atestación de 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago, Pedro de Mondragón, cóengo de Santiago, aproba o arrendamento que fixera a un tal “Aparicio de *Guitón*” en favor da súa muller “Mariña de *Guitón*”, veciños de Santa Mariña de Ribela, do “lugar y casal de *Guitón*”.

Guntín

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

O topónimo Guntín vén de (VILLA) GUNTINI, ou *villa* agrícola de *Guntinus*, antroponónimo latinizado de orixe xermánica, formado pola voz gótica *GUNTHI- ‘loita, combate’, e a desinencia -INUS, adaptación do sufixo tamén gótico *-eins*.

Nunha serie de documentos do mosteiro de Celanova aparece *Guntinus* como nome de varios monxes que viviron ou estiveron ligados a este cenobio dende o ano 927 ata o 1108. Entre outros, un texto do ano 760 do *Tombo Vello de Lugo* cita unha *Villa Guntini* ou complexo agrícola de *Guntinus* (o actual concello lugués de Guntín). O Guntín estradense só o documentamos a partir do século XVI, nunha atestación de 1542 do Arquivo da Catedral de Santiago que nomea un tal “Pero de *Gontín* de San Gíao de Bea”.

Igrexa, A

Lugar da parroquia de Baloira

Lugar da parroquia de Berres

Lugar da parroquia de Cereixo

Lugar da parroquia de Liripio

Lugar da parroquia de Orazo

Lugar da parroquia de Paradela

Lugar da parroquia de Rubín

Lugar da parroquia de San Xíao de Veá

Lugar da parroquia de Toedo

O lugar chamado *A Igrexa*, en latín vulgar ECCLESIA ‘assemblea, reunión de fieis’, refírese, como ocorre en tantas parroquias galegas, á igrexa, centro de reunión dos fregueses os domingos á hora da misa.

O topónimo (*A*) *Igrexa* reproduce a voz común do galego *igrexa*, recuperada por vía culta, pero as evolucións patrimoniais galegas comúns a partir de ECCLESIA son, con ou sen artigo, *Eirexa*, *Eirexe*, *Irexe*, *Irexa*, *Grixa*, *Airexa*, *Airexe*.

Insuela

Lugar da parroquia de Codeseda

Insuela é un diminutivo formado co sufixo -ĒLLA > *-ela* sobre a palabra tamén latina INSŪLA ‘illa, terra rodeada de mar’, aínda que este *Insuela*, como outros situados terra dentro, se refire a un pequeno territorio rodeado por dúas ou varias pequenas correntes fluviais, nunha composición semántica semellante á que orixinou o significado da palabra latina INSŪLA, que na antiga cidade de Roma designaba bloques de apartamentos rodeados por catro rúas, grupos de edificios que serían comparados polos antigos habitantes de Roma con verdadeiras *insulas*. Trasladados ao lugar de Insuela, comprobamos que, efectivamente, se atopa entre o regueiro chamado Barranco de Insuela e un seu pequeno afluente.

Lagartóns (Santo Estevo)

Parroquia e lugar

O topónimo estradense *Lagartóns* é un derivado de *lagarto*, en latín LACARTUS, variante de LACERTUS, a forma clásica, posiblemente usado en orixe como alcume aplicado aos antigos habitantes.

En 1291, en documento do mosteiro de Carboeiro, cítase un “Petrus Andrea de *Lagartones*”, que sería oriúndo desta parroquia estradense. Noutra atestación de 1390 do *Libro das Tenzas* da Catedral de Santiago lemos: “Item en *Lagartões*, hñu cassal pobrado”. Nun segundo texto do mesmo ano e da mesma fonte documental temos: “igleja de Ssant’ Estévõ de *Lagartões*”.

Lagoa, A

Lugar da parroquia de Agar

A *Lagoa* é un nome de lugar transparente que se refire a unha pequena masa de auga doce situada xunto ao leito dun dos brazos fluviais que logo forma o regueiro de Barcia, polo que a lagoa nomeada neste topónimo puido formarse nas enchentes desta corrente fluvial, que rebordaría a súa madre en tempo de fortes chuvias, asolagando os arredores máis chans. Próximo ao lugar da *Lagoa* atópase o do *Río*, que se refire ao outro brazo que dá lugar ao devandito regueiro de Barcia, afluente, á súa vez, do río Bo, que dá nome á parroquia de *Riobó*.

No lugar da *Lagoa* comprobamos que, efectivamente, a uns cen metros da aldea así chamada, hai unha lagoa situada na beira esquerda do brazo fluvial máis oriental.



A lagoa á que se refire o topónimo estradense *A Lagoa*, no centro da imaxe, non tiña auga no seco e caloroso verán do ano 2017. Obsérvase a súa situación na beira esquerda dun dos brazos fluviais que logo forma o regueiro da Barcia

Lagos

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O topónimo *Lagos*, plural de *lago*, en latín *LACUS*, fai referencia de maneira transparente a varias masas de auga permanentes ou temporais, que puideron estar asociadas, como no topónimo anterior, a unha pequena corrente fluvial.

Un documento do ano 1769 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago nomea unha tal Juana de *Lagos*, natural da parroquia de San Miguel de Castro.

Lamas (San Breixo)

Parroquia e lugar do concello

En Galicia a palabra *lama*, de orixe prerromana, está presente en moitos topónimos. Un deles é *Lamas*, referido a un lugar con moito lodo ou *lama*.

Como unha *lama* inverniza se pode converter nun cobizado pasteiro de verán, cando chega a estación seca, algúns topónimos *Lamas* ou *Lama* –non cremos que isto sucedese no concello da Estrada– poden ter ese segundo significado, especialmente cando van acompañados dun nome de posesor, caso, por exemplo, do nome de lugar *Lamasapín*, situado no concello coruñés de Vimianzo, que nos pode estar a falar dunha *lama*, no sentido de pasteiro de verán, dun tal *Sappinus* ou *Sappinius*, antroponónimo celta-latino documentado no *Glosario* de du Cange.

Nun documento do ano 1530 do Arquivo da Catedral de Santiago cita esta parroquia estradense *San Bréyjome de Lamas*. A mesma fonte documental refírese en dous textos de 1535 a *San Bréyxome de Lamas* e a *Sant Breixomo de Lamas*.

Lameiriña

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Lameiriña é diminutivo, quizais con valor afectivo, de *lameira*, derivado de *lama* co sufixo correspondente ao latín *-ARIA*, aplicado, como o topónimo *Lamas*, a un terreo onde hai moita *lama*.

Liripio (San Xoán Bautista)

Parroquia

Liripio é un topónimo escuro, difícil de abordar. Entre a ampla bibliografía que consultamos, só atopamos una pequena referencia en E. Bascuas, autor que comenta, moi de pasada, o, para el, sufixo *-pio* (podería ser o segundo elemento dun composto) de *Liripio* nos seguintes termos: “el raro suf. *-pio*: monte *Serapio* (Mondoñedo, Lu.), atestiguado como *Sarrapio* en 969; *Liripio* (A Estrada, Pont.), *morapio* [este vocábulo podería ser un arabismo, sen relación co topónimo *Liripio*], *sarrapio* y sobre todo *arupio* ‘apio o perejil de auga’”.

Esta información complétase cunha apreciación do mesmo autor, segundo a cal *arupe*, variante da palabra *arume*, que levaría o mesmo *p* etimolóxico que *-pio*, estaría relacionada coa raíz hidronímica **ar*, **er* ‘moverse (auga)’, polo que albiscamos que o elemento *-pio* de *Liripio* podería acompañar unha antiga formación prerromana similar a **LER*, referida ao elemento auga, como tamén pode acontecer no topónimo *Serrapio*, nome dun lugar, non moi distante de *Liripio*, do concello pontevedrés de Cerdedo, situado na confluencia dos río Lérez e Quireza, que pode vir da raíz indoeuropea **ser* ‘fluír, manar (auga)’, máis *-pio*, explicación que tamén valería para o devandito topónimo *Serapio* do concello de Mondoñedo. Se, como parece, os nomes de lugar *Serrapio* e *Serapio* fosen hidrotopónimos, coa terminación *-pio*, referidos á auga, paralelamente *Liripio*, atestado como *Leripio* desde 1096 e aínda no século xvi, tamén podería selo con relación ao río Umia ou ao seu afluente o río Agrela. O topónimo *Liripio*, nome de parroquia que ademais ten de patrón un santo especialmente hidrófilo como é San Xoán Bautista, formaría así parte dun grupo de posibles hidrotopónimos prerromanos ao cal tamén pertencería o nome do río *Lires*, que desemboca na ría do mesmo nome, en Cee (A Coruña), e as dúas correntes de auga chamadas *Lérez*, a máis obvia e principal, que desemboca na ría de Pontevedra, e o pequeno río *Lérez*, próximo á Pobra do Caramiñal, que desauga na de Arousa, despois de se chamar río Barbanza na parte alta do seu curso. Xa que logo, *Liripio*, procedente dun posible étimo **LER*, sería, xunto con *Lires* e *Lérez*, un hidrotopónimo prerromano, isto é, referido ao elemento auga.

Nun documento do ano 1567 e noutro de 1568 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos *San Juan de Leripio*.

Loimil (Santa María)

Parroquia e lugar do concello

Loimil do Carballo

Lugar da parroquia de Loimil

O topónimo *Loimil* é resultado da locución (VILLA) LEUDEMIRI ou LODEMIRI, que pon ao descuberto unha *villa* do período medieval dun tal *Leudemirus* ou *Lodemirus*, nome persoal de orixe xermánica ben documentado, formado por **LEUD-* ‘xente, pobo’ e a forma latinizada *-MIRUS*, da gótica *-MÉREIS* ‘famoso’. Nun documento do ano 788 publicado en *La Coruña. Fondo antigo* cítase unha persoa chamada *Lodemirus*.

En canto ao topónimo estradense *Loimil*, aparece como *Luymir* nun texto de 1368 publicado na colección diplomática de *Galicia Histórica*. Outra atestación de 1528 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita a “felegresía de *Santa María de Loymill*”.

Polo que respecta a *Loimil do Carballo* da mesma parroquia, debe de ser un topónimo creado *a posteriori* sobre o de *Loimil*, que é onde debeu nacer o topónimo. *Loimil* tamén é apelido estradense.

Loureiro de Abaixo

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Loureiro de Arriba

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Loueiros, Os

Lugar da parroquia de Callobre

O topónimo *Loureiro* procede do latín vulgar LAURARIU, en latín clásico LAURU ‘loureiro’; contén a denominación galega da árbore *Laurus nobilis*.

Nun documento de 1102 do mosteiro de Oseira atopamos unha *villa* chamada *Laurarios*: “alia villa vocitata *Laurarios*”. Outra atestación de 1547 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita a “María de *Loureiro*”, veciña de San Xurxo de Veá. Na mesma fonte documental en 1553 lemos: “lugares de *Loureiro de Sima* e *Loureiro de Baijo*” en “San Jurjo de Veá”. Noutro rexistro do ano 1580 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase unha tal Sancha de *Loureyros*, veciña da parroquia de Santiago de Tabeirós.

No concello da Estrada é moi abundante o apelido toponímico *Loureiro*, que puido nacer nos lugares de *Loureiro de Abaixo* e *Loureiro de Arriba* da parroquia de San Xurxo de Veá.

Maíndo

Lugar da parroquia de Couso

En principio *Maíndo* resultounos un topónimo de explicación non doada. Con todo, a súa característica terminación *-indo*, presente tamén en *Cospindo*, *O Pindo*, *Abelaíndo* e *Balindo*, permítenos pensar nun abundancial *AMENĒTU ou *AMINĒTU, dunha raíz hidronímica prerromana *AMEN- ou *AMIN-, referido a un grupo de amieiros, o que parece estar de acordo coa ecoloxía do lugar estradense chamado *Maíndo*, situado a carón do río Ulla, lugar favorable para o establecemento de bosques de ribeira, dos que o ameneiro ou amieiro é a árbore principal.

Dende *AMENĒTU chegariamos, coa perda do *-n-* intervocálico e a súa posterior restitución na última sílaba, mais o peche do *e* tónico en *i* e a sonorización do *-t-* intervocálico en *d*, a *Ameíndo, que despois daría, coa aférese ou perda da vogal inicial, *Meíndo*, forma documentada como *Meyndo* en dous textos do ano 1393 do Arquivo da Catedral de Santiago.

No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, ano 1566, temos “del paço de *Maynde* [...] En la debesa de *Maynde*”. Noutra atestación do mesmo ano e da mesma fonte documental cítase un “Lopo de *Maynde*”. No Arquivo da Catedral de Santiago, ano 1575, temos: “se dize e nombra de *Maynde*” e, noutro documento do mesmo ano, “Fernán de *Mayndo*”. En 1602 “Juan de *Maynde* e otros... [título] Juan de *Mayndo*” e, 1630, “lugar de *Mayndo*”.

Das devanditas atestacións, as que rematan en -e, *Maynde*, posibilitan outra hipótese, a de que proveña dun xenitivo, talvez do nome persoal *Menindo* ou *Mi-nindo*, variante de *Menendo*.

Mamoela

Lugar da parroquia de San Pedro de Ancorados

Se o topónimo *Mámoa* ou *A Mámoa*, repetido e frecuente en Galicia, vén da palabra latina MAMMŪLA, diminutivo de *mamma* ‘mama’, pola semellanza na redondez do túmulo funerario dunha mámoa coa teta ou mama feminina, o topónimo *Mamoela* ten que proceder de *MAMMŪLĒLLA, isto é, de MAMMŪLA máis o sufixo de diminutivo -*ela* < -ĒLLA, derivación que se produciu cando xa non había conciencia de que *mammŭla* fose un diminutivo.

Nun texto do ano 1090 do mosteiro de Sobrado documéntase *Mamoleolas*, forma que é explicada polo profesor Amable Veiga nos seguintes termos:

parece [*Mamoleolas*] un diminutivo formado sobre outro diminutivo, lo que podría indicar que *mamula*, *mamo*a había deixado de ser sentido como tal diminutivo o, lo que es lo mismo, que lo que quedaba del sufijo latino -*ula* se había lexicalizado, mientras que el morfema de diminutivo -*ola*, que es el que suponemos añadido, conservaba todavía su vigencia.

Da mámoa á que se refire o topónimo estradense *Mamoela* fálanos brevemente Manuel Reimóndez Portela na súa *A Estrada rural*. Neste libro informa que pertencía a un conxunto de tres mámoas, das cales quedaban dúas en pé (no ano 1990, cando apareceu a primeira edición da publicación).

Maráns

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Ve

O topónimo estradense *Maráns* é a versión do galego occidental do seu paralelo *Marás* do galego interior, que Piel e Kremer relacionan cun posible nome persoal de orixe xermánica **Mara*, -*ane*. Unha persoa así chamada estaría ao fronte dunha *villa* agrícola do período medieval.

Nunha atestación do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago cítase unha *Ana Maráns*, aínda que pode facer referencia ao lugar chamado *Marán* do concello

coruñés de Zas, pois o documento é relativo ao couto de Xallas. Hai un segundo lugar de nome *Marán* no concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

Marcenlos

Lugar da parroquia de Codeseda

Marcenlos é un topónimo que nun principio non temos claro. Podería provir do nome persoal latino *Marcēllus*, diminutivo de *Marcus* máis un *n* adventicio, aínda que a súa atestación no século xv, no Apéndice Documental do artigo “San Jorge de Codeseda. Un monasterio femenino bajomedieval”, como *Marçeenllos* tamén suxire un antropónimo similar, tipo **Marcianēllus* ou **Martianēllus*, diminutivo de *Martianus*, que tivese un *-n-* etimolóxico entre vogais, primeiro desaparecido e despois restituído nunha posición posterior á das vogais contraídas. Podería referirse así o topónimo *Marcenlos* aos fillos ou descendentes dun individuo chamado **Martianēllus*, con intereses no lugar.

No caso de que o *n* de *Marcenlos* fose adventicio e non etimolóxico –pensamos que é a mellor posibilidade– este topónimo referiríase á descendencia familiar dun tal *Marcelo* e seguiría a mesma tendencia que experimentaron os topónimos así mesmo estradenses *A Pinguenla* (forma que temos oído, no canto da maioritaria *A Pinguela*), *Monllarrabo* (por *Mollarrabo*) e *Os Campenlos*, este oficializado (por *Campelos*), e o apelido tamén estradense *Constenla*, no canto de *Costenla*, sen esquecer –parécenos un detalle significativo– que na parroquia de Codeseda existe un lugar chamado *Fontenlo* que tería o mesmo *n* adventicio que *Marcenlos*, se viñese de FONTĒLLU, aínda que as súas atestacións antigas parecen apuntar a FONTANĒLLU.

Nun rexistro do mosteiro de Samos do ano 1064 cítase unha persoa chamada *Marcellus*.

De acordo coa nosa proposta, o lugar de *Marcenlos* aparece como *Marcelos* nun documento do ano 1570 do Arquivo da Catedral de Santiago.

Marque

Lugar da parroquia de Ribeira

A partir dun lexema (VILLA) MARCI ou de *Marcus*, hoxe teríamos *Marce* e non *Marque*, polo que pensamos que este topónimo pode ser unha alteración da palabra MARCO ‘pedra chantada na terra que serve como sinal de límite’, co *-o* final relaxado en *-e*. Referiríase así o topónimo *Marque*, pertencente á parroquia de Ribeira pero situado a carón da raia coa de Moreira, a un antigo marco de pedra delimitador de dous territorios.

Nunha proba escrita do ano 818 da *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago* acóutanse os termos dunha “villa per marcos certos et sinales”.

No *Portal de Archivos Españoles* hai tres documentos de principios do século XVI (anos 1503, 1514 e 1516, os tres en galego) en que o topónimo que nos ocupa xa vén como *Marque*, pero como nun documento do ano 1798 da mesma fonte documental, referido á parroquia estradense de Aguións, aparece o apelido *da Marque*, tamén sería factible que o topónimo homónimo *Marque* fose unha alteración do feminino MARCA ‘sinal, límite, fronteira’, co *-a* final relaxado en *-e*.

No Catastro de Ensenada (1752) cítase un *traficante de lana* chamado Gregorio de *Marque*.

Marque é un dos apelidos toponímicos orixinados no concello da Estrada.

Matalobos (Santa Baia)

Parroquia e lugar

Pensamos que o máis probable é que *Mata-*, o primeiro elemento deste topónimo estradense, sexa fitonímico e se refira a unha antiga **Mata de Lobos > Matalobos*, nome idéntico ao dun “arroyo de *Mata de Lobos*” rexistrado nos Foros de Castelo Rodrigo (s. XIV). Referiríase así *Matalobos* a unha *mata*, dun étimo prerromano MATTA, MATTO, isto é a un bosque, a unha matogueira ou unha toxeira, onde se refuxiaban os lobos.

Outra posibilidade é que *Matalobos* fose en orixe **Campo de Matalobos*, referido á planta chamada *matalobos*, denominación galega do acónito, planta de follas velenosas, que puido recibir o seu nome de *matalobos* por lle atribuír o folclore popular a capacidade de matar o lobo. Sucede o mesmo coa denominada en castelán *guardalobo*, de nome científico *Osyrisalba*, tamén chamada popularmente *espantalobos*, planta que ten efectos purgantes e vomitivos, o mesmo que a *Colutea brevialata* tamén de nome vulgar *espantalobos* de olor nauseabundo e de sabor amargo. Outro nome dunha planta velenosa composto do verbo *matar* en combinación co nome dun animal é o de *matacabalos*, planta que zumega un líquido velenoso prexudicial para o gando. En canto á palabra *mataboi*, algúns dicionarios a documentan co significado de ‘insecto que mortifica cruelmente bois e cabalos’.

Tampouco se debería descartar de todo que o topónimo *Matalobos* se referise ao alcume dun antigo cazador caracterizado por ter matado moitos lobos, condición que puido ser real ou propagandística, se lle facemos caso á certa frase castelá *menos lobos*, usada para reprobar unha esaxeración.

Nunha atestación do ano 1245 de *Documentos da Catedral de Ourense* noméase a parroquia de *Sancte Eolalie de Matalobos*. Noutro texto de 1494 dispoñible en *Galiciana* cítase un “Gonçalo de *Matalobos*”. Nun terceiro documento do ano 1508 da mesma fonte rexístrase, con motivo dunha venda, a parroquia de *Santa Vaya de Matalobos*.

Matalobos, oriúndo desta parroquia, é un dos apelidos característicos do concello da Estrada.

Mato

Lugar da parroquia de Berres

O topónimo *Mato*, do devandito étimo prerromano MATTO, refírese a un *mato*, isto é, a un monte inculto cuberto de matogueira, tipo de vexetación consistente en conxuntos de plantas máis ou menos baixas que nacen moi mestas.

Nun escrito do ano 1245 do mosteiro de Ramirás, concédese, a cambio do pago dunha renda consiste na cuarta parte dos froitos producidos na parte cultivable, un terreo e un mato: “Damus tibi ipsum terrenum et *matum*”. Nunha atestación do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago figura na parroquia de Berres “al lugar que se dize de *Mato*”, e noutra da mesma fonte documental datada en 1531 “al lugar e casal que se dice do *Mato*”, topónimo que, segundo este documento puido ter artigo e perdelo.

O apelido toponímico *Mato*, que na Estrada debe de proceder do lugar do mesmo nome, é moi abundante no concello.

Mesadoiro, O

Lugar da parroquia de Pardemarín

O topónimo *O Mesadoiro* podería ser a versión despalatalizada (cambio de x por s) dun orixinal **O Mexadoiro*, referido a unha pequena fervenza ou a unha fonte, que dado o seu escaso caudal, apenas un fío de auga, sería comparada, de forma xocosa e burlesca, co chorro dunha mexada ou cun *mexadoiro* ‘lugar destinado para mexar’. Ao anterior respecto, parécenos ben significativa a frase do padre Sarmiento, extraída do seu epistolario, “Si los dos abades hubiesen de costear las jornadas a su costa, acaso se contentarían con el agua *da Mexadeira*”, na que o ilustre monxe bieito compara os poucos fondos monetarios de dous abades co escaso caudal de auga dunha pequena fervenza ou manancial chamado *A Mexadeira*, que pode ser a fonte *Mexadeira* de Tomeza, próxima á cidade de Pontevedra.

Malia o anterior, o actual *O Mesadoiro* aparece na documentación antiga coa forma *Mesadoiro*. Así sucede cun rexistro do ano 1560 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago: “en lugar de Golfariz e *Mesadoiro*”. Esta atestación antiga desmente a posibilidade de que o topónimo sufrise unha despalatalización. Coa mesma orientación, *O Mesadoiro* aparece no Catastro de Ensenada (1752) como *Mesadoyro*.

Descartada, pois, a forma **O Mexadoiro*, o nome de lugar *O Mesadoiro*, co seu sufixo *-oiro* < -ORIU, podería sinalar, como apunta G. Navaza, o lugar onde se desenvolve algunha actividade humana, que, isto engadímolo nós, podería consistir en *mesar* ‘recoger el fruto’ (verbo rexistrado por Cuveiro e Filgueira Valverde), ou en *mesar* ou *besar* ‘abrir con la ligoña un pequeno surco para plantar hortalizas y patatas’ (significado recollido por Constantino García), sen esquecer *mesar* ou *besar* ‘arar co arado *besadoiro*’, etimoloxicamente *vesadoiro*, e quizais *mesar* no sentido de ‘coller a mese’, é dicir, o cereal, en castelán *la mies*. Sería

así *O Mesadoiro* o ‘sitio onde se mesa’, un topónimo similar ao do *Cargadoiro* ‘sitio onde se cargan ou descargan mercadorías’; *O Lavadoiro* ‘sitio onde se lava a roupa’; ou *O Parladoiro* ‘sitio onde se fala ou parla’.

Moimenta

Lugar da parroquia de Arnois

O latín vulgar *MONIMENTUM* ‘monumento’, clásico *MONUMENTUM*, deu, a través do seu plural neutro *MONIMENTA*, o topónimo estradense *Moimenta*, o cal, repetido en Galicia, pode facer referencia a monumentos antigos. Caso dun lugar chamado *Moimenta* do concello coruñés de Boiro, en cuxas proximidades se documentan dous importantes xacementos arqueolóxicos, un de cronoloxía calcolítica (ano 2500 a. C.) e o outro da Idade do Ferro (s. II a. C.), do cal se puxeron ao descuberto dúas edificacións e unha muralla, restos que, xunto con outros, puideron recibir dende o latín vulgar o nome de *monimenta*, voz que, ó perder o seu *-n-* intervocálico, produciu o topónimo *Moimenta*. Ao proceder dun plural neutro, ten que ser topónimo moi antigo, pois o neutro latino desapareceu antes do nacemento do galego.

En canto aos posibles *monimenta* reflectidos no *Moimenta* estradense, Pedro Varela no seu libro *A Estrada*, ano 1923, escribe:

En términos de la parroquia que nos ocupa [Arnois] asienta el Coto dos Castros, fortaleza antigua donde hubo una casa famosa conocida por Vila de Moimenta. José Couto Remesar hizo excavaciones en el Coto encontrando hollín, molinos de mano, cimentación de muros, cacerolas de cerámica antigua y unas pulseras de oro.

Nunha atestación do ano 958, publicado no *Tumbo A de la Catedral de Santiago*, rexistra un lugar chamado *Monimenta*, situado no antigo condado de Moraña. Outro texto de 1574 do Arquivo da Catedral de Santiago cita un tal “Alonso de *Moymenta*”, veciño da freguesía de San Xiao de Arnois.

No topónimo estradense *Moimenta* naceu o apelido homónimo, que rexistra a máxima densidade de portadores na Estrada e arredores.

Mollarrabo

Lugar da parroquia de Cereixo

Mollarrabo, O

Lugar da parroquia de Lagartóns

O *Nomenclátor* rexistra *O Mollarrabo*, pero os habitantes da contorna inmediata pronuncian este topónimo sen artigo como *Mollarrabo*, *Monllarrabo* e *Millarra-bo*. Este último é o resultado da palatalización da vogal pretónica *o* en *i* por influxo

da actual palatal contigua *ll*; fenómeno fonético que se repite, pero por contacto do *o* pretónico cunha consoante palatal diferente, nos topónimos *Fixó*, por *Foxó*, e *Tixosa* no canto de *Toxosa*. En canto a *Monllarrabo*, o seu *n* non debe ser etimolóxico, senón produto dun trazo dialectal da zona, tamén presente, segundo comentamos noutras entradas, nos topónimos, entre outros, *Marcelos* (no canto de *Marcelos*) e *A Pinguela* (por *A Pinguela*).

Segundo nos relatou un veciño do próximo lugar do Outeiro, que domina dende a súa altura o de *Mollarrabo*, este, hoxe referido a dúas casas, daba nome nun principio á beira do río da Pinguela neste punto, noticia que concorda cunha información recollida por Reimóndez Portela no seu libro *A Estrada rural*, segundo a cal o pequeno río da Pinguela recibe o nome de *Mollarrabo* ao pasar pola parroquia de Lagartóns, antes de desembocar no Liñares.

Nunha atestación do ano 1235 do mosteiro de Caaveiro lese: “auga que vocitant *Mulia Rabo*”, relativa a un río que debeu ou debe estar situado no concello coruñés de Cedeira.

Se na entrada *A Pinguela* formulamos a posibilidade de que este hidrotónimo fose un topónimo ridiculizante, que esaxerase o suposto pouco caudal deste regato, sospeitamos o mesmo para o seu outro nome *Mollarrabo*, que sería comparable na súa intención burlesca ao galego e castelán *Lavapés* e *Lavapiés*, nome doutras pequenas correntes de auga, que só servirían, dada a escasa auga, e dende unha percepción xocosa, para lavar os pés e, no caso do regato chamado *Mollarrabo*, para mollar o rabo. Fóra de Galicia, un hidrotónimo comparable ao estradense *Mollarrabo* é o cántabro *Moja el Rabo*, nome dunha punta e dun illote contiguo á praia de Ris (Noja), areal que se caracteriza por ter pouca altura de auga, especialmente cando baixa a marea.

Volvendo á Estrada, un topónimo caricaturizante parecido ao de *Mollarrabo* podería ser o de *Alzapernas*, nome do curso final dunha pequena corrente fluvial chamada regueiro de Ulla por pasar polo lugar de Ulla da parroquia de Berres, e doutra minúscula corrente de auga da parroquia de San Xulián, A Rúa (Ourense). En Portugal e na provincia de Toledo os topónimos respectivos *Alça Perna* e *Alzapiernas* tamén da nome a pequenas correntes de auga.

Na parroquia estradense de Cereixo, río Pinguela por medio, existe outro lugar chamado *Mollarrabo*, tamén coñecido como *A Casa do Millarrabo* ou do *Mollarrabo*, que pode referirse outra vez ao río do mesmo nome, ou a alguén alcumado *O Mollarrabo* ou *O Millarrabo* por protagonizar algún suceso cómico relacionado coa exigua altura de auga da corrente fluvial chamada *Mollarrabo*. Outra posibilidade máis verosímil sería que neste lugar de Cereixo vivise alguén procedente do lugar chamado *Mollarrabo* da contigua parroquia de Lagartóns.

Como comentamos na entrada *Pernaviva*, o lugar de *Mollarrabo* da parroquia de Cereixo ten como nome alternativo o de *Pernaviva*.

Monte, O

Lugar da parroquia de Lagartóns

O substantivo *monte*, xerador do topónimo *O Monte*, pode referirse a unha elevación de terreo máis ou menos grande ou a uns terreos que, por non cultivarse, estivesen *a monte*. Nós decantámonos pola primeira posibilidade.

Monteagudo

Lugar da parroquia de Codeseda

O lugar estradense de *Monteagudo*, proveniente de MONTE ACŪTU, recibe a súa denominación dun monte de cume moi agudo que ten nas súas proximidades.

Nunha atestación do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o “lugar y casal de *Monteagudo*” na parroquia de Codeseda.

Monteagudo é outro dos apelidos toponímicos estradenses, que levan persoas que viven máis ou menos preto do lugar de *Monteagudo*.

Montillón de Abaixo, O

Lugar da parroquia de Souto

Montillón de Arriba, O

Lugar da parroquia de Souto

O topónimo *O Montillón* suxire un antecedente *MONTICULŌNE, derivado de MONTICULU, diminutivo latino de *monte*, en referencia a unha pequena elevación de terreo. Así, o topónimo *O Montillón*, seguramente diversificado co tempo nos do *Montillón de Abaixo* e *O Montillón de Arriba*, debeu nacer neste segundo lugar, consistente nunha altura moi definida e redondeada situada ao pé dos montes do Cádavo.



De acordo co significado do seu topónimo, o lugar chamado *O Montillón de Arriba* está nunha altura, como mostra esta imaxe

Nun documento do ano 1530 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o preito dunha tal “Isabel de *Montillón*” e os seus irmáns sobre lugares da freguesía de “Santa María de Soto”.

O Catastro de Ensenada (1752) rexistra o lugar de *Montillon de Arriva*.

Monteiro

Lugar da parroquia de Baloira

Para explicar o topónimo *Monteiro*, intimamente relacionado na súa segunda parte co de *Baloira*, cómpre partir dunha base *MONTE AURIO ‘monte da auga’ ou ‘monte do río’, en referencia á mesma corrente fluvial que pasa por *Baloira* un pouco máis abaixo, topónimo, este segundo, procedente, como explicamos na súa entrada, de *VALLE AURIA ‘val da auga’ ou ‘val do río’.

Se en *Baloira* a palabra prerromana *AURIA ‘auga, río’, concorda en feminino co substantivo VALLE, en *Monteiro*, *AURIO ‘auga, río’, está en masculino de acordo co seu substantivo acompañante MONTE.

Nun documento do ano 1339 do mosteiro de Armenteira, que se pode consultar no *Portal de Archivos Españoles*, cítase un tal “Vasquo Fernandes *Montoyro*, natural de Taveyros, morador en Caldas de Rex”. En 1380-1400 na colección diplomática de *Galicia Histórica* lemos: “It mando a Fernán *Montoyro* et a García *Monteiro*, seu yrmao”. Noutra atestación de 1737 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, noméase o “lugar de los *Monteiros* de San Martin de Calobre”. Este topónimo, referido á familia, parentela ou descendencia dun fundador apelidado *Monteiro*, foi recollido nos anos oitenta do século pasado por Manuel Reimóndez Portela, que documentou outro lugar chamado *Monteiro* na parroquia de Calobre, distinto ao da parroquia de Baloira.

No Catastro de Ensenada (1752) cítase na parroquia de *San Salvador de Valoira* un “molino llamado de *Monteiro*”, noticia documental que cadra co significado hidronímico do segundo elemento do topónimo e coa presenza no lugar de *Monteiro* dun muíño, hoxe á beira do trazado antigo da estrada PO-841, que pode ser continuación do documentado no século XVIII.

Nunha atestación do ano 1574 do Arquivo da Catedral de Santiago un tal “Gregorio de *Baloira*”, veciño da parroquia de San Salvador de Baloira, representa a unha tal “María de *Montoyro*” na tramitación dunha segunda voz ou xeración dun foro.

O apelido toponímico *Monteiro* é frecuente no concello da Estrada.

Moreira (San Miguel)

Parroquia

Moreira Nova

Lugar da parroquia de Moreira

Moreira Vella

Lugar da parroquia de Moreira

O de *Moreira*, xunto cos de *Moreira Nova* e *Moreira Vella*, onde nacería o nome, é un fitotopónimo, isto é pertencente ao mundo vexetal. Podería referirse ás *amoras* da planta que hoxe coñecemos por silva ou silveira ou á *moreira*, árbore relacionada coa antiga produción de seda da cal hai en Galicia dúas especies, a moreira branca (*Morus alba*) e a moreira negra (*Morus nigra*). Se o nome da parroquia de *San Miguel de Moreira* podería ofrecer dúbidas, ao non conservarse no lugar a especie vexetal concreta á que se refire, for amoras ou for unha moreira, non sucede o mesmo co de *Paseo das Moreiras*, antigo topónimo urbano da vila da Estrada, hoxe desaparecido, que designaba un paseo arborado con moreiras, que remataba onda o tamén desaparecido campo de fútbol da Baiuca. A presenza dun terceiro topónimo, *As Moreiras*, na así mesmo parroquia estradense de Lagartóns, fainos pensar que este topónimo, e a súa versión en singular, faga referencia á árbore chamada *moreira*, pois, aínda que o froito da silva é a amora ou mora, non é habitual chamarlle *amoreira* ou *moreira* á silva.

Nun documento do ano 1266 publicado por López Ferreiro na súa *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* noméase un “casale nostrum de *Moreiras*”, que pode corresponder ao actual lugar chamado San Xoán de *Moreiras* da parroquia do mesmo nome, no Pereiro de Aguiar (Ourense), concello onde tamén están as parroquias de San Martiño e Santa Marta de *Moreiras*: “casale nostrum de *Moreiras* quod est in ipsa terra de Aguyar”.

A parroquia estradense rexístrase en documento de 1490 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago: *S. Michaelis de Moreira*. Noutro rexistro de 1543 do Arquivo da Catedral de Santiago cítanse os “lugares y casales de *Moreira Vella* y A Pía”, en San Miguel de Moreira. Nunha atestación de 1570 do Arquivo da Catedral de Santiago lese *San Miguel de Moreira*.

As persoas estradenses apelidadas *Moreira* terían os seus devanceiros na freguesía homónima.

Mota, A

Lugar da parroquia de Riobó

A etimoloxía do topónimo *A Mota* é escura. Así, mentres que algúns investigadores pensan que a de *mota* é unha voz prerromana, outros danlle unha orixe xermánica, aínda que, segundo Corominas e Pascual, en parte quizais tomada do romance.

Se ben a orixe etimolóxica é complicada, o significado do topónimo *A Mota* é comprensible, xa que este nome de lugar, procedente dunha palabra similar a *MOTT/*MOUTT ‘montículo’, dá sempre nome, especialmente en Castela, a alturas illadas no medio de terras máis baixas, circunstancia que as converte en lugares estratéxicos para a defensa e vixilancia, polo que case sempre hai nos outeiros galegos chamados *Mota* ou *A Mota* castelos, torres ou pazos, os cales seguramente foron antes fortalezas ou torres defensivas. Así, no lugar estradense da *Mota*, situado nunha pequena elevación de terreo, existe un pazo que puido ser nas súas orixes unha construción de características máis defensivas.

Nun documento do ano 1647 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “Arriendo hecho por Juan de Milmanda, procurador en la Audiencia Arzobispal de Santiago, a Simón de Armas, labrador, vecino de San Martiño de Riobó, de la heredad de A Besada, en lugar da *Mota*”.

Moucho, O

Lugar da parroquia de Vinseiro

Este topónimo *O Moucho*, palabra de etimoloxía escura, debe proceder dun apelido ou alcume homónimo. Así, á parte de “Teresa e Inés *Moucha*”, que, segundo documentación de 1549 do Arquivo da Catedral de Santiago, venden a súa herdanza en Liripio, na mesma fonte documental tamén se cita en 1586 un *Apariço Moucho*, de Forcarei.

Semella que o apelido *Moucho* foi frecuente en Tabeirós e en Terra de Montes. Malia que hoxe xa non o hai en Galicia, aínda se rexistra no XIX e principios do XX. Un documento do ano 1865, dispoñible en *Galiciana*, cita unha persoa chamada “José *Moucho* Pelagre” e outra “Manuel *Moucho* Castro”. Hoxe o apelido consérvase en Portugal.

Outra posibilidade, en aparencia menos factible, é que o topónimo estradense *O Moucho* formase parte dunha locución tipo **Pedra do Moucho*, en referencia ao lugar de habitación ou cría dun moucho, pequena ave rapaz de hábitos nocturnos. Nun documento do ano 1421 do mosteiro de San Clodio cítase o topónimo *Pedras dos Mouchos*.

Mourelle

Lugar da parroquia de Olives

O sintagma toponímico (VILLA) MAURELLI(I), ou (*villa*) de *Maurellus* ou *Maurellius*, antropónimo de orixe latina, podería chegar a nós coa forma *Mourelle*, topónimo que, de ser así, sería o recordo dunha antiga explotación agrícola dun individuo que levaba ese nome.

Normalmente a xeminada ou dobre *-ll-* latina en galego simplifica en *-l-*, agás cando o *-ll-* vai perante *-i* final, que é o caso, entre outros, do topónimo *Mourelle*.

Malia a explicación anterior, o feito de que este topónimo non se atope na documentación antiga, no dicionario de Madoz, nin nos nomenclátors, polo menos antes de 1970, fai desconfiar que se trate dun topónimo recente, nacido do apelido homónimo.

Mouriña, A

Lugar da parroquia de Balaira

É posible que o topónimo *A Mouriña* se refira, por flexión de xénero, ao apelido *Mouriño* portado por unha muller ou ben á terra de alguén apelidado Mouriño.

Nunha atestación de 1315 publicada en *Fontes Documentais da Universidade de Santiago de Compostela* noméase unha *María Mouriña*. Noutro documento de 1659 do arquivo da parroquia estradense de Remesar publicado por Juan Andrés Fernández Castro cítase unha nena de nome *Gregoria Mouriña*.

Mouteira, A

Lugar da parroquia de Berres

Os dicionarios de galego documentan a voz *mouteira* cos significados de ‘marco ou extrema que fixa os límites entre dous terreos’, ‘matogueira’, ‘conxunto de plantas ventureiras que sobresaen en altura das que están ao seu redor’. Significados que quizais lle cadren ao lugar estradense chamado *A Mouteira*, que tamén se podería referir á pequena prominencia de terreo existente na contorna do campo da festa e ser un topónimo orográfico similar ao tamén estradense da *Mota*.

Nunha atestación do ano 1554 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o “lugar y casal de *A Mouteira*, sito en San Vincenzo de Berres”.

Muros, Os

Lugar da parroquia de Parada

Os Muros, do latín MŪRU ‘muro, parede’, designa paredes que delimitan un espazo ou o soporte ou bancal dun terreo en costa. Encontramos atestado o topónimo por primeira vez en documentos do Arquivo da Catedral de Santiago do ano de 1625 que deixan constancia de que se lle dá o primeiro e segundo “tratado” ao lugar

chamado *Os Muros* da tenza de Paredes (aldea veciña dos Muros) para aforalo. Tamén, neste mesmo arquivo, hai outro texto de 1658, en que se cita a “Pedro Rodríguez da Leira, escribano de la jurisdicción de Tabeirós, veciño de San Pedro de Parada do lugar *dos Muros*”.

Murxide

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

Aínda que tamén se podería referir a outra especie vexetal similar, *Murxide* é un fitotopónimo, que denuncia a antiga existencia no lugar dun conxunto da planta chamada *muruxa* ou *moruxa*, que é a denominación máis frecuente en Galicia da herba *Stellaria media*, nome científico deste vexetal que está en consonancia co aspecto de pequena estrela que presenta a súa flor, cando está aberta.

A *muruxa*, *moruxa* ou *miruxa*, talvez emparentadas co latín *MUS*, *MURIS* ‘rato’, tamén se chama *herba paxareira* e forma parte das herbas que invaden os cultivos e constitúen verdadeiros prados en hortas e nabais, de aí a súa aparición na toponimia cun nome en plural ou cun sufixo abundancial, como no topónimo *Murxido*, co abundancial en -*ETU*, do cal *Murxide* é unha alteración en -*ide*, por posible atracción analóxica dos topónimos en -*ide* procedentes de nomes de posesores, como pode ser o topónimo tamén estradense *Servide*.

Nabal, O

Lugar da parroquia de San Tomé de Ancorados

O *Nabal* é un abundancial en -*al* < -*ALE* de *nabo* e pódese referir a unha leira de nabos ou de hortalizas en xeral.

Negreira, A

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

O topónimo *A Negreira* viría, se non fose xa romance, de *NIGRARIA*, abundancial en -*eira* < -*ARIA*, do adxectivo latino *nīger* ‘negro’, relativo á cor do terreo ou a un grupo de árbores ou plantas de cor escura.

Segundo un documento do ano 1547 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago un tal *Rruy Acedo*, prateiro de Santiago, arréndalle por 21 anos a Juan Gamallo, veciño de San Miguel de Barcala, as dúas terzas partes que ten no “lugar que se dize de *Negreyra*”.

Nigoi (Santa María)

Parroquia

Nigoi, como outros topónimos galegos rematados en -*oi*, debe ser a evolución do nome dun antigo poseedor ou terratenente medieval, que estaba á fronte dunha *villa*

agraria. Poderíase tratar do antropónimo latino *Nico(n)*, documentado por J. M. Abascal, a partir do seu acusativo *Nicone(m)*, evolucionaría a *Nigoe*, e finalmente *Nigoi*, co que o topónimo procedería dunha posible (VILLA) de *NICONE(M)*.

De acordo coa anterior proposta, en *Galiciana*, nunha atestación do ano 1226, podemos ler: “Sante Marine de *Nigoe*”. Igualmente, en dous documentos do ano 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda a actual parroquia de Santa María de Nigoi aparece como *Santa María de Nigoe*.

Nodar

Lugar da parroquia de Arca

De (VILLA) *NOTARIU*, *villa* ou explotación agrícola de *Notarius*, sae o topónimo *Nodar*, aplicado a unha posesión latifundista de época tardorromana ou altomedieval dun tal *Notarius*, antropónimo de orixe latina que aparece coas formas *Notarius* e *Notario* na documentación medieval.

En latín o substantivo común *notarius*, despois convertido en nome propio, nun principio, seguramente como nome de profesión ou oficio, significaba ‘amanuense’, é dicir, o que escribe, anota ou pon notas; de aí a actual palabra *notario*, referida ao funcionario autorizado para dar fe de contratos, testamentos etc. Nun documento do ano 1263 do mosteiro de Oseira cítase un tal “Iohannes Piquinote de *Nodar*”, individuo moi probablemente orixinario do lugar estradense de *Nodar*, que fai de testemuña, xunto co cura de San Miguel de Arca e outras persoas, das últimas vontades dunha muller que pide ser enterrada “in cimiterio de Codesseda”. No testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, ano 1760, publicado e vertido ao galego por Damián Porto Rico, cítase un tal “André de *Nodar*”, veciño da parroquia estradense de Santa Cristina de Vinseiro.

Á parte do *Nodar* da Estrada, en Galicia hai outras tres localidades tamén chamadas *Nodar* e unha parroquia en Friol con este nome.

O apelido toponímico *Nodar* ten o seu o foco principal no lugar chamado *Nodar* da Estrada, concello que ten máis portadores, pero os residentes doutras partes de Galicia que o levan, como os lugueses e os do nordeste da provincia da Coruña, puideron recibilo do topónimo de Friol.

Nogueira

Lugar da parroquia de Callobre

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Nogueira, A

Lugar da parroquia de Curantes

Tal como ocorre con moitos fitotopónimos ou topónimos referidos ao mundo vexetal, o de *Nogueira* ou *A Nogueira*, repetido no concello da Estrada, é un nome de

lugar transparente, que se refire a un exemplar ou a un colectivo da árbore que dá noces, que en latín se chamaba *NUCARIA*.

Nunha atestación do ano 1536 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o “lugar e casas que se dize de *Nogeyra*”, en San Martiño de Callobre. Un documento do ano 1589 do Arquivo da Catedral de Santiago nomea un tal “Benito de *Nogueira*”, de San Miguel de Curantes. En 1612, tamén no Arquivo da Catedral de Santiago, temos: “Bastián de *Nogueira*, vezino de la felegresía de Santa Xptina de Bea”.

No concello da Estrada hai moitas persoas apelidadas *Nogueira*.

Oca (Santo Estevo)

Parroquia

Oca de Arriba

Lugar da parroquia de Oca

Pensamos que o topónimo estradense *Oca*, talvez nado no lugar de *Oca de Arriba*, pode ser un orotopónimo prerromano proveniente dunha base, reconstruída por Pokorny, *AK-, *OK- ‘afiado, agudo, anguloso, pedra’, a cal, a partir dunha forma xemorada *OKKA, podería dar, segundo E. Bascuas, o actual topónimo galego *Oca*, que este autor equipara ao topónimo romance *Monteagudo*, pasando da idea de ‘agudo, punta’ á de ‘punta de monte, cima’.

O anterior parece concorda coa orografía dos lugares galegos chamados *Oca* que comprobamos, incluídos os *Oca de Arriba* dos concellos da Estrada e de Touro, todos situados en pequenas pero definidas elevacións de terreo.

Palabras relacionadas co posible significado oronímico de *Oca* parecen o grego *ákron* ‘punta, saínte, pico, cumio’, o latín *ocris* ‘monte escarpado, outeiro, altura’ (de aí *mediocre*, literalmente o que está a media altura), *acutus* ‘agudo, afiado’, *acus* e *acucula* ‘agulla’, *acis* ‘dardo’, o umbro *ocar*, *ukar* ‘ángulo, monte, cidade forte nun alto’, e o irlandés *ochar* ‘punta, esquina, borde’.

Malia o que precede, E. Bascuas explica os topónimos *Oca* da provincia de Burgos a partir dunha base documentada *AUCA*, co sufixo *-ka* engadido a unha raíz hidronímica *AU- ‘humedecer, mollar, fluír’, que parece cadrar cos *Oca* non galegos, que dan nome a ríos, caso do *Oca* burgalés, afluente do Ebro, e doutra corrente fluvial tamén chamada *Oca* que desemboca na ría de Guernica (Biscaia).

Semella, pois, verosímil que o topónimo galego *Oca* teña un significado e unha etimoloxía diferentes á dos *Oca* burgaleses e biscaíño, suposto que non contradí a documentación antiga. Así, dende 1155 ata 1238 o topónimo *Oca* galego aparece citado con esa forma trece veces nunha ducia de documentos, a maioría referidos ao lugar chamado *Oca* do concello de Coristanco, situado nunha altura que foi un castro; mentres que o *Oca* de Burgos pode ser continuación, como apunta Bascuas, dun antigo *AUCA*, atestado nalgunhas inscricións medievais para referirse a unha sé

episcopal situada en Villafranca de los Montes de Oca, cuxo bispo aparece como “*Aucensis ecclesiae episcopus*” no Concilio de Toledo (ano 589). O adxectivo *Aucensis*, que presupón un topónimo *Auca*, mantense ata o ano 1093, data moi próxima á de 1155 na que se documenta por primeira vez o topónimo galego *Oca* como *Occa*; a mesma base, coa velar dobre, que dá Bascuas para explicar o topónimo *Oca* en Galicia.

A parroquia estradense aparece como *Santo Estebo de Oca* nun documento do ano 1571 do Arquivo da Catedral de Santiago.

Olives (Santa María)

Parroquia

A tradición xudeu-cristiá está moi ligada á *oliveira*, árbore que, por ser símbolo de paz e bendición divina, aparece moitas veces nos adros das igrexas campesiñas, cuxas oliveiras subministraban, nalgunhas partes de Galicia, a materia prima dos santos óleos e proporcionaban as pólas para a cerimonia do Domingo de Ramos. Usos relixiosos aos que cómpre engadir na igrexa católica o da lámpada chea de aceite de oliva que debe arder continuamente, colocada nun lateral do Sagrario, para simbolizar a presenza de Xesús Sacramentado. A Biblia, en fin, está chea de referencias ao aceite e o nome Cristo significa ‘o unxido (con aceite de oliva)’.

Estes e outros rituais relacionados coas oliveiras e o seu produto inducirían a que o estamento eclesiástico plantase oliveiras nos adros dos seus templos, como un compoñente sagrado máis destes recintos. Tradición que, xunto co topónimo *Olives*, puido ser a causante de que un señor cura desta parroquia estradense plantase unha oliveira no adro da igrexa, árbore que, ao presentar aínda mediano grosor, pode ser a última doutras máis antigas, plantadas por párrocos anteriores, talvez enganados pola falsa transparencia do topónimo *Olives*, que debe provir de **AURIFICES*, forma que daría un antigo **Ourives* (a voz común está documentada na Idade Media), convertido despois en **Oulives* (palabra tamén documentada), para rematar no *Olives* actual, o cal sinalaría, xa que logo, a presenza no lugar duns antigos ourives, isto é, dunhas persoas que tiñan por oficio a fabricación de obxectos de ouro e prata. Isto non quere dicir que os ourives nomeados no topónimo *Olives* tivesen o seu taller nesta parroquia, pois sabemos que esta clase de obradoiros artesanais tiñan restrinxida pola autoridade eclesiástica compostelá, a principal impulsora e beneficiaria do seu traballo, a súa localización, que se circunscibía en exclusiva á cidade de Santiago, onde os peregrinos eran os principais consumidores desta artesanía. Ao respecto, recollemos de López Ferreiro que “en las tiendas de la puerta de las Platerías o de los *oulives* (aurífices) se surtían los peregrinos de objetos de oro y plata, adornados con esmaltes y piedras preciosas”.

En consecuencia, sería máis factible que na parroquia de *Olives* tivese algunha posesión e vivise durante determinadas épocas do ano unha familia de *oulives* sen exercer a súa profesión, o que non incumpriría os regulamentos da Mitra compostelá e garantiría a seguridade dos ourives, tipo de artesáns que, ao traballar

con ouro e prata, estarían máis expostos a sufrir roubos no medio rural que nunha cidade.

Nun documento do ano 1131 do mosteiro de Carboeiro a parroquia de *Olives* aparece como *Santa María de Aurivizes*. Outra atestación de 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita *Santa María de Olibez*, coa redución do ditongo de *oulives*, palabra que vemos documentada tamén sen ditongo coa forma *olivez*, no capítulo VI, 16 da *Xeral Historia*.

O Catastro de Ensenada (1752) rexistra *Olivez*.

Orazo (San Pedro)

Parroquia do concello

A parroquia estradense de *Orazo* caracterízase por ter unha parte montañosa polo sur e polo leste, zona onde está a igrexa parroquial e o monte *Orazo* de 384 metros, que quizais sexa a altura sobre a que se asenta o castro de Castrovite. Este accidente do relevo podería ser o que motiva o topónimo, formado a partir dunha base indoeuropea *OR ou *ORO ‘altura, monte’, que estaría tamén na voz grega *óros* ‘altura, monte’, base, á súa vez, da palabra *orografía* ‘parte da xeografía que estuda o relevo’.

O profesor E. Bascuas asocia o topónimo *Orazo* cunha raíz indoeuropea *OR, relacionada coa anterior, proveniente de *ER ‘moverse’, pero coa especialización hidronímica ‘correr, fluír’.

A parroquia de *Orazo* figura como “(ecclesia) *Sancti Petri de Oracio*” nun documento do ano 1115 do *Tumbo A de la Catedral de Santiago* e como *Oraço* en 1279 na colección diplomática de *Galicia Histórica*. En 1624, no Arquivo da Catedral de Santiago, xa figura como *Orazo*, aínda que noutras atestacións de 1579 e do mesmo 1624 na mesma fonte documental vémolos escritos como *San Pedro d’Oraço* e *San Pedro Doraço*.

Orosa

Lugar da parroquia de Orazo

Para explicar o topónimo *Orosa* cómpre partir dun anterior HEDERŌSA, en referencia a un penedo ou gran pedra cuberta de HĒDĒRA ou hedra, xa que HEDERŌSA, hoxe *Orosa*, é un fitotopónimo abundancial en *-oso* do nome desta planta gabeadora.

Nunha atestación do ano 1564 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o “lugar de *Orosa*, sito en San Pedro de Orazo”. Na mesma fonte documental, ano 1579, lemos: “lugar y casas que se dize y nombra de *Orosa* en San Pedro d’Oraço”.

Orosa é outro apelido toponímico estradense.

Outeiriño

Lugar da parroquia de Arca

Outeiriño, O

Lugar da parroquia de Tabeirós

Outeiro

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Outeiro, O

Lugar da parroquia de Agar

Lugar da parroquia de Aguións

Lugar da parroquia de Callobre

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Lagartóns

Lugar da parroquia de Loimil

Lugar da parroquia de Moreira

Lugar da parroquia de Oca

Lugar da parroquia de Remesar

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Lugar da parroquia de Tabeirós

O Outeiro pode provir do latín hispánico **ALTARIU*, voz derivada de *ALTUS* ‘alto’, aínda que tamén podería ser un derivado medieval do romance *outo* co sufixo *-eiro*. Sexa como for, refírese a unha pequena elevación de terreo. Este topónimo, como en todo o país, é moi frecuente no extenso concello da Estrada. O *Nomenclátor* rexistra máis de cincocentos lugares chamados *Outeiro*, *O Outeiro* e derivados en Galicia, cada un situado en cadanseu outeiro. Nalgunhas partes da xeografía galega, non é este o caso, o topónimo *Outeiro* ou *O Outeiro* tamén se pode referir a grandes rochas ou penedos, que sobresaen do terreo. Diminutivos en *-iño* son *Outeiriño* e *O Outeiriño*.

Ouzamerxe, O

Lugar compartido entre as parroquias de Guimarei e Lagartóns

O Ouzamerxe é unha entidade de poboación de arrevesada localización xeográfica. Aínda que se espallou cara ao leste, coa construción de dúas ou tres casas novas, e pertence a efectos administrativos, postais e necrolóxicos á parroquia de Lagartóns, en orixe non foi así, xa que *O Ouzamerxe* orixinal, hoxe deshabitado, debeu estar xusto na divisoria das parroquias de Lagartóns e Guimarei. É un lugar formado pola chamada Casa Grande e outra máis pequena, onde se ergue, a carón da casa grande, un artístico cruceiro, hoxe desmouchado, que puido delimitar as dúas freguesías.

En canto á desaparecida cruz do cruceiro, que amosaba a figura da Virxe das Angustias, estaba, segundo noticias de prensa dos anos 2015-2016, na casa dun veciño. Esta artística imaxe foi debuxada no seu día por Castela, quen non reproduciu os brazos da súa cruz, seguramente porque xa non existirían cando o ilustre rianxeiro moceaba ou matrimoniaba coa estradense Virxinia Pereira Renda.

A Casa Grande e o cruceiro, hoxe desmouchado, do *Ouzamerxe* fundacional. Obsérvase no fondo dereito da imaxe como o lugar “fuxiu” cara ao leste, internándose na parroquia de Lagartóns



Polo que respecta ao *Ouzamerxe*, non temos datos suficientes para descifralo. A súa primeira parte, *Ouza-*, recorda a do topónimo así mesmo estradense de nome de posesor xermánico, *Ouzande*. En canto á segunda, *-merxe*, podería –obsérvase que o verbo está en potencial, tempo que expresa posibilidades e non certezas– ser a evolución actual dun antigo *MERIDII, caso xenitivo dun antropónimo posiblemente latino, *Meridius*, documentado en dous textos dos anos 878 e 935-937 publicados na *Colección documental de la Catedral de Astorga*.

No testamento de Alonso Martínez Barcia, fundador da capela da Algaria, traducido ao galego por Damián Porto Rico, cítase a “cerrada de *Ouzamerxe*” na parroquia de Santo Estevo de Lagartóns no ano 1760. No ano 1784, X. Bautista Rodríguez Martínez, que sucede ao seu tío Alonso na citada capelanía, varía o testamento que fixera no ano 1778 e lle deixa a un seu sobriño: “as dúas partes que de cinco fago nas casas Grande [a do cruceiro] e pequena do lugar de *Ouzamerxe*, sitas en termos da parroquia de Guimarei”.

Ouzande (San Lourenzo)

Parroquia

O nome de lugar *Ouzande* ten toda a fasquía de ser a evolución actual dun nome de posesor en xenitivo, que puido ser o antropónimo de orixe descoñecida, mais

documentado, *Auzandus*. Así, a partir dun sintagma (VILLA) AUZANDI, teríamos o actual *Ouzande*.

Nunha atestación de 1249 de *Documentos da Catedral de Ourense* aparece unha “vinea de *Auzandi*”. A mesma fonte documental cita en 1260 unha “viam publicam que tendit ad *Auzandi*”.

A un segundo propietario medieval do mesmo nome débese referir outro lugar chamado *Ouzande* do concello de Silleda, limítrofe co da Estrada. Este topónimo *Ouzande* puido nacer no lugar chamado *Agro de Ouzande*, onde se escavou unha pequena *villa* ou pequeno establecemento rural de época galaico-romana ao fronte do cal estaría outra persoa de nome *Auzandus*.

O *Ouzande* estradense aparece como *Ousande* no ano 1390 no *Libro das Tenzas* da Catedral de Santiago, polo que este topónimo tamén podería ser continuación do nome persoal medieval *Ausandus*, testemuñado no ano 916 na *Colección documental del archivo de la Catedral de León (775-1300)*.

En canto ao apelido estradense *Ouzande*, ao se documentar na parroquia de Orazo, limítrofe co concello de Silleda, tanto podería proceder do *Ouzande* estradense como do de Silleda.

Painceira, A

Lugar da parroquia de Guimarei

O substantivo galego *paínzo*, procedente do latín PANĪCĒU ou PANĪCĪU, pode referirse, nalgúns casos, ao *Panicum miliaceum* (o millo tradicional, despois chamado millo miúdo, para diferenciarse do que chegou de América), aínda que máis frecuentemente designa o *paínzo* da especie *Setaria italica*. Xa que logo, o topónimo *A Painceira*, abundancial fitonímico en *-eira* < ARIA, refírese a unha antiga leira plantada desta clase de cereal.

Nunha atestación do ano 1546 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase “el lugar e casal que se dize da *Paiseira* sito en la aldea da *Paiseira* en la felegresía de San Giao de Guimarei”. En 1760, testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, fundador da capela da Algaría de Guimarei, noméase un tal: “Luís da Graña, veciño do lugar da *Painceira*”.

Panadería, A

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

A Panadería, topónimo de recente aparición, arrecende a pan quente, consonte o seu transparente significado.

Parada (San Pedro)

Parroquia e lugar

Parada

Lugar da parroquia de Pardemarín

A parroquia de *San Pedro de Parada* debeu chamarse en antigo tempo *Parada de Eiriz*, pois aparece nomeada coa forma *Parada d'Eyriz* na documentación do mosteiro de San Xurxo de Codeseda. Hoxe *Eiriz* é o nome dunha das súas aldeas. No dicionario de Madoz (1845) é citada como *Parada de Tabeirós*.

Todos os lugares de nome *Parada* e *Paradela* que visitamos e coñecemos, que son moitos, caracterízanse por estar en *paradas* ou descansos orográficos localizados ao final dunha costa do camiño ou no medio dela. É o caso do lugar estradense chamado *Parada*, da freguesía de San Pedro de Parada, cuxas casas, conxunto parroquial, formado pola igrexa, o cemiterio e unha ampla explanada, ocupan un relanzo de terreo, situado nunha costa que despois segue subindo. Esta topografía repítese con relación ao lugar así mesmo estradense chamado *Parada* da parroquia de *Pardemarín*, polo que consideramos que o topónimo *Parada*, do latín *PARATA*, de *PARARE* ‘preparar, parar, deter’, é na maior parte dos casos un orotopónimo similar ao de *Pousada*, visto na entrada correspondente, ambos os dous referidos a descansos orográficos nunha vía.

O lugar estradense de *Parada*, da parroquia de San Pedro de Parada, situado onde a igrexa, está nunha *parada* ou descanso orográfico moi definido, onde construíron o complexo parroquial, formado polo templo e o cemiterio



Noutras ocasións, coidamos que as menos, o nome de lugar *Parada* podería ser sinónimo da voz *alvariza*. Así, nun documento do mosteiro de Celanova do ano 938 cítanse tres *paratas cum apibus suis*, unha situada nun lugar chamado *Catavello*, outra en *Interimio*, e a terceira en *Guttiharri*, na ribeira do Miño: “*Paratas cum apibus suis*, una que est in Catavello, alia (outra) una de illis de Interimio, et terzaria (a terceira) in villa Guttiharri que est in ripa Minei”. O devandito “*Paratas cum apibus suis*” podería traducirse por ‘paradas (no sentido de *alvarizas*) coas súas abellas’, significado da voz *parada* que se repite en castelán. Juan Goytisolo na súa novela *Señas de identidad*, ambientada, entre outros, con elementos reais da

paisaxe manchega dos anos sesenta do século pasado, escribe: “Había habitaciones campesinas con los muros en ruina y numerosas *paradas de colmenas* se alineaban decrépitas en medio de la solana”.

Nun documento do ano 958 publicado no *Tumbo A de la Catedral de Santiago* e na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* cítase unha villa chamada *Parata*, que, de acordo co significado topográfico que lle damos ao topónimo, estaba situada debaixo (*subtus*) dun monte (*alpe*) nos confíns do daquela condado (*comitatus*) de Moraña: “villas nostras propias que sunt in finibus comitatus Moranee subtus alpe Leone nominibus Monumenta et *Parata*”. Noutra atestación de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase a parroquia estradense de *San Pedro de Parada*.

Os primeiros estradenses apelidados *Parada* provirían da parroquia de San Pedro de *Parada* ou do *Parada* de Pardemarín.

Paradela (Santa María)

Parroquia

A igrexa parroquial de Santa María de *Paradela*, topónimo procedente de PARATĒLLA, e o seu cemiterio tamén foron construídos aproveitando unha pequena *parada* ou *paradela* orográfica situada no medio dunha costa.



A igrexa da parroquia estradense de *Santa María de Paradela* e o seu cemiterio tamén foron construídos aproveitando neste caso unha pequena *parada* ou *paradela* orográfica dunha costa

Un documento do ano 949, publicado no *Tumbo A de la Catedral de Santiago*, cita un lugar chamado *Paratella*, situado en *territorio Amaee*, é dicir na Maía. Noutra atestación de 1003 do mosteiro de Celanova cítase o *monasterio Paratella*, topónimo que se pode referir á parroquia estradense de *Santa María de Paradela*, á cal, segundo un documento do ano 947 da *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, o presbítero Letimio lle fixo unha importante doazón. Nun documento

do ano 1531 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase a Juan Martínez, clérigo de *Santa María de Paradela*; en 1533 a Gil de Luaces, clérigo de “*Santa María de Paradela* e San Martiño de Barbude”; en 1541, “Juan Martínez, rector de *Santa María de Paradela*”; e en 1574 “Andrés Rrodríguez, clérigo... poseedor del beneficio de *Santa María de Paradela* e de San Martiño de Barbudo”.

O Catastro de Ensenada (1752) rexistra nesta parroquia estradense un muíño no “regueiro de *Paradela*”.

Parafita

Lugar da parroquia de Nigoi

Os topónimos *Parafita* e *Pedrafita*, repetidos en Galicia, veñen do sintagma latino PĒTRA FICTA ‘pedra cravada’, ‘pedra fixa’, que designa unha pedra fincada no chan con fins delimitadores.

Nunha atestación de 1074-1087 do mosteiro de Samos cítase unha *petra fita* como un dos puntos de referencia dunha antiga delimitación territorial, que os interesados visitan e comprobán un sábado: “Et die sabbati iuncti fuimus ibi in Calvor ad illa *petra fita*, que illos terminos determinat de antiquis temporibus”. Noutro documento de 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, o nome desta aldea aparece como *Peraffita*, e noutra atestación de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase a “aldea de *Perafita* da felegresía de Santa María de Nigoy”.

No lugar estradense de *Parafita* debeu nacer o apelido homónimo *Parafita*, propio e característico do concello da Estrada.

Paramá

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

O nome do lugar de *Paramá*, situado nun alto, require un antecedente *PĒTRA MALA e debe referirse a unha gran pedra ou alto rochoso sen ou con pouco valor defensivo, ao contrario do que sucede, por exemplo, co topónimo igualmente estradense *Rocaforte*, onde, segundo sinalamos na súa entrada, puido haber un castelo, torre ou forte construído sobre unha rocha boa e forte para a defensa.

Literalmente é un antónimo de *Paramá* o topónimo *Paraboa*, de *PĒTRA BŌNA, nome dun lugar da parroquia de Chaín, Gondomar (Pontevedra), que pode facer referencia a unha gran rocha ou pedra considerada boa polas súas condicións defensivas. A este respecto, preto da localidade estremeña de Albuquerque está o castelo de *Piedrabuena*, no lugar do mesmo nome; fortaleza construída sobre un alto rochoso ou gran pedra conceptualizada como boa, ao contrario da que se esconde no topónimo estradense *Paramá*.

Nun documento do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o “lugar e casal que se dize de *Peramaaa* (sic) en Sant André de Veá”.

O apelido toponímico estradense *Paramá* tivo que nacer no lugar de *Paramá*.

Paraño

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

O topónimo *Paraño*, que vén do adxectivo latino *PETRANEU ou *PETRANIU ‘de pedra’, designa un terreo desas características.

Paraxó

Lugar da parroquia de Agar

Estamos perante un topónimo en diminutivo, orixinariamente formado co sufixo correspondente ao latín -ŎLU, -ŎLA. En canto á súa primeira parte, *Para-*, remite a un étimo PĚTRA ‘pedra’, co resultado *petra-* > *para* en posición átona, como nos devanditos topónimos *Parafita* e *Paramá* ou en *Paramedán* (Esteiro, Muros, A Coruña), proveniente de PĚTRA MEDIANA ‘pedra do medio’.

Ao anterior respecto, o profesor G. Navaza retrae o topónimo similar *Paraxué*, que aparece como *Paraiola* nun documento do mosteiro de Samos, a unha antiga forma *PETRARIŎLA a cal, por disimilación de líquidas, se convertería en *PETRALIŎLA > *PERALIŎLA > *PERAIŎLA > PARAIŎLA, que finalmente daría o actual *Paraxué* coa solución dialectal ŎLA > -uá, co desprazamento da tonicidade característico de áreas de Ourense e Lugo.



No lugar estradense de *Paraxó* xorde este pequeno afloramento rochoso

En canto ao topónimo estradense *Paraxó* parece provir, no canto de *PETRARIŎLA, do seu correspondente masculino *PETRARIŎLU, posto que dun étimo feminino teriamos na Estrada o resultado *Paraxoa*. A anterior formulación é coherente coa existencia do topónimo así mesmo estradense *Figueiroa*, cuxo antecedente *FICARIŎLA evolucionou a *Figueiró* noutras zonas da provincia de Pontevedra. Agora ben, dado que o moderno *Sequeiró* se atesta antigamente como *Sequeiroa* (véxase

a entrada), non se pode descartar que o étimo de *Paraxó* fose tamén un feminino en -ÖLA e que, nunha área como a da Estrada, de confluencia de isoglosas, neste nome se producise a redución -oa > -ó.

Non sabemos se os outros lugares galegos chamados *Paraxó* aínda conservan o detalle natural ao que se refire o topónimo, pero, trasladados á aldea estradense de *Paraxó*, puidemos atopar con moitas menos dificultades das esperadas un pequeno afloramento rochoso que no seu día debeu ser identificado como un *PETRARIÖLU ou unha *PETRARIÖLA.

Nunha atestación do ano 1583 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “Prado y heredad que se dize de Labandeyra, sito en la aldea de *Parajoo* [...] en Santa Marina d’Agar”.

Pardellas

Lugar da parroquia de Loimil

Pardellas vén da voz latina *PARETĪCŪLAS, diminutivo do latín vulgar *PARETE (en latín clásico PARIETE), refírese ás paredes dun edificio en ruínas. Lémbrese, a este respecto, o vocábulo similar *pardiñeiro* < lat. PARIETINARIU ‘edificio en ruínas’.

Pardemarín (Santa Baia)

Parroquia

O topónimo estradense *Pardemarín* aparece nun testemuño escrito do ano 1419 do mosteiro de San Xurxo de Codeseda como “fliguesía de Santa Baia de *Parada Marim*”. Outro rexistro de 1527, contido no Preito Tabera-Fonseca, transcrito polo profesor A. Rodríguez González, cita un tal “Alonso de Moreta, vecino de Santa Vaya de *Parada Marín*”. Estas atestacións lévannos a un antigo PARATA MARINI, talvez referido ao actual lugar da freguesía chamado *Parada*, situado ao norte da igrexa parroquial, onde viviría ou tería posesións un tal *Marinus*.

Sobre o significado do topónimo *Parada*, véxase a entrada *Parada*.

Paredes

Lugar da parroquia de Parada

O topónimo *Paredes*, plural do latín vulgar *PARETE (en latín clásico PARIĒTE), debe facer referencia, como o devandito *Pardellas*, ás paredes dunha casa en ruínas.

Patanín

Lugar da parroquia de Santeles

O de *Patanín*, do cal non temos atestacións medievais, é un topónimo escuro que parece conter un xenitivo dun antropónimo. Tamén podería ser un nome persoal

Pai(o) Tanín < PELAGIO *(A)TANNINI, co sobrenome ou apelido *Tanín*, probable resultado dun xenitivo antroponímico e coincidente co nome dunha localidade chamada *Tanín* no concello lugués do Valadouro

Nun documento do ano 1607 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un “Christóbal de *Patanín*”.

Pazo, O

Lugar da parroquia de Nigoi

Lugar da parroquia de Ribeira

Lugar da parroquia de Santeles

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

Pazos

Lugar da parroquia de Berres

Lugar da parroquia de Olives

Lugar da parroquia de Orazo

Lugar da parroquia de Rubín

O topónimo *Pazos* contén o plural do resultado galego da palabra latina PALATIUM ‘pazo’, en referencia a antigas casas ou mansións señoriais máis ou menos suntuosas, preferentemente casas fidalgas con signos heráldicos nalgunha das súas paredes.

Pearo

Lugar da parroquia de Santeles

Pearo é un topónimo de orixe incerta. Como mera hipótese de traballo, formulamos a posibilidade de que conteña a palabra *pear*, probablemente do latín vulgar *PILARE ‘piar, columna’, cunha recaracterización masculina, como en *aramio* por *aramé* ou *enxamio* por *enxame*. Dende esta perspectiva, *Pearo* reproduciría a palabra *pear*, co significado de ‘poio ou banco de pedra pegado á parede, xunto á porta dunha casa’, ‘cada unha das pedras que se colocan nun río para poder atravesalo’ ou ‘marco ou fito de pedra’.

Con relación ao topónimo estradense *Pearo*, nun documento do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago lemos: “lugar que se dice de *Pearo*”. Outra atestación de 1572 do Arquivo da Catedral de Santiago rexistra o “lugar que se dize de *Pearõ*, sito en la fleg^o de San Juan de Santeles”.

Pedrado, O

Lugar da parroquia de Oca

O Pedrado, do latín PETRATU ‘cuberto ou estrado de pedra’, podería referirse a unha superficie cuberta dese material, que puido ser un camiño ou unha eira, máis ben o primeiro, se atendemos ao xénero masculino do adxectivo *pedrado*.

Outra posibilidade sería que este topónimo fose a hipercorrección dun antigo **O Pedrao*, que acaso sexa o mesmo ca **O Peirao*, topónimo que reproduciría a palabra homónima *peirao*, a cal, á parte de significar ‘embarcadoiro’, tamén ten a equivalencia de ‘presa para deter as augas dun río e nas levadas para tomar auga para o rego’, o que concorda coa realidade do lugar estradense chamado actualmente *O Pedrado*, por cuxas inmediacións aínda pasa, describindo unha gran curva, un canal de rego, tipo de obra hidráulica que no concello da Estrada recibe o nome de *presa*.

Malia que non fomos quen de testemuñar *O Pedrado* estradense na documentación antiga, nun texto do ano 1630 do Arquivo da Catedral de Santiago atopamos un lugar de nome *Pedrao* pertencente á parroquia de Santa María de Trasmonte, Ames (A Coruña).

Pedregal, O

Lugar da parroquia da Estrada

Como os de Figueiroa de Abaixo e Figueiroa de Arriba, o lugar do *Pedregal* está moi próximo á capital municipal. O nome deste é un abundancial en *-al* procedente do latín *PETRICALÉ, en referencia a un lugar abundante en pedra, o que se corresponde coa realidade, pois recordamos, canda nenos, unha señora maior natural do Pedregal contarnos lendas de mouros que vivían debaixo de grandes pedras, soterradas baixo o herbal da aldea.

Un documento do ano 1499, en *Galiciana*, rexistra o topónimo como sobrenome toponímico en “Mayor do *Pedregal*”, muller dun morador en “San Lourenço de Ouçande”.

Pedreira, A

Lugar da parroquia de Agar

Lugar da parroquia de Ribela

Este topónimo vén do latín PETRARIA, e significa ‘lugar abundante en pedra’.

Peizás

Lugar da parroquia de Remesar

Peizás, correspondente ao latín PANICĒALES OU PANICIALES, co plural do sufixo abundancial *-al* < *-ALE*, refírese ao *paízo*, á mesma gramínea nomeada no topónimo igualmente estradense *A Painceira*.

Nunha atestación de 1162 publicada na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* cítase un “agrum de *panizales*”.

Pena, A

Lugar da parroquia de Riobó

Lugar da parroquia de Vinseiro

Como é comprensible, o topónimo *A Pena*, en latín PĪNNA, refírese a unha pena ou pedra de grandes dimensións. Nun documento do ano 1531 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o “lugar e casal da *Pena*, syto en la felegresía de San Martiño de Rioboo”.

Pena Barreira, A

Lugar da parroquia de Curantes

A Pena Barreira é un topónimo ambiguo que admite dúas posibilidades de interpretación. Puido ser **A Pena (da) Barreira*, en alusión a unha *pena* quizais situada nas proximidades dunha *barreira* ou lugar abundante en barro. Nunha segunda opción, coa composición núcleo nominal + antropónimo adxectivado, o nome de lugar *A Pena Barreira* podería facer referencia á propiedade –onde habería unha gran pedra ou *pena*– dunha persoa apelidada Barreiro, como, por exemplo o topónimo imperial *Via Apia*, era a *Via (de) Apio*, en honor ao nome do seu promotor.

Como o lugar da *Pena Barreira* está contiguo aos da *Pena do Foxo* e *A Pena de Arriba* e este non demasiado distante da *Pena de Abaixo*, parece razoable pensar que estes topónimos, menos un, poidan ser de copia ou traslado a partir dun primixenio, lugar onde estaría o detalle natural de referencia, neste caso unha gran pedra ou pena, aínda que tamén se poderían referir a catro penas distintas.

Pena de Abaixo, A

Lugar da parroquia de Rubín

Pena de Arriba, A

Lugar compartido entre as parroquias de Rubín e San Pedro de Ancorados

Pena do Foxo, A

Lugar da parroquia de Agar

Debe recibir o seu nome por atoparse preto do lugar chamado *O Foxo*, aldea compartida polas parroquias de Rubín e San Pedro de Ancorados.

Como indicamos na súa entrada, o topónimo *O Foxo* é o resultado en galego da evolución da palabra latina FOVEU ‘foxo, escavación ou concavidade na terra’.

Penalobeira

Lugar da parroquia de Agar

Penalobeira, co abundancial en *-eira* do substantivo *lobo*, fálanos dunha pena (tería abrigos rochosos) frecuentada por lobos. Topónimo paralelo deste *Penalobeira* é *Mato Lobeiro*, nome dunha paraxe deshabitada do concello ourensán de Calvos de Randín. Este nome de lugar, co adxectivo *lobeiro*, proveniente de LUPARIO, neste caso en masculino, en concordancia co substantivo *mato*, refírese a un mato ou conxuntos de plantas mestas, que puido ser unha toxeira, onde tamén criaría e viviría o lobo, como no caso do topónimo *Matalobos* que explicamos na súa entrada.

Outros topónimos da fauna similares son os de *Penacerveira*, *Penacorveira* e *Penacabreira*, que estarán, ou estarían nun principio, en lugares afastados da civilización humana, como debeu ser o caso do topónimo *Penalobeira*, situado no reborde montañoso que pecha o concello da Estrada polo leste.

Nun documento sen data do mosteiro de Sobrado atopamos un topónimo idéntico: “iuxta *Petra Lubeira*”. Nun do ano 1804, consultable en *Galiciana* cítanse, na antiga xurisdición de Tabeirós, os *montes de Remesar y Penalobeira*. No dicionario de Madoz (1845) xa figura *Penalobeira* como un dos lugares da parroquia de Agar.

Trasladados ao lugar de *Penalobeira*, distante do topónimo *A Pena do Foxo* e o seu grupo, non fomos quen de dar coa *pena* que motivou o topónimo e ningún dos habitantes do lugar con quen falamos a recorda.

Penaporrín

Lugar da parroquia de Loimil

Penaporrín podería provir do sintagma toponímico PINNA PORRINI, en referencia a unha *pena* ou gran rocha dun tal *Porrinus*, antropónimo de orixe latina. Tamén sería factible, en principio, que o topónimo *Penaporrín* fose o resultado anómalo dunha PENA *PORRIÑA, con este adxectivo referido á forma do obxecto cualificado, polo que esa **Penaporríña* designaría unha pena máis ou menos cilíndrica que recordase a forma dun porro. Sería así un orotopónimo similar aos de *Cerro del Porro* ou *Cerro Porro* e *Porro del Torco*, que, situados nos Picos de Europa, dan nome a alturas pétreas con forma de rolo e a cabeza redondeada.

No paso do hipotético *PORRIÑA a *Porrín* sería necesaria a relaxación e perda da vogal final e a despalatalización do ñ ao quedar sen apoio vocálico. Cremos máis verosímil que o topónimo sexa un composto de *pena* máis o devandito nome de posesor ou un apelido derivado, como en *Penadiz*. En dúas atestacións do Arquivo da Universidade de Santiago rexístranse, ano 1518, un “Jerónimo *Porrín*”, en Terra de Montes, e en 1525, un “Gonzalo *Porrín*”, clérigo de Besexos (As Cruces). Xa que logo, *Porrín* parece un antigo apelido da zona hoxe desaparecido, que podería conservarse no segundo elemento de *Penaporrín*. O topónimo non vén no dicionario de Madoz (1845) entre os lugares da parroquia e só aparece nos nomenclátors a partir do ano 1920.

Como sucede no caso de Penalobeira, en Penaporrín ningún natural do lugar recorda a presenza da pena nomeada no topónimo, aínda que no corte ou trincheira dunha estrada secundaria que pasa a rentes da aldea apréciase que o terreo é moi rochoso.

Penarada

Lugar da parroquia de Ouzande

O topónimo *Penarada*, do latín PĪNNA HEDERATA, refírese a unha pena *hederata*, isto é, cuberta de *hedra*, o que aínda se corresponde coa realidade do lugar.

Nun documento sen data, seguramente do século XVI, dispoñible en *Galiciana*, lemos:

el monasterio de Acebeiro con Vasco Mera [veciño de Santiago mencionado noutros documentos de mediados dese século, nunha ocasión como escribán] tutor de los hijos de Gómez de Piñeiro, sobre reivindicación de los lugares de *Peñarada*, el de Alemparte de Cernadela y otros bienes en la Estrada y Tabeirós.



A pena á que se refire o topónimo *Penarada* aínda está cuberta de hedra

Na documentación dunha demanda dos veciños da parroquia de Ouzande presentada o ano 1808 perante a Real Audiencia de Galicia, hoxe custodiada no Arquivo do Reino de Galicia, cítase, entre outros, o monte de *Pena Arada*, forma que é o antecedente inmediato do actual *Penarada*.

Penela, A

Lugar da parroquia de Arca

O topónimo *A Penela* procedente do latín PINNĒLLA(M) é un diminutivo de PĪNNA, referido a unha *pena* ou prominencia rochosa de pequenas dimensións, formado co antigo sufixo diminutivo *-ela* (do latín ĒLLA), hoxe non produtivo no idioma galego, onde foi substituído polo sufixo *-iña*.

Pepe

Lugar da parroquia de Agar

No lugar estradense chamado *Pepe* viviu unha persoa chamada *Peppus*, que perpetuou o seu antropónimo no nome do lugar onde viviu ou tiña algunha posesión territorial. O topónimo parte dunha posible (VILLA) PEPI, isto é vila ou posesión agrícola de *Peppus*, antropónimo de orixe latina testemuñado na documentación medieval e que, atendendo ao seu *p* dobre puido ser, segundo o profesor J. Piel, un nome persoal agarimoso ou hipocorístico.

No ano 1531, Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, cítase o “lugar e casal de *Pepe*, syto en la felegresía de Santa Marina d’Agar”.

Pereiras, As

Lugar da parroquia de Curantes

Os derivados en *-eira* de PETRA poden concorrer con PIRARIA, polo que o topónimo *As Pereiras* se pode referir a un lugar abundante en pedra ou a unha antiga plantación de *pereiras*.

Pereiras tamén é apelido estradense.

Pereiro, O

Lugar da parroquia de Berres

Como no caso anterior, o topónimo *O Pereiro* tanto pode vir do latín PIRARIU, derivado de PĪRA ‘pera’, referido á árbore froiteira, como de PETRARIU, abundancial de PĒTRA ‘pedra’.

Pernaviva

Lugar da parroquia de Cereixo

O topónimo estradense *Pernaviva* contén na súa primeira parte, *Per(a)*- a palabra latina evolucionada *PĒTRA* ‘pedra’, como sucede, por exemplo, no devandito topónimo *Pereiro*, que en ocasións pode previr de *PETRARIU*. En canto ao seu segundo compoñente, *-naviva*, foi antes, segundo a documentación, *NATIVA* ‘natural’, co que, dende o actual *Pernaviva*, cómpre retraerse a un antigo (*PETRA*) *NATIVA*, sintagma que debeu dar en primeira instancia **Per(a)nativa* e despois, por unha asimilación quizais condicionada pola palabra *viva*, o actual *Pernaviva*, nome de lugar referido a unha pedra natural, en contraposición a unha pedra artificial ou labrada, colocada nun lugar determinado, casuística que deu os topónimos *Parafita* e *Pedrafita*.

Volvendo a *Pernaviva*, proveniente de *PETRA NATIVA*, sabemos, pola documentación medieval, que as pedras naturais ou *nativas* ás que se refire o topónimo eran usadas como fitos delimitadores de coutos ou grandes espazos territoriais. Caso dun escrito do ano 968 que documenta a doazón ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares de varias *villae* coas súas herdades delimitadas, entre outros referentes (mámoas, fontes etc.), por *petras nativas*, que podían estar esculpidas e gravadas (*sculta et scripta*): “et inde in directo ad illam mamolam de illas *petras nativas* que stant super Villam malam, et inde ad petram Rasoy, que es *nativa*, scul(p)ta et scripta”.

Outra atestación do ano 1097, neste caso procedente de Braga, que tamén fala dun territorio acoutado, ofrece: “et ferit in *petra nativa* de ipsa larea que fuit de avia mea Bragundia”, texto latino no que se fala dunha *petra nativa* ou pedra natural que había nunha leira ou *larea* que fora da avoa (*avia*) do outorgante doutra doazón medieval.

Segundo lemos na web *rubillon.es*, a delimitación territorial feita no ano 1941 entre o lugar de Rubillón, Avión (Ourense) e a parroquia da Barcia do Seixo, A Lama (Pontevedra), cita varias *pedras nativas* que facían de *mojones*, en oposición a outros *mojones labrados* ou pedras fitas: “el mojón décimo es una *pedra nativa* [...] El mojón undécimo son núcleos de *pedras nativas* de forma irregular [...]”.

En canto á *petra nativa* que debeu orixinar o topónimo estradense *Pernaviva*, nunha recente visita a este lugar comprobamos que puido estar no baleirado rectangular do que parece unha canteira (hoxe esgotada) ou *pedra nativa*, situado onda a casa máis vella das dúas que hoxe forman a aldea. Ao seu carón existe unha morea de pedras que poderían corresponder, aínda que tamén poderían ser posteriores, ao refugallo sobrante da *pedra nativa* ou natural en cuestión, a cal puido servir de fito divisorio das parroquias de Guimarei e Lagartóns, hoxe delimitadas por unha pista asfaltada que pasa a carón do que queda (o devandito baleirado) da posible pedra ou canteira toponimizada en *Pernaviva*, lugar que tamén recibe o nome do *Mollarrabo* e *A Casa do Mollarrabo* ou do *Millarrabo*, mentres que a sinalética actual

O posible baleirado rectangular da canteira (hoxe esgotada) ou *petra nativa* do lugar de *Pernaviva*



reserva o nome de *Pernaviva* para o lugar antano chamado *Ponte de Pernaviva*, situado uns metros máis abaixo sobre o río Liñares.

Unha atestación do ano 1547 contida no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita o “lugar e casal de *Pernaviva*”, en Cereixo.

Outro rexistro de 1576 do Arquivo da Catedral de Santiago refírese a un tal “Bras de *Pernaviva* (e a súa muller “*María de Pernabiba*”), labrador vezino de la felegresía de Santa Xpina de Vinseiro”.

A falsa transparencia de *Pernaviva* propiciou unha etimoloxía popular segundo a cal este topónimo se referiría á perna dun reo condenado a morte, exposta no lugar como medida disuasoria e que, ao ser movida por unha lufada de vento, fixo exclamar a un viandante “¡Perna viva! ¡A perna está viva!”.

Pía, A

Lugar da parroquia de Moreira

No Arquivo da Catedral de Santiago hai un documento do ano 1581 que se rexistra como:

Traspaso y nombramiento como primera voz [na antiga linguaxe xurídica dos foros, tempo de duración dunha xeración] que hizo María Ruza, viuda de Miguel de *Pía* da Pousa, vecina de San Miguel de Moreira, a favor de Gonzalo da Pousa, su hijo, del foro que ella y su marido habían tenido del cardenal Juan de Mondragón, como patrón de la capilla de la Piedad del lugar de *A Pía* en la mencionada feligresía de Moreira.

No texto deste documento lese: “Juan de Mondragón [...] que avía sido y patrón de la capilla (entrelíñado: “de Nuestra Señora”) de la Piedad inclusa en la Santa Iglesia de [Santiago]?, el lugar y casal que se dize y se nombra da *Pía*”.

Ao respecto da documentación anterior, formulamos a posibilidade de que o topónimo estradense *A Pía* se refira a unha aldea que ao aforarse para manter a devandita capela da Piedade fose considerada *pía* ou piadosa e de aí o seu nome. Outra opción sería que o topónimo estradense *A Pía* estivese relacionado coa devoción á Virxe da Piedade da capela do mesmo nome, que a documentación do século XVI sitúa no lugar da *Pía*.

Na microtoponimia o topónimo *A Pía* tamén podería ser abreviatura de *A Obra Pía*, aplicado a propiedades que pagaban renda destinada a unha Obra Pía ou fundación relixiosa

Nalgún caso o topónimo *A Pía* podería provir da palabra latina *pila* ‘recipiente cóncavo de pedra’, en referencia a concavidades ou *pías* naturais nas rochas que reteñen a auga da chuvia. Dende a devandita VOZ *PILA* ‘maseira, recipiente cóncavo de pedra’ tamén sería posible que o topónimo *A Pía* nomease antigas *pías* artificiais que puideron facer a función de comedeiros ou bebedeiros de animais domésticos, *pías* para picar o toxo ou *pías* de fontes, como no caso do topónimo *A Fonte da Pía*. Mais como o latín tiña unha segunda palabra *pila*, que significaba ‘columna’, algúns topónimos, tipo *As Pías*, non o singular *A Pía*, poderían referirse a uns piares, utilizados para pasar un río, ou aos piares ou machóns dunha ponte antiga.

Pica, A

Lugar da parroquia de Moreira

Da raíz prerromana BECC- ou PICC- ‘punta, pico’, temos *A Pica*, nome de lugar, que como os da *Picaraña* e *A Picota*, se refire a sitios altos, que en Galicia non teñen que ser especialmente aguzados, como o estradense chamado *A Pica*, situado nun outeiro, onde en antigo tempo se celebraba unha feira na daquela chamada *Carballeira da Pica* ou *Carballeira do Outeiro*, exemplos ben explícitos, que igualan o significado do topónimo *A Pica* ao do *Outeiro*.

Picáns

Lugar da parroquia de Parada

O topónimo *Picáns*, situado nun lugar alto, como o tamén estradense *Cimáns*, pode significar ‘os do pico’, ‘os que viven no pico’. Outra posibilidade sería que *Picáns* se referise a uns antigos poboadores establecidos no lugar procedentes ou orixenarios dun lugar chamado *A Pica*, topónimo existente na parroquia estradense de Moreira, polo que os supostos *picáns* establecidos no lugar logo chamado *Picáns* non terían moi lonxe o seu lugar de partida ou orixe.

Nun documento do ano 1292, contido en *Galicianana*, un tal “Fernandus Petri de *Picaes*” vende a metade dunha herdade situada no lugar de Fragoso da freguesía de Santa Cristina de Vinseiro.

Pinal, O

Lugar da parroquia de Oca

O *Pinal*, procedente do latín PINALE, refírese a un *piñeiral*, é dicir, a un conxunto ou agrupación de piñeiros. O *n* do *Pinal*, no canto de ñ, delata que este topónimo, seguramente recente, é un derivado galego construído co castelanismo *pino*.

Pinguela, A

Lugar da parroquia de Guimarei

O fermoso e sonoro topónimo *A Pinguela*, nome de lugar e de río, afluente do Liñares, pode facer referencia ao nacemento desta pequena corrente fluvial a partir dun pequeno fío ou pinga de auga. A este respecto, os dicionarios de galego documentan o vocábulo *pinguela*, diminutivo de *pinga*, voz derivada regresiva de *pingar* e este do latín vulgar *PENDICARE, clásico PENDĒRE ‘pendurar, colgar’, cos significados de ‘fío de auga saíndo de entre as rochas’, e ‘cano dunha fonte’, aínda que *A Pinguela* tamén podería tratarse dun topónimo ridiculizante, que esaxerase, cunha hipérbole, o suposto pouco caudal deste regato, que a nós, de nenos, cando tentabamos pescar troitas nel, non nos parecía tan pequeno. E digo tentabamos, porque só unha vez puidemos levar todos contentos unha pequeniña para a casa, que nos regalou un pescador.

O hidrotónimo *A Pinguela* repítese en Galicia. É de subliñar, entre outros exemplos, o pozo, hoxe desaparecido, e a fonte da *Pinguela* da cidade de Lugo, aos que dedicou uns versos o cura de Fruíme no século XVIII.

En 1760, no testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, fundador da capela da Algarda, en Guimarei, publicado e pasado ao galego por Damián Porto Rico, lemos: “á beira do río que baixa do estanque do muíño de Cardavella e vai á ponte que chaman da *Pinguela*”.

Piñeiro

Lugar da parroquia de Cora

Lugar da parroquia de Pardemarín

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Piñeiro, O

Lugar da parroquia de Ribeira

Do latín PINARIU, e este de PINU, vén *Piñeiro*, topónimo que proba de maneira transparente a antiga existencia no lugar dun *piñeiro* senlleiro. Isto, unido a que o nome de lugar *Piñeiro* ou *O Piñeiro* é moito máis frecuente en Galicia que o abundancial desta árbore *Piñeiral* ou *O Piñeiral* leva a pensar, tal como apunta o profesor G. Navaza, que en Galicia non eran abundantes, ao contrario que os de carballos, os bosques de piñeiros, senón que estas arbores se atopaban solitarias; exemplares que moitas veces servían, así aparecen na documentación medieval, como referencias, xunto a mámoas, dolmens, pedras naturais, pedras fitas etc., para delimitar territorios.

Nun documento do ano 1543 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un “Pedro de Pinº, labrador de la feligresía de San Miguel de Cora [...], de las heredades que poseía en la aldea de *Piñeiro*”. A mesma fonte documental ofrece outra atestación de 1566 co devandito “Pedro de *Piñeiro*, vecino de la parroquia de San Miguel de Cora”. En 1598 na mesma fonte cítanse “Lope de *Pineiro*, vezino de la felegresía de Sanjurxo de Veá y Juan de *Pineiro*, vezino de la felegresía de San Miguel de Cora”.

Piñoi

Lugar da parroquia de Tabeirós

Para entender o topónimo *Piñoi* cómpre retrotraerse a unha antiga (VILLA) PINIÖLI, sintagma referido a unha persoa chamada *Piniölus*, dono dunha antiga *villa* agrícola. O antropónimo latino *Piniölus*, diminutivo agarimoso da palabra *pinus* ‘piñeiro’, tamén esta presente no topónimo *Piñor*, resultado da evolución do grupo *ni-* a *ñ*, da caída do *-i* final do xenitivo *Piniöli* e da conversión, por alternancia ou equivalencia de consoantes líquidas, do *-l* final en *-r*, mentres que en *Piñoi*, tamén procedente de *Piniöli*, ao non se perder o *-i* final, o que desapareceu foi o seu *-l* que neste contexto era intervocálico.

A anterior evolución diverxente repítese, nestes casos co *-i* final perdido ou, no seu defecto, co *-n-* intervocálico desaparecido, nos seguintes pares toponímicos comentados nas entradas correspondentes: *Guitón/Guitoi*, *Godoi/Godón* e *Román/Romai*, aos que agora unimos *Piñor/Piñol/Piñoi*.

Piornos, Os

Lugar da parroquia de Cereixo

Os Piornos é un fitotopónimo referido a algunha clase de xesta. Nalgunhas partes da provincia de Pontevedra como a comarca do Salnés e a illa de Ons a voz *piorno* ten o significado de hórreo ou cabazo, acepción que non nos consta no concello da

Estrada. Nin que dicir ten que os primeiros hórreos chamados *piornos* recibirían ese o seu nome por seren feitos con varas ou corres de piorno.

Non puidemos atopar rexistros documentais antigos deste topónimo. Tampouco vén no dicionario de Madoz (1845) nin nos nomenclátore anteriores ao do ano 1986, polo que parece designar un núcleo habitado de creación recente.

Ponte

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

Na aldea de *Ponte*, situada nun lugar moi costento e a rentes dun torrente, hai unha pequena ponte (en latín *PŌNTE*). Aínda que hoxe é de cemento, puido substituír outra máis antiga de pedra.

Ponte, A

Lugar da parroquia de Ribeira

Este topónimo *A Ponte* refírese a unha das antecesoras da actual ponte de Sarandón sobre o río Ulla, situada no mesmo lugar da actual, a cal substituíu unha anterior, destruída no ano 1871 pola mesma riada que levou o mosteiro de San Xoán da Cova, augas arriba. A aldea debeuse chamar *A Ponte (de) Sarandón*, como parecen confirmar os documentos antigos. Así, nun do ano 1545 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “lugares y aldeas de la *Ponte de Sarandón* y la aldea de Ribeira, sitios ambos en la parroquia de Santa Mariña de Ribeira”. Noutra atestación de 1612 do mesmo arquivo consta “Juan Núñez, vezino de la *Puente Saradón*, felegresía de Santa Marina de Rribeyra”. Outro texto de 1562 contido tamén no Arquivo da Catedral de Santiago rexistra só *A Ponte*: “Bastián da *Ponte*, vecino de San Miguel de Castro”.

Hoxe conserva a denominación *A Ponte de Sarandón* a aldea así chamada do concello de Vedra, situada no outro extremo da mesma ponte na banda coruñesa do río Ulla.

Ponteliñares

Lugar da parroquia de Callobre

O lugar de *Ponteliñares*, situado a poucos metros da súa ponte máis moderna sobre o río *Liñares* na estrada N-640, fai referencia na súa segunda parte a uns *liñares*, isto é, a varios terreos dedicados no seu día ao cultivo do liño, a planta téxtil con que se confeccionaban camisas e calzóns, despois dun arduo proceso de fabricación; este labor comprendía, entre outros traballos, a submersión en auga da planta durante varios días en pozos, preparados ao efecto, ou en remansos naturais de ríos. Por iso se orixinou o topónimo *Pozo do Liño*, o que quizais sexa a causa de que *Liñares* estea en moitas ocasións a carón de correntes fluviais, posto que isto simplificaría o traballo de levar o liño ao río. De aí talvez a explicación de que

existan en Galicia tantos ríos chamados *Liñares*, como o *Liñares* de *Ponteliñares*, o principal tributario estradense do río Ulla, ou outra corrente fluvial do mesmo nome, que despois forma o río Rois, afluente do Sar.

Á parte de *Ponteliñares*, na parroquia de Callobre existen dous microtopónimos *Liñaredo*, abundancial en -ĒTU de *liñar*, que sinalan, como *Ponteliñares*, varios antigos campos de liño onde se cultivaba esta planta, parte da cal se comercializaría na entón incipiente e próxima vila da Estrada, centro, no século XVIII ou antes, de venda de liño, segundo unha noticia de Lucas Labrada: “En La Estrada feria mensual a donde se vende el mejor lino del Reino”.

Loxicamente, a ponte que produciu o topónimo *Ponteliñares* non é a actual, situada na devandita estrada N-640, entre as parroquias de Callobre e Lagartóns, senón a chamada *Ponte Vella*, emprazada uns poucos metros río abaixo na divisoria das freguesías de Lagartóns e Moreira. Esta ponte, que está a piques de caer, foi debuxada en tres ocasións polo gran Castelao, antes ou despois de casar coa súa muller estradense, dona Virxinia Pereira Renda.

Nun documento do ano 982-990 do mosteiro de Samos cítase unha terra co seu liñar: “alia terra cum suo *linare*”. Noutra proba escrita de 1254 do mosteiro de Ramirás noméase unha corrente fluvial chamada Liñares: “quomodo dividitur per regarium de *Linaris*”. Na mesma fonte documental e no mesmo ano cítase un *Linar Vetero* ou liñar vello. Nun rexistro de 1626, dispoñible en *Galiciana*, temos: “Pedro Fernández de Toubes con Simón de Puga. Misión en posesión polos lugares de Vilafuxil e *Ponteliñares* en San Martiño de Callobre”.

Portacartas

Lugar da parroquia de Guimarei

O nome de lugar estradense *Portacartas* ten todas as trazas de ser da familia dos topónimos que levan a preposición latina *ad* aglutinada, caso, entre outros, de *Pontavea* (hoxe *Pontevea*), referido a unha ponte que estaba en dirección ou cara a un lugar chamado *Vea*. *Portacartas* correspondería ao latín PÖRTU(M) AD CARTAS ‘porto cara a *Cartas*’, que daba nome a un *porto* ou paso situado na dirección dun lugar próximo chamado *Cartas*. Este, como *Cuartas* e *As Cuartas*, do latín QUARTA ‘cuarta parte’, designaría propiedades divididas en cuartas partes ou que pagaban de renda ou foro a cuarta parte da súa produción agrícola. Outro topónimo estradense similar na súa primeira parte a este, onde baixo aparencia do feminino *porta* se esconde un orixinario *porto a*, é o de *Portamoledo*, nome dunha pequena corrente fluvial da parroquia de Orazo, que tamén citamos na entrada *Vendexa*.

Volvendo a *Portacartas*, por este lugar, situado debaixo da igrexa parroquial, pasa unha pequena corrente de rego canalizada chamada *A Presa*, que se podía atravesar –na actualidade impídeo unha rede metálica situada á outra beira do rego– por un paso, *portelo* ou pequeno *porto* hoxe provisto de escaleiras, o cal, aínda que de época moderna, quizais substituíu outro máis antigo, que podería ser

o paso ou o *porto* natural, sen ningún tipo de construción, que aparece nomeado na primeira parte do topónimo.

Da posible existencia dun *porto* anterior sobre a presa ou canal de rego, talvez suplido polo actual, fala un documento do ano 1710, publicado por Juan Andrés Fernández Castro, no cal o cura párroco da época, don Feliciano Fernández de Boán, informando da necesidade de construír en Guimarei unha igrexa nova (a terceira), escribe:

Al hallarse la iglesia que tenía mi patrón San Julián en la cual fui bautizado y ansimesmo indigno capellán, amenazando ruina en medio de haberse compuesto un esquinale de ella en tiempo de don Antonio Mariño de Lobera mi antecesor, fue motivo y causa de animarme y animar a los feligreses a la retificación de ella y el de mudarla al sitio donde oy se halla [nun lugar alto], al asegurar maestros de la Arte el que la *presa* [debe ser a presa de rego que segue na actualidade] que pasaba por arriba della [hoxe descorre aos pés do templo parroquial, construído, preto do anterior, nun lugar alto para que non se volvese repetir o problema] aber sido mucha causa para la ruina della por comunicarse con los cimientos.

Proba escrita que demostra que a presa ou canle de rego xa existía, polo menos, a principios do século XVIII.

O paso ou porto do lugar de *Portacartas* coas súas escaleiras que baixan ata unha prancha horizontal, visible no extremo inferior dereito da imaxe, que atravesa o rego ou a presa



No testamento de X. Bautista Rodríguez Martínez, ano 1778, sobriño e sucesor na capelanía da Alcaria de A. Martínez Barcia, documento trasladado ao galego por Damián Porto Rico no número 19 da *Estrada, miscelánea histórica e cultural*, o actual topónimo *Portacartas* aparece dúas veces como *Porto a Cartas*: “Con máis percibo [por un arrendamento de terras] de Xosé das Penas veciño de Guimarei pola herdade de *Porto a Cartas* e outras sete ferrados e medio de centeo” e “E máis percibo de Don Estevo de Ribas, abade de Guimarei, tres ferrados de millo

groso e catro cuartillos por unha herdade a herbeira no cerrado de *Porto a Cartas*”, forma escrita que, aínda que na fala non pronunciásen 5 sílabas, está moi preto do PÖRTU AD CARTAS latino que damos como étimo.

Malia a documentación anterior, o topónimo non aparece como entidade de poboación no dicionario de Madoz (1845) nin nos nomenclátos anteriores a 1986, polo que quizais se trate dun núcleo habitado de creación recente, que tomaría o nome do microtopónimo *Porto a Cartas*.

Portecelo

Lugar da parroquia de Riobó

Portecelo procede do latín PORTUCĒLLU, diminutivo de PÖRTU ‘porto, vao’ (véxase a entrada *Porto*). Este topónimo estradense sinala un pequeno *porto* ou paso acuático sobre un dos dous brazos do regueiro de Barcia, afluente do Riobó, que antes deste punto recibe o nome de *Riomaio*.

O *Portecelo* que nos ocupa non se encontra na documentación antiga ata Madoz, pero si varios ríos chamados *Portezelo* noutras zonas de Galicia dende a Idade Media, caso dunha atestación do ano 1100 do mosteiro de Sobrado onde lemos: “quomodo intrat in aquam de *Portezelo*”. Noutro documento de 1209 pertencente ao mosteiro de Toxosoutos a voz *aqua* e substituída xa pola de *río*: “per rio de *Portezelo*”.

130

Portela, A

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Guimarei

A *Portela*, proveniente do latín PORTĒLLA, diminutivo de PÖRTA, pode ser un topónimo viario referido a un pequeno paso natural situado entre dous lugares máis altos ou ben referirse a unha portela ou pequena porta dunha propiedade. Nunha atestación do ano 1539 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “Alonso Trigo, labrador, vecino de San Xiao de Guimarei, del lugar da *Portela*, sito en la dicha feligresía de Guimarei”.

Porto

Lugar da parroquia de Berres

O topónimo *Porto*, do latín PÖRTU, pode referirse a un paso terrestre, situado entre dous lugares máis altos, ou a un sitio por onde se pode atravesar un río, segunda posibilidade que lle acae mellor a este lugar chamado *Porto*, onde habería un pequeno *porto* nun camiño para vadear o chamado regueiro de Ulla, que pasa por este lugar.

Daquela, o topónimo viario *Porto* ou *O Porto* sinala antigos lugares das vías de comunicación polos que o tránsito ou o paso era máis doado para cabalerías e viandantes, for por tratarse de lugares situados entre outros máis altos, no caso dos *portos* terrestres ou montañosos, ou, nos portos mollados ou acuáticos, o que corresponde aos *Portecelo*, *Porto* e *O Porto* estradenses, por ofrecer sitios onde o caudal de ríos ou regatos se amosaba máis baixo ou estendido.

Non puidemos localizar documentación deste topónimo estradense anterior ao dicionario xeográfico de Madoz (1845), que cita Porto entre os lugares da parroquia de Berres.

Porto, O

Lugar da parroquia de Curantes

Este lugar chamado *O Porto* está sobre unha pequena corrente de auga que un pouco máis adiante desauga no río de Curantes, polo que o topónimo tamén se refire a un *porto* mollado.

No Arquivo da Catedral de Santiago, ano 1566, cítase a “Gregorio do *Porto*, de San Miguel de Curantes” e no ano 1600, “Gabriel do *Porto* el Mozo”, veciño da mesma parroquia. En 1760, no testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia, publicado por Damián Porto Rico, figura un tal “Domingos do *Porto*”, veciño da freguesía de Santa Cristina de Vinseiro.

O apelido toponímico *Porto* é moi abundante no concello da Estrada.

Pousada

Lugar da parroquia de Callobre

Lugar da parroquia de Curantes

Na nosa xuventude transitamos en bicicleta por moitos lugares chamados *Pousada*. Recordamos, cando aínda estabamos moi lonxe de nos interesar pola toponimia, que sempre eran lugares situados en estradas ou camiños nos cales, ao estaren nun relanzo ou no final dunha costa, podíamos coller folgos. Circunstancia viaria e orográfica que vimos repetida moitos anos despois, cando, xa en época adulta, facendo toponimia de campo, nos trasladamos a outros lugares chamados *Pousada* e aos de nome *Pousadoiro*, *O Pousadoiro*, *Chan do Pousadoiro* (máis que posible repetición ou tautoloxía), *Alto do Pousadoiro*, *Chan de Pousadas* (outra tautoloxía), *O Pouso* e *Os Pousos*.

O lugar chamado *Pousada* da parroquia de Callobre tamén está nun relanzo ou descanso de terreo nunha estrada, polo que pensamos que o topónimo viario *Pousada*, proveniente de PAUSATA, participio do verbo latino PAUSARE ‘descansar’, máis que a *pousadas* para hospedaxe de viaxeiros e camiñantes se refire, a maioría das veces, a descansos orográficos nunha vía de comunicación. Cousa parecida, pero distinta, é que nalgúns dos lugares chamados *Pousada* se asentasen *pousadas*

e vendas, tipo de establecementos viarios que eran construídos moitas veces, seguindo unha tradición e experiencia secular, en descansos orográficos e en altos ou portos de montaña, para así facilitar o reinicio da marcha dos carros e dos coches de tiro animal, que o terían máis difícil, ou imposible, se esas vendas e pousadas estivesen en plena costa.

Comézase a ver na documentación no século X: *villa Pausata* nun documento do ano 971 do mosteiro de Sobrado. O lugar de *Pousada* da parroquia de San Miguel de Curantes rexistrámolo nunha atestación de 1550 do Arquivo da Catedral de Santiago, mentres que outro rexistro de 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, nomea o “lugar de *Pousada* en San Martín de Callobre”.

Topónimo parecido na forma ao de *Pousada* é o de *Pousa*, do latín PAUSA, que se refire a antigas *pousas*, pazos, casas de campo, quintas ou granxas, segundo se desprende, entre outros, dun documento do século XIII, publicado por J. P. Machado, no que pode lerse: “Et ha y el Rey sua *pousa* e seu celeiro”, referido á *pousa* ou estancia principal dunha quinta rural ou residencia de verán de propiedade real e ao seu celeiro ou almacén de grans, complexo similar ao que fai referencia o topónimo *A Pousa do Bispo* da parroquia de Randufe, Tui (Pontevedra), que era o lugar de descanso dos bispos tudenses durante o verán, coas súas terras de labor, orientada á explotación agrícola.

Pousadela

Lugar da parroquia de San Pedro de Ancorados

Pousadela é un derivado diminutivo da voz anterior, *Pousada* (véxase), aínda que este *Pousadela* tamén podería tratarse dun nome de lugar replicante do de *Pousada* na veciña parroquia de Callobre e non ter significado orográfico. As parroquias de San Pedro de Ancorados e a de Callobre son limítrofes e os lugares de *Pousada* e *Pousadela* están próximos entre si.

Nun documento do ano 1561 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o “casal de *Pousadela*, syto a la dicha feligresía de San Pedro d’Ancorados”. Noutra atestación de 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico lemos: “lugar de *Pousadela* en San Pedro de Ancorados”.

Pouso, O

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

Nos sabemos a que detalle concreto se referirá o topónimo estradense *O Pouso*, que, como algúns *Pousa* e *Pousadoiro*, designa lugares e dispositivos onde os camiñantes pousaban as súas cargas para descansar en apoios construídos para tal fin, caso das pedras saíntes dos muíños para pousar os sacos ou os foles cargados de fariña ou grans, de aí o topónimo *Pousafoles*.

Noutras ocasións, cando a voz *pouso* vai acompañada do vocábulo *cruceiro* ou *cruz*, pode referirse a lugares onde se facía un alto ou descanso na condución dos féretros, acción á que se debe referir o topónimo, repetido en Galicia, *Cruceiro do Pouso* ou *Cruz do Pouso*.

Este topónimo non se atopou na documentación antiga, nin en Madoz. Só o rexistramos a partir do *Nomenclátor* de 1930.

Prado

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O transparente topónimo *Prado*, do latín PRATU, fai referencia a un *prado*, que tería garantida a súa rega en tempo de verán, grazas ás augas dun regato que nace nas inmediacións.

Nun documento do ano 1569 do Arquivo da Catedral de Santiago noméase a “Juan de *Prado* e Pedro de *Prado* [...] hermanos, vezinos de la felegresía de San Miguel de Castro”.

Praza, A

Lugar da parroquia de Oca

O vocábulo *praza*, que nalgúns partes de Galicia é sinónimo de *agra*, refírese, no caso deste topónimo, a unha ampla praza delimitada polas casas da aldea, o Pazo de Oca e a igrexa-capela de Santo Antonio, acompañada de dúas pasarelas de arcos cegos, unha das cales se une ao edificio do pazo.

No *Caderno de campo do catastro de urbana dos lugares de Oca de Arriba, O Outeiro, O Pinal, A Praza e Rendo* de 1939, en *Galiciana*, este lugar figura con 24 casas. Non se encontrou en documentos antigos ata Madoz (1845), onde vén entre os lugares da parroquia como *La Plaza*.

Preguecido, O

Lugar da parroquia de Aguións

O Preguecido é explicado polo profesor G. Navaza, quen, nun traballo inédito, relaciona este topónimo estradense coa árbore chamada *pigarceira*, tipo de pereira que dá peras *pigarzas*. É, pois, *O Preguecido* un abundancial en *-ido* (< -ĒTU) desta árbore froiteira.

Respecto da posible etimoloxía da palabra *pigarza*, o *Diccionario* de Corominas e Pascual di o seguinte: “*pigarza*, quizás haplloxía de **peri-garza*, literalmente ‘pera a modo de garza’, ‘pera de elevado cuello’”, o que parece concordar co adxectivo *pigarzón/a* ‘dise do individuo alto e delgado’. Sexa cal for a procedencia etimolóxica da palabra galega *pigarza*, no Padre Sarmiento lemos: “*Pigarza*. Pera que comí muy gustosa, entre la bergamota y don guindo. Selecta”.

Outros fitotopónimos galegos referidos a antigos grupos ou concentracións de *pigarceiras* ou árbores produtoras de peras *pigarzas* son: *O Preguizal*, nome dunha paraxe cultivada da parroquia de Rubiás dos Mixtos, concello de Calvos de Randín (Ourense), e *O Prigazal* (outro abundancial en *-al* < *-ALE*), nome de parte da aldea do Tameirón, na parroquia do mesmo nome, A Gudiña (Ourense).

Xa que que logo, o topónimo estradense *O Preguecido* e os seus cognados nada teñen que ver, malia que nun principio o pareza, coa palabra *preguiza* ‘falta de ganas de traballar ou de facer algo, nugalla’, aínda que esta sensación ou estado si aparece nomeada no apelativo popular *Pazo da Nugalla* que se lle dá á Casa de Recarei da parroquia estradense de Curantes. Alí unha figura de pedra que ten as mans na cabeza e que coroa o edificio foi alumada de maneira festiva polos veciños do lugar, ao ter as mans sempre desocupadas e en alto, como “A Nugalla de Recarei”. De aí o *Pazo da Nugalla*.

En documentos de principios do século XVI, consultables en *Galiciana*, o topónimo estradense *O Preguecido* aparece coa súa forma actual, que se repite na documentación do Arquivo da Casa do Preguecido.

Pumares

Lugar da parroquia de Ribela

O topónimo *Pumares* vén do latín *POMARE* ‘terreo plantado de árbores froiteiras, especialmente de maceiras’, hoxe moi abundantes no concello estradense.

Nun testemuño escrito do mosteiro de Samos do ano 854? cítanse varios pumares ou pumares: “et *pumare* in fonte Preciosa; et alio (outro) *pumare* quod comparavi de Gomesindo; et item alio *pumare* in Ranosindi”.

Noutra atestación do ano 1567 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o “casal que se dize e nombra de *Pumares* sito en la felegresía de Santa Marina de Ribela”.

Quenlla, A

Lugar da parroquia de Arnois

O nome de lugar estradense *A Quenlla* contén o substantivo galego *quenlla*, evolución da palabra latina *CANALÍCULA*, diminutivo de *CANALE* ‘canal, canle’, e designa unha canalización de auga que puido estar relacionada coa fonte que hai neste lugar.

Este topónimo non figura na documentación antiga consultada nin en Madoz. Como núcleo habitado só consta a partir do *Nomenclátor* de 1930.

Quintas

Lugar da parroquia de Cereixo

Quintas, As

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

Lugar da parroquia de Tabeirós

Na toponimia galega son frecuentes os nomes de lugar *Terzas*, *As Terzas*, *Cuartas* (ou *Cartas*, véxase a entrada *Portacartas*), *As Cuartas*, *Quintas* e *As Quintas*, que se poden referir, respectivamente, á terza ou terceira, cuarta e quinta parte dunha herdade ou a terras aforadas que pagaban a terceira, a cuarta e a quinta parte do que producían ao señor ou mosteiro correspondente. De aí o vocábulo *quinta*, igual a ‘casa con leiras ao seu redor que pagaba de renda unha quinta parte dos froitos’ e ‘terreo cultivable’.

No ano 1419, nun texto do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, temos: “Item eno lugar a que dizen as *Quintaas* de Codesseda, tres casares et huun moynno et todo he despoblado”. No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, ano 1552, lemos: “Domingos das *Quintas*, vezino del couto de Codeseda”. Tamén nun documento de 1583 do Arquivo da Catedral de Santiago Bieito Barreiro, de Nigoi, vende a Juan Díaz e á súa muller o “lugar y casal que se dize y se nombra das *Quintáns*”. Logo, en 1585, no mesmo arquivo, o tal Juan Díaz volve facer a venda a favor de Bieito Barreiro, de Nigoi, do “lugar y casal que se dize y se nombra das *Quintaas* y es sito en la aldea das *Quintáns* y es en el coto de Codeseda”. Pero tamén nun terceiro documento deste arquivo de 1600, en moi mal estado, parece que pon “das *Quintas*”.

En canto ao lugar chamado *As Quintas* da parroquia de San Miguel de Barcala, unha atestación do ano 1572 do Arquivo da Catedral de Santiago rexistra o “lugar y casal que se dize y nombra las *Quintas*”. Noutra atestación de 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, lemos: “lugar das *Quintas* en San Miguel de Barcala”.

O de Codeseda puido ser en orixe *As Quintáns*, e vemos que no século XVI había vacilación. Hoxe os naturais do lugar din sempre *As Quintas*.

Quinteiro de Arca

Lugar da parroquia de Liripio

A primeira parte do topónimo *Quinteiro de Arca*, que corresponde ao latín *QUINTA-NARIU*, pode referirse, de acordo co significado da palabra homónima, relacionada con *quinto*, *quinteiro*, a un ‘espazo situado entre edificacións’ ou a un ‘conxunto de varias casas que forman un grupo separado dentro dunha aldea’. En canto ao *-de Arca*, parece conter o apelido do propietario do *quinteiro*, que sería *Arca*, característico do concello da Estrada e de toda a comarca de Tabeirós e Terra de Montes e proveniente da parroquia de *Arca*.

Este topónimo estradense non se encontrou na documentación antiga consultada nin en Madoz; consta como núcleo habitado desde o *Nomenclátor* de 1910.

Rabeta, A

Lugar da parroquia de Remesar

Pensamos que o topónimo estradense *A Rabeta* é un derivado ou diminutivo formado co substantivo común *rabo*. Pódese referir a unha antiga propiedade agrícola que, pola súa forma estreita e alongada, tería a forma de *rabo*. Os naturais do lugar pronuncian o nome da súa aldea como *Rabetia*.

O nome de lugar *A Rabeta* só aparece a partir do *Nomenclátor* do ano 1930.

Rabiáns dos Cabaleiros

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

Rabiáns dos Labradores

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

Gonzalo Navaza fai notar que os topónimos estradenses *Rabiáns dos Cabaleiros*, tamén chamado *Rabiáns de Arriba* ou de *Riba*, e *Rabiáns dos Labradores* ou de *Baixo*, aparecen no libro *A Estrada rural* de Reimóndez Portela como *Rubiáns dos Caballeros* e *Rubiáns de Baixo*, polo que cabería explicalos, con alteración da vogal pretónica, a partir de RUBIALES, abundancial aplicado a unha realidade numerosa, botánica ou non, de cor rubia.

De acordo co anterior, un texto do ano 1543 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago documenta *Rubiás* (dos Labradores) e *Rubiás dos Labradores*. Outra atestación de 1544 do mesmo arquivo rexistra *Rabáns dos Labradores*, pero en 1561 *Rubiás dos Cabaleiros*. No ano 1569, Arquivo da Catedral de Santiago, temos: “lugar e casas que se dize e se nombra de *Rrobiáns* dos Labradores”. Estas atestacións antigas parecen confirmar que o étimo do actual topónimo *Rabiáns* foi RUBIALES.

Noutro documento máis tardío de 1578 do Arquivo da Catedral de Santiago xa lemos *Rrabeáns*: “casares que se dizen y nombran de *Rrabeáns dos Cabaleiros* [...] de san Gíao de Bea”. Noutra atestación de 1632 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicada por Damián Porto Rico, aparece *Raveáns dos Cavaleiros*. No dicionario de Madoz (1845) lemos *Rabeanes de Arriba* e *Rabeanes de Abajo*.

En canto ás segundas partes destes dous topónimos, *dos Cabaleiros* e *dos Labradores*, son dous termos de profesión ou oficio, referidos á condición de *cabaleiro* e á de *labrador*.

Rabuñado

Lugar da parroquia de Berres

O Padre Sarmiento formula a posibilidade de que o topónimo *Rabuñade*, repetido en Galicia, proveña de *Rapinati*, etimoloxía que o profesor J. L. Pensado considera

aceptable, malia opinar que a evolución de *Rapinati* a *Rabuñade* é un tanto complicada, seguramente propiciada por interferencia do verbo *rabuñar*. En canto a *Rabuñado*, no canto de vir de *Rapinati*, xenitivo do antropónimo *Rapinatus*, viría do acusativo dese mesmo nome persoal referido a un posesor da terra.

Entre outras atestacións, textos dos anos 949, 950 e 955 do mosteiro de Celanova documentan o antropónimo *Rapinatus*, seguramente referido a unha mesma persoa, nome que tamén aparece nun escrito de 1167 do mosteiro de Toxosoutos. Outros testemuños escritos de 1026 e 1056 do mosteiro de Celanova ofrecen a forma *Rapinato*, mentres que a documentación dos mosteiros de Lourenzá, Carboeiro, Xubia etc., rexistra *Rabinato*. Na *Historia Compostellana* cítase, por mor dunha doazón, un tal *Rabinatus Muniz* que foi un dos aliados galegos do rei Afonso I de Aragón, o segundo marido de dona Urraca, contra o bispo Xelmírez.

Nunha atestación do ano 1551 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase un “Juan Besteiro de *Rrabunado*” e “da *Rabunado*”. En 1568, Arquivo da Catedral de Santiago, cítase o “lugar de *Rabunado*”, forma do topónimo que se repite en documentos do mesmo arquivo dos anos 1572, 1577 e 1618.

Ramalleira, A

Lugar da parroquia de Lagartóns

A *Ramalleira* é un derivado de *ramalla* co sufixo *-eira* < ARIA, referido a un lugar frondoso con moitas *ramas* de árbores novas ou de arbustos.

Ramiráns

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

O topónimo estradense *Ramiráns* puido ser un anterior *RAMIRANES en referencia aos descendentes dunha persoa chamada *Ranimirus*, que hoxe sería *Ramiro*. Como na zona se confunden en *-áns* os resultados das formacións en *-ANES* e *-ANOS*, cabería tamén a posibilidade de que *Ramiráns*, de *RAMIRANOS, se referise a un grupo de xente procedente dun lugar chamado *Ramir* ou *Ramil*.

Á parte de poder ser nomes étnicos derivados de antropónimos (referidos aos descendentes dun individuo), ou de topónimos (referidos a xentes vidas dun lugar determinado), os topónimos tipo *Ramiráns*, *Bertamiráns* etc., tamén poderían referirse, na Galicia occidental, onde a terminación *-ANIS* dá *-áns*, como as de *-ANES* e *-ANOS*, ao nome dun posesor medieval, aínda que é difícil, pois os nomes xermánicos bitemáticos (compostos de dous elementos diferentes) raramente admiten (agás en casos contados, como o de *Guimaráns*) a chamada declinación consonántica en *-ANIS*.

Malia as dúas posibilidades apuntadas para estes topónimos, en canto a poder ser nomes de orixe ou xentilicios, provenientes de topónimos, ou de familia, provenientes de antropónimos, decantámonos pola segunda, concluíndo que o nome de lugar *Ramiráns*, construído co sufixo de plural étnico *-ANES*, se refire á familia

ou parentela descendente dunha persoa chamada *Ranimirus*. Nótese que as tres hipóteses mencionadas coinciden en que o topónimo ten orixe, directa ou indirectamente, no nome persoal *Ranimirus*.

Na documentación do mosteiro de Celanova o nome do concello ourensán de *Ramirás*, topónimo correspondente ao do galego occidental e estradense *Ramirás*, aparece, entre outras, en atestacións dos anos 1021, 1118 e 1137 coa forma *Ramiranes*, mentres que en documentación do mosteiro de Ramirás amósase, entre outros, nun documento de 1236 como *Ramiraes*, e dende o ano 1021 ata 1282 como *Ramiranis*. Nun documento do ano 1568 do Arquivo da Catedral de Santiago o actual *Ramirás* estradense aparece con esa forma: “lugar e casal que se dize e nombra de *Ramirás*”, mentres que outra atestación de 1581 da mesma fonte rexistra *Rremirás*.

Raxeira

Lugar da parroquia de Aguíóns

Aínda que moitos dicionarios de galego e compendios lexicais rexistran a voz *raxeira* co significado de ‘espazo breve de tempo en que sae o sol’, e ‘lugar onde dá ou bate o sol’, pensamos que o topónimo *Raxeira* pode referirse a lugares abundantes en toxo. Así, o *Dicionario enciclopédico* de Eladio Rodríguez trae a voz *raxeira* co significado de ‘tojal, campo de tojos. TOXEIRA’, sentido que tamén lle dan á devandita voz os dicionarios de Carré Alvarelos e Franco Grande. En canto á etimoloxía do topónimo *Raxeira*, co significado de ‘toxeira’, o profesor Pensado di que é posible que esteamos perante unha variante palatalizada (co seu *s* convertido en *x*) de *raxeira* ‘terreo raso e desprovisto de vexetación’, que logo, pola circunstancia de dedicarse a, ou cubrirse de toxo, pasou a restrinxir o seu significado reducíndoo a unha toxeira.

Malia a anterior formulación de J. L. Pensado, no Minho portugués chámanlle *rapadouro* aos lugares de toxo, xesta e urces, que cando estaban aproveitables para producir estrume rapábanse a rentes do chan, quedando así o campo rapado por un tempo, proceso ao que se referiría tamén aquí a voz **rasata*, aplicada a unha terra que quedaba pelada despois de raparlle os toxos e as xestas e non antes, como propón, Pensado, para quen a voz *raxeira* significaría primeiro ‘terreo raso’ e despois ‘toxeira’, cando a devandita palabra do portugués miñoto *rapadouro* parece indicar o contrario.

Un microtopónimo estradense que parece avalar o significado do topónimo maior *Raxeira* igual a ‘toxeira’ ou ‘campo de toxos’, é o de *Raxal*, nome dunha área deshabitada da parroquia de Santeles, que é un fitotopónimo abundancial en *-al* (< -ALE), mentres que *Raxeira* o é en *-eira* (< ARIA).

Tamén o microtopónimo *Cerrada da Raxeira*, contiguo á aldea de *Raxeira*, que talvez se refira a unha parcela cerrada con toxo, de aí o seu nome de *Cerrada da Raxeira*, que puido designar a mesma toxeira ou *raxeira* que se contempla no

topónimo maior *Raxeira*, o cal ten, así mesmo moi preto, outra zona chamada *Toxeira da Braña*, terceiro topónimo que se pode referir á mesma toxeira ou *raxeira*.

A posibilidade de que os topónimos estradenses *Raxeira*, *Cerrada da Raxeira* e *Toxeira da Braña*, situados os tres case no mesmo punto, se refiran nun principio a unha mesma *raxeira* ou toxeira valada, vese propiciada polo desaparecido costume agrícola, documentado en Galicia, consistente na construción de toxeias cercadas, chamadas *curros* na montaña do concello lugués de Vilalba e *chousas*, *tomadas* e *cerradas* noutras zonas, que non tiñan só toxeias, pois tamén tiñan árbores e producían pasto. Nestes recintos pechados, á parte dos devanditos usos, aproveitábase o toxo. O máis grande era empregado como combustible en fornos e fogares, mentres que o máis pequeno, que non se deixaba crecer para que non despuntase, era utilizado como alimento do gando cabalar despois de ser picado. Antiga estratexia agrícola que aparece resumida na voz *raxeira*, recollida nos dicionarios co significado de ‘campo cerrado para dar tojo’.

Nun documento do ano 1634 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, lemos:

arriendo que hizo el Capitán Gómez Rodríguez de Riobó a Gregorio [...] p[o]r cincuenta años de la heredad da *Rajeira* de Campelos y Braña del lugar dos Cebados [todos, como *Raxeira*, lugares da parroquia de Aguións] en renta nueve ferr[ado]s de centeno, seis de mijo y dos capones.

No Catastro de Ensenada (1752) cítanse na parroquia “dehesas y *toxales cerrados*”.

Redondo, O

Lugar da parroquia de Ouzande

O adxectivo correspondente ao latín RÖTUNDUS pode aplicarse a diferentes realidades *redondas* ou redondeadas, que poden ser un agro, un campo, un monte, un penedo etc.

Nunha atestación do ano 1587 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o “lugar y casal que se dize de *Rredondo*” en “San Lorenzo de Ousande”. Noutro documento de 1853 do *Libro de Fundaciós* da parroquia de San Lourenzo de Ouzande, publicado polo que foi párroco desta freguesía Manuel Castiñeira, cítase “el lugar *del Redondo*”.

Redondo é outro dos apelidos estradenses coincidentes con topónimos, aínda que neste caso tamén puido ser o apelido o que lle dese o nome ao lugar e non ao contrario.

Rego, O

Lugar da parroquia de Remesar

O hidrotopónimo *O Rego* refírese a unha pequena corrente fluvial natural ou unha condución de auga para regar un herbal.

Nun documento do ano 1547 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago lemos:

Escritura de arrendamiento por 3 años, de Francisco do *Rego*, racionero de Santiago, en nombre de Cristóbal de Soto, canónigo de Santiago, a Pedro de Camafreita, vecino de San Martiño de Riobó [Riobó é parroquia limítrofe con Remesar], de las tres cuartas partes sin cura del beneficio de San Martiño de Riobó.

Noutra atestación de 1553 do mesmo arquivo temos: “Venta de Juan Besteiro, vecino de San Vicenzo de Berres [Berres é parroquia próxima a Remesar], a Juan López de San Juan, canónigo de Santiago, de varios bienes que le pertencían por herencia de María do *Rego*”.

Regueiro, O

Lugar da parroquia de Arnois

O Regueiro é un topónimo derivado de *rego* e refírese a un pequeno curso de auga ou á canle que distribúe a auga polos prados.

Este topónimo non se encontrou na documentación antiga nin tampouco en Madoz. Aparece nos nomenclátors dende o de 1930.

Reguengo

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

O de *Reguengo*, topónimo repetido en Galicia, refírese a unhas posesións reais ou de *reguengo*, do latín serodio REGALENGU. O sufixo *-engu*, de orixe xermánica, que expresa posesión ou pertenza, tamén esta presente nas palabras *avoengo* e *abadengo*, referidas, respectivamente, ás terras ou posesións de particulares herdadas dos seus antepasados ou avós, e ás dunha abadía, é dicir, de titularidade eclesiástica, fronte ás de propiedade real ou de *reguengo*.

As de titularidade eclesiástica, tamén chamadas de señorío eclesiástico, eran distintas ás de señorío civil, que eran as propiedades da nobreza, palabra referida neste caso ao estrato social así chamado e non á calidade de nobre no sentido de individuo honrado e distinguido.

Nun documento do ano 1112 publicado por López Ferreiro na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, a raíña Urraca, primoxénita de Afonso VI e viúva de Raimundo de Borgoña, doa á Igrexa de Santiago unha súa terra de *regalengo* que tiña entre os ríos Ulla e Tambre: “Ego Urraca totius yspanie regina facio cartam

et testamentum Ecclesie Bti. Iacobi et [...] de toto illo *regalengo* et infantatico quod habeo inter Uliam et Tamar”. Noutra atestación do ano 1593 do Arquivo da Catedral de Santiago obrígase a un tal Juan da Fonte, veciño da parroquia de San Cristovo de Reis, Teo (A Coruña), a pagar a Juan Calvelo, veciño de San Xiao de Veá, catro ducados que lle debía do lugar de *Regengo*.

Regengo é apelido estradense que reproduce na grafía da segunda sílaba o fenómeno fonético da gheada.

Reigada, A

Lugar da parroquia de Arnois

O topónimo *A Reigada* procede do latín *RADICATA*, participio do verbo *radicare* ‘botar raíces, arraigar’, e alude a antigos arboredos onde, logo de seren cortadas as súas árbores, quedaron as raíces sen sacar.

Este nome de lugar non se atopou na documentación antiga, tampouco no dicionario de Madoz. Aparece nos nomenclátoreos dende o de 1930.

Remesar (San Cristovo)

Parroquia

O nome de lugar *Remesar* podería remitir a un antigo (*VILLA*) *REMESARII*, en alusión a unha *villa* agrícola medieval dun tal *Remesarius*, nome de orixe xermánica composto das raíces góticas *RIMIS-* ‘tranquilidade, repouso’ e *-HARJIS* ‘exército’.

Como non hai ningún lugar concreto que reciba o nome de *Remesar*, topónimo que hoxe dá nome a toda a freguesía, é probable que *Remesarius* vivise e tivese a súa facenda en lugares como o hoxe chamado *A Aldea Grande* (hoxe non hai consciencia nin recordo de que se chamase *Remesar*) ou nalgún próximo á igrexa parroquial, templo que aínda conserva a súa primitiva portada románica. Ao seu carón, o cemiterio, repleto de flores o día que o visitamos, perpetuaba con estas ofrendas vexetais a memoria dos defuntos alí enterrados. Xusto enriba deste evocador camposanto érguese o castro de Remesar, cuxo terraplén sur cae sobre os nichos e as tumbas, formando un espazo sagrado que nos impresionou pola súa beleza e soidade.

Malia o anterior, a existencia de topónimos como *O Remesal*, en Tui (Pontevedra), e *Remesedo*, Palas de Rei (Lugo), fan pensar na confluencia de derivados do antropónimo cunha familia léxica fitonímica.

Nun documento de 1584 do *Portal de Archivos Españoles* cítase: “la felegresía de San Cristovo de *rremesar*, tierra de Taveyros”.

O apelido toponímico *Remesar*, nado na parroquia de San Cristovo de *Remesar*, é propio do concello da Estrada, á parte doutras partes de Galicia onde haxa outros lugares chamados *Remesar*.

Renda

Lugar da parroquia de Santeles

Rendo

Lugar da parroquia de Oca

O topónimo *Rendo* vén da palabra latina *RANĒTU, abundancial en -ĒTU > -*edo* de RANA ‘ra’, en referencia a unha charca ou similar abundante nestes anfibios. Do feminino RANĒTA vén o topónimo *Renda*, nome dun lugar da parroquia de Santeles, que é citado coa súa forma etimolóxica, *Raneta*, na *Historia Compostellana*: “[...] castellum nomine *Ranetam*”. Castelo así chamado, destruído por mandato do arcebispo Xelmírez, que debeu estar a carón de *Renda*, no lugar da Torre, fortificación que puido levantarse sobre un castro que hai neste lugar.

Nunha atestación do ano 1198 do mosteiro de Oseira é citada unha corrente fluvial de nome *Raneta*, que debe ser o río hoxe chamado de Enviande da parroquia de Santiago de Sobrecedo, Taboada (Lugo), afluente do Miño: “villa pernominata Superceto, sub aula Sancti Iacobi discurrente rivulo *Raneta*”. Outro texto de 1552, do Arquivo da Catedral de Santiago, referido ao topónimo *Rendo* da parroquia de Oca, fala dun tal “Gonzalo de *Rendo*”, labrador, veciño de Santo Estevo de Oca. Sobre o lugar chamado *Renda* da parroquia de Santeles, nunha atestación do ano 1554 do Arquivo da Catedral de Santiago, lemos: “lugares de Byasque e de *Renda* e del lugar de Sas, sytos en la felegresya de San Juan de Santeles”. Nun documento de 1576 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, publicado por Damián Porto Rico, o apoderado do prior do Priorado compostelán de Sar fai un foro a un tal Juan *Rendo*, veciño da parroquia de Santa María Madalena da Ponte Ulla, Vedra (A Coruña).

Rendo, máis abundante, e *Renda*, son apelidos toponímicos característicos do concello da Estrada. Entre outras persoas estradenses, levou o apelido *Renda* dona Virxinia Pereira Renda, a muller de Castelao.

Topónimos coa mesma orixe e significado que os de *Rendo* e *Renda* son os casteláns *Ranedo* e *Raneda*.

Requián

Lugar da parroquia de Frades

Para comprender o topónimo *Requián* cómpre retraerse a unha antiga (VILLA) de REQUILANE(M), en acusativo, nome aplicado a unha *villa* agrícola do medievo dun tal *Rékila* ou *Ríkila*, antropónimo de orixe xermánica, documentado, entre outras formas, como *Riquila*, formado por REC(C) < RIQIS- ‘escuridade’ ou WRIKAN- ‘perseguir’, máis o sufixo hipocorístico, familiar ou afectuoso -ILA(NE). Outra posibilidade sería que o topónimo *Requián* proviñese de (VILLA) REQUILANI ou de *Requilanus*, antropónimo máis latinizado có de *Réquila*, do cal é un derivado.

Na doazón que fai o presbítero Letimio no ano 947 á igrexa de Santa María de Paradela, documento de ámbito estradense onde aparecen varios topónimos do concello, o de *Requián* amósase como *villa Riquilani*: “et inde per arca que dividet inter Cordario [no limítrofe concello de Valga] et *villa Riquilani*”.

Rial

Lugar da parroquia de Guimarei

O hidrotopónimo *Rial*, emparentado coa palabra latina RIVU ‘arroyo’, refírese a unha pequena corrente fluvial que pasa polo lugar de *Rial*.

No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, atestación do ano 1531, temos: “Gonçalo de *Rrial*, vezino de la felegresía de San Gíao de *Rrial*”, en 1554, “Gregorio do *Rrial*, vezino de la felegresía de San Gíao de Guimarei”, e, no ano 1556, “lugar y casal que se dize do *Rrial*, syto en la felegresía de San Gíao de Guimarei”.

Tamén “lugar e casal que se dize do *Rrial* en San Gíao de Guimarey”, ano 1566, e “Gregorio do *Rrial*” en 1572, ambos os dous documentos pertencentes ao Arquivo da Catedral de Santiago.

Parece, pola devandita documentación, que o actual lugar chamado *Rial* foi con anterioridade *O Rial*.

Riamonde

Lugar da parroquia de Arnois

Lugar da parroquia de Lamas

En *Riamonde* está agochado o nome dun antigo posesor da terra, que hoxe se chamaría *Raimundo* ou *Reimundo*, xa que este topónimo provén do sintagma latino (VILLA) *RAGIMUNDI, aplicado a unha *villa* agrícola ao fronte da cal estaría unha persoa chamada **Ragimundus* ou *Regimundo*, este documentado; antropónimo latinizado de orixe xermánica composto polos temas góticos RAGIN- ‘consello’ e -MUND ‘protección’.

En canto á sílaba inicial *Ria-* de *Riamonde*, talvez se deba á interferencia da palabra *río*, pois o esperable sería *Reimonde*.

O tal **Ragimundus* puido ser unha soa persoa con posesións nos dous lugares estradenses chamados *Riamonde* ou dúas distintas do mesmo nome con cadanseu dominio territorial. Nunha atestación do ano 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o “lugar e casal de *Riamonde* en San Breixome de Lamas”. O lugar *Riamonde* da parroquia de Arnois non se rexistra ata Madoz (1845).

O apelido patronímico *Reimóndez*, en orixe ‘fillo de *Raimundo* ou *Reimundo*’, é outro apelido estradense.

Riba, A

Lugar da parroquia de Callobre

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Riba de Veá

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Ribas

Lugar da parroquia de San Pedro de Ancorados

Ribas, *Riba* e *A Riba* son topónimos orográficos provenientes do latín *RIPA* ‘ribeira, ribada, ribazo’, referidos a costas, ribeiras ou ribazos que empezan nunha corrente de auga, caso de *Riba de Veá*, lugar situado na *riba* ou *ribeira* do río Veá, a segunda corrente fluvial estradense máis importante, despois do Liñares, que desemboca no Ulla.

Un documento do ano 1535 do Arquivo da Catedral de Santiago cita un foro “a favor de Gonzalo de Moreira, labrador, vecino de San Martiño de Callobre, y a Inés de Moreira, el lugar de *A Riba*, sito en dicha feligresía”. Noutra atestación de 1541 da mesma fonte documental lemos: “Arriendo hecho por Juan de Vite, platero avecindado en la ciudad de Santiago, a Antón Ferrín, labrador vecino de la feligresía de San Xurxo de Veá, del casal de *A Riba* y otros de la citada feligresía”. En 1570, tamén no Arquivo da Catedral de Santiago, “lugar que se dize de *Riba de Bea*” e, en 1608: “lugares de *Ribas Grandes* e *Ribas Pequenas*” polos que paga “Juan de Marque” (no rexesto *Mareque*) veciño de San Pedro de Ancorados. Aínda hai un documento anterior de 1535 do mesmo arquivo en que o resumo ou rexesto cita a Juan de Mareque de *Ribas*, veciño de San Pedro de Ancorados. *Mareque* podería ser aquí erro de lectura ou de copia por *Marque*, aínda recoñecendo que *Mareque* e topónimo e antroponónimo do concello de Boqueixón.

Outros topónimos do concello da Estrada relacionados co da *Riba* son, á parte do seu plural *Ribas*, o seu diminutivo *Ribela*, o seu composto *Sorribas* e o seu derivado *A Ribeira* e *Ribeira*, explicados máis polo miúdo nas súas correspondentes entradas.

Ribadulla

Lugar da parroquia de Arnois

O topónimo *Ribadulla*, situado na *RIPA*, *riba* ou *ribeira* do río Ulla, fai referencia a esta circunstancia hidrotográfica.

Nun documento do ano 1592 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “Domingo Gómez de *Rribadulla*, vezino de San Juan d’Arnoys”.

De *Ribadulla* poderían proceder os primeiros estradenses apelidados *Ribadulla*, aínda que este é topónimo que se repite en varios lugares e dá nome a parroquias

nos concellos coruñeses de Vedra e Santiso, que tamén orixinaron o correspondente apelido.

Ribeira (Santa Mariña)

Parroquia

Ribeira, A

Lugar da parroquia de Berres

Lugar da parroquia de Ribeira

Lugar da parroquia de Santeles

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

O topónimo *A Ribeira*, procedente do latín *RIPARIA* ‘ribeira’, e este, de *RIPA* ‘ribeira, costa’, é un nome de lugar moi frecuente en Galicia, referido a *ribeiras* de mar ou de río, caso dos lugares chamados *A Ribeira* do concello da Estrada, todos, menos o da parroquia de Santo André de Veá, que está sobre o río Veá, situados na ribeira do Ulla, na parte máis ribeirá do concello da Estrada. Tamén *Ribeiradona*, topónimo que comentamos de seguido, localizado na *ribeira* ou vertente que cae cara ao Ulla, pero un pouco máis afastado da ourela do río que os anteriores.

Unha atestación do ano 1093 do mosteiro de Celanova di: “villa quam vocitant *Riparia*, iuxta aula vel monasterium que ita vocitant *Riparia*”, que corresponde a actual parroquia de Santa María de Mosteiro de *Ribeira*, do concello ourensán de Xinzo de Limia, onde houbo un mosteiro dependente do de Celanova.

Un texto de 1612 do Arquivo da Catedral de Santiago cita un tal Juan Núñez, veciño da freguesía estradense de *Santa Marina derribeira*. Noutra atestación de 1639 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicada por Damián Porto Rico, lemos: “obligacion que hizo Juan Alvarez vez[in]o de *S[an]ta Mariña de Ribeira* al Capitan Dn Alonso [...]”.

Ao lugar chamado *A Ribeira* da parroquia de Berres seguramente se refira un documento do ano 1591 do Arquivo da Catedral de Santiago que menciona a “Pedro da *Ribeira* el Mozo, hijo de Gonzalo da *Ribeira*, vecino de San Vicenzo de Berres”. No mesmo arquivo, ano 1541, sobre o lugar *A Ribeira* da freguesía de Santa Mariña de Ribeira temos: “lugares y aldeas de A Ponte de Sarandón y la aldea de *Ribeira*, sitios ambos en la parroquia de Santa Mariña de Ribeira”.

A Ribeira da parroquia de Santo André de Veá, figura como *Ribeira de Veá* nun documento de 1529 no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Santiago: “lugar e casal que se dize *da Rribeira de Veá* en la felegresya de Santo André de Veá”.

Ribeiradona

Lugar da parroquia de Paradela

O topónimo *Ribeiradona*, formado polo núcleo nominal *Ribeira* + (probablemente) o antroponónimo adxectivo *Dona*, pode equivaler a **Ribeira de Dono*, nome dunha *ribeira* ou terreo con vertente cara a un río, neste caso o Ulla, propiedade dun tal *Dono*, antroponónimo de orixe latina documentado en Kajanto, que en orixe sería *Domnus* ou *Dominus* ‘señor’.

Así, de RIPARIADOMNA teríamos hoxe *Ribeiradona*, ou **Ribeira de Dono*, como, por exemplo, a tamén forma en función adxectiva de época imperial, citada noutra entrada, *Via Apia*, equivale a *Via de Apio*.

Volvendo ao concello da Estrada, outro topónimo da mesma parroquia, de igual composición e co mesmo antroponónimo adxectivo que *Ribeiradona*, é *Pena Dona*, polo que albiscamos que o tal *Domnus*, ou máis tardiamente unha persoa apelidada *Dono*, puido ter varias posesións territoriais nesta freguesía, aínda que tamén se podería tratar de persoas distintas. Sexa como for, hoxe o de *Dono* é un dos apelidos característicos do concello da Estrada.

O topónimo *Ribeiradona* non se encontrou na documentación antiga nin en Madoz, pero rexístrase no Nomenclátor de 1910. Dado que se atesta tardiamente, seguramente se formou a partir de *Dono* como apelido ou segundo nome.

Ribela (Santa Mariña)

Parroquia

A parroquia de *Ribela*, de RIPĒLLA, diminutivo de *ripa* ‘ribeira, costa’, debe o seu nome ao feito de estar sobre unha ribeira ou vertente que cae cara ao río Umia; ribeira que, ao ser bastante alta e empinada non xustifica moi ben a terminación de diminutivo *-ela* < -ĒLLA, que quizais non teña neste caso valor de diminutivo *stricto sensu*, ao non ser que o topónimo *Ribela* se refira exclusivamente ao terreo inmediato á igrexa parroquial, que si amosa unha caída ou vertente suave, que se acentúa máis abaixo para rematar no río.

En documentación do Arquivo da Universidade de Santiago, ano 1520, lemos: “Santa Marina de *Ribela*”.

Río, O

Lugar da parroquia de Agar

Lugar da parroquia de Riobó

Topónimo de obvio e transparente significado, en latín RIVU, primeiro ‘arroio, río pequeno’, referido, no caso do lugar chamado *O Río* da parroquia de Agar, a un dos brazos fluviais que logo formará o chamado regueiro de Barcia, afluente do río Bo, que dá o nome a parroquia de *Riobó*. Este lugar chamado *O Río* está a carón do da *Lagoa*, referido a unha lagoa, seguramente estacional, que se puido formar coas

enchentes doutra pequena corrente fluvial próxima á que pasa a carón do lugar do *Río*. Ambas as dúas forman despois o regueiro de Barcia.

En canto ao lugar chamado *O Río* da parroquia de Riobó, está situado a carón do devandito río Bo ou Riobó e pertence, xa que logo, ao mesmo sistema ou tramado fluvial, pero augas abaixo, que o lugar nomeado *O Río* da freguesía de Agar.

Este topónimo non se encontrou na documentación antiga. Tampouco no dicionario de en Madoz nin antes do Nomenclátor de 1930.

Río dos Sapos

Lugar da parroquia de Matalobos

A aldea estradense *Río dos Sapos* tomou o seu nome dunha pequena corrente fluvial así chamada, que nace nas súas inmediacións e que serve de límite natural polo oeste entre a parroquia de Matalobos e a da Estrada. *Río dos Sapos* é un topónimo de obvio e transparente significado, que nos fala dun pequeno curso de auga abundante en *sapos*, voz de orixe incerta, quizais prerromana, aínda que tamén podería tratarse dunha antiga formación onomatopeica.

Non se encontrou documentación antiga deste topónimo ata o Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada da parroquia de Matalobos (1752), onde se cita entre as tabernas: “otra en el lugar de *Río de Zapos*”. En Madoz (1845) aparece *Río dos Sapos* entre os lugares da parroquia.

Riobó (San Martiño)

Parroquia

Véxase a entrada seguinte.

Riomao

Lugar da parroquia de Loimil

Polo lugar de *Riomao* pasa o pequeno río do mesmo nome. Tal como parece, o topónimo *Riomao* contén na súa primeira parte a voz *río* < RIVU. En canto á súa segunda, *-mao*, máis problemática, podería provir de MALU ‘malo’, aínda que, como nos indica a documentación medieval, non todos os topónimos *Riomao* se refiren a ríos malos ou *maos*, pois algúns, ao aparecer nos textos antigos como *flumine Humano* ou *rivulo Omano*, poden remitir a unha raíz hidronímica prerromana *UM ‘húmido, líquido, auga’, máis, talvez, o sufixo latino -ANUS. Tema hidronímico, o de *UM, tamén presente no vocábulo latino *umor* ‘líquido, húmido’ e nos hidrotónimos *Eume*, *Umia* e *Uma*.

Curiosamente, o río reflectido no topónimo *Riomao* da parroquia de Loimil pasa a chamarse *Riobó* na segunda parte do seu percorrido, dando nome á parroquia de San Martiño de Riobó, polo que pensamos que este topónimo *Riobó* quizais non se

refira ás bondades do río por levar moita auga etc., pois podería tratarse dun nome de lugar meramente replicante e eufemístico, creado para borrar a connotación negativa que os antigos lle vían ao nome da primeira parte deste mesmo río.

Malia o anterior, tamén puido suceder que a primeira parte do río se chamase *Riomao*, ou río malo, en referencia á pouca auga que leva ata chegar á parroquia de Riobó, onde, ao recibir as augas do regueiro de Barcia e aumentar considerablemente o seu caudal, recibiu o nome de *Riobó*. Sexa como for, a parroquia de Santa María de Loimil, á que pertence o lugar de *Riomao*, puido chamarse primeiro *Sancta Maria de Rio Malo* ou *Riomao*, pois nun documento do ano 1115 do *Tumbo A da Catedral de Santiago* cítase unha parroquia chamada *Sancte Marie de Rio Malo* mencionada xunto ás de Dornelas (parroquia do concello de Silleda lindeira coa estradense de Loimil), Cira, (parroquia de Silleda lindeira coa de Dornelas) e San Miguel de Castro (freguesía estradense lindeira coa de Cira). No documento tamén se inclúe *Sancti Salvador de Rio Malo*, que non logramos identificar, a non ser que a actual parroquia de Loimil conteña as antigas de *Santa María de Riomao* e *San Salvador de Riomao*.

Nunha atestación do ano 1082 do mosteiro de Samos unha das referencias físicas dunha antiga delimitación territorial era unha corrente fluvial chamada *Humano*: “et inde ad aquam de *Humano*”.

Nun documento do mosteiro de San Xurxo de Codeseda do ano 1419 recóllese a atestación “ena fliguesia de Sam Martino de *Rioboo* eno lugar que dizem *Rio Boo*”. Nótese que o lugar da parroquia de Riobó que hoxe é *O Río* debeu chamarse tamén *Riobó*. Outra atestación de 1568 do Arquivo da Catedral de Santiago documenta *Sant Martyno de Rrioboo*.

Rocaforte

Lugar da parroquia de Berres

Roca-, a primeira parte do topónimo *Rocaforte*, é de orixe incerta, seguramente prerromana. En canto á segunda, corresponde ao latín FŌRTE ‘forte’. É moi probable que no lugar estradense chamado *Rocaforte* houbera antigamente un pequeno castelo, castro ou *forte*, construído sobre unha roca, de aí o topónimo *Rocaforte*. Esta fortificación, da que non se ten documentación nin oral nin escrita, puido estar no gran outeiro rochoso hoxe ocupado pola capela do Amparo. Sería, así, o topónimo *Rocaforte* similar ao nome do castelo chamado *Rocha Forte* da parroquia santiaguesa de Conxo, que se refire a un dos castelos medievais máis emblemáticos da mitra compostelá, cuxas ruínas se atopan no lugar coñecido como *A Rocha Vella*. En Francia, o lugar de *Roquefort*, célebre polos seus queixos, referírase á mesma circunstancia.

Un topónimo parecido ao de *Rocaforte*, que troca a palabra *roca* pola de *monte*, é o de *Monforte*, referido a un castelo ou *forte* construído sobre un monte.

A capela do Amparo do lugar estradense chamado *Rocaforte* está sobre unha rocha que no seu día foi considerada forte, talvez por servir de base a un pequeno castelo ou forte



Unha atestación do ano 1600 do Arquivo da Catedral de Santiago cita “la balga y lugar de *Rocaforte*, syto en la felegresía de San Viçenço de Berres”, en referencia á valga ou valgada que hai debaixo do lugar de Rocaforte, situado nunha pequena elevación de terreo sobre a devandita roca.

Rollo, O

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

O lugar do *Rollo* está situado nun antigo cruzamento de camiños, un dos cales é a actual estrada PO-841 (A Estrada-Santiago), moi probablemente antes un camiño real, a carón do cal debeu estar o *rollo*, en galego *pelouriño*, contemplado no topónimo *O Rollo*, o cal, sendo un castelanismo, fai referencia a un antigo *rollo* que debeu haber no lugar, columna así chamada, utilizada ás veces como picota, onde se axustizaba aos reos condenados á pena de morte ou se castigaba en público outro tipo de penados.

Estas columnas cilíndricas de pedra, á parte destas tristes funcións, tamén serían como pedras de termo e como cruces de peregrinos, suposto que lle pode acaer ao *rollo* que nos ocupa, situado no antigo camiño de peregrinos, hoxe esquecido e convertido en estrada e que, procedente de Portugal e das terras do Avia, pasaba polos lugares estradenses de Codeseda, A Consolación, Tabeirós, A Estrada e O Rollo, abandonando o concello pola Pontevea.

O topónimo *O Rollo* non se encontrou na documentación antiga e tampouco en Madoz. Nos nomenclátoreos só figura desde o de 1970.

Rosallo, O

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Os substantivos *roza* e *rozo* sinalan lugares gañados ao monte, mediante a operación de *rozar* ou limpalo de maleza, para despois sementar cereais. Este labor puido dar, é só unha hipótese, o topónimo *O Rosallo*, que podería ser seseo ou troco de sibilantes dun posible **O Rozallo*, que sinalaría un antigo *rozo* ou *roza* que, pola súa escasa produción agrícola ou por ser mal rozado ou cavado, merecería a consideración de **rosallo* ou **rozallo*, co sufixo despectivo *-allo*, en latín *-ACŪLU*, presente tamén noutras palabras con valor pexorativo, tales como *pingallo* ou *refugallo*.

Hai atestacións dende polo menos o ano 1504 en *Galiciana* e no Arquivo da Catedral de Santiago deste nome de lugar coa súa forma actual e coa, menos frecuentemente, *Rosayo*, nunca con *ç*, que contradín a nosa anterior hipótese, polo que cabería a posibilidade de que *O Rosallo* procedese de **ROSARIU*, forma que, con disimilación de líquidas, chegaría a **ROSALIO* e de aí o actual *Rosallo*, co que o topónimo podería ter relación co tema de *rosa*, referido á flor dese nome.

En documento do ano 1504, en *Galiciana*, rexístrase “Rodrigo do *Rosallo* [...] aldea do *Rosallo*”.

Rubín (Santa María)

Parroquia

Para explicar o topónimo *Rubín* cómpre partir de (VILLA) *RUBINI*, sintagma alusivo a unha *villa* agrícola do período medieval dun tal *Rubinus*, antropónimo latino derivado, co sufixo *-inus*, de *Rubius*. A partir dun sintagma (VILLA) *RUFINI* tamén se podería chegar ao actual *Rubín*, polo que neste topónimo tamén podería subxacer o antropónimo igualmente latino *Rufinus*.

Nun testemuño documental do mosteiro de Samos do ano 1086 cítase unha: “villa vocabulo *Rubin*, iuxta rivulum Vesunia”, isto é, unha *villa* chamada *Rubín* que estaba xunto ao río Visuña, na serra do Courel. Nunha atestación de 1567 do Arquivo da Catedral de Santiago noméase un tal Domingo do Barro, veciño da parroquia de *Santa María de Rrubín*.

Sabucedo (San Lourenzo)

Parroquia e lugar do concello

Sabucedo é un fitotopónimo procedente de **SA(M)BUCĒTU*, abundancial ou colectivo, en *-ĒTU*, do arbusto chamado *sabugo* ou *sabugueiro*, que en Galicia tamén recibe o nome de *bieiteiro*. Daquela, o topónimo *Sabucedo* refírese a un conxunto ou grupo de *sabugos*, pequena árbore que dá uns froitos cos que os nenos estradenses dos primeiros anos sesenta xogabamos a facer unha especie de “viño tinto”.

Nun documento de 1594 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “Afonso Blanco vecino de San Lourenzo de *Sabucedo*, labrador”.

Sabugueiro, O

Lugar da parroquia de Lagartóns

O fitotopónimo *O Sabugueiro* refírese tamén á planta chamada *sabugueiro*, *sabugo* ou *bieiteiro*.

Non se encontrou na documentación antiga nin no dicionario de Madoz. Nos nomenclátors tampouco figura ata despois do ano 1970.

Sagrada, A

Lugar da parroquia de Codeseda

O topónimo *A Sagrada*, procedente do adxectivo latino SACRATA ‘sagrada, consagrada’, estaría acompañado dun substantivo de xénero feminino, hoxe desaparecido, que puido ser a palabra *fonte* ou o correspondente latino FŌNTE. Configuraríase así unha posible base *(FŌNTE) SACRATA. O anterior parece concordar coa antiga existencia no lugar dun cenobio feminino chamado mosteiro de *Augas Santas*, hidrotopónimo que podería ser un alias do de **A Fonte Sagrada*, hoxe talvez *A Sagrada*, referido á posible cristianización dunha antiga fonte ou lugar de culto ás augas, logo sacralizado pola nova crenza, que vería a necesidade de se establecer de maneira permanente no lugar, fundando o devandito mosteiro de monxas. Esta colonización relixiosa veríase axudada pola influencia do antigo camiño de peregrinos que, procedente de norte de Portugal e das terras do Avia, pasaba polo actual lugar da *Sagrada*, cuxa fonte –tamén hai outra moi próxima– coñecida como a fonte da feira, podería ser a nomeada no topónimo *A Sagrada*, probablemente, antes da elipse da palabra *fonte*, **A Fonte Sagrada*.

O topónimo *A Sagrada* non se encontrou na documentación antiga nin en Madoz. Figura nos nomenclátors a partir do de 1910.

Salouzans

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo *Salouzans* suxire nun principio, pola súa terminación *-áns*, ser un xeniticio, quizais proveniente, como propón E. Bascuas, dunha forma **SALLONTIANOS*, con vocalización de *-n- > -u-*, referido a uns poboadores procedentes dun lugar chamado **Salouza*, **Salonza* ou similar.

Tamén podería ser que o topónimo *Salouzans* se referise a unha familia ou a un grupo social alcuñado **louzáns*, alcume colectivo construído co adxectivo *louzán* ‘fermoso, saudable, garrido’. A este respecto nun documento de 1567 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un lugar chamado *das Louzans* ou *das Louzanas*, hoxe non identificado, pertencente á parroquia de Arca, polo que sería posible que o topónimo *Salouzans* fose un composto da voz de orixe xermánica **SALA* ‘pazo, residencia principal, casal, quinta’, máis o sobrenome, logo apelido, *louzán* < **LAUTIANU* en plural, en referencia ao alcume ou apelido da familia propietaria

dun pazo, tipo de edificación que segundo a documentación antiga existiu no lugar de *Salouzáns*.

Outra posibilidade sería que o topónimo *Salouzáns* escondese o antropónimo *Xan Louzán*, alterado cun plural secundario e despalatalización da primeira palatal por interferencia do adxectivo *san*.

A primeira atestación que se encontra, ano 1544, Arquivo da Catedral de Santiago, é a de: “lugar e casal de *Salouzáns*”, en San Breixo de Lamas. No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, ano 1562, rexístrase “paço de *San Loucán* [Louçán]”. Noutro documento do Arquivo da Catedral de Santiago do ano 1566 cítase o lugar de *Salouzáns*, entregado a un tal Bartolomé de *San Louzán*, veciño da parroquia de San Breixo de Lamas. En *Galiciana*, temos en 1625 “Jerónimo de *San Louzán*” e en 1778 “Andrea de *San Louzáns*”, a primeira vez que o topónimo aparece con -s final.

En Madoz figura como *San Louráns*, igual ca no Nomenclátor de 1910, seguramente a partir dun erro de lectura. No de 1930, 1940 e 1970 *Sanlouzáns*, pero a partir deste último *Salouzáns*.

Parece, pois, que as atestacións máis antigas apuntan a que orixinalmente o topónimo comezaban por *San-*.

Louzao é apelido estradense, o mesmo que *Sanlouzáns*, que aparece na documentación administrativa como topónimo no canto de *Salouzáns*. Caso dunha escritura do ano 1725, publicada por Damián Porto Rico, nos que se cita o lugar de *Sanlouzáns*, forma talvez debida á interferencia dos haxiotopónimos en *San-*, aínda que tamén podería conter o *n* non etimolóxico e característico da zona presente nos topónimos así mesmo estradenses *Pinguenla*, *Marcenlos*, *Constenla*, *Campenlos*, *Monllarrabo* etc.

San Bartolomeu, O

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

O haxiotopónimo estradense *O San Bartolomeu* refírese á capela desa advocación, existente no lugar e talvez fundada no ano 1754. Así, segundo o libro *A Estrada rural* de Manuel Reimóndez, na porta principal do santuario existiu unha inscrición que dicía que se fixera coa aportación económica dos fregueses nesa data.

O nome *Bartolomeu* ou *Bertolameu*, procede, a través do latín eclesiástico *Bartholomaeus* e do grego *Bartholomáios*, do arameo *Bar Talmái*, de BAR ‘fillo’, e TALMAI, nome propio que se ten identificado co grego *Ptolomeo*. Bartolomeu, tamén chamado Natael, foi o máis enigmático dos doce apóstolos. Non resulta claro establecer os lugares da súa predicación. Segundo unha tradición recollida por Eusebio de Cesarea, Bartolomeu marchou a predicar o evanxeo á India. Tamén estaría en Palestina, Etiopía, Arabia, Persia e finalmente Armenia, onde sufriu martirio en Ereván a mans dos verdugos dun rei pagán chamado Astiaxe.

En Galicia ten bastante culto, como o demostran as 36 parroquias de que é titular.

San Lois, O

Lugar da parroquia de Orazo

O lugar do *San Lois* recibe o seu nome da capela de *San Lois*, santo festexado o día 25 de agosto.

Lois é un nome de orixe xermánica, latinización medieval dun orixinario *Hlodwig* ou *Hladowig*, composto de *HLOD* ‘gloria’ e *WIG* ‘batalla’. San Lois IX (1214-1270), rei de Francia, caracterizouse por favorecer as ordes mendicantes, fundar hospitais e ampliar a beneficencia.

Nun documento do ano 1624 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “Gregorio de *San Loys*, vezino de la felegresía de San Pedro D’Oraço”.

San Martiño

Lugar da parroquia de Barbude

Lugar da parroquia de Curantes

Lugar da parroquia de Riobó

Lugar da parroquia de Vinseiro

A advocación de *San Martiño*, que se debe referir a *San Martiño* de Tours, pode ser indicio, como o tamén estradense *San Xiao*, da existencia de antigos camiños medievais.

No caso dos lugares nomeados *San Martiño* das parroquias de Barbude e Riobó, *San Martiño* é o titular destas freguesías, se ben o lugar chamado *San Martiño* da de Barbude recibe a súa denominación dunha capela onde se venera este santo, templo que, polas súas reducidas dimensións, non acada a categoría de igrexa parroquial, xa que os fregueses da parroquia, hoxe suprimida, que foi anexa da de Santa María de Paradela, dependen eclesiasticamente desta, en cuxo cemiterio se enterran.

O nome galego *Martiño* provén do nome romano *Martinus*, derivado de *Mars*, *Martis*, que era o deus da guerra.

San Martiño de Tours (316-397), foi o apóstolo das Galias, nado en Panonia (Hungría). Fillo dun tribuno militar, entro no exército romano moi novo. Segundo a tradición, estando de gornición en Amiens nunha fría noite de inverno, esgazou a súa capa en dous anacos e deulle un deles a un pobre. Deixa o exército, recibe o bautismo e permanece na cidade de Poitiers acompañando a San Hilario. Debido á súa sona de milagreiro foi elixido bispo de Tours.

Os apelidos estradenses castelanizados *Samartín*, *Sanmartín* e *San Martín* provirán dos lugares estradenses chamados *San Martiño*.

San Miguel de Barcala (San Miguel)

Parroquia

Para *Barcala* véxase a entrada *Barcala (Santa Mariña)*. Para a advocación San Miguel, véxase embaixo, a entrada *San Miguel*.

San Miguel de Castro (San Miguel)

Parroquia

San Miguel

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O nome *Miguel* provén do hebreo מִיכָאֵל, que significa ‘quen coma Deus?’. San Miguel é o máis popular dos arcanxos; cabaleiro, guerreiro e príncipe dos anxos. No Antigo Testamento el é o capitán das milicias de anxos fieis fronte aos anxos rebeldes. No catolicismo Miguel é o condutor das almas dos mortos, quen as ha de pesar coa súa balanza o día do xuízo final. A súa festa é o 29 de setembro. San Miguel é o santo titular de 149 parroquias galegas, o sexto que máis ten.

Nun documento do ano 1032, publicado no *Tumbo A de la Catedral de Santiago* e na *Historia compostellana* do P. Flórez, lemos: *Sanctum Micahalem de Barcala*. Noutra atestación de 1523 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase a “Diego de Sande, clérigo de *San Miguel de Castro*”.

Para *Castro de San Miguel de Castro (San Miguel)*, véxase a entrada *Castro, O*.

San Pedro de Acorados (San Pedro)

Parroquia do concello

San Pedro

Lugar da parroquia de San Pedro de Acorados

O nome *Pedro* vén do latín PĒTRUS, forma masculina de *pĕtra* ‘pedra, rocha’, por ser o apóstolo chamado Pedro a pedra vivente sobre a que Cristo construíu a súa igrexa. San Pedro Apóstolo (séc. I), pescador de Cafarnaún en Galilea sobre o lago de Xenezareth, foi, xunto co seu irmán André, o primeiro dos apóstolos que seguiu a Xesús, a quen acompañou ata o arresto na horta das Oliveiras e, despois da resurrección, ata a ascensión. Logo da desaparición do seu mestre, viviu en Xerusalén onde o prendeu Herodes Agripa. Máis tarde marchou a Roma, onde se converteu no primeiro bispo. Finalmente, de novo en prisión, Nerón mandouno crucificar.

En canto a *Acorados*, aínda que Pedro Vidal no seu libro *La Estrada* non adoita acertar na interpretación de moitos topónimos estradenses, o que é lóxico tratándose dun autor do ano 1923, quizais sexa digna de comentar a que fai sobre o de *San Pedro de Acorados*: “nosotros nos inclinamos a creer, con conocimiento

del terreno, que viene de *Ancos*, codo, recodo o encorvadura del suelo, por ser así la condición topográfica del terreno”, explicación que non ten en conta que de *anco* sairía *ancado* e non *Ancorados*.

Outra posibilidade para o topónimo estradense *Ancorados*, que non ten o inconveniente anterior, apuntada por Gonzalo Hermo na súa tese de doutoramento, é que se retraía a unha forma orixinal *Encoirados*, con redución irregular do ditongo, derivada de *coiro*, en latín *CORIU*, co que *Ancorados* se referiría a uns pelamios ou antigas zonas onde se somerxían as peles en auga para curtirlas. Hipótese que tería soporte textual nun documento do ano 1245 do mosteiro de Melón, que cita un tal *Johannes Arias de Encoirados*, individuo que viviría no marco xeográfico da terra de Tabeirós, polo que sería factible a identificación do topónimo *Encoirados* co actual *Ancorados*.

Nun documento do ano 1184 do *Tumbo A de la Catedral de Santiago* cítase a “*ecclesia Sancti Iulani d’Encoyrados et in tota parrochia sua, videlicet (é dicir) in Marin*”, nome antigo, xa que logo, como tamén indica o P. Sarmiento da actual parroquia de San Xián de Marín (Pontevedra), á que pertence un lugar chamado *Coirados*, topónimo que E. Rivas na súa *Toponimia de Marín* relaciona cunha antiga instalación de curtidos de coiro; pelamios aos cales tamén se referirían, segundo o devandito autor, topónimos como os de río dos *Coiros*, *Encoirada* ou *Encourados*. A este respecto, o topónimo portugués *Encourados*, nome dunha freguesía do concello de Barcelos, aparece en documentación do século XIII como *Encoirados*.

Nun documento do ano 1531 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase a “Álvaro de Sanmartiño, vecino de la feligresía de *San Pedro de Ancorados*”. Outra atestación de 1549 pertencente ao Arquivo Histórico da Universidade de Santiago rexistra “Marcos de Sant Martiño [...] de la felegresía de *San Pedro d’ Ancorados*”. En 1534, Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, lemos: “felegresía de *Santomé d’ Ancorados*”.

San Tomé de Ancorados (San Tomé)

Parroquia do concello

Para *San Tomé* véxase a entrada seguinte; para *Ancorados* véxase a entrada *San Pedro*.

San Tomé

Lugar da parroquia de San Tomé de Ancorados

O antropónimo *Tomé*, variante de *Tomás*, procede do arameo ת'וֹמָא 'xemelgo'. O lugar de *San Tomé* está, como adoita suceder cos haxiotopónimos dos santos titulares das parroquias, onda a igrexa.

San Tomé (séc. I), pescador de Galilea e apóstolo de Cristo, díxolle unha vez que estaba disposto a morrer no canto del, pero logo dubidou da súa resurrección

ata que apalpou as feridas infrinxidas a Xesús na cruz. A tradición di que predicou o evanxeo na India.

En documentos da Real Chancelería de Valladolid (dispoñibles no *Portal de Archivos Españoles*) lemos *Santomé d’Ancorados* no ano 1503, e *Santomé d’Encorados* en 1514.

San Torcado

Lugar da parroquia de Souto

No lugar estradense chamado *San Torcado* debeu haber unha capela, hoxe desaparecida, dedicada a esa advocación, da cal puido formar parte unha imaxe que segundo a tradición oral foi vendida un ano de moita fame aos veciños do próximo lugar de Montillón de Arriba. A devandita capela de San Torcado debe ser a que o cardeal Jerónimo del Hoyo sitúa a principios do ano 1600, seguramente de maneira equivocada, na parroquia –contigua á de Santo André de Souto, da cal é parroquia matriz– de San Miguel de Arca nos seguintes termos: “Hay en esta felegresía dos hermitas, la una de San Mamed y la otra de *San Torcato*. Junto a esta iglesia está la hermita y granja de San Benito de Montillón”, lugar que é o actual Montillón de Arriba da parroquia de Santo André de Souto, polo que cómpre situar a desaparecida capela de San Torcado no contiguo lugar de *San Torcado* nesa freguesía e non na de San Miguel de Arca.

En canto á advocación de san *Torcado*, o seu nome vén do latín TORQUATU ‘torcado con torque, que leva torque’, palabra, a de *torque*, derivada do verbo latino *torqueo* ‘torcer’. Segundo a tradición romana, o nome *Torquatus* levaríao por primeira vez un guerreiro da *gens* ou familia Manlia, que despois de matar un soldado galo, quitoulle o seu *torque* (colar de ouro moi usado polos pobos celtas) para deseguido poñelo no seu pescozo, o que lle valería o alcume de *Torcado*.

San Torcado ou Trocado (séc. III-IV) é un dos primeiros evanxelizadores de España, que a tradición fai discípulo de Santiago. O seu sepulcro, que se atopa na igrexa prerrománica de San Trocado de Santa Comba de Bande ten, segundo a devoción popular, a virtude de curar doenzas dos ollos, polo que o sartego de pedra ten un lado limado polos devotos, que utilizan despois o po resultante mesturado con auga para sandar os seus males.

Na documentación antiga non atopamos este topónimo estradense de *San Torcado* ata Madoz (1845), en cuxo dicionario aparece coa forma *Santrocate* entre os lugares da parroquia.

San Vicente

Lugar da parroquia de Ribeira

O haxiotopónimo *San Vicente*, do latín VINCENTE ‘o vencedor, o vitorioso’, participio presente do verbo *vinco* ‘vencer’, fai referencia, no caso da Estrada, á capela dedicada a este santo. Desta ermida infórmanos M. Reimóndez Portela, quen indica que foi trasladada á súa localización actual –dende entón chamado *San Vicente*– no ano 1778, dende o lugar de Marque, onde aínda se conserva o microtopónimo *Veiga da Igrexa*, en recordo da súa primitiva situación. Da capela orixinaria en Marque hai unha referencia no Arquivo da Catedral de Santiago, do ano 1585, na “Resignación firmada por Pedro de Oca, clérigo y rector del beneficio de Santa Mariña de Ribeira, de la ermita de *San Vincenzo de Marques* [sic] de la que es administrador, en manos del arzobispo de Santiago”.

San Vincenzo de Zaragoza (morto en 304) foi diácono do bispo San Valerio nesta cidade aragonesa, onde predicaba. As autoridades romanas prendéronos e leváronos a Valencia. A Vicente torturárono ata que morreu na prisión. O cadáver botárono ao mar cunha moa de muíño atada ao pescozo. Pola axuda dun corvo, os cristiáns localizárono e trasladárono, pasando por Zaragoza, ata o Algarve, onde o instalaron no actual cabo de San Vicente.

San Xiao de Veá (San Xiao)

Parroquia

Para a primeira parte do topónimo, *San Xiao*, véxase a entrada seguinte.

Polo que respecta a *Veá*, temos que dicir que as parroquias de *San Xiao*, *San Xurxo*, *Santa Cristina* e *Santo André de Veá*, así como o lugar *O Souto de Veá*, reciben o seu nome do río *Veá*, hidrotopónimo prerromano que se puido formar, segundo proposta de E. Bascuas, a partir da raíz indoeuropea *WEL- ‘facer xirar, xirar, dar voltas, auga que fai remuíños’, que sería a base do medieval *Velegia* > *Veá*.

Nun documento do ano 1512 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago noméase a “felegresía de *San Giau de Veá*”.

San Xiao

Lugar da parroquia de Arnois

Lugar da parroquia de Guimarei

Nos dous casos os topónimos refírense ao santo titular das respectivas parroquias, *San Xiao*, do nome latino IULIANUS, formado sobre o xentilicio *Iulius* da familia ou estirpe romana *Iulia*.

O que anos despois chegaría a ser San Xiao, Xillao ou Xulián hospitaleiro, un día practicando a caza abate un cervo que, antes de morrer, profetízalle que el acabaría matando a seus pais. Para fuxir deste destino Xiao emigra eponse ao servizo dun rei que o fai cabaleiro e o casa coa viúva dun adañeirado señor. Os pais

de Xiao, tristes pola inexplicable marcha do fillo, chegan ao seu castelo, onde a muller de Xiao, en ausencia do seu home, dálles a cama matrimonial para que descansen. Xiao volta á súa casa de imprevisto e, ao atopar unha parella na súa cama, mata seus pais, crendo que se trata da súa muller e outro home. Decátase do seu trágico erro e decide facer penitencia instalándose á beira dun río, onde constrúe un hospital e na compañía da súa muller Adela ofrece servizo aos peregrinos axudándoos a atravesar o río.

No testamento de X. Bautista Rodríguez Martínez, ano 1778, sobriño e sucesor de A. Martínez Barcia na capelanía da Algaria, documento trasladado ao galego por Damián Porto Rico, cítase un tal *Manuel Sanxiao*, veciño da parroquia de *San Xiao de Guimarei*.

Os apelidos estradenses deturpados, *Sangiao*, *Sangiau* e *Sanjiao* nacerían nos lugares estradenses chamados *San Xiao*.

San Xurxo de Veá (San Xurxo)

Parroquia do concello

A primeira parte deste topónimo, *San Xurxo*, santo titular da parroquia, contén o antropónimo *Xurxo*, proveniente do grego GEORGIOS, derivado de GEORGÓS ‘labrego, agricultor’, a través do latín tardío GEORGIUS.

San Xurxo é o personaxe envolto na coñecida lenda segundo a cal o santo vence un dragón que tiña atemorizados os habitantes dun lugar, que o aplacaban entregándolle diariamente dúas ovellas ata que se acaban, momento en que son substituídas por dúas persoas novas tiradas ás sortes. Finalmente, tamén lle toca á filla do rei, pero Xurxo montado no seu cabalo dá morte ao dragón, que parece simbolizar o paganismo, atravesándoo coa súa lanza.

En dous documentos do ano 912, publicados en *La Coruña. Fondo antiguo (788-1065)*, cítase a “*ecclesia Sancti Georgii de Velegia*”. En 1115, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, e tamén en latín, *Sanctum Georgium de Velegia*. Noutra atestación do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, na primeira forma en romance deste topónimo que podemos documentar, lemos: “felegresía de *San Jurjo de Veya*”.

Para *Veá* véxase a entrada *San Xiao de Veá*.

Sandán

Lugar da parroquia de Tabeirós

Para explicar o topónimo *Sandán* cómpre partir dunha antiga (VILLA) de SANDANE(M), en acusativo, en referencia a unha explotación agrícola do período medieval dun tal *Sanda*, antropónimo de orixe xermánica formado a partir do gótico *SANTH ‘verdadeiro’. Tamén sería posible, como mesmo antropónimo, unha procedencia de (VILLA) SANDANI, en xenitivo.

Nun documento do ano 1000 do mosteiro de Sobrado cítase unha persoa de nome *Sanda*. En canto ao *Sandán* estradense, unha atestación de 1546 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago menciona os “lugares de Cimás e *Sandán*, sitios en la dicha felegresía de Santiago de Tabeyrós”.

Sandelle

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

O actual topónimo *Sandelle* vén de SENDELLI ou de (VILLA) SENDELLI, en referencia a unha antiga *villa* agrícola ao fronte da cal estaría un tal *Sendellus*, antropónimo de orixe xermánica latinizado composto polo gótico *SINTHS, antigo alto alemán SINT, SIND ‘viaxe, camiño’, e o sufixo diminutivo latino -ĒLLUS, cun cambio na primeira vogal de *e* a *a* por disimilación con respecto á vogal tónica.

Nun documento sen data do mosteiro de Celanova cítanse uns “neptos de *Sendello*”, e en 1201, mosteiro de Sobrado, “Pelagius Muniz de *Sendelli*”.

Santa Baia

Lugar da parroquia de Matalobos

O haxiotopónimo *Santa Baia*, santa titular da parroquia de Matalobos, é unha das variantes galegas de SANCTA EULALIA, co nome feminino de orixe grega que significa ‘elocuente, convincente, que fala ben’, de *laleo* ‘falar’ e *eu* ‘ben’. *Eulalia* é unha forma cultista de introdución recente por influxo da Igrexa e por cadrar co castelán.

Santa Baia (séc. III-IV) foi mártir de Mérida. Dela cóntase que sufriu os tormentos máis arrepiantes. O seu culto está bastante estendido en Galicia, talvez debido a antiga relación que tivo a Gallaecia coa cidade de Emérita, a antiga capital da Lusitania.

Nun documento en latín do ano 1245 de *Documentos da Catedral de Ourense* aparece “*Sancte Eolalie* de Matalobos”. Noutra atestación de 1421 da colección diplomática de *Galicia Histórica* temos: “*Santa Vaya de Matalobos*”.

Santa Cristina de Veá (Santa Cristina)

Parroquia

A primeira parte deste topónimo, o haxiotopónimo *Santa Cristina*, contén o nome persoal feminino *Cristina*, que é unha derivación do nome de *Cristo* ‘o unxido (con aceite de oliva)’. Santa Cristina de Bolsena (Toscana-Italia) foi unha mártir do século III. Segundo a lenda, sendo unha nena de apenas 12 anos, o seu pai, querendo obrigala a renderlles culto aos deuses pagáns, faina espir e azoutar, tormento ao que seguirían outros, como o de mergullala nunha caldeira de aceite fervendo.

En 1514, no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, cítase un tal “Gonçaluo Abril, clérigo de *Santa Cristina de Bea*”.

Para *Veá* véxase a entrada *San Xiao de Veá (San Xiao)*.

Santa Mariña

Lugar da parroquia de Barcala

O haxiotopónimo *Santa Mariña* fai alusión á santa titular da parroquia á que pertence. Como os da súa clase, *San Xiao*, *San Martiño* etc., está a carón da igrexa. *Mariña* pode vir do nome latino MARINA, derivado de *Marius*, ou do adxectivo *marina* ‘mariña’, ‘que vén de ou que vive no mar’, aínda que tamén existe a hipótese de que en Galicia o nome *Mariña* non é feminino de *Mariño*, senón unha variante hipocorística de *María*.

Na doazón feita no ano 947 polo presbítero Letimio, que citamos noutras entradas, á igrexa e aos frades do mosteiro que houbo na parroquia estradense de Santa María de Paradela, a advocación desta freguesía aparece como *Sancte Marine*: “et concedo in isto testamento ad locum *Sancte Marine* [de Paradela] semper virginis et ad fratres et monaci qui in ipso loco in vida sancta fuerint abidantes [...]”.

Nun documento do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago figura “el lugar que se dize y se nonbra de *Santa Marina* en *Santa Marina de Barcala*”.

Santeles (San Xoán)

Parroquia do concello

Santeles de Abaixo

Lugar da parroquia de Santeles

Segundo o profesor Piel, o topónimo estradense *Santeles* podería proceder da forma *SANCTELLIS, ablativo-locativo plural dun antropónimo latino, o que é pouco verosímil, porque se trataría dun caso moi excepcional o uso dese caso latino. O mesmo autor tamén suxire que *Santeles* talvez sexa un topónimo étnico, referido a un grupo de xente oriúnda dun lugar chamado Sante ou Santo. Outra posibilidade que tampouco nos parece satisfactoria, porque a forma *Santeles* xa aparece en documentación do século XIII, sería a de considerar o topónimo *Santeles* como unha deformación, co *-a* final relaxado en *-es*, de *As Antelas*, en referencia a unhas antigas *antas* ou marcos de pedra de pequeno tamaño chantadas na terra. A este respecto, o profesor E. Rivas considera que o nome de lugar *As Santas* podería ser deformación de *As Antas*.

Tamén podería suceder que o actual topónimo *Santeles* fose unha alteración dun anterior *Santelas*, co *-a* final relaxado en *-e*. A este respecto, recollemos na *Historia Compostellana* (primeira metade do século XII) que un tal Gundesindo Cídiz doa a Santiago en Tabeirós a cuarta parte da igrexa de San Xoán de *Santellas*: “Item Gundesindus Cidiz dedit B. Jacobo in Taberiolos quartam partem Ecclesiae S. Joannis de Santellas”, que puido ser en orixe, é só unha hipótese, un diminutivo de *sanctas*, *SANCTELLAS, parte dun posible sintagma *AQUAS SANCTELLAS, en referencia a unhas antigas augas santas ou medicinais, o que concordaría

co nome do patrón da parroquia, San Xoán, santo ligado ás augas salutíferas. Un documento do ano 1583 cita a “Fonte Bella, sita en la aldea de Sar de Bajo, en la dicha felegresía de *San Juan de Santeles*”.

En documentación do Arquivo da Catedral de Ourense, ano 1245, o nome da parroquia que nos ocupa figura como “*ecclesie Sancti Iohannis de Santeles*”. En testemuños escritos do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago, anos 1531, 1532, 1534 etc., lemos *San Juan de Santeles*.

Santo André de Veá (Santo André)

Parroquia do concello

Santo André, o santo titular da parroquia, recolle o antropónimo *André* ou *Andrés*, proveniente do grego ANER, xenitivo ANDRÓS ‘home, guerreiro, heroe’.

Santo André ou Santo Andrés apóstolo era irmán de San Pedro e pescador coma el; foi o primeiro servidor de Cristo. Evanxelizou Escitia, rexión meridional da actual Rusia, aínda que este apostolado non está confirmado. Segundo a lenda, un anxo mandouno visitar a Mateo, que estaba preso e cego en Etiopía. Finalmente volveu a Grecia e estivo en Macedonia e no Peloponeso, onde sufriu martirio.

Nun documento do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago lemos *Santrandel de Bea*. Noutro do mesmo arquivo e século *Santandrel de Bea*. *Santrandel*, *Santandrel* e *Santarandel* son formas populares deste haxiónimo.

Para *Veá* véxase a entrada *San Xiao de Veá (San Xiao)*.

Sar

Lugar da parroquia de Tabeirós

Sar de Abaixo

Lugar da parroquia de Santeles

Sar de Arriba

Lugar da parroquia de Santeles

O hidrotopónimo prerromano *Sar*, repetido en Galicia, incluído o río *Sar* de Padrón e de Rosalía, procede dunha raíz *SAR, *SER ‘fluír (auga)’, da que tamén derivan os hidrotopónimos, todos nomes de ríos, *Ser*, *Sor* e *Sarria*. No caso que nos ocupa, o topónimo *Sar de Abaixo* podería referirse, xunto co seu contiguo *Sar de Arriba*, a unha pequena corrente fluvial que pasa a rentes destes lugares ou a algunha fonte situada no lugar de *Sar de Abaixo*.

Na parroquia así mesmo estradense de Tabeirós existe outro *Sar*, topónimo quizais referido á contigua fonte da Leiriña, nacedoiro e corrente de auga que se une un pouco máis abaixo a un regato chamado O Porto dos Carros.

Palabras relacionadas co hidrotónimo *Sar* a partir da devandita base *SAR, *SER ‘fluír, saír, nacer auga’, poden ser a francesa *source* ‘fonte, manancial’, a galega *xurdir* ‘manar, aparecer auga saíndo dalgún sitio’, ou as castelás *surtidor* ‘chorro de auga que brota con forza’, e *surgencia*.

O topónimo *Sar* da parroquia de Tabeirós non se encontrou na documentación ata Madoz, onde figura entre os lugares da parroquia.

Nun documento do ano 1162 publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* aparece un topónimo *Sar* –non sabemos se o de Santeles ou o de Tabeirós– xunto co de *Vea*: “videlicet inter viam que vadit ad Velegia; et viam qua itur ad Abellariam et ad *Sar*”. Na atestación do ano 1583, citada tamén na entrada *Santeles de Abaixo*, fálase de “la cortina de Jocín, avajo de la Fonte Bella, sita en la aldea de *Sar de Bajo* en la dicha felegresía de San Juan de Santeles”.

Seixo, O

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O topónimo *O Seixo*, do latín *SAXU* ‘pedra’, situado nunha zona próxima á vea de cuarzo do Pico Sagro, fará referencia a un gran seixo ou pedra dese mineral.

O topónimo estradense *O Seixo* non se documenta ata Madoz, onde figura como *Seijo* entre os lugares habitados da parroquia.

Señoráns

Lugar da parroquia de Cereixo

O topónimo estradense *Señoráns* puido ser en orixe *SENIORANES, en referencia á parentela ou descendencia familiar dunha persoa chamada *Senior*, antropónimo de orixe latina documentado, aínda que *Señoráns* tamén podería proceder de *SUNIARANES, designado a descendencia familiar de alguén chamado *Suniarius*, antropónimo de orixe xermánica.

Como na Galicia occidental conflúen os resultados de -ANES (e de -ANIS) cos de -ANOS, tamén cabería a posibilidade de que o topónimo *Señoráns* fose un nome de orixe referido a uns antigos *SENIORANOS, así chamados por proceder dun lugar chamado *Señor*, ou a uns *SUNIARANOS vidos doutro de nome *Soñar*.

Malia as dúas posibilidades apuntadas, en canto a ser nomes de orixe, provenientes de topónimos, ou de familia provenientes de antropónimos, decantámonos por esta, sinalando que o nome de lugar *Señoráns* se pode referir á familia ou parentela descendente dunha persoa de nome *Senior* ou doutra nomeada *Suniarius*, sendo máis probable, segundo a documentación medieval, que o devanceiro se chamase *Senior*, antropónimo moito máis frecuente en Galicia na Idade Media.

Nun testemuño escrito de 818, publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, cítase unha persoa chamada *Senior*. Noutra atestación do ano 1088

do mosteiro de San Martiño Pinario cítase unha *villa* chamada *Suniaranes*. Noutro documento de 1244 do mosteiro de Oseira cítase un tal “Petrus Petri de *Senoraes*”.

No lugar de *Señoráns* debeu nacer o apelido estradense homónimo *Señoráns*, o cal ten a variante *Señorán*, cun singular secundario.

Sequeiró

Lugar da parroquia de Couso

Sequeiró vén da palabra latina *SICCARIŌLA*, diminutivo, en *-ŌLA*, de *siccariu* ‘sequeiro’, e fálanos dun sequeiro de pequeno tamaño para secar algunha clase de produto agrícola.

Nun documento do ano 1540 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago o topónimo aparece coa forma *Sequeiroa*: “en las felegresyas de San Cristóbal de Reis e de Santa María de Couso [a primeira, pertencente ao concello coruñés de Teo, é lindeira, río Ulla por medio, coa estradense de Couso] las viñas de *Sequeiroa*”. En 1543, na mesma fonte documental lemos: “en las viñas que se dizen de *Sequeyroa* e de Couso, sytas en la felegresía de Santa María de Couso”. Nun documento algo posterior do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago aparece como *Sequeiroo*. En 1582, tamén no Arquivo da Catedral de Santiago, temos: “lugar y casal que se dize y nonbra de Fontelo y *Cerqueyró* [sic] que’stá syto en la felegresía de Santa María de Couso”. Na mesma fonte documental, ano 1613: “lugar que se dice de *Sequeiroa*, sito en la dicha feligresía de Santa María de Couso”.

Sequeiros

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo estradense *Sequeiros* é plural de *Sequeiro*, en latín *SICCARIU* ‘sequeiro’, tamén fai referencia a antiga presenza no lugar dun sequeiro, consistente nunha construción para secar produtos agrícolas, nalgúns lugares de Galicia preferentemente castañas, que en ocasións tamén pode ser unha instalación ao aire libre.

Non atopamos documentado este topónimo ata Madoz (1845), onde aparece como *Sequeros* entre os lugares da parroquia.

Servide

Lugar da parroquia de Berres

É posible que o topónimo *Servide* conteña o nome dun antigo posesor ou terratenente medieval, pois o seu sufixo *-ide* pode proceder do xenitivo dun nome persoal latino rematado en *-ITUS*, igual a *-ITI*, ou referirse a un antropónimo xermánico con terminación *-(H)ILDUS*, en caso xenitivo *-(H)ILDI* ‘combate’.

Outra posibilidade consistiría en que a terminación *-ide* de *Servide* fose unha alteración de *-ida*, abundancial ou colectivo correspondente ao sufixo latino *-ĒTA*. De ser así, a raíz do posible fitotónimo *Servide* estaría relacionada coa árbore chamada *sorba* ou *sorbeira*, *Solbeira* (*Sorbus aucuparia*). Marcial Valladares, natural da parroquia de Berres, non recolle o nome desta especie no seu dicionario.

Nun documento do ano 1541 do Arquivo da Catedral de Santiago arréndase a Domingo Rodríguez, veciño da parroquia de San Vicenzo de Berres, o lugar e o casal de *Servide*.

O topónimo estradense *Servide* deu lugar ao apelido toponímico *Servide*, propio do concello da Estrada.

Sestelo

Lugar da parroquia de Moreira

O topónimo *Sestelo* é o diminutivo de *Sisto*, con asimilación da vogal átona á tónica. Para a súa explicación véxase a entrada *Sisto*, *O*.

Nun documento do ano 1575 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase unha “Taresa Pérez de *Sestelo*” que era “vezina de la felegresía de San Miguel de Moreyra”.

Sesto

Lugar da parroquia de Ribela

O topónimo *Sesto* e *O Sesto*, considérase, como *Sestelo*, unha variante de *Sisto* e *O Sisto* (véxase). Podería provir do antropónimo latino *SĒXTUS* ou do numeral homónimo *sĕxtus* ‘sexta parte’, en referencia (como *As Terzas*, *As Cuartas* etc.) a porcións de fincas ou á parte das súas colleitas que se pagaba polo seu aluguer ou foro, pero a pronuncia deste topónimo co *e* pechado contradí esta hipótese, polo que quizais este *Sesto* reproduza o apelido homónimo, orixinario doutro lugar e parroquia chamada *Sesto*, Agolada (Pontevedra). De ser así, o lugar estradense de *Sesto* recibiría o seu nome de alguén apelidado *Sesto* procedente desa zona.

Non encontramos documentación antiga deste topónimo ata Madoz (1845), onde se inclúe entre os lugares da parroquia.

Sieiro

Lugar da parroquia de Cora

Aínda que para nós resulta un topónimo escuro, o profesor E. Bascuas dálle ao topónimo *Sieira*, feminino de *Sieiro*, nome dun río do concello coruñés de Porto do Son, o significado de ‘río vello’, facendo provir *Sieira* dun antigo **SENARIA*, forma latinizada que contería o vocábulo celta **SEN* ‘vello’, explicación que este autor estende ao topónimo estradense *Sieiro*.

En 1566 un tal Bartolomé *Siheiro* vende a cuarta parte “del lugar e casal que se dize do *Siheiro*, sito en la felegresía de San Miguel de Cora”, pero, en 1572: “lugar que se dize de *Sieiro*”, ambas as dúas atestacións no Arquivo da Catedral de Santiago. Tamén en 1853, Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, “lugar de *Sieiro*”.

No concello da Estrada varias persoas levan o apelido toponímico *Sieiro*.

Silva, A

Lugar da parroquia de Nigoí

Lugar da parroquia de San Miguel de Castro

O topónimo *A Silva*, procedente da palabra latina *sĪLVA* ‘selva, bosque, matogueira, maleza’, refírese a un bosque, e non, como podería pensarse, dende o significado moderno da palabra, a unha *silva* ou *silveira*, arbusto ao que si se refiren os colectivos ou abundanciais *Silvar*, *Silvares*, *Silveira* e *Silveiras*, que recollen o sentido máis moderno da antiga palabra *sĪLVA*.

Topónimos que garanten o significado de bosque para o topónimo *A Silva* e descartan o de *silva* ou *silveira*, son os de, entre outros, *Silvaboa* (unha maleza, como a *silva* ou a *silveira*, nunca pode ser boa), *Silvarredonda*, *Silvaescura* e *Silvachá*, referidos, respectivamente, a bosques considerados bos, de forma redonda, escuros (pola cor das follas das súas árbores ou por non permitir a entrada dos raios do sol), e situados nun lugar chan. Tamén *Silvalonga*, que se refire a un bosque ou *silva* longa en altura ou en extensión, de acordo co antigo significado do adxectivo *longo*, que, á parte de extensión, tamén connotaba a idea significativa de grande ou alto.

Nunha atestación do ano 864 publicada en *Diplomática española del periodo astur* cítase unha devesa e unha *silva*: “*ipsa defesa et silva qui est Barcena*”. Nun segundo testemuño escrito de 1011 do mosteiro de Celanova noméase unha “*villa vocitata Silva Scura*”. Noutro documento do ano 1021 do mosteiro de Ramirás cítase unha *villa* que estaba debaixo dun monte chamado *Silba Obscura*, monte ou herdade que logo deu lugar ao topónimo *Silvaescura*, nome dunha aldea da parroquia de San Salvador de Penosíños, do concello ourensán de Ramirás: “*villa que iacet sub monte Silba Obscura*”. En 1089, documento do mosteiro de Samos, temos *Silva Auta*, e outro texto sen data do mosteiro de Toxosoutos fala dunha *villa* chamada *Silva Rotunda* ou redonda.

O lugar da *Silva* da parroquia de Nigoí aparece como *Silva* nun documento do ano 1226, dispoñible en *Galiciana*. A este mesmo topónimo debe referirse outra atestación de 1571 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago que cita a “Alonso da *Silba* e Juan Caseyro, labradores, vezinos de la felegresía de Santa María de Nygoí”.

O lugar chamado *A Silva* da parroquia de San Miguel de Castro non se encontrou na documentación antiga ata o dicionario de Madoz (1845), onde figura como *Silva* entre os lugares habitados da parroquia.

Á parte do significado de ‘selva, lugar boscoso’ de *silva*, na documentación medieval esta voz aparece na expresión *ruda silva* asociada ás de *succo* ou *suco mortuorum* e *hereditate de escalido* (de *squalidus*, rudo, con maleza ou selva, sen cultivar), referidas a territorios incultos e abandonados, ocupados na Idade Media utilizando o instrumento xurídico da *presura*; a este respecto, nunha atestación do ano 757, publicada por Antonio García Conde, lemos: “et presimus (aprehendemos) villas et hereditates de Escalido et de *ruda silva* de *succo mortuorum* et sunt ipsas villas suburbio lucensi”.

Silva é outro dos apelidos toponímicos propios do concello da Estrada, talvez oriúndo da parroquia de Nigoi, aínda que tamén podería proceder da de San Miguel de Castro, freguesía onde está o outro lugar chamado *A Silva*.

Sinteiro

Lugar da parroquia de Curantes

Aínda que a maior parte dos topónimos medievais de posesores proceden do caso xenitivo do nome persoal, hai algúns que veñen do acusativo. Un deles é o de *Sinteiro*, procedente de (VILLA) de SENTARIU(M), en referencia a unha explotación agrícola do período medieval traballada ou xestionada por unha persoa chamada *Sentarius*, antropónimo de orixe xermánica, de uso documentado en Galicia antes do ano 1000 e formado polas voces góticas SINTHS- ‘viaxe, camiño’ e -HARJIS ‘exército’.

Se o topónimo *Sinteiro* vén do caso acusativo do nome persoal *Sentarius*, este mesmo antropónimo deu, en caso xenitivo, o nome de lugar *Santar*, en Boimorto (A Coruña), como os de *Balteiro* e *Baltar*, topónimos repetidos en Galicia, veñen, respectivamente, deses casos, a partir do antropónimo, así mesmo de orixe xermánica latinizado, *Baltarius*.

Non atopamos o topónimo *Sinteiro* na documentación antiga nin en Madoz. Só consta como lugar habitado da parroquia a partir do Nomenclátor de 1930, onde figura como *Senteiro*.

Nun documento do ano 910 da colección diplomática de *Galicia Histórica* noméase unha persoa chamada *Sentario*. Outra atestación de 912 da *Colección diplomática I (569-1463)* cita *Sentarius*, forma que se repite nunha terceira atestación do ano 917 do mosteiro de Sobrado.

Hai atestacións de *Sinteiro* como apelido pero sen preposición. Nun documento do ano 1208 do mosteiro de Toxosoutos cítase un *Johannes Sentario*. Outro *Juan Sinteiro* é nomeado nunha atestación de 1474 do Arquivo da Catedral de Santiago. Como parece que houbo así mesmo un sobrenome ou apelido derivado de *cinto*(?), *Cinteiro*, atestado nun documento de 1484 da *Vida e a fala dos devanceiros*, onde lemos *Pero Çinteiro*, non podemos garantir a correspondencia.

Sisto, O

Lugar da parroquia de Lagartóns

Lugar da parroquia de Oca

A abundancia do topónimo *Sisto* e o seu uso case constante con artigo (*O Sisto*) apuntan a que teña a súa orixe nun substantivo común relacionado co verbo latino *SISTERE* ‘colocar, poñer, establecer’, en referencia a algunha fundación ou establecemento, que puido ser algunha actividade humana relacionada co gando “estabulado”, ou sexa, un lugar de pastos.

O lugar chamado *O Sisto* de Oca rexístrase como un dos lugares da parroquia dende o Nomenclátor do ano 1930; o de Lagartóns só se incorporou neste século, polo que debe de ser un núcleo de poboación de creación recente.

Sobrado

Lugar da parroquia de Lamas

Este topónimo documéntase moitas veces para nomear o mosteiro de Sobrado dos Monxes, coas formas *Superaddo*, *Superato*, *Superado*, *Subrado* e outras. Voz de orixe controvertida, a maioría dos estudosos coinciden que debe ter que ver con *super*: *superatum* ‘aquilo que sobresaé’ ou *superadditum* ‘engadir a algo, pór en cima’. En calquera caso, é un termo propio do latín hispánico que parece ter na Alta Idade Media o valor de ‘edificio de dúas plantas’ que podía servir como habitación ou para gardar pertenzas. O feito de que todos os lugares chamados *Sobrado* que coñecemos estean en lugares máis ou menos elevados, especialmente pequenas alturas, lévanos a pensar que sexa un orotopónimo referido ao relevo, procedente da voz do latín serodio *SUPERATU*, derivada de *sūper* ‘sobre’, e do verbo *SUPERARE* ‘estar sobre ou enriba de’, forma que aparece, entre outros documentos, na primeira escritura de fundación do mosteiro de Sobrado do ano 952, que di:

O lugar estradense
chamado *Sobrado* está
nunha altura moi definida



“in loco que nuncupatur *superato*” ou “no lugar que se chama *Superato*”, situado, como lle ocorre ao seu homónimo do concello da Estrada, nunha pequena pero moi definida altura, que sobresaie dos terreos circundantes.

Malia o anterior, cómpre ter en conta que o topónimo *Sobrado* habitualmente dá nome a lugares habitados, polo que, se tivese un significado meramente orográfico, tería que estar tamén presente na microtoponimia referido a paraxes máis ou menos altas e deshabitadas, suposto que botamos en falta. Por iso pensamos que algúns topónimos *Sobrado* poderían referirse a antigas casas que tiñan unha planta alta ou *sobrado*.

Unha atestación do ano 1542 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago refírese ao “casal de *Sobrado* que está en la felegresya de San Bréyxamo de Lamas”.

Sobre da Cova

Lugar da parroquia de Parada

Nun principio o topónimo *Sobre da Cova* parece referirse a un lugar situado sobre ou enriba dunha *cova*, caverna, gruta ou cavidade lateral na terra, se ben, ao estar o lugar así chamado sobre unha depresión de terreo moi definida, debe referirse a este accidente orográfico, como ocorre cos lugares galegos chamados *A Cova* que visitamos –distinto debe ser o caso de *Covas* e *As Covas*–, situados en lugares deprimidos, caso, entre outros, da parroquia de *San Martiño da Cova*, do concello lugués do Saviñao, empozado nun gran fondal da ribeira do río Miño, e do lugar chamado *A Cova* da parroquia así mesmo estradense de San Miguel de Castro, situado, segundo tamén indicamos noutra entrada, noutro fondal ou depresión de terreo.



O lugar estradense chamado *Sobre da Cova* está sobre esta depresión de terreo, fondal ou cova

O topónimo *Sobre da Cova* figura nos nomenclátoreos dende o ano 1930. Non se encontrou en documentación anterior e tampouco en Madoz.

Sobreira, A

Lugar da parroquia de Loimil

Aínda que a terminación -ARIA tamén ten valor colectivo, pensamos que o topónimo *A Sobreira*, do latín vulgar *SUBERARIA, pode referirse a un exemplar illado de sobreira, especie arbórea relativamente abundante no concello da Estrada, como o parece probar este topónimo e a sobreira xigante aínda viva do pazo de Valiñas, na parroquia de Callobre.

Nun documento do ano 1580, en *Galiciana*, lemos: “Juan Arosa de *Sobreira* con Juan de Bascuas y Pedro de Bascuas. Interdicto posesorio sobre la heredad das Barcias, en Tabeirós”. Non se encontrou ningunha outra atestación deste lugar na documentación anterior a Madoz (1845), onde consta entre os lugares da parroquia.

Sol, O

Lugar da parroquia de Rubín

O Sol podería ter sido antes *(*A pedra*) *do Sol* ou unha locución similar, en referencia a un espazo situado cara ao levante, o punto cardinal polo que nace o astro rei, orientación que se corresponde co do lugar estradense chamado *O Sol*, topónimo igual, na súa segunda parte, aos de *Porta do Sol*, nome que recibían as portas das cidades medievais orientadas cara ao leste. Caso da *Porta do Sol* da cidade de Vigo ou doutra da tamén desaparecida muralla que rodeaba o núcleo antigo da vila de Padrón, documentada a principios do ano 1600 polo cardeal J. del Hoyo nos seguintes termos: “otra [porta] hacia Lebante, que se dice *del Sol* y por vocablo más nuevo la del Relox”.

Volvendo ao concello da Estrada, na capital municipal existe unha praza denominada *Porta do Sol*, orientada cara á saída do sol, que podería recoller o vocábulo *porta* en sentido figurado, pois a vila da Estrada, de creación relativamente recente, nunca tivo portas nin murallas que a circundasen, o que, por outra banda, non quita que nalgún tempo houbera algún tipo de entrada ou porta real ou figurada no lugar chamado *A Porta do Sol*.

En canto ao topónimo *O Sol*, parécenos moito menos probable que proveña dunha locución tipo (VILLA) SAULI ou *de Saulus*, en referencia a unha *villa* agrícola dunha persoa dese nome, antropónimo que si está presente no topónimo *Vilasol*, nome dun lugar do concello lugués de Pedrafita do Cebreiro. Tamén valoramos a posibilidade de que o topónimo estradense *O Sol* proveña do xenitivo do antropónimo correspondente a *Osorio*.

Nunha atestación do ano 818, publicada na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, sobre unha doazón ao desaparecido mosteiro de San Vicenzo de

Vilouchada, Trazo (A Coruña), cítase unha corrente de auga que desembocaba no Tambre *contra*, cara a ou en fronte do sol: “quomodo aquam vertit ad ecclesiam *contra solem* usque in Tamare”, *aquam* que pode ser o chamado rego das Pesqueiras, o cal, orientado cara ao leste, verte as súas augas no río Tambre.

O topónimo *O Sol* debe ser relativamente moderno, porque non aparece na documentación antiga nin en Madoz. Tampouco figura nos nomenclátors ata o de 1970.

Somoza, A (Santo André)

Parroquia

Somoza, A

Lugar da parroquia de Olives

Lugar da parroquia da Somoza

Lugar da parroquia de Souto

O lugar chamado *A Somoza* da parroquia de Olives está no *somonte* das alturas que separan o concello da Estrada dos de Silleda e Forcarei polo leste. En canto ao lugar da *Somoza* e a parroquia de Santo André da *Somoza* á cal pertence, tamén se atopan, como todos os seus homónimos, debaixo dun monte, neste caso o chamado A Pedra Alba. Finalmente, *A Somoza* da freguesía de Souto localízase baixo outra altura. De acordo con esta característica orográfica, ao topónimo *A Somoza* hai que atribuírle como antecedente etimolóxico a locución latina *SUBMONTIA* ‘debaixo do(s) monte(s)’.



O lugar estradense chamado *A Somoza* da parroquia de Olives, que en latín foi *submontia*, está debaixo de montes

Nunha atestación de 1087, do mosteiro de Samos, cítase un val chamado *Sumoza*, no concello lugués de Cervantes: “in *Sumoza* de Cervantes”. Outro documento de 1226, consultable en *Galiciana*, rexístrao como sobrenome toponímico: “Marine Petri de *Somocia*”.

A parroquia estradense mencionase no ano 1390 no *Libro das Tenzas* da Catedral de Santiago como “jgleia de *Santãdré da Somoça*”. En documento de 1610 do Arquivo da Catedral de Santiago noméase como *Santo Andree da Somoça*. Na mesma fonte documental, ano 1637, podemos ler: “Domingo de *Somoza*, labrador y mayordomo de la fábrica de la iglesia de Santa María de Olives”.

No *Libro Persoal de Leigos* do Catastro de Ensenada (ano 1752), en *Galiciana* atopamos: “Lugar da *Somoza* alias Vila de Abajo”, en referencia, unha vez máis, ao lugar da *Somoza* da parroquia estradense de Santo André da Somoza, situado onda a igrexa e moi preto do lugar de *Vila de Abaixo*.

Somoza é outro dos apelidos toponímicos do concello da Estrada, nado en calquera dos lugares estradenses chamados *A Somoza*.

A parroquia estradense chamada *A Somoza* e o lugar do mesmo nome tamén están debaixo dun monte, que neste caso é o da Pedra Alba



Sorribas

Lugar da parroquia de Agar

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Sorribas, en latín SUB ‘so, debaixo de’ e RIPAS ‘riba, ribeira’, refírese a un lugar situado so ou debaixo de terreos máis altos, *ripas*, ribadas ou ribazos. Xa que logo, o topónimo *Sorribas* ten un significado parecido ao da *Somoza*, aínda que os montes sobre os que están os lugares chamados *A Somoza* son máis altos que as ribadas, os ribazos ou as *ripas* que culminan os lugares chamados *Sorribas*.

Nun documento do ano 1549 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o lugar de *Sorribas* da freguesía de Santa Mariña de Agar.

Soutiño, O

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

Lugar da parroquia de Toedo

Souto (Santo André)

Parroquia e lugar

Souto

Lugar da parroquia de San Miguel de Barcala

Souto, O

Lugar da parroquia de Agar

Souto de Veá, O

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Nos lugares chamados *Souto* e *O Souto*, en latín *SALTU*, habería, no momento do nacemento dos topónimos, un souto de castiñeiros ou de castiñeiros e carballos mesturados. A grande importancia que tivo a castaña como alimento en Galicia, antes da chegada da pataca americana de alén mar, fixo que este tubérculo, que substituíu a castaña nos hábitos alimenticios dos galegos, fose chamado nun principio castaña da terra ou castaña mariña. O topónimo *Souto*, *O Souto* e derivados é, por razóns evidentes, moi numeroso na nosa terra.

En canto aos lugares estradenses chamados *O Soutiño*, diminutivo de *Souto* en *-iño*, un documento do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago cita na parroquia de Santo André de Veá “el agro que se nombra *Soutino*”. Outra atestación 1600 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago nomea un “Valtazar *Soutino* Mosquera, clérigo rector del beneficio de Santa Cristina de Veá”, co apelido topónimo que puidera corresponder á aldea chamada *O Soutiño* da parroquia de San Xiao de Veá. Seguramente non se corresponda con este lugar e si cun microtopónimo da parroquia adxacente de San Xurxo de Veá a mencionada como “una heredad a herbal y pasto a donde llaman *Soutiño*”, que se cita noutra atestación do ano 1852 da mesma fonte documental.

Á vista da documentación anterior, pode que houberse terras comúns ás parroquias de Santo André de Veá, San Xiao de Veá e San Xurxo de Veá co nome *O Soutiño*, topónimo que, referido só á parroquia de San Xiao de Veá, non se encontrou na documentación antiga nin en Madoz, e só nos nomenclátors despois de 1970.

Polo que respecta ao lugar chamado *O Soutiño* da parroquia de Toedo, non se encontrou na documentación antiga ata Madoz (1845), onde figura entre os lugares da freguesía.

Verbo da parroquia de Santo André de Souto, nunha atestación do ano 1559 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago lemos: “Juan da Ponte y Pedro de Nodar, vecinos de *Santo André do Souto*”.

O Souto da parroquia de Agar non se encontrou na documentación antiga nin tampouco en Madoz. Figura nos nomenclátors desde o de 1930.

O lugar de nome *O Souto de Veá* tampouco se encontrou na documentación antiga nin en Madoz. Figura nos nomenclátors a partir de 1940 co nome de *Souto de Outeiro*, denominación que se cambia no ano 1970 pola actual (*O Souto de Veá*).

Para *Veá* véxase a entrada *San Xiao de Veá*.

Subión

Lugar da parroquia de Frades

O topónimo *Subión* é escuro. Aparece nos rexistros documentais do século XVI coas formas *Sibión*, *Sevión* etc., polo que poderíamos pensar nun antropónimo de orixe xermánica, referido a un posesor medieval, que levase a base gótica SEB- ‘parentela, familia’. Aínda que esta raíz xermánica SEB- ten moi pouca vitalidade e representantes, nunha atestación do ano 902, publicada en *Diplomática española del periodo astur*, cítase un *Sebila test.* ou testemuña. En 1197, nun documento do mosteiro de Sobrado, aparece *Sibila*, nome que se repite noutro rexistro de 1252 do mosteiro de Melón. Antropónimo masculino que posibilita a existencia dun antropónimo feminino **Sebilo*.

Subión seguramente sexa, por un erro de lectura, o referente do sobrenome toponímico de “Juan Eanes *Sibrón*, morador éna fiigresía de Santa María de Frades”, dun documento do ano 1433 do *Minutario notarial de Pontevedra*. No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, ano 1533, atopamos: “aldea de *Sibión* [...] en la dicha aldea y lugar de *Sybión*” e “en la aldea de *Sybión*”. Anos máis tarde, 1554, na mesma fonte documental, temos: “lugar que se dize de *Sivión*” e “Bieyta de *Sibión*” no ano 1579. No Arquivo da Catedral de Santiago, ano 1580, “el lugar de *Subión*”, “lugar e casal que se dize de *Sibión de Cima*”, en 1584, e “lugar e casal que se dize de *Sevión*” en 1594.

Á vista da documentación anterior, semella que a vogal pretónica do topónimo tende a alterarse, xa a finais do século XVI, en velar *o* ou *u* por contacto coa consoante labial que vén despois, coma en *lovar* por *levar*, *somana* por *semana* etc.

No Catastro de Ensenada cítanse os lugares de “Frades, *Subión de Arriba*, *Subión de Abajo*, Chaín, Vilariño, Quinteyro de Arriba, Quinteiro de Abajo, Quinteiro do Medio, Vilares y Casal Payo”. Parece, pois, que no século XVIII xa está consolidado a forma *Subión*, que é como tamén aparece en Madoz (1845).

Sureiros, Os

Lugar da parroquia da Somoza

A documentación antiga fainos pensar na posibilidade de que o topónimo *Os Sureiros* fose en orixe *Os Oreiros*, en referencia á descendencia ou parentela dunha persoa apelidada *Oreiro*, nome de familia que hoxe non se documenta no concello da Estrada.

Nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago do ano 1552 rexístrase como “aldea de *Soreiros*”. Noutra atestación de 1610 do Arquivo da Catedral de Santiago tamén aparece como *Soreiros*. No *Libro Persoal de Leigos* do Catastro de Ensenada (ano 1752), en *Galiciana*, figura como “lugar de *Los Oreiros*”.

Tabeirós (Santiago)

Parroquia e lugar

Para descubriremos o segredo do topónimo *Tabeirós* cómpre partir dunha base prerromana paleoeuropea *TAB(H)- ou *TAW-, derivada da raíz hidronímica indoeuropea *TA- ‘fluir (auga), derreterse’, proposta polo profesor Bascuas. A esta base habería que engadirlle os sufixos prelatinos -R- e -IO-, e o de diminutivo, este latino, -ŪLOS, polo que *Tabeirós*, que se rexistra xa no século X como *Tabeirolos* e no XI e XII como *Tavariolos*, *Taveriolos*, *Taveirolos* e *Taveiriolos*, pode referirse a algún detalle hídrico dunha pequena corrente de auga, que debe ser, máis có chamado río de Tabeirós, un afluente seu que pasa ao pé do lugar de *Tabeirós*, onda a súa igrexa parroquial.

Entre a toponimia menor, na parroquia de Crecente do concello lugués de Pastoriza, existe unha agra chamada tamén *Tabeirós*, lugar que ofrecerá a mesma ou parecida paisaxe de auga que amosa o *Tabeirós* estradense.

Pola parroquia de Santiago de Tabeirós pasaba un camiño de peregrinos que xuntaba romeiros e camiñantes procedentes do norte de Portugal e das terras do Ribeiro. Esta antiga vía de comunicación antes de chegar á igrexa parroquial de Tabeirós pasaba polo inmediato lugar da Consolación e continuaba polos da Estrada e O Rollo para abandonar o concello estradense pola Pontevea, introducíndose no concello coruñés de Teo camiño de Santiago de Compostela.

Unha pegada xacobeá deste antigo camiño de peregrinos témola na igrexa románica de *Santiago de Tabeirós*, advocación que non é casual, xa que sería tedioso enumerar as parroquias dedicadas a Santiago apóstolo situadas nos camiños de peregrinos a Santiago. A este respecto, o templo parroquial de Tabeirós conta coa figura en pedra dun Santiago peregrino, que sinala, ao estar situada na parede norte da igrexa nunha fornela coroada por unha gran vieira de pedra, a ruta que tiñan que facer os romeiros no seu camiño cara a Santiago. Uns quilómetros despois, na vila da Estrada destaca o cruceiro do barrio do Cruceiro, adornado no seu fuste coas

figuras, colocadas sobre cadansúa vieira de pedra, de Santiago e San Roque peregrinos, os santos xacobeos por excelencia, que miran tamén cara a Compostela.

Talló, O

Lugar da parroquia de Toedo

O topónimo *O Talló* debeu ser, antes da súa forma actual, un antigo diminutivo *TALLEOLO*, derivado do verbo latino *taleare* ‘cortar, partir’. Refírese a unha propiedade agrícola de pequenas dimensións, de acordo coas voces galegas *tallo* e *tallón* ‘leira moi pequena ou parte separada dunha leira grande’.

Nos documentos medievais vese ben o sentido da voz e do topónimo *Tallo* ou *O Tallo*, do cal *O Talló* é diminutivo. Así, nun do ano 1115, publicado en *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, lemos: “illud *talium* quod est in Fiscain in ripa Ulie”, aplicado a unha leira máis ou menos pequena ou *taleu* (*tallo*) situada na ribeira do río Ulla. Noutra atestación do ano 1267 do mosteiro de Oseira unha tal Xoana Páez e outra persoa venden unha herdade, finca ou *tallo*: “et ego Johanna Pelaiz [...] vendemos a vos [...] u nosso *tallo* do Negral”.

En canto ao lugar estradense de *Talló*, nun documento de 1568 do Arquivo da Catedral de Santiago aparece como *Talloo*, forma previa á contracción ou crase do hiato *-oo* en *-ó*.

O apelido *Tallón*, ao que lle supoñemos un *n* final adventicio ou non etimolóxico, que non ten o topónimo, é propio e nativo do concello da Estrada.

Tarrío

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Para facermos a conta xusta, visitamos, entre eles o da Estrada, unha ducia de lugares chamados *Tarrío* e constatamos que todos se atopan tras ou detrás de pequenas correntes fluviais. En efecto, o topónimo *Tarrío*, procedente do latín *TRANSRIVU*, refírese a lugares que están, dependendo dunha perspectiva ou posición determinada, tras ou ao outro lado dun río, neste caso o chamado regueiro da Torre ou regueiro de Tarrío, se vimos dende o sur.

O significado de *Tarrío*, demostrado pola toponimia de campo, vese corroborado pola documentación antiga que dá en moitas ocasións a forma etimolóxica deste topónimo. Caso do *Tarrío* que nos ocupa, citado no apelido toponímico *Trasrío* de “*Petrus Ari[e]?* de *Trasrío*”, persoa que figura como testemuña da venda que Xoán Eanes fai das súas herdades de Vilar de Dona, en Santa Cristina de Veá, nun documento do ano 1227 dispoñible en *Galiciana*.

Noutro escrito do ano 1308, publicado en *Fontes Documentais da Universidade de Santiago de Compostela*, o lugar de *Tarrío* da parroquia de Bama, Touro (A Coruña) aparece como *Trasrrio*, ao citarse un individuo chamado Martín Míguez natural desa aldea: “eu Martin Migez de *Trasrrio*”. Noutra proba escrita da

mesma fonte do ano 1316 o lugar chamado *Tarrío* da parroquia de Restande, Trazo (A Coruña), aparece coa como *Transrío*: “casale meum de *Transrío* in filigresia sacte Marie de Restande”.

En atestación de 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un “Fernando de *Tarrío*”, veciño da parroquia de Santa Cristina de Veá.

Aínda que o apelido *Tarrío* está presente en toda Galicia, ao proceder dos numerosos lugares galegos chamados *Tarrío*, é lóxico pensar que as persoas estradenses apelidadas *Tarrío* tivesen a súa orixe antroponímica no lugar de *Tarrío* da parroquia de Santa Cristina de Veá.

Tatos, Os

Lugar da parroquia de Lagartóns

Tal como explicamos na entrada *Chapurros, Os*, o topónimo *Os Tatos* refírese á familia, parentela ou descendencia de alguén apelidado ou alcumado *Tato*, antroponónimo característico do concello da Estrada, onde hai máis dun cento de persoas que levan este apelido.

En textos do arceprelado de Tabeirós do século XVII menciónase un “monte dos *Tatos*” no ano 1621 en *Galiciana*. Como lugar habitado documéntase polo menos dende Madoz (1845), aínda que no seu dicionario xeográfico aparece erradamente como *Fatos*.

Tiguillois, Os

Lugar da parroquia de Arnois

O topónimo *Os Tiguillois* resúltanos escuro. Non o atopamos na documentación antiga. Só *Tiguillois* en Madoz (1845), entre os lugares da parroquia. Esta ausencia de documentación dificulta moito o estudo da súa etimoloxía. Quizais a súa terminación en *-ois* sexa a mesma que aparece en *Arnois*, o nome da parroquia en que se encontra.

Toedo (San Pedro)

Parroquia e lugar

Consideramos que o topónimo *Toedo* provén dun antigo **TOLĒTU*, e este dunha raíz prerromana **tol* ‘altura’, e que alude a esta clase de orografía, ao ocupar a aldea estradense dese nome unha pequena pero moi definida elevación de terreo, coroada por un coto pedroso chamado A Carballeira de Tanoira. O profesor E. Bascuas asocia o topónimo estradense *Toedo*, que tamén considera un orotopónimo, cunha raíz proveniente do indoeuropeo **teu* ‘incharse’, igual a **tol*, que relaciona coa palabra galega de orixe celta *tola* ‘montón de terróns, alombamento’, para el equiparable ao celta **tul* ‘masa redonda, outeiro’.

A desaparición do *-l-* intervocálico do orixinal **TOLĒTU* en *Toedo*, que é característica do galego e do portugués, fronte ás demais linguas románicas, non se produciu no topónimo *Toledo*, que dá nome a outro lugar alto da parroquia e do concello ourensán de Castrelo de Miño, cuxo *-l-* intervocálico conservado, podería proceder, segundo o profesor Bascuas, dun *ll* xeminado, mentres o *l* que se perdeu en *Toedo* tería como antecedente etimolóxico un *-l-* simple, dándose alternancias como a de *Toedo/Toledo*, comparable, por exemplo, á de medieval *Salagia* > *Seaia* (Malpica, A Coruña) / *Salaia* (Palas de Rei, Lugo). No ámbito do portugués produciríase o mesmo comportamento evolutivo con relación a un segundo lugar chamado *Toledo* do distrito de Lisboa, situado, como tamén puidemos comprobar, nunha pequena altura.



O lugar de *Toedo* está nun outeiro

Volvendo a Galicia, un topónimo antigo igual ao actual de *Toedo* debeu ser *castellum Toletum*, implícito na expresión *castellanei Toletensis*, documentada nunha táboa ou tésera de hospitalidade romana (un pacto de alianza entre dúas tribos indíxenas, supervisado polo poder romano) escrita en latín e achada no Courel, onde, xa que logo, debeu haber un lugar chamado *Toletu*, que, segundo o profesor Bascuas, pode ser o actual monte *Toledo* de Oencia (León). A cidade manchega de *Toledo* está, como é ben sabido, nunha elevación rochosa rodeada, polo leste, sur e oeste, polo río Texo, que debeu servir de magnífico foxo natural á antiga cidade fortificada de *Toletu*.

Nunha atestación do ano 1530 e noutra de 1532 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago lemos: *Sant Pedro de Tohedo*. En 1566, no Arquivo da Catedral de Santiago, atopamos *San Pedro de Toedo*. Noutro testemuño documental de 1626 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, lemos *Toedo*.

Torre, A

Lugar da parroquia de Guimarei

No lugar da *Torre* levántanse unha torre (a chamada popularmente “torre de Guimarei”) e mais un pazo en ruínas, hoxe dignos de mellor sorte. A torre debeu ser posterior a outra máis antiga que habería na mesma parroquia, no lugar da *Torre-vella*.

Referido a este lugar da *Torre*, no ano 1532, no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, temos: “Ynés da *Torre*, muger de Gonçaluo Pintos, vezina de la felegresía de Santa Baya da Portela, y Graviel da *Torre*, vezino de la felegresía de Sant Gián de Guimarey, ambos hermanos”. E no mesmo arquivo, ano 1541, “lugar y casal da *Torre*, que es en la felegresía de San Gián de Gimarey”.

No testamento do ano 1760 do cóengo Alonso Martínez Barcia, fundador da capela da Algaría, da parroquia de Guimarei, documento publicado e traducido ao galego por Damián Porto Rico, cítase “a fonte que chaman *da Torre*”, que debe ser a que aínda se atopa a poucos metros da torre de Guimarei.

Torre do Vilar

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

No lugar chamado *Torre do Vilar* debeu haber unha antiga torre nun *vilar* na súa acepción de lugar pequeno ou conxunto de terras a labradío. Este topónimo aparece testemuñado nun documento do ano 1560 do Arquivo da Catedral de Santiago nos seguintes termos: “Arriendo [...] de Afonso da Ponte, vecino de San Pedro de Toedo, del lugar de la *Torre do Vilar*, sito en la feligresía de Santa Cristina de Veá”.

Torreborredo

Lugar da parroquia de Souto

Torreborredo puido ter sido antes **Torre de Reborredo*, topónimo quizais referido a unha torre defensiva situada xunto a unha carballeira ou *reboredo*, en latín ROBORĒTU, abundancial en -ĒTU > -*edo* de *robōre* ‘carballo’.

Nun testemuño escrito do ano 1794, con motivo dunha demanda cursada á Real Audiencia de Galicia, documento do Arquivo do Reino de Galicia, aparece citado o “lugar de *Reborredo*, feligresía de San Andrés de Souto”.

Reborredo é outro dos apelidos toponímicos do concello da Estrada.

Torrevedra, A

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

O topónimo *A Torrevedra* leva, como o de *Pontevedra*, este referido a unha ponte e aquel a unha torre, o adxectivo galego procedente do latín VĒTERA ‘vella’, adxectivo máis antigo ca *vella*.

Nun documento do ano 1585 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase, con motivo do contrato dun foro, unha tal “María Afonso de *Torrebedra*, vezina de la felegresía de Santa Cristina de Bea” do “lugar y casal que se dice y nonbra de *Torrebedra*”.

Torrevela, A

Lugar da parroquia de Guimarei

No lugar da *Torrevela* tamén debeu haber no momento da creación do topónimo unha torre considerada, aínda que non tanto como a que nomea o topónimo *A Torrevedra*, vella, fortificación que hoxe os habitantes do lugar non recordan.

En 1778, na manda feita por X. Bautista Rodríguez Martínez, sobriño e sucesor de Alonso Martínez Barcia, cítase o lugar de *Torrebella*, na parroquia de Guimarei.

Torriña, A

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

A Torriña é diminutivo en *-iña* de *torre*.

Nun documento do ano 1799, en *Galiciana*, lemos: “Foro de la casa grande del lugar da Corga o *Torriña*, sita en San Jorge de Veá”, lugar que antano compartirían as parroquias de San Xurxo e a San Xiao de Veá.

Tosar

Lugar da parroquia de Tabeirós

Os profesores Piel e Kremer documentan o nome persoal de posesor *Torsario*, *Toresarius* ou *Tursario*, antropónimo latinizado de orixe xermánica, composto polas voces góticas *THAURIS- ‘xigante’ e -ARIUS / HARJIS ‘exército’. Do xenitivo deste nome procede o topónimo *Tosar*, referido a unha antiga (VILLA) TORSARII, TORESARII ou similar. Nun testemuño escrito do ano 907, publicado en *Diplomática española del período astur* cítase un *Torsario David* e en 861 un *Toresarius presbyter*.

En documento de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago, Pedro de Soutelo, labrador, veciño da parroquia de Santiago de Tabeirós, véndelle a un mercador de Santiago a terceira parte do lugar de “*Tosar*, sito en la dicha felegresía [Tabeirós]”.

Como sucede cos apelidos toponímicos, os primeiros estradenses apelidados *Tosar* vivirían no lugar de *Tosar* ou provirían de alí. En Galicia debe haber dous focos principais deste apelido, un na Estrada e outro na zona de Sarria, Lugo.

Toxeira, A

Lugar da parroquia de Souto

A *Toxeira* é o que parece, un abundancial en *-eira* < *-ARIA* de *toxo*, palabra galega proveniente dunha base seguramente prerromana **TOJU*, e designou un terreo poboado desta planta arbustiva tan característica e propia da nosa terra. Este topónimo non se encontrou na documentación antiga nin en Madoz. Nos nomenclátos só figura dende o ano 1930.

Trabadela

Lugar da parroquia de Ribela

Trabadela vén do latín *TABULATĒLLA*, diminutivo de *TABULATA*, nun principio ‘cuberta de táboa’, e despois, por ampliación e relación de significado ‘superficie plana’, e ‘terreo chan’, sentido que lle pode corresponder a este *Trabadela*, o cal, malia estar nun terreo costento, presenta ao chegar ao lugar pequenas chairas.

Parente toponímico de *Trabadela* é o topónimo berciano *Trabadelo*, localidade situada nunha chaira agrícola a carón do río Valcárcel, que aparece coa súa forma case etimolóxica de *tabuladielo* nun documento do ano 1103 publicado na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*.

Trabadela non se encontrou na documentación antiga. En Madoz (1845) figura entre os lugares da parroquia coa grafía errada de *Trabadeta*.

Tracesto

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

O topónimo *Tracesto* aparece na documentación antiga coa forma *Tras Sesto*, polo que pensamos que *tras* ou detrás do lugar hoxe chamado *Tracesto* puido haber un lugar chamado *Sesto* (véxase este topónimo).

Dende *TRAS SESTO*, en latín *TRANS SESTO*, chegaríase ao actual *Tracesto* por unha disimilación de sibilantes.

Nun documento do ano 1547 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase o “casal y lugar que se dize de *Tras Sesto*, sito en la dicha felegresía de Santa Xpina de Bea”. Nunha demanda do ano 1654, presentada na Real Audiencia de Galicia, hoxe custodiada no Arquivo do Reino de Galicia, os veciños de Sieiro da parroquia de Cora deféndense argumentando que posúen o dereito inmemorial de pastar os seu gando nas agras de Veiga de Sieiro e de *Tras Sesto*. No diccionario de Madoz, ano 1845, temos *Trasesto*.

Trasande

Lugar da parroquia de Barcala

Detrás do topónimo *Trasande* atópase o nome de persoa, contido no sintagma (VILLA) *TRASANANDI, xenitivo de **Trasanandus*, referido a un individuo así chamado que estaría á fronte dunha *villa* ou vilar medieval. O antropónimo de orixe xermánica latinizado **Trasanandus*, non documentado, estaría formado polas voces do gótico *THRAS- ‘pelexa, disputa, contenda’ e *-NANTH ‘audaz, ousado’.

Nunha atestación do ano 1566 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase un tal “Pedro de *Trasande* e Bieita Villa [...], vezinos de la felegresía de Santo André de Bea”. Noutro testemuño documental da mesma fonte do ano 1611 noméase a “Domingo de *Trasande* e Ynés García, vezinos de la felegresía de Santa Marina de Barcala”.

Aínda que tamén existe noutras partes de Galicia onde hai o topónimo idéntico, *Trasande* é apelido estradense.

Trascastro

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

O lugar de *Trascastro* debe o seu nome ao feito de estar, dende a perspectiva de alguén que veña do sur, *tras* ou detrás dun castro situado entre os lugares do Souto de Veá e Azoreiros.

Nun rexistro do ano 1544 do Arquivo da Catedral de Santiago noméase a “Juan de *Trascastro*, veciño de San Xurxo de Veá”. No mesmo arquivo, ano 1612, lemos: “lugar e casal que se dize de *Trascastro*, syto en la dicha felegresía de San Jurjo de [Ve]a”.

Trasdomuro

Lugar da parroquia de Lagartóns

O lugar chamado *Trasdomuro* estaría situado, nos seus comezos, *tras* ou detrás dun muro. Non atopamos este topónimo na documentación antiga nin en Madoz. Nos nomenclátors tampouco figura antes de 1981.

Trasmonte

Lugar da parroquia de Barbude

A aldea de *Trasmonte*, rodeada de terreos máis altos, está, tal como indica de maneira transparente o seu nome, *tras* ou ao outro lado dun monte, altura onde se atopa o castro de Trasmonte, tamén chamado castro de Barbude, recinto castrexo estudado no seu día por Fermín Bouza Brey.

Unha atestación do ano 1543 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cita o “lugar de *Trasmonte*, que es sito en la felegresía de San Martiño de Barbudo”.

Traspedra

Lugar da parroquia de Santeles

O topónimo *Traspedra* debe ou debeu estar nas súas orixes *tras*, detrás ou ao outro lado, dende unha perspectiva ou posición determinada, dunha rocha ou *pedra* de grandes dimensións.

Non atopamos este topónimo na documentación antiga nin en Madoz, pero no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago gárdase un informe do ano 1878 sobre a escola de ensinanza primaria que está “en *Traspedra*, parroquia de San Juan de Santeles”.

Trazarís

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

O topónimo *Trazarís* debeu ser antes unha (VILLA) TRASERICI, isto é, unha *villa*, granxa ou feudo de *Trasericus* ou *Trasaricus*, antropónimo latinizado de orixe xermánica formado polo gótico THRAS- ‘combate’, e -RICUS < REIKS ‘poderoso’. Era un nome común na Alta Idade Media galega, como se ve na documentación. Así, referido aos textos máis antigos, nun do ano 956 do mosteiro de Celanova é citada unha persoa chamada *Trasaricus*, antropónimo que tamén aparece nunha atestación do ano 818, publicada na *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, mentres que no ano 986, en *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán*, noméase un abade ou “*abba meus Trasericus*”.

Nun documento de 1569 do Arquivo da Catedral de Santiago, un “Gregorio de *Trasariz*”, veciño da parroquia de Santo André de Veá, arrenda a metade do “casal de *Trasariz*, sito en la dicha felegresía”.

O topónimo *Trazarís*, á parte de representar o seseo en posición final, sufriu asimilación e disimilación de sibilantes, fenómeno que se dá con frecuencia no concello da Estrada, caso de *Tracesto* por *Tras Sesto*.

Ulla

Lugar da parroquia de Berres

O lugar estradense chamado *Ulla*, afastado do río *Ulla*, puido designar nun principio o hoxe chamado regueiro de *Ulla*, pequena corrente fluvial que, pasando por esta aldea, desemboca, despois de percorrer bastante treito, no *Ulla* propiamente dito. Por iso pensamos que este topónimo *Ulla* pode referirse a estoutra corrente fluvial, que lle puido dar o seu antigo nome a un dos lugares polos que pasa. De ser así, estoutro *Ulla* tería a mesma etimoloxía e significado que o hidrotopónimo

Ulla, para o cal Bascuas propón unha raíz indoeuropea *WEL- ‘facer xirar, xirar, dar voltas, auga que fai remuíños’, a mesma que está presente no nome do afluente do Ulla chamado *Veá*. En apoio da súa explicación o devandito profesor achega a grafía dun documento do ano 906 onde se rexistra o nome do río Ulla como *Voliam*, atestación que ten o inconveniente, segundo G. Navaza, de estar nun documento illado e redactado lonxe de Galicia (en Tours, Francia). A esta dificultade cómpre engadirlle a evidencia de que o hidrotónimo *Ulla*, agás ese único e excepcional *Voliam*, aparece documentado na Idade Media sempre como *Ulie* ou *Ulia*, caso do que pode ser o seu primeiro rexistro no ano 569, publicado no *Liber Fidei Sanctae Bracarensis Ecclesiae*, que cita o río Ulla como “*Ulia* aquam”.

En canto á aldea chamada *Ulla*, nun documento do ano 1568 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “Taresa de Brei, muger de Cristobo d’*Ulla*, vezinos de la felegresía de San Biçençõ de Berres”.

Valboa

Lugar da parroquia de Arnois

Valboa, en latín VALLE BŌNA, nome de lugar moi frecuente en Galicia, o país dos mil ríos e dos mil vales, pode ser un topónimo propagandístico ou de fórmula, instaurado polos poderes medievais para atraer poboación cara a determinados lugares. Sería así *Valboa* un topónimo similar aos de *Vilaboa* ou *Bembibre*. Isto non quita que os lugares así chamados fosen realmente bos e ofrecesen, nuns casos máis ca noutros, boas características de produción agrícola.

Nun documento do mosteiro de Samos do ano 982 cítase unha *villa* chamada *Valle Bona* con todas as súas herdades: “villa de *Valle Bona* cum omnibus suis hereditatibus et aiacentiis”, que se corresponde coa actual localidade e municipio leonés de *Valboa*, situado no Bierzo de fala galega raiano coa provincia de Lugo.

Nunha atestación de 1648 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase unha persoa chamada “Juan de *Valboa*”, labrador e veciño do lugar de *Valboa* da parroquia de San Xiao de Arnois.

Valcárceles

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Aínda que no século XVI aparece en singular, o feito de que non se documente na Idade Media e que no século XVIII se rexistren varias persoas apelidadas *Valcárceles* na parroquia, fai pensar que o topónimo *Valcárceles* se refira á familia ou descendencia dunha persoa con ese apelido. Outra posibilidade, coidamos que moito menos probable, é que se trate dun topónimo metafórico referido a un val angosto semellante a un cárcere, que debe ser o caso do topónimo berciano *Valcárceles*, referido ao río dese nome.

En dous documentos pertencentes ao Arquivo da Catedral de Santiago dos anos 1570 e 1575 o topónimo que nos ocupa aparece coa forma *Balcácer*. No testamento

de X. Bautista Rodríguez Martínez do ano 1778, sobriño e sucesor na capelanía da Algaria de A. Martínez Barcia, documento trasladado ao galego por Damián Porto Rico, cítase un tal *Caetano Valcárcel*, outra persoa de nome *María Valcárcel*, e unha terceira chamada *André Valcárcel*, todos veciños da parroquia de Guimarei.

Valcárcel é apelido que ten presenza na Estrada.

Valiña, A

Lugar da parroquia de Oca

Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá

Valiñas

Lugar da parroquia de Agar

Valiñas é un claro é transparente diminutivo de *val*, que designaría varios pequenos vales próximos entre si, o que se corresponde coa realidade orográfica do lugar. O feito de que *Valiñas* estea en xénero feminino fai pensar que este topónimo sexa máis antigo que o seu correspondente, en xénero masculino, *Valiños*, pois *Valiñas* debe provir directamente da palabra latina VALLE ‘val’, voz que na lingua falada polos romanos tiña xénero feminino, o que non sucede co nome de lugar *Valiños*, A Fonsagrada (Lugo), que debe ser máis serodio, ao estar construído coa palabra *val* en xénero masculino, o mesmo que ten no galego actual. Pode ser, pois, *Valiñas* un topónimo derivado do latín *vallis*, que, como en *Valboa*, conserva o xénero feminino que esta palabra tiña en latín.

Nunha atestación do ano 1532 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase “el lugar de Gueyfas y de *Balinas*, sytos en la felegresía de Santa Marina d’Agar”.

Polo que respecta ao topónimo *A Valiña*, singular de *Valiñas*, o lugar así chamado da parroquia de Oca non se encontrou na documentación antiga nin no dicionario de Madoz. Tampouco aparece nos nomenclátors ata despois do de 1970.

O lugar de nome *A Valiña* da parroquia de San Xurxo de Veá tampouco se atopou na documentación antiga. En Madoz (1845) figura coa grafía *Baliña* entre os lugares da parroquia.

Veá

Río, afluente do Ulla

Véxase a entrada *San Xiao de Veá (San Xiao)*.

Veiga, A

Lugar da parroquia de Arnois

Lugar da parroquia de Couso

O topónimo *A Veiga* contén o substantivo *veiga*, palabra de ascendencia prerromana, cunha posible orixe en **ibaika*, que significa ‘terreo baixo, amplo e fértil, situado á beira dun río ou corrente de auga’, que nos dous casos que nos ocupan é o Ulla. Outros significados da palabra *veiga* son ‘leira, cortiña, anaco de terreo, propiedade dun dono, ocupado con cultivos, etc.’, ‘agra, conxunto de leiras dedicadas ao cultivo agrícola’.

A aldea chamada *A Veiga* da parroquia de Arnois aparece nun documento do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago como “lugar da *Veyga* [...] agro da *Veyga*” en “San Gíán de Arnois”.

A Veiga de Couso non se encontrou na documentación antiga e tampouco en Madoz. Nos nomenclátore non aparece antes de 1970.

Veiga da Braña

Lugar da parroquia de Rubín

A palabra *veiga* tamén pode ter a equivalencia de ‘terreo pantanoso’, significado que lle convén ao topónimo *Veiga da Braña*, cuxa segunda parte reproduce a voz *braña*, de orixe tamén probablemente prerromana, que equivale a ‘terreo baixo e con moita humidade, onde nace a auga’, ‘terreo próximo á beira dun río’, polo que o topónimo *Veiga da Braña* pode ser case tautolóxico ou repetitivo.

Este topónimo tampouco se encontrou na documentación antiga. Aparece no dicionario de Madoz (1845) coa forma *Veigas de Graña*.

Veiga da Leña

Lugar da parroquia de Lamas

O topónimo *Veiga da Leña* designa probablemente un terreo non agrícola onde se recollería leña miúda para o lume.

Non se encontrou na documentación antiga nin en Madoz. Nos nomenclátore non aparece antes de 1970.

Vendexa

Lugar da parroquia de Orazo

Pensamos que *Vendexa* pode ser un hidrotopónimo prerromano construído coa raíz **BAND-* ‘gotear’, proposta por Pokorny. De acordo con esta nosa hipótese, o lugar de *Vendexa* é especialmente húmido e acuoso, ao estar sucado por unha pequena corrente fluvial, inicialmente chamada Portamoledo e despois, sucesivamente,

Riomao e Riobó, que pasa polo lugar, onde tamén hai dúas fontes, a de San Pedro e a de Santa Lucía.

Dende esta nosa perspectiva, o topónimo estradense *Vendexa* pertencería á mesma familia que os de *Bandexa* e *Bandoxa*, este xa tratado polo profesor E. Bascuas, que tamén o relaciona con *BAND- ‘gotear’. Con *Vendexa* tamén formarían grupo o topónimo portugués *Banduja*, que aparece como *flumen banduge* no ano 1134, e o asturiano *Banduxu*, estudado tamén a partir de *BAND- ‘gotear’, por outros autores.

Nun documento do ano 1559 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago o actual *Vendexa* aparece como *Bendexe*. Noutra testemuño documental do Arquivo da Catedral de Santiago de 1566 como *Bendexa*.

Ventosela

Lugar da parroquia de San Pedro de Acorados

O de *Ventosela*, en latín VENTOSĒLLA, diminutivo feminino de *ventōsus*, abundancial de *vēntu* ‘vento’, é un topónimo que se refire a lugares altos e desprotexidos, onde adoita soprar o vento.

O *Nomenclátor* dá en Galicia, país moi ventoso, máis de 30 lugares habitados chamados *Ventoso*, *Ventosa* etc. O diminutivo *Ventosela*, á parte doutros, incluído o da Estrada, aparece como nome dunha coñecida parroquia do concello ourensán de Ribadavia.

En 1531, Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, lemos: “lugar e casal que se dize de *Bentosela*, sito en la dicha felegresía de San Pedro d’Acorados”.

Vera

Lugar da parroquia de Santo André de Veá

O topónimo estradense, co *e* aberto, *Vera*, situado a carón do regato de *Vera*, pode ser un hidrotopónimo prerromano procedente de *AWER ‘auga, río, chuvia’, no chamado grao cero (sen a vogal inicial), *WER.

No ano 1543, Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, lemos: “lugar que se dize de *Vera*, que está syto en la dicha felegresía de Santandré de Bea”. En 1567, Arquivo da Catedral de Santiago: “lugares y casales de *Vera* y Trazarís, sitios en la dicha parroquia de Santo André de Veá”.

Viasque

Lugar da parroquia de Santeles

Viasque é un topónimo de etimoloxía e significado polo de agora incertos. En principio non podería proceder de *Velasci*, xenitivo do nome, moi común na Idade Media, *Velascus* (de onde *Vasco* e o moderno apelido *Vázquez*), porque o resultado

sería *Veaz*. Se se pensa nun antropónimo, habería que supoñer un nome non documentado **Velasquus*, aínda que, se o nominativo fose *Velascus*, non é inverosímil que se crease un xenitivo *Velasqui*, coa última consoante condicionada pola pronuncia do nome.

Viasque tamén podería ter relación co topónimo aragonés *Benasque*, que Terra do vincula, teoría moi discutida, co celta BEN ‘aguzado, altura, lugar eminente’, e o sufixo prerromano -ASCO.

Á parte de *Viasque*, tamén hai *Veascós* (documentado por Nicandro Ares como *Vilascones* e *Velascones*), *Viascón* e o nome feminino medieval *Velasquita*.

Nunha atestación do ano 1581 do Arquivo da Catedral de Santiago atopamos: “en el lugar, casas y heredades de Parada de Bajjo y *Beasque*” e noutra de 1583 *Biasque*.

Sexa o que for, o topónimo estradense *Viasque* agocha o mesmo segredo que o *Veasque* do concello pontevedrés de Pontearreas.

Vila de Abaixo

Lugar da parroquia da Somoza

O lugar de *Vila de Abaixo*, situado máis abaixo que o contiguo *Chan da Aldea*, debe o seu nome a esa circunstancia.

Vilaboa

Lugar da parroquia de Codeseda

Lugar da parroquia de Ribeira

De VILLA BŌNA sae o actual *Vilaboa*, nome de lugar frecuente en Galicia, que pode ter, como o de *Valboa* a súa parte de topónimo propiciatorio e propagandístico, concibido para atraer poboación, o que non impide que os lugares chamados *Vilaboa* ofrecesen tamén boas características para a produción agrícola.

Vilacriste

Lugar da parroquia de Cora

O topónimo *Vilacriste* suxire unha antiga VILLA CHRISTI, é dicir, de *Cristus* ou de *Christus*, en alusión a unha *villa* agrícola medieval rexentada por un individuo chamado *Cristus* ou *Christus*.

De acordo coa nosa proposta, este *Vilacriste* estradense aparece como *Villa Cristi* nun documento do ano 1276 do Arquivo da Catedral de Santiago. Outro rexistro do ano 1348 do que parece ser este topónimo, incluído na colección diplomática de *Galicia Histórica*, di: “Et mandolles de mays o meu casal de *vila Criste* [...] et con a herdade que gaaney en Couso de Afonso Domínguez de Couso”.

Viladafonso, A

Lugar da parroquia de Olives

Aínda que os topónimos de nomes de posesores poden estar formados por un nome, case sempre elíptico, que adoita ser *villa*, máis o nome do terratenente ou posesor en caso xenitivo, hai outros, menos numerosos e a maioría máis serodios, que expresan a posesión xa analiticamente coa preposición *de*. Un destes é o da *Viladafonso*, que nos fala dunha antiga *villa*, casal ou granxa medieval de alguén chamado *Afonso*.

Nun documento do ano 1529 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago cítase o “casal e lugar que se dize da *Viladafonso*, syto en la dicha felegresía (de Santa María de Olibez)”.

Vilademeus

Lugar da parroquia de Parada

O topónimo *Vilademeus*, pode facer referencia na súa segunda parte, *-meus*, ao latín *mēdiu* ‘medio, centro’, e referirse a unha *vila* ou pequena poboación situada no medio de dous referentes ou no punto intermedio dun camiño, cuxos habitantes poderían ser chamados os *meos* ou os *meus*, é dicir ‘os medios’ no sentido de ‘os do medio’. Un topónimo similar, se a nosa proposta acertase, sería o de *Meavía*, nome de parroquia do concello de Forcarei, limítrofe co da Estrada, procedente de *MĒDIA VIA ‘a metade da vía’, en alusión á metade ou punto intermedio do percorrido dunha antiga vía ou camiño antigo, que puido ser o Camiño Breiro.

Volvendo ao topónimo *Vilademeus* < *VILLA DE MEDIOS a súa segunda parte *-meus* proviría do acusativo de plural MEDIOS. De aí *Vilademeus* ‘vila dos medios, vila dos do medio’, nun caso talvez en certo modo comparable ao do topónimo *Rubiás dos Mixtos*, nome dunha parroquia do concello ourensán de Calvos de Randín, cuxa segunda parte *-dos Mixtos*, alude aos habitantes do desaparecido Couto Mixto, situado entre España e Portugal, que eran chamados *os mixtos*, porque non quedaban suxeitos aos efectos xurídicos propios de ningunha das dúas nacionalidades.

No séculos séculos XIV e XV o actual topónimo *Vilademeus* era *Villa de Meos* (tamén houbo un *Vilar de Meos* ou *Vilademeos* no arciprestado de Melide, que existía aínda no século XV). Nun documento do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago aparece o topónimo coas formas *Vilademeus* e *Vilademeos*, mentres que outra atestación de 1586 da mesma fonte documental rexistra en varias ocasións *Viladameus*.

Vilafruxil

Lugar compartido polas parroquias de Callobre e Moreira

Vilafruxil, procedente do sintagma VILLA FROGILDI, refírese a unha *villa* agrícola ou medieval dun tal *Frogildus*, antropónimo latinizado de orixe xermánica composto do gótico FRAUJA ‘señor’ e mais *HILDI ‘loita’.

Nun documento do ano 1582 do Arquivo da Catedral de Santiago cítanse os “lugares que se dizen y nombran de Fermonde y *Vilafrogil*”.

Vilagude

Lugar da parroquia de Moreira

Vilagude provén de VILLA GUTI, que equivale a *villa* de *Gutus* ou *Gotus*, individuo así chamado que sería o titular dunha *villa* agrícola do período medieval, cuxo nome xermánico está formado polo gótico GÓTHS ‘bo’, GUTU ‘Deus’, ou *GUTS, *GUTA ‘godo’.

Unha atestación do ano 1529, en *Galicianana*, cita a “aldea y lugar de *Vilagude* que es en la felegresía de San Miguel de Moreira”.

Vilancosta

Lugar da parroquia de Berres

Máis que a unha pequena poboación *en costa*, o topónimo *Vilancosta*, situado nunha pendente moi pronunciada, que baixa ata o regueiro que antes pasa polo lugar de Ulla, debe reproducir o substantivo feminino *encosta*, ou un adxectivo *encosto/encosta*, co que este nome de lugar, composto de *vila* e *encosta*, debeu sufrir unha crase ou contracción vocálica.

Nun documento do ano 1565 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, publicado por Elisa Ferreira Priegue, o lugar de *Vilancosta* aparece coa súa forma máis etimolóxica *Vilaencosta*, o cal lindaba con “el camino que ba de la Puente Sarandones a la fortaleza de Barreira”. No lugar de Vilancosta naceu en 1821 o lexicógrafo, folclorista e escritor galego Marcial Valladares.

Vilanova

Lugar da parroquia de Orazo

Lugar da parroquia de Remesar

Lugar da parroquia de San Xiao de Vea

Lugar da parroquia de Santeles

O transparente topónimo *Vilanova*, en latín VILLA NŌVA, fai referencia a fundacións reguengas dos séculos X, XI e XII, que serían chamadas novas en comparación con outros asentamentos máis antigos.

Vilapouca

Lugar da parroquia de Cereixo

Á parte da *Vilapouca* estradense, existen outros dous lugares co mesmo nome en Galicia. Tal como se pode intuír, o de *Vilapouca*, en latín *VILA PAUCA*, pode ser, como o de *Mollarrabo*, situado na mesma parroquia, un topónimo humorístico referido, neste caso, á pouca entidade da poboación, que sería caricaturizada polos veciños das aldeas circundantes co expresivo nome de *vilapouca* debido ao seu pouco, de aí *pouca*, tamaño. O mesmo tipo de ironía xeraría o topónimo portugués *Vila Pouca*, repetido no país lusitano.

Entre outras, nunha atestación do ano 1089 do *Liber Fidei Sanctae Bracarensis Ecclesiae* cítase un “testamentum de Genlorandiz in villa Pauca de sub monte Bastuzio”, que debe corresponder á pequena entidade de poboación portuguesa chamada *Vila Pouca*, da União das Freguesias de Cabreiros e Passos (São Julião), municipio Braga, situada no extremo leste da serra de Airó, chamada antigamente serra de Bastuço.

Vilar

Lugar da parroquia da Estrada

Lugar da parroquia de Ribeira

Lugar da parroquia de Ribela

190

Vilar, O

Lugar da parroquia de Callobre

Lugar da parroquia de Frades

O frecuente topónimo *O Vilar* (< latín medieval *VILLARE*) é un derivado de *VILLA* que tivo uso a partir de finais do primeiro milenio co mesmo significado que anteriormente tivera *VILLA*, o de ‘vivenda principal coas súas construcións anexas ou adxectivas propias dunha explotación agro-gandeira e as súas terras’.

Hoxe a palabra galega *vilar* ten o significado de ‘aldea pequena, lugar pequeno’ e ‘conxunto de terras de labranza cercadas ou pertencentes a varios donos’, en contraposición con *vila*, vocábulo que en galego moderno equivale a ‘núcleo de poboación de tamaño medio’.

Vilariño

Lugar da parroquia de Frades

Vilariño é diminutivo en *-iño* de *Vilar*.

Vilarreal

Lugar da parroquia de Tabeirós

Vilarreal, de VILLA REGALE, refírese a unha antiga *villa* de titularidade real, en contraposición ás propiedades de avoengo ou de señorío, fose civil ou eclesiástico. Outro topónimo estradense que encerra a mesma idea significativa é, segundo explicamos na súa entrada, o de *Reguengo*.

Vilas, As

Lugar da parroquia de Parada

O topónimo *As Vilas* fala de varios asentamentos rurais próximos uns dos outros, o que se corresponde coa realidade do lugar, formado por catro grupos de casas ou *vilas*, as cales, malia que diferenciadas, están separadas entre si por poucos metros, repartíndose en tres chanzos orográficos.

Nun documento do ano 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago este topónimo aparece como *aldea das Vilas*.

Vilas, Os

Lugar da parroquia de Rubín

Os Vilas é un topónimo de familia que se refire á parentela ou descendencia dunha persoa apelidada *Vila* ou *Vilas*.

Este topónimo non se encontrou na documentación antiga, pero figura en Madoz (1845) como *Vilas*.

Vilasusán

Lugar da parroquia de Berres

Vilasusán, A

Lugar da parroquia de Remesar

Nun principio podería pensarse que *A Vilasusán*, procedese do latín VILLA SURSANA, de SURSU ‘arriba, no alto’, en referencia a un pequeno núcleo de poboación situado nunha elevación de terreo, pero a forma *Vilasusao* da atestación máis antiga que coñecemos deste topónimo, ano 1531, do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago parece indicar que orixinariamente o primeiro elemento non era *vila* senón *vilar*: “casa que se dize de *Vilasusao*, syta en la dicha felegresía [Remesar] e lugar de *Vilasusao*”.

O feito de que a forma documentada *Vilasusao* non leve artigo induce a pensar que o artigo feminino que leva o actual *A Vilasusán* nacería cando xa se interpretaba como *vila* o primeiro elemento. Noutro documento de 1568 do Arquivo da

Catedral de Santiago cítase un Bastián de *Vilasusán*, labrador, veciño da freguesía de San Vicenzo de Berres. Outra proba escrita de 1597 da mesma fonte documental nomea un Bieito de *Vilasusán*, labrador, veciño do lugar de *Vilasusán*, da freguesía de San Vicenzo de Berres.

Vinseiro (Santa Cristina)

Parroquia e lugar do concello

O topónimo estradense *Vinseiro* aparece na documentación do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, ano 1419, como *Veeseiro*, atestación que parece indicar a caída dun *-n-* ou un *-l-* etimolóxicos. Outras formas antigas do actual *Vinseiro* son *Casal de Vinceiro* e *Casal de Vinceiro Godoy* en documentos dos anos 1587 e 1637, respectivamente, comentados por P. Varela no seu libro *La Estrada*.

O *Censo de población de las provincias y partidos de la corona de Castilla*, do século XVI, rexistra *Santa Cristina de Viseiro*. En documentos do século XVI do Arquivo da Catedral de Santiago aparece *Binseiro*, mentres que o Catastro de Ensenada (1752) ofrece *Vinzeiro* e *Binzeiro*.

A pesar destas atestacións, o topónimo *Vinseiro* é, pola súa complexidade, outro dos topónimos estradenses de interpretación difícil para o que non temos resposta, polo que quizais haxa que buscarlle unha explicación non latina. No concello coruñés de Culleredo existen os topónimos *Vinxeira Grande* e *Vinxeira Pequena*, nomes de lugar así recollidos polo *Nomenclátor*, que se teñen empregado coa forma *Vinseira*.

Os apelidos estradenses *Vinceiro*, este pouco numeroso, e *Vinseiro* son oriúndos deste lugar.

Vis de Baixetes

Lugar da parroquia de Vinseiro

Vis-, a primeira parte do topónimo *Vis de Baixetes*, é o topónimo *Viso*, en latín *visu*, participio do verbo *video* ‘ver’, coa perda do *-o* final. Xa que logo, dende o lugar de *Vis de Baixetes* ou dende o próximo *Vis de Correa*, situados ambos os dous en lugar elevado, divisáranse amplas panorámicas.

De acordo co anterior, nunha atestación do ano 1580 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago o actual lugar de *Vis de Baixetes* aparece como *Viso de Baixetes*, forma que se repite no testamento do cóengo Alonso Martínez Barcia do ano 1760, publicado e traducido ao galego por Damián Porto Rico.

En canto ao segundo elemento do composto *Vis de Baixetes*, parece diminutivo de *baixo*, talvez un sobrenome aplicado aos seus habitantes.

Vis de Correa

Lugar da parroquia de Vinseiro

Como comentamos na entrada *Correáns*, no lugar de *Vis de Correa* puido vivir ou ter algunha posesión alguén apelidado *Correa*, como no de *Quinteiro de Arca* da parroquia de Liripio o fixo unha persoa apelidada *Arca*.

Nun documento do ano 1587 do Arquivo da Catedral de Santiago o lugar de *Vis de Correa* aparece, de acordo coa súa etimoloxía e significado, como *Viso de Correa*.

Viso de Abaixo

Lugar da parroquia de Cereixo

Viso de Abaixo é un topónimo replicante do topónimo contiguo da mesma parroquia *Viso de Arriba*, lugar onde está a realidade que motiva o topónimo *Viso*.

Nunha atestación do ano 1608 do Arquivo da Catedral de Santiago cítase este topónimo como “casal de *Viso de Jusión* (sic), sito en la felegresía de San Jurjo de Cerezo”. Nunha concordia do mesmo ano e o mesmo arquivo volve aparecer *Viso de Jusión*, que podería tratarse dun erro por *jussão*, isto é, *xusao*, *xusán* ‘de abaixo’.

Viso de Arriba

Lugar da parroquia de Cereixo

En latín *visu*, neste caso sen a perda do *-o* final, o topónimo *Viso* ou *O Viso* refírese a lugares altos dende os que se poden ver boas e extensas panorámicas.

Vista Alegre

Lugar da parroquia de Oca

Lugar da parroquia de Santa Cristina de Veá

Vista Alegre, cuxa segunda parte era en latín vulgar **ALĪCER* ou **ALĪCRE* (clásico *ALĀCER*), refírese a un lugar máis ou menos alto dende o que se poden ver boas vistas ou vistas alegres, que alegran o ánimo de quen as contempla.

Nun documento do mosteiro de Ramirás do ano 1259 cítase un *Monte Alegre*, situado na parroquia de Santiago de Rubiás, no concello ourensán de Ramirás.

Vixín

Lugar da parroquia de San Xiao de Veá

En *Vixín* podemos atoparnos perante un xenitivo de posesor *BAGINI* do nome persoal documentado *BAGINUS*, persoa así chamada que estaría ao fronte dunha *villa*

agrícola, antropónimo quizais formado pola raíz gótica *BAG, de significado incerto, quizais ‘bolso, saco’.

En canto á alteración da vogal pretónica, que se resolve en palatal, neste caso *a* en *i*, por efecto da consoante palatal coa que está en contacto, é a mesma que se produce en palabras como *miñán*, por *mañán*, *filloa* < FOLIÖLA e, perante a mesma consoante palatal, aínda que coa vogal *o* convertida en *i*, en topónimos como *Fixón*, derivado de *foxo*, ou *Tisoxa* < TOIOSA, abundancial de *toxo*, que sen a devandita alteración vocálica, sería *Toxosa*.

Nun rexistro do ano 982 do *Cartulario da Sé de Coimbra* cítase un “frater *Bagino* ts.”. Noutra atestación de 1010 do mosteiro de Celanova cítase outra persoa chamada *Baginu*. Un documento de 1552 do Arquivo da Casa do Preguecido, publicado por Damián Porto Rico, trata do “arriendo que hizo el Canónigo Gómez R[odríguez] a Pedro Quintas por su vida y una voz mas del Lug[a]r de *Bigín* en Sn. Julián de Bea en renta de tres celemines de pan mediado y una gallina”.

Xerlís

Lugar da parroquia de Guimarei

Despois de moitas catas documentais, atestamos o actual topónimo estradense *Xerlís* como *Gerelis* nun texto do ano 1556 publicado por Héitor Picallo no número 6 da revista-anuario *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*. Esta forma antiga suxírenos para explicar o topónimo unha base (VILLA) GILRICI ou GILRICI, xenitivo de posesor do antropónimo de orixe xermánica, documentado no ano 914, *Gilricus*, composto polo gótico *GAILS- relacionado con GAILJAN- ‘alegrarse’ ou *GAILS ‘lanza’ e mais -RICUS < REIKS ‘poderoso’.

Aínda que do antropónimo *Gilricus* se esperaría nun principio *Xelrís* ou *Xelriz* no canto de *Xerlís*, este topónimo, ademais do seseo final, presenta o resultado do intercambio das dúas consoantes líquidas en sílabas contiguas, fenómeno común en galego que tamén se produce, entre outros exemplos, no antropónimo *Calros* por *Carlos* e no nome común *melro* por *merlo*.

Xestás

Lugar da parroquia de Liripio

Xestás é un plural de *xestal*, do latín *GENESTALE, e designa un lugar poboado de *xestas*, moi probablemente da especie que bota flores amarelas.

Xubrei

Lugar da parroquia de Codeseda

O topónimo *Xubrei* ten toda a fasquía de esconder baixo a súa aparencia actual o nome dun antigo posesor ou terratenente agrícola da Idade Media que, segundo os profesores Piel e Kremer, sería *Sigefredus*, antropónimo de orixe xermánica

formado polas voces góticas SIGIS ‘vitoria, trunfo’ e FREDUS, de *FRITH ‘paz’, nome dun heroe da mitoloxía nórdica, principal protagonista do *Cantar dos nibelungos* e dunha ópera de Wagner.

A partir dunha antiga (VILLA) SIGEFREDI, xenitivo de *Sigefredus*, chegariamos, coa elipse da palabra *villa*, a palatalización do *S-* inicial en *X-* de SIGEFREDI, a bilabialización do seu *f* en *b*, a desaparición do *-g-* e do *-d-* intervocálicos ao actual *Xubrei*. Na colección diplomática do mosteiro de San Xurxo de Codeseda o topónimo *Xubrei* aparece no ano 1419 coa forma *Insobrei*, que podería ser unha grafía errada do amanuense que redactou o documento ou unha mala lectura do editor por, talvez, *In Sobrei*.

Xustín

Lugar da parroquia de Arca

Para explicar o topónimo *Xustín* cómpre partir dunha antiga (VILLA) IUSTINI ou de *Iustinus*, antropónimo latino documentado por Iiro Kajanto, que hoxe sería *Xustino*, xentilicio de *Iustus*, hoxe *Xusto*, derivado da palabra *ius* ‘dereito, xustiza’, nome cristián que nun principio se refería a aqueles que cumprían o preceptos da igrexa.

Nun documento do ano 837, publicado en *Dilomática española del periodo astur*, cítase unha persoa de nome *Justinus*. Noutra atestación de 1578 do Arquivo da Catedral de Santiago lemos: “Fernando de *Justín*, vezino de la felegresía de San Migel d’Arca”.

Bibliografía

- A Estrada, miscelánea histórica e cultural* [publicación periódica, 1998-]. A Estrada: Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”. Disponible en <http://miscelanea.aestrada.com/>
- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994): *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania*. Anejos de antigüedad y cristianismo, II. Murcia: Universidad.
- Álvarez Limeses, Gerardo (1980): *Pontevedra*. Vol. XII, T. 1 de F. Carreras y Candi (dir.), *Geografía general del Reino de Galicia*. A Coruña: Ediciones Gallegas.
- Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica*. León: Universidad.
- Andrade, José Miguel (1995): *O Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (séculos IX-XII)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Arca Caldas, Olimpio (1995): *Callejero histórico de la villa de A Estrada*. A Estrada: Concello / Xunta de Galicia.
- Ares Vázquez, Nicandro (2012-2013): *Estudos de toponimia galega*. 2 vols. A Coruña: Real Academia Galega.
- Bascuas, Edelmiro (2001): “Mondoñedo y Valoría”, *Estudios mindonienses* 17, 423-490.
- (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega. Verba*, anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade.
- Bermejo, Xosé Carlos [et al.] (1980): *Historia de Galiza*. Madrid: Alhambra.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VI-II-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Cabeza Quiles, Fernando (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos.
- (2001): “Sobre o nome da Estrada”, *A Estrada, miscelánea histórica y cultural* 4, 11-22.

- (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- (2010): “Olives, un topónimo singular”, *A Estrada, miscelánea histórica y cultural* 13, 171-178.
- (2011): “As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 14, 199-223.
- (2012): “As pegadas xacobeas do concello da Estrada (e II)”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 15, 261-281.
- (2013): “Meavía, A Estrada e outros topónimos viarios e xacobeos de Tabeirós-Terra de Montes”, *A Estrada, miscelánea histórica y cultural* 16, 107-126.
- (2014): *A toponimia celta de Galicia*. Noia: Toxosoutos.
- Concepción Suárez, Julio (2007): *Diccionario etimológico de toponimia asturiana*. Oviedo: KRK ediciones.
- Corominas, Joan e José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Costa, Miguel (2008-2017): *Fror na area* [blog]. Galiza: blogspot. Disponível em fromarea.blogspot.com
- Domínguez Dono, Xesús (2004): “Aproximación á toponimia de San Xurxo de Codeseda”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega, historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. III, 475-482.
- Du Cange, Charles du Fresne [et al.] (1883-1887): *Glossarium mediae et infimae latinitatis*. Niort: L. Favre. Disponível em <https://archive.org/details/glossariummedia01adelgoog/page/n2>
- Fernandes, A. de Almeida e Filomeno Silva (1995): *Toponimia arouquense*. Arouca: Associação para a Defesa da Cultura Arouquense.
- Ferreira Priegue, Elisa (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense. Anexo 9. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo: Galaxia.
- Ferro Ruibal, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Flórez, Henrique (ed.) (1965): *Historia Compostellana*. España Sagrada XX. [Madrid]: Real Academia de la Historia.
- Formoso Lamas, Manuel (1905): *Apuntes para la historia de Chantada*. Madrid: Marceliano Tabarés.
- García Conde, Antonio (1950-1952): “Documentos odoarianos”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 34, 84-99; 35, 161-167; 36, 242-248; 37-38, 10-17.
- Goytisolo, Juan (2014): *Señas de identidade*. Madrid: Alianza Editorial.

- Hermo González, Gonzalo (2017): *O Tombo de tenzas primeiro (ACS CF 17) (1352-1412). Estudo completo e edición das vinte e cinco primeiras tenzas, con especial atención ao elemento onomástico*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- HGNB = Piel, Joseph-Maria e Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Hoyo, Jerónimo del (1607): *Memorias del arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Editorial Porto. Edición facsímile.
- Iglesias Cendón, Jaime (2004-2016): *Rubillón de Avión* [web]. Avión: Jaime Iglesias Cendón. Disponible en www.rubillon.es
- Kajanto, Iiro (1982): *The latin cognomina*. Roma: G. Bretschneider editore.
- Labrada, José Lucas (1971): *Descripción económica del Reino de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- López Alsina, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Concello.
- López Ferreiro, Antonio (1983): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago (apéndices documentais)*. Santiago de Compostela: Editorial Sálvora.
- Machado, José Pedro (1977): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. 5 vols. Lisboa: Livros Horizonte.
- Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones en Ultramar*. 16 vols. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Mariño Veiras, Dolores (1983): *Señorío de Santa María de Meira: de 1150 a 1525. Espacio rural, régimen de propiedad y régimen de explotación en la Galicia medieval*. A Coruña: Ediciones Nos.
- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Méndez, Luz (2016): *Toponimia de Agolada*. Terra Nomeada 1. A Coruña: Real Academia Galega.
- Meyer-Lübke, Wilhelm (1911): *Romanisches etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2009): “Hidrotoponimia prerromana de Gallaecia”, en Dieter Kremer (ed.), *Onomástica galega II: onimia e onomástica romana e a situación lingüística do noroeste peninsular: actas do segundo coloquio, Leipzig, 17 e 18 de outubro de 2008*. Santiago de Compostela: Universidade, [37]-90.

- Moralejo Laso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitonimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello.
- (2019?): *Andrade, Cosmede, Tomade e outros apelidos de orixe toponímica*. (no prelo).
- Orel, Vladimir (2003): *A Handbook of Germanic etymology*. Leiden: Brill.
- Palacio Sánchez, Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- Pereira, Antonio (2003): *Contos da Cábila*. Vigo: Galaxia.
- Pérez Capelo, Carolina (2015): *Toponimia e variación dialectal en galego. Os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa, -uá*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Piel, Joseph-Maria (1948): *Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*. Coimbra: Coimbra Ed.
- Pla, José (1972): *Cataluña*. Barcelona: Destino.
- Pokorny, Julius (2005): *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*. 2 vols. Tübingen und Basel: Francke Verlag. 5ª edición.
- Reimóndez Portela, Manuel (2007): *A Estrada rural*. Pontevedra: Deputación provincial.
- Riesco Chueca, Pascual (2003): *Calzada de Valdunciel. Palabras, cosas y memorias de un pueblo de Salamanca*. Salamanca: Diputación.
- Rivas Quintas, Eligio (1985): *Toponimia de Marín. Verba*, anexo 18. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rodríguez Casal, Antón (1975): *Carta arqueológica del partido judicial de Carballo de Bergantiños*. Carballo: Concello.
- Rodríguez González, Ángel (1984): *Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Rodríguez González, Eladio: (1958-1962): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.
- Romaní Martínez, Miguel (1989): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira, introducción, edición e índices (anos 1025-1310)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Sa Bravo, Hipólito de (1972): *El monacato en Galicia*. 2 t. A Coruña: Librigal.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2008): *Territorio y poblamiento en Galicia entre la antigüedad y la plena Edad Media*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Santamarina, Antón (2005): “Viaxe pola onomástica galega”, *A Trabe de Ouro* 62, 11-38.

- (2016): “Aplicación dos criterios de revisión do *Nomenclátor de Galicia 2003*”, en Xesús Ferro Ruibal (ed.), *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación. Xornada de estudo. Pontevedra, 17 de setembro de 2016*. A Coruña: Real Academia Galega, 333-346. Disponible en https://academia.gal/documents/10157/704901/Estudos+de+Onomastica+Galega_Microtoponimia.pdf
- (2017): “Contribución para unha toponimia dos montes”, en María do Mar Pérez Fra e Pegerto Saavedra Fernández (coord.), *Traxectoria dos montes comunais galegos: a súa consideración como recurso produtivo, ambiental, paisaxístico e de calquera outro tipo (28 e 29 de setembro de 2017)* [Xornada]. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ac_2017_montescomunais_antonsantamarina.pdf
- Sarmiento, Martín (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: Universidad. Edición e estudo de José Luis Pensado.
- (1975): *Viaje a Galicia (1745)*. Salamanca: Universidad. Edición e estudo de José Luis Pensado.
- Sarmiento, Martín (1998-1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Edición de José Luis Pensado.
- Schulze, Wilhelm (1966): *Zur Geschichte Lateinischer Eigennamen*. Berlín-Zürich-Dublín: Weidmann.
- Sestay Martínez, Iván (2008): *Toponimia do Val do Fragoso. I: Coia*. Vigo: Universidade.
- Silveira, Joaquim da (1940): “Notas sobre a toponimia do concello de Nelas”, *O Instituto* vol. 97, 268-281 e 382-421.
- Sobreira, Juan (O.S.B.) (1974): “Idea de un diccionario de la lengua gallega”, en José Luis Pensado (ed.), *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, [185]-219.
- Valcárcel, Xulio L. (2017): *Memoria dos días, formas da levidade. Poesía reunida (1979-2017)*. A Coruña: Medulia Editorial. Edición e introdución de Luciano Rodríguez.
- Varela, Pedro (1923): *La Estrada*. Santiago de Compostela: Asociación Cultural “Vagalumes”.
- Varela Sieiro, Xaime (2007): “Terminoloxía toponímica relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia”, en Luz Méndez e Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”: Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 497-512.

Veiga Arias, Amable (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Vigo: Galaxia.

Bases de datos en liña

Arquivo - Biblioteca da Catedral de Santiago. Disponible en <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>

AGON = *Asociación Galega de Onomástica*. Disponible en <http://ilg.usc.es/agon/>

AHUS = *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago*. Disponible en <http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/index.html>

CAG = Boullón Agrelo, Ana I. e Xulio Sousa Fernández (dirs.) (2006-): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag/>

CME = Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada* [web]. [s.l]: PARES. Disponible en <http://pares.mcu.es/Catastro/>

CODOLGA = López Pereira, Eduardo (dir.) (2006-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <http://corpus.cirp.es/codolga/>

DdD = Antón Santamarina (coord.) (2006-2018): *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>

Galiciana = Xunta de Galicia (2016-): *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* [web]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en: <https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/inicio/inicio.do>

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en <https://www.xunta.gal/nomenclator>

PARES = Ministerio de Cultura y Deporte (2008-): *Portal de Archivos Españoles* [web]. Madrid: Ministerio de Cultura y Deportes. Disponible en <http://pares.mcu.es/>

TMILGa = Varela, Xavier (dir.) (2007-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg/tes>

Índice xeral

Introdución	3
Explicación dalgúns termos	7
Parroquias e lugares do concello da Estrada	9
Índice alfabético dos topónimos	17
Abelao	17
Abeleira, A	17
Abelleira, A	17
Abragán	18
Adoufe	18
Agar (Santa Mariña)	18
Agrela, A	19
Agrelo	19
Aagriño, O	19
Aguións (Santa María)	19
Alberguería, A	20
Alberriñas	20
Aldea Grande, A	21
Alderido, O	21
Alemparte	22
Amarelle	22
Amarelle, A	22
Arca (San Miguel)	23
Arcapedriña	23
Arnado, O	23
Arnois (San Xiao)	24
Arxóns	24
Azoreiros	25
Baldarís	25
Balaira (San Salvador)	26

Balseiros, Os	26
Baltar	27
Barazás	27
Barbude (San Martiño)	28
Barbude	28
Barcala (Santa Mariña)	29
Barcia	30
Barco	31
Bargo	32
Barro	32
Barro, O	32
Batalla, A	33
Bede, O	33
Bemposta, A	34
Berbigueira	34
Berres (San Vicenzo)	34
Besteiros	35
Besteiros, Os	35
Bieites, Os	35
Boáns	36
Bolos, Os	36
Bouzamar	36
Bouzas, As	37
Brea, A	37
Brei	38
Brei de Riba	38
Bruñido, O	38
Bugalleira	38
Bumio	39
Burata, A	39
Bustelo	40
Cabanelas	40
Cacharela, A	40
Cachopas, As	40
Callobre (San Martiño)	41
Calvelo	41
Calzada, A	42
Campenlos	42

Campo Redondo	42
Campos	43
Cancelas, As	43
Canda, A	43
Cano Sifón, O	43
Cañoteira, A	44
Carballa, A	44
Carballas, As	44
Carballas de Abaixo, As	44
Carballas de Arriba, As	44
Carballal, O	45
Carballeira, A	45
Carballo	45
Carbia	45
Cardavella, A	45
Cardelle	46
Carracedo	46
Carricova	46
Casa do Frade	47
Casa do Monte, A	47
Casal, O	47
Casalpaio	48
Casares, Os	48
Castiñeira, A	48
Castrelo de Abaixo	49
Castrelo de Arriba	49
Castro	49
Castro, O	49
Castro Ramiro	49
Castrotión	50
Castrovite	51
Cebados, Os	51
Celeirón	52
Celeiróns	52
Cepetelo	53
Cercido, O	53
Cerdeiral, O	53
Cereixo (San Xurxo)	53

Cernadela	54
Cerqueira, A	55
Chain	55
Chan da Aldea	55
Chapurros, Os	56
Chenlos	56
Cibreiros	57
Cimadevila	57
Cimáns	57
Codesal, O	57
Codeseda (San Xurxo)	58
Codeso, O	58
Cogoludo, O	58
Consolación, A	59
Cora (San Miguel)	59
Correáns	59
Cortegada	60
Cortes	60
Cortiñas	61
Costa, A	61
Costenla	61
Coto, O	62
Cotro, O	62
Couso (Santa María)	62
Cova, A	63
Covas	63
Covas, As	63
Cruceiro, O	63
Cruces	63
Cruxeira	63
Cruz, A	64
Curantes (San Miguel)	64
Curantes Novo	64
Curantes Vello	64
Currelo	65
Currelos, Os	65
Devesa, A	65
Dorelle	65

Eiriz	66
Entrecastrelos	66
Enviande	67
Escarís	67
Esmorís	67
Estrada, A (San Paio)	68
Fafián	69
Fermil	69
Fieitoso, O	70
Figueira	70
Figueiroa de Abaixo	70
Figueiroa de Arriba	70
Filgueiras	71
Fondevila	71
Fondo da Vila	71
Fondo do Viso, O	72
Fonte Soutelo, A	72
Fonteboa	72
Fontecova	72
Fontenlo	72
Formigueiro, O	73
Foxo, O	73
Frades (Santa María)	73
Fragoso	74
Fraíz	75
Francés, O	75
Freán	76
Frende	76
Friamonde	76
Frieira, A	77
Godoi	77
Goleta, A	78
Golfariz	80
Golmados, Os	81
Gondarei	81
Gondomar de Abaixo	81
Gondomar de Arriba	82
Gontén	82

Gonxar	82
Granxa, A	83
Graña, A	83
Gudín	84
Gueifas	84
Guendos	85
Guimarei (San Xiao)	85
Guitón	86
Guntín	87
Igrexa, A	87
Insuela	87
Lagartóns (Santo Estevo)	88
Lagoa, A	88
Lagos	89
Lamas (San Breixo)	89
Lameiriña	89
Liripio (San Xoán Bautista)	89
Loimil (Santa María)	90
Loimil do Carballo	90
Loureiro de Abaixo	91
Loureiro de Arriba	91
Loureiros, Os	91
Maíndo	91
Mamoela	92
Maráns	92
Marcenlos	93
Marque	93
Matalobos (Santa Baia)	94
Mato	95
Mesadoiro, O	95
Moimenta	96
Mollarrabo	96
Mollarrabo, O	96
Monte, O	98
Monteagudo	98
Montillón de Abaixo, O	98
Montillón de Arriba, O	98
Monteiro	99

Moreira (San Miguel)	100
Moreira Nova	100
Moreira Vella	100
Mota, A	101
Moucho, O	101
Mourelle	102
Mouriña, A	102
Mouteira, A	102
Muros, Os	102
Murxide	103
Nabal, O	103
Negreira, A	103
Nigoi (Santa María)	103
Nodar	104
Nogueira	104
Nogueira, A	104
Oca (Santo Estevo)	105
Oca de Arriba	105
Olives (Santa María)	106
Orazo (San Pedro)	107
Orosa	107
Outeiriño	108
Outeiriño, O	108
Outeiro	108
Outeiro, O	108
Ouzamerxe, O	108
Ouzande (San Lourenzo)	109
Painceira, A	110
Panadería, A	110
Parada (San Pedro)	110
Parada	111
Paradela (Santa María)	112
Parafita	113
Paramá	113
Paraño	114
Paraxó	114
Pardellas	115
Pardemarín (Santa Baía)	115

Paredes	115
Patanín	115
Pazo, O	116
Pazos	116
Pearo	116
Pedrado, O	117
Pedregal, O	117
Pedreira, A	117
Peizás	118
Pena, A	118
Pena Barreira, A	118
Pena de Abaixo, A	118
Pena de Arriba, A	118
Pena do Foxo, A	119
Penalobeira	119
Penaporrín	119
Penarada	120
Penela, A	121
Pepe	121
Pereiras, As	121
Pereiro, O	121
Pernaviva	122
Pía, A	123
Pica, A	124
Picáns	124
Pinal, O	125
Pinguela, A	125
Piñeiro	125
Piñeiro, O	126
Piñoi	126
Piornos, Os	126
Ponte	127
Ponte, A	127
Ponteliñares	127
Portacartas	128
Portecelo	130
Portela, A	130
Porto	130

Porto, O	131
Pousada	131
Pousadela	132
Pouso, O	132
Prado	133
Praza, A	133
Preguecido, O	133
Pumares	134
Quenlla, A	134
Quintas	134
Quintas, As	135
Quinteiro de Arca	135
Rabeta, A	136
Rabiáns dos Cabaleiros	136
Rabiáns dos Labradores	136
Rabuñado	136
Ramalleira, A	137
Ramiráns	137
Raxeira	138
Redondo, O	139
Rego, O	140
Regueiro, O	140
Reguengo	140
Reigada, A	141
Remesar (San Cristovo)	141
Renda	142
Rendo	142
Requián	142
Rial	143
Riamonde	143
Riba, A	144
Riba de Vea	144
Ribas	144
Ribadulla	144
Ribeira (Santa Mariña)	145
Ribeira, A	145
Ribeiradona	146
Ribela (Santa Mariña)	146

Río, O	146
Río dos Sapos	147
Riobó (San Martiño)	147
Riomao	147
Rocaforte	148
Rollo, O	149
Rosallo, O	150
Rubín (Santa María)	150
Sabucedo (San Lourenzo)	150
Sabugueiro, O	151
Sagrada, A	151
Salouzans	151
San Bartolomeu, O	152
San Lois, O	153
San Martiño	153
San Miguel de Barcala (San Miguel)	154
San Miguel de Castro (San Miguel)	154
San Miguel	154
San Pedro de Acorados (San Pedro)	154
San Pedro	154
San Tomé de Acorados (San Tomé)	155
San Tomé	155
San Torcado	156
San Vicente	157
San Xiao de Veá (San Xiao)	157
San Xiao	157
San Xurxo de Veá (San Xurxo)	158
Sandán	158
Sandelle	159
Santa Baia	159
Santa Cristina de Veá (Santa Cristina)	159
Santa Mariña	160
Santeles (San Xoán)	160
Santeles de Abaixo	160
Santo André de Veá (Santo André)	161
Sar	161
Sar de Abaixo	161
Sar de Arriba	161

Seixo, O	162
Señoráns	162
Sequeiró	163
Sequeiros	163
Servide	163
Sestelo	164
Sesto	164
Sieiro	164
Silva, A	165
Sinteiro	166
Sisto, O	167
Sobrado	167
Sobre da Cova	168
Sobreira, A	169
Sol, O	169
Somoza, A (Santo André)	170
Somoza, A	170
Sorribas	171
Soutiño, O	172
Souto (Santo André)	172
Souto	172
Souto, O	172
Souto de Veá, O	172
Subión	173
Sureiros, Os	174
Tabeirós (Santiago)	174
Talló, O	175
Tarrío	175
Tatos, Os	176
Tiguillois, Os	176
Toedo (San Pedro)	176
Torre, A	178
Torre do Vilar	178
Torreboredo	178
Torrevedra, A	178
Torrevela, A	179
Torriña, A	179
Tosar	179

Toxeira, A	180
Trabadela	180
Tracesto	180
Trasande	181
Trascastro	181
Trasdomuro	181
Trasmonte	181
Traspedra	182
Trazarís	182
Ulla	182
Valboa	183
Valcárceles	183
Valiña, A	184
Valiñas	184
Vea	184
Veiga, A	185
Veiga da Braña	185
Veiga da Leña	185
Vendexa	185
Ventosela	186
Vera	186
Viasque	186
Vila de Abaixo	187
Vilaboa	187
Vilacriste	187
Viladafonso, A	188
Vilademeus	188
Vilafruxil	189
Vilagude	189
Vilancosta	189
Vilanova	189
Vilapouca	190
Vilar	190
Vilar, O	190
Vilariño	190
Vilarreal	191
Vilas, As	191
Vilas, Os	191

Vilasusán	191
Vilasusán, A	191
Vinseiro (Santa Cristina)	192
Vis de Baixetes	192
Vis de Correa	193
Viso de Abaixo	193
Viso de Arriba	193
Vista Alegre	193
Vixín	193
Xerlís	194
Xestás	194
Xubrei	194
Xustín	195
Bibliografía	197
Índice xeral	203



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

A colección Terra Nomeada da Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica ten como obxectivo recompilar e estudar os nomes de lugar dos concellos de Galicia, partindo do *Nomenclátor* publicado pola Xunta de Galicia en 2003, xunto cos principais accidentes xeográficos da zona. Saber cal é a motivación e o significado dos nomes dos sitios onde vivimos e de onde vimos, onde naceron os nosos devanceiros e que acollerán os nosos fillos, faranos máis conscientes da relación co noso pasado, de como se conformou a nosa sociedade, de como é a natureza en que habitamos, a súa fauna e as plantas. Significará identificármonos mellor como sociedade e como pobo e tamén como individuo, pois todos temos a nosa propia vinculación sentimental cos nosos lugares.

Fernando Cabeza Quiles, o autor do número 4 desta colección, correspondente á toponimia da Estrada, é un dos principais divulgadores da realidade toponímica do país, con varios libros e moitos artigos publicados ao longo de máis de trinta anos de labor.



Asociación Galega de Onomástica



REAL
ACADEMIA
GALEGA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Asociación Galega
de Onomástica